

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

24357 *LEI 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.* («BOE» 313, do 30-12-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2001 establece determinados obxectivos de política económica, a consecución dos cales fai necesaria a aprobación de diversas medidas normativas que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa económico do Goberno, nos distintos ámbitos en que aquel desenvolve a súa acción. Este é o fin perseguido pola presente lei, que, igual que en anos anteriores, recolle distintas medidas referentes a aspectos tributarios, sociais, de persoal ó servizo das administracións públicas, de xestión e organización administrativa, e de acción administrativa en diferentes ámbitos sectoriais.

II

Entre as disposicións que deben conterse nesta Lei de medidas fiscais, administrativas e da orde social, encóntranse as normas tributarias que non contan con habilitación lexislativa para a súa modificación orzamentaria; por iso, dando cumprimento ó disposto na Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, o título da Lei alude expresamente ás normas tributarias: «Lei de medidas fiscais, administrativas e da orde social» para o ano 2001.

As disposicións tributarias contidas no título I desta lei veñen esixidas, en xeral, por tres circunstancias:

En primeiro lugar, por imperativo legal. É o caso da adaptación da normativa do imposto sobre o valor engadido ó disposto na sexta directiva do Consello (77/388) no que se refire ó procedemento especial para a devolución do imposto soportado con anterioridade ó inicio das operacións que constitúen o obxecto da actividade do suxeito pasivo, como consecuencia da recente sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas. Destacan tamén as modificacións realizadas no imposto especial sobre determinados medios de transporte, o imposto xeral indirecto canario e os dereitos

e demais tributos á importación para adaptalos ó establecido no convenio de Viena sobre relacións diplomáticas e consulares, como consecuencia da desaparición do réxime de matrícula turística o 1 de xaneiro de 2001. Así mesmo, inclúense outras modificacións co obxecto de seguir adecuando a nosa normativa tributaria ós prazos de prescrición contidos na Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

En segundo lugar, por razóns de tipo técnico, derivadas da experiencia de aplicación das normas tributarias pola Administración e os contribuíntes, así como do impacto que a xurisprudencia e a doutrina van xerando na normativa tributaria. En particular, cabe destacar os novos supostos de exención por indemnizacións no imposto sobre a renda das persoas físicas, a modificación dalgúns aspectos do réxime de fusión no imposto sobre sociedades e a equiparación dos tipos de gravame no imposto sobre a renda de non residentes cos tipos de retención existentes para residentes.

En relación co artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, aclárase que os bens de investimento adquiridos ou importados deben entrar en funcionamento de maneira inmediata, como sempre foi a vontade do lexislador e da norma, e fíxase un período de cinco anos, ou vida útil se fose inferior, para o mantemento dos investimentos.

Finalmente, existen disposicións a través das cales se busca incentivar determinadas actuacións. É o caso da aplicación da nova deducción por tecnoloxías da información e de comunicación a empresarios persoas físicas en réxime de estimación obxectiva, da modificación do imposto especial de determinados medios de transporte co obxecto de facilita-la renovación das flotas das empresas de aluguer e de ensino de condutores ou das medidas que buscan adapta-los procedementos tributarios á sociedade da información e, especialmente, ós medios telemáticos de tramitación deles.

Por último, desde a perspectiva fiscal, convén destaca-la modificación da Lei xeral tributaria en materia de interrupción da prescrición para adecuarse ó disposto na Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, e os cambios introducidos en materia de taxas, entre os cales merece destacarse o correspondente á taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.

III

O título II da lei ten por obxecto o establecemento de medidas relacionadas coa orde social.

Modifícase o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social. Redúcese de cinco a catro anos o prazo de prescrición do pagamento das cotas, do dereito da Administración da Seguridade Social para determina-las débedas coa Seguridade Social, e da acción para impo-

ñer sancións por incumprimento das normas de Seguridade Social. Dáse nova regulación á devolución de ingresos indebidos, establecendo a inclusión na cantidade que hai que devolver do xuro legal do diñeiro aplicado ós importes indebidamente ingresados, así como o reembolso dos custos das garantías achegadas para suspende-la execución da débeda, en canto esta sexa declarada improcedente por sentenza ou resolución administrativa. Así mesmo, redúcese o prazo de prescrición dos ingresos indebidos de cinco a catro anos.

Estas modificacións obedecen ó mandato de progresiva homoxeneización dos procedementos recadatorios do Estado e da Seguridade Social fixado pola disposición transitoria décimo terceira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

En consonancia coa reforma anterior, modifícase o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, reducindo igualmente de cinco a catro anos o prazo de prescrición de infraccións en materia de Seguridade Social.

Así mesmo, introdúcese no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, unha nova disposición adicional que ten por obxecto regula-la cotización á Seguridade Social, polos conceptos de recadación conxunta, respecto dos penados que realicen actividades laborais en institucións penitenciarias, tendo en conta a especificidade deste colectivo de atención e as súas dificultades de inserción laboral.

Como medida de carácter menor, facúltase ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para determinar os supostos e condicións en que as empresas deberán presentar en soporte informático os partes de baixa e alta, en procesos de incapacidade laboral.

No referente ós réximes especiais de Seguridade Social, clarifícase o réxime de seguridade social do persoal dos corpos especiais de funcionarios técnicos do Estado ó servizo da sanidade local, atribuíndolle-la facultade de opción, por unha soa vez, pola súa inclusión no réxime xeral de Seguridade Social ou no réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, e dispoñendo que de non exercerse a opción no prazo establecido quedan obrigatoriamente incluídos no réxime xeral.

Modifícase así mesmo o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, reducindo o prazo de prescrición da obriga de reintegro de prestacións indebidas de cinco a catro anos en termos similares ó que a Lei establece para o réxime xeral de Seguridade Social. Igualmente redúcese de cinco a catro anos o prazo de prescrición da obriga de pagamento das cotizacións ás mutualidades de funcionarios.

Do mesmo xeito, modifícase o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas reducindo de cinco a catro anos o prazo de prescrición da obriga de reintegro de prestacións indebidas.

IV

O título III da Lei contén diversas medidas que afectan o persoal ó servizo das administracións públicas.

En canto ó réxime xurídico xeral aplicable ós funcionarios públicos, modifícase a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. Introdúcese unha medida de particular importancia no ámbito da mobilidade dos funcionarios, pois permíteselles ás administracións públicas trasladaren os funcionarios, por necesidades do servizo, a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos ós de destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo, e a provincia ou illa de destino.

Introdúcense modificacións na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a fin de cla-

rifica-la competencia dos presidentes das corporacións locais con relación ás convocatorias das probas de selección e os concursos para a provisión de postos de traballo da correspondente entidade.

Refórmase a Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, actuando a relación de obrigas formais referidas á documentación que han de achega-los afectados pola lei, sen mingua do necesario control.

Modifícanse tanto a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, como a Lei reguladora das bases de réxime local, co obxecto de regula-las retribucións dos membros de corporacións locais que prestan servizo ás ditas entidades en réxime de dedicación parcial.

Finalmente, modifícase o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, suprimindo o requisito de acreditarlo dereito á asistencia xurídica gratuíta para poder causar dereito á pensión de orfandade, equiparándose ó previsto na normativa de Seguridade Social; e defínese o concepto de acto de servizo en forma similar ó establecido na normativa de Seguridade Social para o accidente de traballo.

V

O título IV da Lei dedícase á regulación das medidas de xestión e organización administrativa.

En materia de xestión financeira, en primeiro lugar, modifícase un conxunto de normas incluídas no texto refundido da Lei xeral orzamentaria. Así, para os únicos e exclusivos efectos da aplicación dos preceptos da citada lei, establécese a definición das denominadas fundacións estatais, que son aquelas na dotación das cales participan maioritariamente a Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos ou as demais entidades do sector público estatal, fixándose que a súa creación requirirá autorización previa do Consello de Ministros. En consonancia coa reforma anterior modifícanse diversos preceptos da Lei xeral orzamentaria que regulan a inclusión de tales entidades no réxime de contabilidade, de rendición de contas así como a súa suxeición a auditoría de contas por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Dáse nova redacción ós preceptos do texto refundido da Lei xeral orzamentaria que regulan os orzamentos de explotación e de capital e os programas de actuación, investimentos e financiamento —que pasan a denominarse programas de actuación plurianuais— que deben elaborar e aproba-las sociedades mercantís estatais e as entidades públicas empresariais. O obxecto da modificación é facer máis áxil e eficiente o procedemento de elaboración e aprobación de tales documentos, ó tempo que se actualiza a normativa sobre a materia.

Outras modificacións precisan o alcance das auditorías de contas no ámbito da Seguridade Social. Tamén se modifican as normas aplicables ós créditos ampliábles incluídos nos orzamentos da Seguridade Social, incluíndo no seu ámbito as mutuas de accidentes de traballo e enfermidade profesional, actualizando a referencia ás prestacións, e eliminando da consideración de crédito ampliáble o destinado ó pagamento de produtos farmacéuticos, co que se dá carácter permanente á exclusión temporal que se vén incorporando nas últimas leis de orzamentos xerais do Estado.

Por último, e no que ás modificacións do texto refundido da Lei xeral orzamentaria se refire, inclúense entre as obrigas aplicables ós créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento, as que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal, que teñan a súa orixe en resolucións xudiciais.

No tocante á organización administrativa inclúense normas relativas á creación de entidades, ou á modificación dos réximes xurídicos de organismos públicos e sociedades mercantís estatais, xa existentes. Así, créase o organismo autónomo Instituto de Estudos Fiscais, modifícase a regulación do organismo autónomo Xerencia de Infraestructuras da Seguridade do Estado, que pasa a denominarse Xerencia de Infraestructuras e Equipamento da Seguridade do Estado, ampliando as súas funcións; dáse nova regulación á entidade pública empresarial Rede Técnica Española de Televisión, que pasa a denominarse entidade pública empresarial Red.es, modificando as súas funcións e incluíndo entre elas a xestión e rexistro dos nomes e enderezos de dominio internet baixo o código de país correspondente a España, e, en fin, modifícase o réxime xurídico da Sociedad Estatal de Gestión Inmobiliaria de Patrimonio S. A. (SEGIPSA), para aumentala súa eficacia como ente instrumental para a xestión dos bens inmobles do patrimonio do Estado.

A necesidade de acomete-la modernización do operador público postal para afrontar, entre outros retos, o proceso de liberalización dos servizos postais, iniciado pola Unión Europea en 1997, determinou que na presente lei se prevexa a transformación da entidade pública empresarial Correos y Telégrafos nunha sociedade anónima estatal. Con esta fórmula xurídica, adoptada pola maioría dos países do noso contorno, dótase o operador público postal da estrutura e do marco xurídico apropiado que lle permita operar coa suficiente flexibilidade nun mercado en progresiva liberalización.

A nova «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», que se creará de acordo co previsto nesta lei, asumirá desde a súa constitución tódalas funcións desenvolvidas na actualidade pola entidade pública, en particular as derivadas da súa condición de operador habilitado para a prestación do servizo postal universal de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 24/1988, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

A transformación desta entidade en sociedade estatal anónima supón a necesidade de abordar nesta regulación legal algúns aspectos do seu réxime xurídico. Entre eles destaca, pola súa excepcionalidade, atendendo ás especialísimas circunstancias concorrentes, o relativo ó persoal. Para que o moi considerable número de funcionarios de correos e telégrafos pasen a presta-los seus servizos na nova sociedade, previuse que pasen a ela mantendo os seus dereitos adquiridos, de acordo cun réxime xurídico particular que, sen prexuízo de mantela súa condición de funcionarios públicos, se adapta á especial natureza da organización na que se integran, así como á singular excepcionalidade do proceso de transformación que agora se acomete.

Entre as modificacións de orde organizativa inclúese a adscrición do ente público Radiotelevisión Española á Sociedade de Participacións Industriais, co obxecto de que poida elaborarse un plan estratéxico para o ente que permita compaxina-la prestación do servizo público co cumprimento dos obxectivos económicos e financeiros que se establezan no citado plan estratéxico. A adscrición é respectuosa cos principios de autonomía, pluralidade e neutralidade que gobernan a actuación do ente, os seus actuais sistemas de dirección e organización e, en particular, as funcións do director xeral e o seu Consello de Administración.

Por último, clarifícanse as competencias dos distintos órganos administrativos, en materia de ordenación do mercado de tabacos e de variedades de sementes e plantas de viveiro, adaptándoas á actual organización departamental.

VI

O título V da lei contén previsións relativas a diversos aspectos da acción administrativa sectorial. Entre as ditas medidas merecen destacarse as seguintes:

En primeiro lugar, e en canto á acción administrativa en materia monetaria, modifícase a Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro. Acúrtase o período de troco de billetes e moedas en pesetas por billetes e moedas en euros, adiantando do 30 de xuño ó 28 de febreiro de 2002, a data a partir da cal os billetes e moedas denominadas en pesetas deixarán de ter curso legal. Así mesmo, permítese a distribución de cantidades limitadas de moeda en euros antes do ano 2002, co fin de facilita-lo tránsito á nova moeda.

En materia de mercado de valores, modifícase a súa lei reguladora. Suprímese a esixencia de que os membros da bolsa participen como accionistas na sociedade rectora dela, con iso facilítase o acceso á condición de membros da bolsa, aumentando o grao de competencia, e doutro lado facilítase a incorporación das bolsas españolas ás alianzas europeas ou globais.

No tocante á acción administrativa en materia de seguros, modifícase a Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, establecendo unha nova regulación do procedemento de reclamacións ante a Dirección Xeral de Seguros, dispondo que con carácter previo se formule a dita reclamación ante o defensor do asegurado da entidade aseguradora ou, en caso de non existir esta figura, ante o servizo ou departamento que asuma as funcións para resolve-las reclamacións que formulen os tomadores, asegurados, beneficiarios, terceiros prexudicados ou habentes-dereito de calquera deles. Así mesmo, habilítase o Goberno para definir regulamentariamente os conceptos de vehículo de motor e feito da circulación para efectos do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobada polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo.

No relativo á acción administrativa en materia de hidrocarburos, introdúcese na Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, a tipificación como infracción do incumprimento polos concesionarios das autoestradas e polos titulares de estacións de servizos da obriga de instalación, conservación, mantemento e actualización dos carteis informativos das estacións de servizo máis próximas ou as situadas en áreas de servizo, nos que aparece o tipo, prezo e marca do carburante, obriga establecida no artigo 7 do Real decreto lei 15/1999, do 1 de outubro, polo que se aproban as medidas de liberalización, reforma estrutural e incremento da competencia no sector dos hidrocarburos.

En canto fai referencia á acción administrativa en materia de exportación, modifícase o artigo 1 da Lei 11/1983, do 16 de agosto, de medidas financeiras de estímulo á exportación, para permitir ó Instituto de Crédito Oficial (ICO) realizar determinadas operacións reguladas pola dita lei. En materia de turismo modifícanse determinados preceptos da Lei 42/1998, do 15 de decembro, sobre dereito de aproveitamento por quenda de bens inmobles de uso turístico e normas tributarias, para acomodalas en maior medida á normativa comunitaria.

No concernente á acción administrativa en materia de portos, clarifícase o réxime ó que se encontran sometidos os artefactos flotantes e demais instalacións destinadas á acuicultura existentes nas augas do porto, suxeitando o seu establecemento a autorización ou concesión, e regúlanse determinadas sancións.

No que atinxe á acción administrativa en materia de agricultura declárase de interese xeral determinadas

obras de infraestructuras hidráulicas con destino a rega. En materia de cultura fíxase o réxime de axuda aplicable transitoriamente ós produtores das películas españolas de longametraxe estreadas comercialmente en España ata o 31 de decembro do ano 2001.

No que fai referencia á acción administrativa en materia de telecomunicacións, modifícase a Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, fixando entre as funcións da Comisión do Mercado das Telecomunicacións a de resolver os conflitos en materia de interconexión de redes se os operadores obrigados a permití-la interconexión non o fixesen voluntariamente; igualmente, modifícanse determinados preceptos da Lei 11/1998, de conformidade coa Directiva 1999/05/CE sobre equipos radioeléctricos e equipos terminais de telecomunicación e recoñecemento mutuo de conformidade.

Finalmente, en materia de ambiente, decláranse de interese xeral determinadas obras hidráulicas; e no referente á acción administrativa en materia de sanidade, modifícase a Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, establecendo o criterio aplicable ás especialidades farmacéuticas, excluídas con carácter xeral de financiamento público, pero que teñen indicacións incluídas nela, cando se produza a fixación ou revisión do prezo ás que se refire a propia lei.

Por outra parte e mediante a súa incorporación expresa ó artigo 24.2 da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, a presente lei quere explicita-la idea de que na análise do equilibrio económico-financieiro do negocio concesional deben terse en conta os parámetros obxectivos do plan económico-financieiro de modo tal que, finalmente, resulten compensados non só o interese da empresa explotadora senón tamén o interese xeral que alcanza ó usuario como pagador da peaxe ó longo do prazo concesional e financiador último da obra e, para tal efecto, establece un novo sistema de revisión de tarifas e peaxes das autoestradas en réxime de concesión de titularidade estatal que vén a actualizar e completa-lo cabal significado e funcionamento deste tipo de concesións, ó concilia-lo interese público en xeral, representado pola Administración concedente, cos propios do concesionario e dos usuarios a representación dos cales debe ostentar tamén a Administración.

Así, estas fórmulas, mediante o seguimento dos factores que determinan o rendemento da concesión, distribuirán equitativamente entre concesionario e usuarios os eventuais beneficios non previstos no plan económico-financieiro que puidesen derivarse da favorable evolución do mercado, ó tempo que introducirán un maior grao de eficiencia no citado negocio concesional, porque incorporan un criterio máis directamente relacionado co dito negocio, como é o da diferenza entre as intensidades medias diarias de tráfico real e de tráfico previsto nos respectivos plans económico-financieiros, para a revisión das tarifas de modo tal que, respectando o equilibrio económico-financieiro, se poida tamén conseguir unha adaptación máis flexible ás diferentes conxunturas macroeconómicas.

En consecuencia, parece necesario que, de maneira inmediata, o réxime de revisión de tarifas e peaxes nas concesións de autoestradas incorpore as razóns de interese público en virtude das cales o cálculo do equilibrio económico-financieiro ha de ter en conta non só os prexuízos económicos imprevistos para as sociedades concesionarias e non imputables a elas, senón tamén outras circunstancias favorables como, entre outras, o crecemento económico, o aumento do tráfico por estrada e da renda dos cidadáns que deron lugar a incrementos extraordinarios na rendibilidade das explotacións concesionais.

VII

As disposicións adicionais complementan a lei recollendo diversas previsións que, por razóns de técnica legislativa, non se consideran susceptibles de inclusión nos títulos anteriormente aludidos.

Entre elas destaca a ampliación do ámbito temporal da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, estendéndose ós feitos acaecidos entre o 9 de outubro de 1999 e o 31 de decembro de 2001, ó tempo que se dispón que cando en virtude de sentenza firme se recoñeza unha indemnización en concepto de responsabilidade civil por feitos producidos con posterioridade ó 10 de outubro de 1999, superior á cantidade global percibida polos conceptos recollidos na lexislación que resultase aplicable, a Administración xeral do Estado aboalle ó interesado a diferenza.

TÍTULO I

Normas tributarias

CAPÍTULO I

Impostos directos

SECCIÓN 1.^a IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Artigo 1. Modificación da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2001, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias:

Un. A letra d) do artigo 7 quedará redactada da seguinte forma:

«d) As indemnizacións como consecuencia de responsabilidade civil por danos persoais, na contía legal ou xudicialmente recoñecida.

Igualmente estarán exentas as indemnizacións por idéntico tipo de danos derivadas de contratos de seguro de accidentes, agás aqueles as primas dos cales puidesen reduci-la base imponible ou ser consideradas gasto deducible por aplicación da regra 1.^a do artigo 28, da presente lei, ata a contía que resulte de aplicar, para o dano sufrido, o sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, incorporado como anexo na Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, na súa redacción dada pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.»

Dous. A letra n) do artigo 7 quedará redactada da seguinte forma:

«n) As prestacións por desemprego recoñecidas pola respectiva entidade xestora cando se perciban na modalidade de pagamento único establecida no Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, polo que se regula o aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, co límite de 2.000.000 de pesetas (12.020,24 euros), sempre que as cantidades percibidas se destinen ás finalidades e nos casos previstos na citada norma.

A exención prevista no parágrafo anterior estará condicionada ó mantemento da acción ou participación durante o prazo de cinco anos, no suposto de que o contribuínte se integrase en sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado, ou ó mantemento, durante idéntico prazo, da actividade, no caso de traballador autónomo.»

Tres. Engádesse unha nova letra r) ó artigo 7, que quedará redactada da seguinte forma:

«r) As prestacións percibidas por enterro ou sepelio, co límite do importe total dos gastos incorridos.»

Catro. Os números 2 e 3 do artigo 79 quedarán redactados da seguinte forma:

«2. Non obstante, non terán que declara-los contribuíntes que obteñan rendas procedentes exclusivamente das seguintes fontes, en tributación individual ou conxunta:

a) Rendementos do traballo, co límite de 3.500.000 pesetas brutas anuais (21.035,42 euros).

b) Rendementos do capital mobiliario e ganancias patrimoniais sometidos a retención ou ingreso á conta, co límite conxunto de 250.000 pesetas brutas anuais (1.502,53 euros).

c) Rendas inmobiliarias imputadas a que se refire o artigo 71, co límite que se estableza regulamentariamente.

d) Rendementos do capital mobiliario non suxeitos a retención derivados de letras do tesouro e subvencións para a adquisición de vivendas de protección oficial ou de prezo taxado, co límite conxunto de 100.000 pesetas (601,01 euros) brutas anuais.

En ningún caso terán que declara-los contribuíntes que obteñan exclusivamente rendementos do traballo, de capital, ou de actividades profesionais, así como ganancias patrimoniais, co límite conxunto de 100.000 pesetas (601,01 euros) brutas anuais.

3. O límite a que se refire a letra a) do punto 2 anterior será do 1.300.000 pesetas (7.813,16 euros) para os contribuíntes que perciban rendementos do traballo nos seguintes supostos:

a) Cando procedan de máis dun pagador. Non obstante, aínda que os rendementos do traballo procedan de máis dun pagador, se a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non superan no seu conxunto a cantidade de 100.000 pesetas brutas anuais (601,01 euros), o límite será de 3.500.000 pesetas brutas anuais (21.035,42 euros).

b) Cando se perciban pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos diferentes das previstas no artigo 7, letra k) desta lei.

c) Cando o pagador dos rendementos do traballo non estea obrigado a reter de acordo co previsto regulamentariamente.»

SECCIÓN 2.^a IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

Artigo 2. *Modificación da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inician a partir do 1 de xaneiro do ano 2001, introdúcese

as seguintes modificacións na Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades:

Un. O punto 2 do artigo 35 quedará redactado da seguinte forma:

«2. Os investimentos en producións españolas de longametraxes cinematográficas e de series audiovisuais de ficción, animación ou documental, que permitan a confección dun soporte físico previo á súa produción industrial seriada darán dereito ó produtor a unha dedución do 20 por 100. A base da dedución estará constituída polo custo da produción minorado na parte financiada polo coprodutor financeiro.

O coprodutor financeiro que participe nunha produción española de longametraxe cinematográfica terá dereito a unha dedución do 5 por 100 do investimento que financie, co límite do 5 por 100 da renda do período derivada dos ditos investimentos.

Para os efectos desta dedución, considerárase coprodutor financeiro a entidade que participe na produción das películas indicadas no parágrafo anterior exclusivamente mediante a achega de recursos financeiros en contía que non sexa inferior ó 10 por 100 nin superior ó 25 por 100 do custo total da produción, a cambio do dereito a participar nos ingresos derivados da explotación delas. O contrato de coprodución, no que deberán constar as circunstancias indicadas, presentárase ante o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

As deducións ás que se refire este punto practicaránse a partir do período impositivo no que finalice a produción da obra. As cantidades non deducidas no dito período poderán aplicarse nas liquidacións dos períodos impositivos sucesivos, nas condicións previstas no punto 1 do artigo 37 da presente lei. En tal caso, o límite do 5 por 100 a que se refire este punto calcularáse sobre a renda derivada da coprodución que se obteña no período en que se aplique a dedución.

Reglamentariamente, poderanse establecer as condicións e procedementos para a práctica desta dedución.»

Dous. Engádesse un último parágrafo no punto 2 do artigo 97 [que pasa a se-lo 97.2.2.º, quedando o ata agora 97.2 como 97.2.1.º, que abarca os subpuntos a), b) e c)], redactado da seguinte forma:

«Nos casos en que existan dúas ou máis entidades adquirentes, a atribución ós socios da entidade que se escinde de valores representativos do capital dalgunha das entidades adquirentes en proporción distinta á que tiñan na que se escinde requirirá que os patrimonios adquiridos por aquelas constituán ramas de actividade.»

Tres. O artigo 101 quedará redactado da seguinte forma:

«1. Non se integrarán na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas ou deste imposto as rendas que se poñan de manifesto con ocasión do troco de valores, sempre que cumpran os requisitos seguintes:

a) Que os socios que realicen o troco de valores residan en territorio español ou no dalgún Estado membro da Unión Europea ou no de calquera outro Estado sempre que, neste último caso, os valores recibidos sexan representativos do capital social dunha entidade residente en España.

b) Que a entidade que adquira os valores sexa residente en territorio español ou estea comprendida no ámbito de aplicación da Directiva 90/434/CEE.

2. Os valores recibidos pola entidade que realiza o troco de valores valoraranse polo valor que tiñan no patrimonio dos socios que efectúan a achega, segundo as normas deste imposto ou do imposto sobre a renda das persoas físicas, excepto que o seu valor normal de mercado fose inferior; neste caso serán valorados por este último.

Naqueles casos en que as rendas xeradas nos socios non estivesen suxeitas a tributación en territorio español, tomarase o valor convido entre as partes co límite do valor normal de mercado.

3. Os valores recibidos polos socios valoraranse, para efectos fiscais, polo valor dos entregados, determinado de acordo coas normas deste imposto ou do imposto sobre a renda das persoas físicas, segundo proceda. Esta valoración aumentarase ou diminuirá no importe da compensación complementaria en diñeiro entregada ou recibida.

Os valores recibidos conservarán a data de adquisición dos entregados.

4. No caso de que o socio perda a cualidade de residente en territorio español, integrarase na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas ou deste imposto do período impositivo en que se produza esta circunstancia a diferencia entre o valor normal de mercado das accións ou participacións e o valor a que se refire o punto anterior, corrixido, se é o caso, no importe das perdas de valor que fosen fiscalmente deducibles.

A parte de débeda tributaria correspondente á dita renda poderá aprazarse, ingresándose conxuntamente coa declaración correspondente ó período impositivo no que se transmitan os valores, a condición de que o suxeito pasivo garanta o seu pagamento.

5. Integranse na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas ou deste imposto as rendas obtidas en operacións nas que interveñan entidades domiciliadas ou establecidas en países ou territorios cualificados regulamentariamente como paraísos fiscais ou obtidas a través deles.

6. As operacións de troco de valores que non cumpran os requisitos establecidos no punto 1 deste artigo non poderán acollerse ó réxime previsto no presente capítulo.»

Catro. Na subletra a') da letra a) do punto 3 do artigo 103 engádesse un segundo parágrafo coa seguinte redacción:

«Igualmente procederá a deducción da indicada diferencia cando o suxeito pasivo probe que un importe equivalente a ela tributou efectivamente noutro Estado membro da Unión Europea, en concepto de beneficio obtido con ocasión da transmisión da participación, soportando un gravame equivalente ó que resultase de aplicar este imposto, sempre que o transmitente non resida nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.»

Cinco. O artigo 109 quedará redactado da seguinte forma:

«1. Para os efectos de evita-la dobre imposición que puidera producirse por aplicación das regras de valoración previstas nos artigos 100, 101.2 e 108 desta lei aplicaranse as seguintes normas:

a) Os beneficios distribuídos con cargo ás rendas imputables ós bens achegados darán dereito

á deducción para evita-la dobre imposición interna de dividendos a que se refire o artigo 28.2 desta lei, calquera que sexa a porcentaxe de participación do socio e a súa antigüidade. Igual criterio se aplicará respecto da deducción para evita-la dobre imposición interna de plusvalías a que se refire o artigo 28.5 desta lei polas rendas xeradas na transmisión da participación.

b) Os beneficios distribuídos con cargo ás rendas imputables ós bens achegados terán dereito á exención ou á deducción para evita-la dobre imposición internacional de dividendos calquera que sexa o grao de participación do socio.

A depreciación da participación derivada da distribución dos beneficios a que se refire o parágrafo anterior non será fiscalmente deducible, salvo que o importe dos citados beneficios tributase en España a través da transmisión da participación.

2. Cando pola forma en como contabilizou a entidade adquirente non fose posible evita-la dobre imposición por aplicación das normas previstas no punto anterior, a dita entidade practicará, no momento da súa extinción, os axustes de signo contrario ós que practicase por aplicación das regras de valoración establecidas nos artigos 100, 101.2 e 108 desta lei. A entidade adquirente poderá practica-los referidos axustes de signo contrario con anterioridade á súa extinción, sempre que probe que os socios transmitiron a súa participación e co límite da contía que se integrase na base imponible destes con ocasión da dita transmisión.»

Seis. Os números 1 e 2 do artigo 110 quedan redactados da seguinte forma:

«1. A aplicación do réxime establecido no presente capítulo requirirá que se opte por el de acordo coas seguintes regras:

a) Nas operacións de fusión ou escisión a opción incluírase no proxecto e nos acordos sociais de fusión ou escisión das entidades transmitentes e adquirentes que teñan a súa residencia fiscal en España.

Tratándose de operacións ás que sexa de aplicación o réxime establecido no artigo 98 desta lei e nas cales nin a entidade transmitente nin a adquirente teñan a súa residencia fiscal en España, a opción será exercida pola entidade adquirente e deberá constar en escritura pública na que se documente a transmisión.

b) Nas achegas que non sexan de diñeiro a opción será exercida pola entidade adquirente e deberá constar no correspondente acordo social ou, no seu defecto, na escritura pública en que se documente o oportuno acto ou contrato.

Tratándose de operacións nas cales a entidade adquirente non teña a súa residencia fiscal ou un establecemento permanente en España, a opción será exercida pola entidade transmitente.

c) Nas operacións de troco de valores a opción será exercida pola entidade adquirente e deberá constar no correspondente acordo social ou, no seu defecto, na escritura pública en que se documente o oportuno acto ou contrato. Nas ofertas públicas de adquisición de accións a opción será exercida polo órgano social competente para promover a operación e deberá constar no folleto explicativo.

Tratándose de operacións nas cales nin a entidade adquirente dos valores nin a entidade par-

ticipada da que os valores se troquen sexan residentes en España, o socio que transmite os ditos valores deberá demostrar que á entidade adquirente se lle aplicou o réxime da Directiva 90/434/CEE.

En calquera caso, a opción deberá comunicarse ó Ministerio de Facenda na forma e no prazo que regulamentariamente se determinen.

2. Non se aplicará o réxime establecido no presente capítulo cando a operación realizada teña como principal obxectivo a fraude ou a evasión fiscal. En particular, o réxime non se aplicará cando a operación non se efectúe por motivos económicos válidos, tales como a reestructuración ou a racionalización das actividades das entidades que participan na operación, senón coa mera finalidade de conseguir unha vantaxe fiscal.

Nos termos previstos no artigo 107 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, os interesados poderán formular consultas á Administración tributaria sobre a aplicación e cumprimento deste requisito en operacións concretas, a contestación da cal terá carácter vinculante para a aplicación do réxime especial do presente capítulo neste e en calquera outro tributo.»

Sete. Engádesse un novo punto 3 ó artigo 139 que quedará redactado da seguinte forma:

«3. As entidades dominantes dos grupos de sociedades do artigo 42 do Código de comercio estarán obrigadas, por requirimento da Inspección dos Tributos formulada no curso do procedemento de comprobación, a facilita-la conta de perdas e ganancias e o balance das entidades pertencentes a este que non sexan residentes en territorio español. Tamén deberán facilitarlos xustificantes e demais antecedentes relativos á dita documentación contable cando puidesen ter trascendencia en relación con este imposto.»

Oito. Engádesse un novo punto 3 ó artigo 143 que quedará redactado da seguinte forma:

«3. O dereito a beneficiarse de exencións, deducións ou calquera incentivo fiscal na base imponible ou na cota íntegra estará condicionado ó cumprimento dos requisitos esixidos na normativa aplicable.

Salvo que especificamente se estableza outra cosa, cando con posterioridade á aplicación da exención, dedución ou incentivo fiscal se produza a perda do dereito a se beneficiar dela, o suxeito pasivo deberá ingresar, xunto coa cota do período impositivo en que teña lugar-lo incumprimento dos requisitos ou condicións, a cota íntegra ou cantidade deducida correspondente á exención, dedución ou incentivo aplicado en períodos anteriores, ademais dos xuros de demora.»

Nove. Dáse nova redacción ó segundo parágrafo do artigo 130, nos seguintes termos:

«Para os efectos de aplica-la exención, o requisito de participación mínima a que se refire a letra a) do punto 1 do artigo 20 bis considerarase cumprido cando o valor de adquisición da participación sexa superior a 6 millóns de euros (998.316.000 pesetas). A participación indirecta da entidade de tenza de valores estranxeiros sobre as súas filiais de segundo ou ulterior nivel, para efectos de aplica-lo previsto na subletra b') da letra c) do punto 1 do artigo 20 bis desta lei, deberá respecta-la porcentaxe mínima do 5 por 100, salvo que as ditas filiais

reúnan as circunstancias a que se refire o artigo 42 do Código de comercio para formar parte do mesmo grupo de sociedades coa entidade estranxeira directamente participada e formulen estados contables consolidados.»

Dez. Modifícase o punto 1 do artigo 142, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar e subscribir unha declaración por este imposto no lugar e na forma que determine o ministro de Facenda.

A declaración presentarase no prazo dos 25 días naturais seguintes ós seis meses posteriores á conclusión do período impositivo.

Se ó inicio do indicado prazo non fose determinado polo ministro de Facenda a forma de presenta-la declaración dese período impositivo, a declaración presentarase dentro dos 25 días naturais seguintes á data de entrada en vigor da norma que determine a dita forma de presentación. Non obstante, en tal suposto o suxeito pasivo poderá optar por presenta-la declaración no prazo ó que se refire o parágrafo anterior cumprindo os requisitos formais que se establecesen para a declaración do período impositivo precedente.»

SECCIÓN 3.^a IMPOSTO SOBRE A RENDA DE NON RESIDENTES

Artigo 3. *Modificación da Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non residentes e normas tributarias.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2001, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 41/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda de non residentes e normas tributarias.

Un. Modifícase a letra a) do punto 1, do artigo 13, que quedará redactada da seguinte forma:

«a) As rendas mencionadas no artigo 7 da Lei 40/1998, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, percibidas por persoas físicas, así como as pensións asistenciais por ancianidade recoñecidas ó amparo do Real decreto 728/1993, do 14 de maio, polo que se establecen pensións asistenciais por ancianidade en favor dos emigrantes españois.»

Dous. Engádesse unha nova letra i) ó punto 1 do artigo 13, que quedará redactada da seguinte forma:

«i) As bolsas e outras cantidades percibidas por persoas físicas, satisfeitas polas administracións públicas, en virtude de acordos e convenios internacionais de cooperación cultural, educativa e científica ou en virtude do plan anual de cooperación internacional aprobado en Consello de Ministros.»

Tres. A letra f) do punto 1 do artigo 24 quedará redactada da seguinte forma:

«f) No caso de ganancias patrimoniais, o 35 por 100, sen prexuízo do disposto na letra seguinte deste punto.»

Catro. Engádesse unha letra g) ó punto 1 do artigo 24, que quedará redactada da seguinte forma:

«g) O 18 por cento cando se trate de:

a') Dividendos e outros rendementos derivados da participación nos fondos propios dunha entidade.

b') Xuros e outros rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios.

c') As rendas derivadas da transmisión ou reembolso de accións ou participacións representativas do capital ou o patrimonio das institucións de investimento colectivo.»

SECCIÓN 4.^a IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS

Artigo 4. *Modificación da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2001, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.

Un. Dáse nova redacción ó punto 1 do artigo 4, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. Presumirase a existencia dunha transmisión lucrativa cando dos rexistros fiscais ou dos datos que consten na Administración resultase a diminución do patrimonio dunha persoa e simultaneamente ou con posterioridade, pero sempre dentro do prazo de prescrición do artigo 25, o incremento patrimonial correspondente no cónxuxe, descendentes, herdeiros ou legatarios.»

Dous. Dáse nova redacción ó punto 1 do artigo 8, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 8. *Responsables subsidiarios.*

1. Serán subsidiariamente responsables do pagamento do imposto, salvo que resultaren de aplicación as normas sobre responsabilidade solidaria da Lei xeral tributaria:

a) Nas transmisións mortis causa de depósitos, garantías ou contas correntes, os intermediarios financeiros e as demais entidades ou persoas que entregasen o metálico e valores depositados ou devolvesen as garantías constituídas.

Para estes efectos non se considerará entrega de metálico ou de valores depositados, nin devolución de garantías, o libramento de cheques bancarios con cargo ós depósitos, garantías ou ó resultado da venda dos valores que sexa necesario, que teña como exclusivo fin o pagamento do propio imposto sobre sucesións e doazóns que grave a transmisión mortis causa, sempre que o cheque sexa expedido a nome da Administración acreedora do imposto.

b) Nas entregas de cantidades ós que resulten beneficiarios como herdeiros ou designados nos contratos, as entidades de seguros que as verifiquen.

Para estes efectos non se considerará entrega de cantidades ós beneficiarios de contratos de seguro o pagamento á conta da prestación que teña como exclusivo fin o pagamento do propio imposto sobre sucesións e doazóns que grave a percepción da dita prestación, sempre que se realice mediante a entrega ós beneficiarios de cheque bancario expedido a nome da Administración acreedora do imposto.

c) Os mediadores na transmisión de títulos valores que formen parte da herdanza.

Para estes efectos non se considerará que estes mediadores son responsables do tributo cando se limiten a realizar, por orde dos herdeiros, a venda dos valores necesarios que teña como exclusivo fin o pagamento do propio imposto sobre sucesións

e doazóns que grave a transmisión mortis causa, sempre que contra o prezo obtido na dita venda se realice a entrega ós beneficiarios de cheque bancario expedido a nome da Administración acreedora do imposto.»

Tres. Dáse nova redacción á letra c) do punto 1, do artigo 11:

«c) Os bens e dereitos que fosen transmitidos polo causante durante os catro anos anteriores ó seu falecemento, reservándose o usufructo deles ou doutros do adquirente ou calquera outro dereito vitalicio, salvo cando se trate de seguros de renda vitalicia contratados con entidades dedicadas legalmente a este xénero de operacións; e»

Catro. Dáse nova redacción ó punto 2 do artigo 30.

«2. O disposto no punto anterior, para efectos da determinación da cota tributaria, será igualmente aplicable ás doazóns e demais transmisións inter vivos equiparables acumulables á sucesión que cause o doador a favor do donatario, sempre que o prazo que medie entre esta e aquelas non exceda de catro anos.»

CAPÍTULO II

Impostos indirectos

SECCIÓN 1.^a IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

Artigo 5. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2001, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. O punto dous do artigo 5 quedará redactado nos seguintes termos:

«Dous. Son actividades empresariais ou profesionais as que impliquen a ordenación por conta propia de factores de produción materiais e humanos ou dun deles, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servicios.

En particular, teñen esta consideración as actividades extractivas, de fabricación, comercio e prestación de servicios, incluídas as de artesanía, agrícolas, forestais, gandeiras, pesqueiras, de construción, mineiras e o exercicio de profesións liberais e artísticas.

Para efectos deste imposto, as actividades empresariais ou profesionais consideraranse iniciadas desde o momento en que se realice a adquisición de bens ou servicios coa intención, confirmada por elementos obxectivos, de destinalos ó desenvolvemento de tales actividades, mesmo nos casos a que se refiren as letras b), c) e d) do punto anterior. Os que realicen tales adquisicións terán desde o dito momento a condición de empresarios ou profesionais para efectos do imposto sobre o valor engadido.»

Dous. O número 3.^o do punto dous do artigo 78 quedará redactado nos seguintes termos:

«3.^o As subvencións vinculadas directamente ó prezo das operacións suxeitas ó imposto.

Consideraranse vinculadas directamente ó prezo das operacións suxeitas ó imposto as subvencións establecidas en función do número de unidades entregadas ou do volume dos servizos prestados cando se determinen con anterioridade á realización da operación.»

Tres. O número 10.º do artigo 91.un.2 quedará redactado da seguinte forma:

«Os servizos funerarios efectuados polas empresas funerarias e os cemiterios, e as entregas de bens relacionados con eles efectuadas ós que sexan destinatarios dos mencionados servizos.»

Catro. O artigo 93 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 93. *Requisitos subxectivos da deducción.*

Un. Poderán facer uso do dereito a deducir os suxeitos pasivos do imposto que teñan a condición de empresarios ou profesionais de conformidade co disposto no artigo 5 desta lei e iniciasen a realización habitual de entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes ás súas actividades empresariais ou profesionais.

Malia o disposto no parágrafo anterior, as cotas soportadas ou satisfeitas con anterioridade ó inicio da realización habitual de entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes ás súas actividades empresariais ou profesionais poderán deducirse consonte o disposto nos artigos 111, 112 e 113 desta lei.

Dous. Tamén poderán facer uso do dereito a deducir os suxeitos pasivos do imposto que realicen con carácter ocasional as entregas dos medios de transporte novos a que se refire o artigo 25, puntos un e dous desta lei.

Tres. O exercicio do dereito á deducción correspondente ós sectores ou actividades ós que resulten aplicables os réximes especiais regulados no título IX desta lei realizarase de acordo coas normas establecidas no dito título para cada un deles.

Catro. Non poderán ser obxecto de deducción, en ningunha medida nin contía, as cotas soportadas ou satisfeitas polas adquisicións ou importacións de bens ou servizos efectuadas sen a intención de utilizalos na realización de actividades empresariais ou profesionais, aínda que ulteriormente os ditos bens ou servizos se afecten total ou parcialmente ás citadas actividades.»

Cinco. O punto tres do artigo 105 quedará redactado da seguinte forma:

«Tres. Nos supostos de inicio de actividades empresariais ou profesionais, e nos de inicio de actividades que vaian constituir un sector diferenciado respecto das que se viñesen desenvolvendo con anterioridade, a porcentaxe provisional de deducción aplicable durante o ano en que se comece a realización das entregas de bens e prestacións de servizos correspondentes á actividade de que se trate será o que se determinase segundo o previsto no punto dous do artigo 111 desta lei.

Nos casos en que non se determinase unha porcentaxe provisional de deducción segundo o disposto no punto dous do artigo 111 desta lei, a porcentaxe provisional a que se refire o parágrafo anterior fixarase de forma análoga ó previsto no dito precepto.»

Seis. O artigo 111 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 111. *Deduccións das cotas soportadas ou satisfeitas con anterioridade ó inicio da realización de entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a actividades empresariais ou profesionais.*

Un. Os que non viñesen desenvolvendo con anterioridade actividades empresariais ou profesionais e adquiran a condición de empresario ou profesional por efectuar adquisicións ou importacións de bens ou servizos coa intención, confirmada por elementos obxectivos, de destinalos á realización de actividades de tal natureza, poderán deducir as cotas que, con ocasión das ditadas operacións, soporten ou satisfagan antes do momento en que inicien a realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes ás ditadas actividades, de acordo co disposto neste artigo e nos artigos 112 e 113 seguintes.

O disposto no parágrafo anterior será igualmente aplicable ós que, tendo xa a condición de empresario ou profesional por viren realizando actividades de tal natureza, inicien unha nova actividade empresarial ou profesional que constitúa un sector diferenciado respecto das actividades que viñan desenvolvendo con anterioridade.

Dous. As deduccións ás que se refire o punto anterior practicaranse aplicando a porcentaxe que propoña o empresario ou profesional á Administración, salvo no caso de que esta última fixe un diferente en atención ás características das correspondentes actividades empresariais ou profesionais.

Tales deduccións consideraranse provisionais e estarán sometidas ás regularizacións previstas nos artigos 112 e 113 desta lei.

Tres. Os empresarios ou profesionais poderán solicitar a devolución das cotas que sexan deducibles en virtude do establecido no presente artigo, consonte o disposto no artigo 115 desta lei.

Catro. Os empresarios que, en virtude do establecido nesta lei, deban quedar sometidos ó réxime especial da recarga de equivalencia desde o inicio da súa actividade comercial, non poderán efectuar as deduccións a que se refire este artigo en relación coas actividades incluídas no dito réxime.

Cinco. Os empresarios ou profesionais que practicasen as deduccións a que se refire este artigo non poderán acollerse ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca polas actividades nas que utilicen os bens e servizos pola adquisición dos cales soportasen ou satisfixesen as cotas obxecto de deducción ata que finalice o terceiro ano natural de realización das entregas de bens ou prestacións de servizos efectuadas no desenvolvemento das ditadas actividades.

A aplicación do disposto no parágrafo anterior terá os mesmos efectos que a renuncia ó citado réxime especial.

Seis. Para efectos do disposto neste artigo e nos artigos 112 e 113 desta lei, consideraranse primeiro ano de realización de entregas de bens ou prestacións de servizos no desenvolvemento de actividades empresariais ou profesionais, aquel durante o cal o empresario ou profesional comece o exercicio habitual das ditadas operacións, sempre que o inicio delas teña lugar antes do día 1 de xullo e, noutro caso, o ano seguinte.»

Sete. O artigo 112 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 112. *Regularización das deducións das cotas soportadas con anterioridade ó inicio da realización de entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes a actividades empresariais ou profesionais.*

Un. As deducións provisionais a que se refire o artigo 111 desta lei regularizaranse aplicando a porcentaxe definitiva que globalmente corresponda ó período dos catro primeiros anos naturais de realización de entregas de bens ou prestacións de servicios efectuadas no exercicio de actividades empresariais ou profesionais.

Dous. A porcentaxe definitiva a que se refire o punto anterior determinarase segundo o disposto no artigo 104 desta lei, computando para o efecto o conxunto das operacións realizadas durante o período a que se refire o punto anterior, así como o importe das subvencións a que se refire o número 2.º do punto dous do mencionado artigo percibidas durante o dito período e con anterioridade a este.

Tres. A regularización das deducións a que se refire este artigo realizarase do seguinte modo:

1.º Coñecida a porcentaxe de deducción definitivamente aplicable ás cotas soportadas ou satisfeitas con anterioridade ó inicio da realización das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes á actividade empresarial ou profesional, determinarase o importe da deducción que procedería en aplicación da mencionada porcentaxe.

2.º Este importe restarase da suma total das deducións provisionais practicadas conforme o disposto polo artigo 111 desta lei.

3.º A diferenza, positiva ou negativa, será a contía do ingreso ou da deducción complementaria que se efectuará.»

Oito. O artigo 113 quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 113. *Regularización das cotas correspondentes a bens de investimento, soportadas con anterioridade ó inicio da realización das entregas de bens ou prestacións de servicios correspondentes a actividades empresariais ou profesionais.*

Un. As deducións provisionais a que se refire o artigo 111 desta lei correspondentes a cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de bens de investimento, unha vez regularizadas consonte o disposto no artigo anterior, deberán ser obxecto da regularización prevista no artigo 107 desta mesma lei durante os anos do período de regularización que queden por transcorrer.

Dous. Para a práctica das regularizacións previstas neste artigo, considerarase deducción efectuada o ano en que tivo lugar a repercusión para efectos do disposto no artigo 109, número 2.º desta lei, a que resulte da porcentaxe de deducción definitivamente aplicable en virtude do establecido no punto un do artigo 112 desta mesma lei.

Tres. Cando os bens de investimento a que se refire este artigo sexan obxecto de entrega antes da terminación do período de regularización a que se refire este, aplicaranse as regras do artigo 110 desta lei, sen prexuízo do previsto nos artigos 111 e 112 dela e nos puntos anteriores deste artigo.»

Nove. Introdúcese un novo artigo 167 bis, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 167 bis. *Liquidación provisional.*

Os órganos de xestión tributaria poderán xira-la liquidación provisional que proceda de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, mesmo nos supostos ós que se refire o artigo seguinte.»

Dez. Introdúcese unha nova disposición adicional co seguinte contido:

«Disposición adicional sexta. *Procedementos administrativos e xudiciais de execución forzosa.*

Nos procedementos administrativos e xudiciais de execución forzosa, os adxudicatarios que teñan a condición de empresario ou profesional para efectos deste imposto están facultados, en nome e por conta do suxeito pasivo, e con respecto ás entregas de bens e prestacións de servicios suxeitas a el que se produzan naqueles, para:

1.º Expedir-la factura en que se documente a operación e se repercute a cota do imposto, presenta-la declaración-liquidación correspondente e ingresa-lo importe do imposto resultante.

2.º Efectuar, se é o caso, a renuncia ás exencións prevista no punto dous do artigo 20 desta lei.

Regulamentariamente, determinarase as condicións e requisitos para o exercicio destas facultades.»

SECCIÓN 2.^a IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

Artigo 6. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2001, introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro:

Un. A letra B) do punto 1, do artigo 7, quedará redactada da seguinte forma:

«A constitución de dereitos reais, préstamos, fianzas, arrendamentos, pensións e concesións administrativas, salvo cando estas últimas teñan por obxecto a cesión de dereito a utilizar infraestructuras ferroviarias ou inmobles ou instalacións en portos e en aeroportos.

Liquidarase como constitución de dereitos a ampliación posterior do seu contido que implique para o seu titular un incremento patrimonial, o cal servirá de base para a esixencia do tributo.»

Dous. Engádese un novo punto 18 á letra B) do número I do artigo 45 que quedará redactado da seguinte forma:

«18. As primeiras copias de escrituras notariais que documenten a cancelación de hipotecas de calquera clase, en canto ó gravame gradual da modalidade "Actos xurídicos documentados" que grava os documentos notariais.»

Tres. O punto 1 do artigo 57 quedará redactado da seguinte forma:

«1. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente, por resolución firme, que tivo lugar a nulidade, rescisión ou resolución dun acto ou contrato, o contribuínte terá dereito á devolución do que satisfixo por cota do Tesouro, sempre que non lle producise efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de prescrición previsto no artigo 64 da Lei xeral tributaria, contado desde que a resolución quede firme.»

SECCIÓN 3.^a IMPOSTOS ESPECIAIS

Artigo 7. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2001, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 54, que quedará redactado da seguinte forma:

«2. A utilización de gasóleo como carburante, con aplicación do tipo establecido no epígrafe 1.4 da tarifa 1.^a do imposto, queda autorizada en tódolos motores, excepto nos seguintes:

a) Motores utilizados na propulsión de artefactos ou aparellos que fosen autorizados para circular por vías e terreos públicos, mesmo cando se trate de vehículos especiais.

Malia o establecido no parágrafo anterior, poderá utilizarse gasóleo con aplicación do tipo establecido no epígrafe 1.4 da tarifa 1.^a do imposto, nos motores de tractores e maquinaria agrícola, autorizados para circular por vías e terreos públicos, empregados na agricultura, incluída a horticoltura, a gandería e a silvicultura.

b) Motores utilizados na propulsión de artefactos ou aparellos que, polas súas características e configuración obxectiva, sexan susceptibles de seren autorizados para circular por vías e terreos públicos como vehículos distintos dos vehículos especiais, aínda que non obtivesen efectivamente tal autorización.

c) Motores utilizados na propulsión de buques e embarcacións de recreo.

Para os efectos da aplicación dos casos a) e b) anteriores, consideraranse “vehículos” e “vehículos especiais” os definidos como tales no anexo II do Regulamento xeral de vehículos aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro. Para os mesmos efectos, consideraranse “vías e terreos públicos” as vías ou terreos a que se refire o artigo 2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.

Fóra dos casos previstos no punto 2 do artigo 51 e na letra b) do artigo 52 e dos autorizados conforme este punto, estará prohibida a utilización como carburante de gasóleo ó que, conforme o que regulamentariamente se estableza, lle fosen incorporados os correspondentes trazadores e marcadores.»

Dous. O punto 3 do artigo 65 que quedará redactado da seguinte forma:

«3. A modificación, antes de transcorridos catro anos desde a primeira matriculación defini-

tiva, das circunstancias ou requisitos determinantes dos supostos de non suxeición ou de exención previstos na presente lei, dará lugar á autoliquidación e ingreso do imposto especial con referencia ó momento en que se produza a dita modificación, salvo que trala modificación resulte aplicable un suposto de non suxeición ou de exención dos previstos nesta lei. Para que a transmisión do medio de transporte que, se é o caso, se efectúa produza efectos ante o órgano competente en materia de matriculación, será necesario, segundo o caso, acreditar ante o dito órgano o pagamento do imposto, ou ben presentar ante el a declaración de non suxeición ou exención debidamente dilixenciada polo órgano xestor, ou o recoñecemento previo da Administración tributaria para a aplicación do suposto de non suxeición ou de exención.

O período ó que se refire o parágrafo anterior deste punto reducirase a dous anos cando se trate de medios de transporte para os que a primeira matriculación definitiva estivese exenta en virtude do disposto nas letras b) e c) do punto 1 do artigo 66 desta lei.

Así mesmo, a autoliquidación e ingreso a que se refiren os parágrafos anteriores deste punto non será esixible cando a modificación das circunstancias consista no envío do medio de transporte fóra do territorio de aplicación do imposto con carácter definitivo, o que se acreditará mediante a certificación da baixa no rexistro correspondente expedida polo órgano competente en materia de matriculación.

A expedición dun permiso de circulación ou utilización polo órgano competente en materia de matriculación para un medio de transporte que se reintroduza no territorio de aplicación do imposto logo de ter sido enviado fóra del con carácter definitivo e acollido ó disposto no parágrafo anterior ou no punto 3 do artigo 66, terá a consideración de primeira matriculación definitiva para efectos deste imposto».

Tres. Modifícase o artigo 66, que pasará a titularse «Exencións, devolucións e reducións» e quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 66. *Exencións, devolucións e reducións.*

1. Estará exenta do imposto a primeira matriculación definitiva dos seguintes medios de transporte:

a) Os vehículos automóbiles considerados como taxis, autotaxis ou autoturismos pola lexislación vixente.

b) Os vehículos automóbiles matriculados para afectalos exclusivamente ó exercicio da actividade de ensino de condutores mediante contraprestación.

c) Os vehículos automóbiles matriculados para afectalos exclusivamente ó exercicio de actividades de aluguer.

Para estes efectos, non se entenderá que existe actividade de aluguer de automóbiles respecto daqueles que sexan obxecto de cesión a persoas vinculadas nos termos previstos no artigo 79 da Lei do imposto sobre o valor engadido, ou por tempo superior a tres meses a unha mesma persoa ou entidade, durante un período de doce meses consecutivos.

Para estes efectos, non terán a consideración de aluguer de automóbiles os contratos de arrendamento-venda e asimilados nin os de arrendamento con opción de compra.

d) Os vehículos automóbiles matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, sempre que concorran os seguintes requisitos:

1.º Que transcorresen alomenos catro anos desde a matriculación doutro vehículo en análogas condicións. Non obstante, este requisito non se esixirá en supostos de sinistro total dos vehículos, debidamente acreditado.

2.º Que non sexan obxecto dunha transmisión posterior por actos "inter vivos" durante o prazo dos catro anos seguintes á data da súa matriculación.

e) Os vehículos que sexan obxecto de matriculación especial, en réxime de matrícula diplomática, dentro dos límites e cos requisitos que se determinen regulamentariamente, a nome:

1.º Das misións diplomáticas acreditadas e con sede permanente en España, e dos axentes diplomáticos.

2.º Das organizacións internacionais que subscribisen un acordo de sede co Estado español e dos funcionarios daquelas con estatuto diplomático.

3.º Das oficinas consulares de carreira e dos funcionarios consulares de carreira de nacionalidade estranxeira.

4.º Do persoal técnico e administrativo das misións diplomáticas e das organizacións internacionais así como dos empregados consulares das oficinas consulares de carreira, sempre que se trate de persoas que non teñan a nacionalidade española nin teñan residencia permanente en España.

Malia o establecido nos números 2.º e 4.º anteriores, cando os convenios internacionais polos que se crean tales organizacións ou os acordos de sede delas establezan outros límites ou requisitos, serán estes os aplicables ás ditas organizacións, ós seus funcionarios con estatuto diplomático, e ó seu persoal técnico-administrativo.

f) As embarcacións e os buques de recreo ou de deportes náuticos cunha eslora máxima que non exceda de quince metros, matriculados para afectalos exclusivamente ó exercicio de actividades de aluguer.

Esta exención quedará condicionada ás limitacións e ó cumprimento dos requisitos establecidos para o aluguer de vehículos.

g) As embarcacións que pola súa configuración soamente poidan ser impulsadas a remo ou pa, así como os veleiros de categoría olímpica.

h) As aeronaves matriculadas polo Estado, comunidades autónomas, corporacións locais ou por empresas ou organismos públicos.

i) As aeronaves matriculadas a nome de escolas, recoñecidas oficialmente pola Dirección Xeral de Aviación Civil e destinadas exclusivamente á educación e formación aeronáutica de pilotos ou á súa reciclaxe profesional.

j) As aeronaves matriculadas a nome de empresas de navegación aérea.

k) As aeronaves matriculadas para seren cedidas en arrendamento exclusivamente a empresas de navegación aérea.

l) Os medios de transporte que se matriculen como consecuencia do traslado da residencia habitual do seu titular desde o estranxeiro ó territorio español. A aplicación da exención quedará condicionada ó cumprimento dos seguintes requisitos:

1.º Os interesados deberán ter tido a súa residencia habitual fóra do territorio español alomenos

durante os doce meses consecutivos anteriores ó traslado.

2.º Os medios de transporte deberán ter sido adquiridos ou importados nas condicións normais de tributación no país de orixe ou procedencia e non se deberán ter beneficiado de ningunha exención ou devolución das cotas devengadas con ocasión da súa saída do dito país.

Considerarase cumprido este requisito cando os medios de transporte se adquirisen ou importasen ó amparo das exencións establecidas nos réximes diplomático ou consular ou en favor dos membros dos organismos internacionais recoñecidos e con sede no Estado de orixe, cos límites e condicións fixados polos convenios internacionais polos que se crean os ditos organismos polos acordos de sede.

3.º Os medios de transporte deberán ter sido utilizados polo interesado na súa antiga residencia alomenos seis meses antes da data en que abandonase aquela.

4.º A matriculación deberá solicitarse no prazo previsto no artigo 65.1.d) desta lei.

5.º Os medios de transporte matriculados con exención non deberán ser transmitidos durante o prazo de doce meses posteriores á matriculación. O incumprimento deste requisito determinará a exacción do imposto referida á data en que se producise o dito incumprimento.

2. A aplicación das exencións a que se refiren as letras a), b), c), d), f), i) e k) do punto anterior estará condicionada ó seu previo recoñecemento pola Administración tributaria na forma que se determine regulamentariamente. En particular, cando se trate da exención a que se refire a letra d) será necesaria a previa certificación da minusvalidez ou da invalidez polo Instituto Nacional de Servizos Sociais ou polas entidades xestoras competentes.

A aplicación da exención a que se refire a letra e) do punto anterior requirirá a previa certificación da súa procedencia polo Ministerio de Asuntos Exteriores.

Nos demais supostos de exención será necesario presentar unha declaración ante a Administración tributaria no lugar, forma, prazo e impreso que determine o ministro de Facenda.

3. Os empresarios dedicados profesionalmente á revenda de medios de transporte terán dereito, respecto daqueles que acrediten ter enviado con carácter definitivo fóra do territorio de aplicación do imposto antes de que transcorresen catro anos desde a súa primeira matriculación definitiva, á devolución da parte da cota satisfeita correspondente ó valor do medio de transporte no momento do envío. O envío con carácter definitivo fóra do territorio de aplicación do imposto do medio de transporte acreditarase mediante a certificación da baixa no rexistro correspondente expedida polo órgano competente en materia de matriculación.

Na devolución a que se refire o parágrafo anterior aplicaranse as seguintes regras:

a) O envío fóra do territorio de aplicación do imposto terá que efectuarse como consecuencia dunha venda en firme.

b) A base da devolución estará constituída polo valor de mercado do medio de transporte no momento do envío, sen que poida exceder do valor que resulte da aplicación das táboas de valoración a que se refire a letra b) do artigo 69 desta lei.

c) O tipo da devolución será o aplicado no seu momento para a liquidación do imposto.

d) O importe da devolución non será superior, en ningún caso, ó da cota satisfeita.

e) A devolución será solicitada polo empresario revendedor no lugar, forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Facenda.

4. A base imponible do imposto, determinada conforme o previsto no artigo 69, será obxecto dunha redución do 50 por 100 do seu importe respecto dos vehículos automóbiles cunha capacidade homologada non inferior a cinco prazos e non superior a nove, incluída en ámbolos casos a do conductor, que se destinen ó uso exclusivo de familias cualificadas de numerosas conforme a normativa vixente cos seguintes requisitos:

a) A primeira matriculación definitiva do vehículo deberá ter lugar a nome do pai ou da nai das referidas familias, ou ben, a nome de ambos conxuntamente.

b) Deberán ter transcorrido alomenos catro anos desde a matriculación doutro vehículo a nome de calquera das persoas citadas na letra a) anterior e ó amparo desta redución. Non obstante, este requisito non se esixirá en supostos de sinistro total dos vehículos debidamente acreditados.

c) O vehículo automóbil matriculado ó amparo desta redución non poderá ser obxecto dunha transmisión posterior por actos "inter vivos" durante o prazo dos catro anos seguintes á data da súa matriculación.

d) A aplicación desta redución está condicionada ó seu recoñecemento previo pola Administración tributaria na forma que se determine regulamentariamente. Será necesario, en todo caso, a presentación ante a Administración tributaria da certificación acreditativa da condición de familia numerosa expedida polo organismo da Administración central ou autonómica que corresponda.»

SECCIÓN 4.^a RÉXIME ECONÓMICO FISCAL DE CANARIAS

Artigo 8. Modificación das Leis 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias e 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.

Primeiro. Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2001, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias:

Un. O número 1 do artigo 5 quedará redactado nos seguintes termos:

«1. Son actividades empresariais ou profesionais as que impliquen a ordenación por conta propia de factores de produción materiais e humanos, ou dun deles, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servicios.

En particular, teñen esta consideración as extractivas, de fabricación, comercio ou prestación de servicios, incluídas as agrícolas, forestais, ganderías, pesqueiras, de construción, mineiras e o exercicio de actividades profesionais liberais e artísticas.

Para efectos deste imposto, as actividades empresariais ou profesionais consideraranse iniciadas desde o momento en que se realice a adquisición de bens ou servicios coa intención, confirmada por elementos obxectivos, de destinalos ó desenvolvemento de tales actividades, mesmo nos

casos a que se refiren o punto 2.º do número 2, e as letras a) e b) do número 4 deste artigo. Os que realicen tales adquisicións terán desde o dito momento a condición de empresarios ou profesionais para efectos do imposto xeral indirecto canario.»

Dous. Modifícase o número 8.º do artigo 9, que quedará redactado como segue:

«8.º As entregas de bens e prestacións de servicios realizadas sen contraprestación, salvo nos supostos de vinculación a que se refire o artigo 23, número 3, da presente lei.»

Tres. Modifícase o número 9.º do artigo 9, que quedará redactado como segue:

«9.º As entregas de bens e prestacións de servicios realizadas directamente polos entes públicos sen contraprestación ou mediante prestación patrimonial de carácter público.

Os supostos de non suxeición a que se refire este número non se aplicarán cando os referidos entes actúen por medio de empresa pública, privada, mixta ou, en xeral, de empresas mercantís.»

Catro. Dáse nova redacción ó punto 28) do número 1 do artigo 10, nos seguintes termos:

«28) As entregas de bens e prestacións de servicios realizadas por suxeitos pasivos persoas físicas cun volume total de operacións realizadas durante o ano natural anterior que non excedese de 4.000.000 de pesetas (24.040,48 euros). Este límite revisarase automaticamente cada ano pola variación do índice de prezos ó consumo en Canarias.

Para os efectos deste punto, considerarase volume de operacións o importe total das entregas de bens e prestacións de servicios efectuadas polo suxeito pasivo durante o ano natural anterior, con independencia do réxime tributario ou territorio onde se entreguen ou presten.

Os empresarios persoas físicas, que sexan titulares de explotacións agrícolas nos termos establecidos no artigo 55, poderán renunciar á exención prevista no parágrafo anterior sempre que cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente e desenvolvan as actividades a que sexa aplicable o réxime especial da agricultura e gandería e non renuncien a el.

A renuncia á exención operará respecto á totalidade das súas actividades empresariais ou profesionais.»

Cinco. Dáse nova redacción á letra i) do punto 18) do número 1 do artigo 10, que quedará redactado como segue:

«i) A xestión e depósito das institucións de investimento colectivo, das entidades de capital-risco xestionadas por sociedades xestoras autorizadas e rexistradas nos rexistros especiais administrativos, dos fondos de pensións, de regulación do mercado hipotecario, de titulación de activos e colectivos de xubilación, constituídos de acordo coa súa lexislación específica.»

Seis. Engádese un novo punto 31) no número 1 do artigo 10:

«31) As entregas de bens e prestacións de servicios realizados polo Estado, a Comunidade Autónoma de Canarias e as entidades locais canarias.»

Sete. Dáse unha nova redacción ó número 3 do artigo 10, que queda redactado como segue:

«3. Para os efectos deste imposto consideraranse comerciantes retallistas os suxeitos pasivos nos que concorran os seguintes requisitos:

1.º Que realicen de cotío vendas de bens mobles ou semoventes sen telos sometido a ningún proceso de fabricación, elaboración ou manufactura, por si mesmos ou por medio de terceiros.

2.º Que a suma das contraprestacións correspondentes ás entregas dos ditos bens en establecementos situados en Canarias ós que non teñan a condición de empresarios ou profesionais ou á Seguridade Social, efectuadas durante o ano precedente, excedese do 70 por 100 do total das realizadas.

3.º Para a aplicación do disposto no número anterior considerárase que non son operacións de transformación e, consecuentemente, non se perderá a condición de comerciantes retallistas, pola realización de tales operacións, as que a continuación se relacionan:

- a) As de clasificación e envasado de produtos.
- b) As de colocación de marcas ou etiquetas, así como as de preparación e corte previas á entrega dos bens transmitidos.
- c) As manipulacións que se determinen regulamentariamente.»

Oito. O punto 7 do artigo 12 quedará redactado da seguinte forma:

«7. As entregas de bens e as prestacións de servizos destinadas ós organismos internacionais recoñecidos por España ou ós membros con estatuto diplomático dos ditos organismos ou ó seu persoal técnico e administrativo, dentro dos límites e coas condicións fixadas regulamentariamente ou establecidos nos convenios internacionais.»

Nove. O punto 9 do artigo 14, quedará redactado da seguinte forma:

«9. As importacións efectuadas por organismos internacionais recoñecidos por España e as realizadas polos seus membros con estatuto diplomático e o seu persoal técnico e administrativo, cos límites e nas condicións fixadas regulamentariamente ou establecidas nos convenios internacionais polos que se crean tales organismos ou nos acordos sobre a sede deles.»

Dez. Suprímese a letra b) do punto 3.º do número 2 do artigo 17.

Once. Modifícase o punto 2.º do número 1 do artigo 19, que quedará redactado da seguinte maneira:

«2.º Excepcionalmente, invértese a condición de suxeito pasivo nos empresarios ou profesionais e, en todo caso, nos entes públicos para os que se realicen as operacións suxeitas a gravame nos seguintes supostos:

a) Cando as citadas operacións sexan efectuadas por persoas ou entidades non establecidas nas illas Canarias.

Para os efectos do disposto nesta lei considéranse establecidos nun determinado territorio os suxeitos pasivos que teñan nel a sede da súa actividade económica, un establecemento permanente ou o seu domicilio fiscal, aínda que non realicen as operacións suxeitas desde un establecemento situado nas illas Canarias.

b) Cando consistan en entregas de ouro sen elaborar ou de produtos semielaborados de ouro, de lei igual ou superior a 325 milésimas.

c) Cando as citadas operacións teñan lugar en virtude dunha resolución administrativa ou xudicial.»

Doce. Modifícase o artigo 27, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 27. *Tipos impositivos.*

1. Sen prexuízo do disposto na disposición adicional oitava.dous da presente lei, no imposto xeral indirecto canario serán aplicables os seguintes tipos impositivos:

1.º Un tipo cero ás seguintes operacións:

a) Captación, produción e distribución de auga, excepto a auga mineral e gasosa.

b) As entregas dos seguintes produtos, sempre que se utilicen para fins médicos ou veterinarios: as especialidades farmacéuticas, as fórmulas maxistrais, os preparados ou fórmulas oficinais e os medicamentos prefabricados. Así mesmo, as substancias medicinais utilizadas na obtención dos anteriores produtos.

Non se comprenden neste punto os cosméticos nin as substancias e produtos de uso meramente hixiénico.

c) As entregas de libros, xornais e revistas que non conteñan única ou fundamentalmente publicidade, así como os elementos complementarios que se entreguen conxuntamente con estes bens mediante prezo único.

Para estes efectos terán a consideración de elementos complementarios as cintas magnetofónicas, discos, videocasetes e outros soportes sonoros ou videomagnéticos similares, o custo de adquisición dos cales non supere o 50 por 100 do prezo unitario de venda ó público.

Entenderase que os libros, periódicos e revistas conteñen fundamentalmente publicidade cando máis do 75 por 100 dos ingresos que proporcionen ó seu editor se obteñan por este concepto.

Consideraranse comprendidos nesta letra os álbums, partituras, mapas, cadernos de debuxo e os obxectos que, polas súas características, só podan utilizarse como material escolar, excepto os artigos e aparellos electrónicos.

d) As entregas dos produtos gravados por medios magnéticos ou ópticos de utilización educativa ou cultural que regulamentariamente se determinen, sempre que sexan entregados ou importados por:

Establecementos ou organismos declarados de utilidade pública, de carácter educativo ou cultural.

Outros establecementos ou organismos de carácter educativo ou cultural, cando as importacións sexan autorizadas con este fin pola Administración tributaria canaria.

e) As entregas de vivendas, cualificadas administrativamente como de protección oficial de réxime especial e as entregas de obras de equipamento comunitario, cando as referidas entregas sexan efectuadas polos seus promotores.

Non se comprenderán neste punto os garaxes e anexos ás referidas vivendas que se transmitan independentemente delas nin tampouco os locais de negocio.

f) As execucións de obras, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre o promotor e o contra-

tista, que teñan por obxecto a construción e rehabilitación das vivendas cualificadas administrativamente como de protección oficial de réxime especial ou de obras de equipamento comunitario.

Para os efectos desta lei, considéranse de rehabilitación as actuacións destinadas á reconstrución mediante a consolidación e o tratamento de estruturas, fachadas ou cubertas e outras análogas, sempre que o custo global destas operacións exceda do 25 por 100 do prezo de adquisición se se efectuase durante os dous anos inmediatamente anteriores ou, noutro caso, do verdadeiro valor que tivese a edificación ou parte dela antes da súa rehabilitación.

Para efectos desta letra e da anterior, enténdese por equipamento comunitario aquel que consiste:

Na construción de edificios destinados ó servizo público do Estado, da Comunidade Autónoma de Canarias, das corporacións locais, das entidades xestoras da Seguridade Social e dos organismos autónomos dependentes deles.

Na construción de centros docentes de tódolos niveis e graos do sistema educativo, das escolas de idiomas e da formación e reciclaxe profesional.

Na construción de parques e xardíns públicos e superficies viais en zonas urbanas.

Primeira construción de infraestrutura (auga, telecomunicación, enerxía eléctrica e redes de sumidoiros) en zonas urbanas.

Non se inclúen, en ningún caso, as obras de conservación, mantemento, reformas, rehabilitación, ampliación ou mellora das ditas infraestruturas.

Obras de construción de potabilizadoras, desalinizadoras e depuradoras de titularidade pública.

g) As entregas de vivendas de protección oficial promovidas directamente polas administracións públicas, sempre que sexan financiadas exclusivamente por estas con cargo ós seus propios recursos.

h) As execucións de obra con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre as administracións públicas e o contratista, que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación das vivendas a que se refire a letra anterior.

Para os efectos do disposto nesta letra e na anterior, asimílanse ás administracións públicas as empresas públicas que teñan por obxecto a construción e rehabilitación de vivendas sociais.

i) As entregas de pan común.

j) As entregas de fariñas panificables e de alimentación e de cereais para a súa elaboración.

k) As entregas de ovos.

l) As entregas de froitas, verduras, hortalizas, legumes e tubérculos naturais que non fosen obxecto de ningún proceso de transformación, elaboración ou manufactura de carácter industrial, conforme o establecido no artigo 55, número 4, punto primeiro.

m) As entregas de carnes e peixe que non fosen obxecto de ningún proceso de transformación, elaboración ou manufactura de carácter industrial, conforme o establecido no artigo 55, número 4, punto primeiro.

n) As entregas de produtos derivados de explotacións gandeiras intensivas e piscicultura.

ñ) As entregas de leite, mesmo o hixienizado, esterilizado, concentrado, desnatado, evaporado e en po, así como os preparados lácteos asimilados

a estes produtos, ós que se lles cambiou a graxa animal orixinaria por graxas de orixe vegetal.

o) As entregas de queixos.

p) Transporte de viaxeiros e mercadorías por vía marítima ou aérea entre as illas do arquipélago canario.

q) As execucións de obra que teñan por obxecto a instalación de armarios de cociña e baño e armarios encastrados para as edificacións a que se refire a letra f) anterior, que sexan realizadas como consecuencia de contratos directamente formalizados co promotor da construción ou rehabilitación das ditas edificacións.

2.º Un tipo reducido, aplicable ás operacións que se citan no anexo I, o importe das cales estará comprendido entre o 1 e o 3 por 100, ambos inclusive.

3.º Dous tipos incrementados que se aplican ás operacións que se relacionan nos anexos I bis e II, comprendidos respectivamente entre o 8 por 100 e o 11 por 100, ambos inclusive, e entre o 13 por 100 e o 15 por 100, ambos inclusive.

4.º Un tipo xeral aplicable ós bens e servizos que non se encontren sometidos nin ó tipo cero, nin ó reducido, nin ós incrementados e o importe dos cales estará comprendido entre o 3 e o 6 por 100, ambos inclusive.

2. As importacións de bens serán gravadas ós tipos impositivos previstos no número 1 deste artigo para as entregas de bens da mesma natureza dos que sexan obxecto daquelas.

3. O tipo impositivo aplicable a cada operación será o vixente no momento do devengo.»

Trece. O artigo 28 quedará redactado como segue:

«Artigo 28. *Natureza e ámbito de aplicación.*

1. Os suxeitos pasivos poderán deducir das cotas do imposto xeral indirecto canario devengadas como consecuencia de entregas de bens e prestacións de servizos que realicen nas illas Canarias as que, devengadas no dito territorio, soportasen nas adquisicións ou importacións de bens ou nos servizos que lles fosen prestados, na medida en que os ditos bens ou servizos se utilicen na realización das operacións suxeitas e non exentas ó imposto ou nas demais operacións determinadas no número 4 do artigo seguinte desta lei.

2. Só poderán facer uso do dereito a deducir os suxeitos pasivos que, tendo a condición de empresarios ou profesionais de conformidade co disposto no artigo 5 desta lei, iniciasen efectivamente a realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes ás súas actividades empresariais ou profesionais.

Malia o disposto no parágrafo anterior, as cotas soportadas ou satisfeitas con anterioridade ó inicio da realización habitual de entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes ás súas actividades empresariais ou profesionais poderán deducirse consonte o disposto nesta lei.

3. O exercicio do dereito á deducción correspondente ós suxeitos pasivos ós que resulten aplicables os réximes especiais regulados nesta lei, realízase de acordo coas normas establecidas para cada un deles.

4. Non poderán ser obxecto de deducción, en ningunha medida nin contía, as cotas soportadas ou satisfeitas polas adquisicións ou importacións

de bens ou servicios efectuadas sen a intención de utilizalos na realización de actividades empresariais ou profesionais, aínda que posteriormente os ditos bens ou servicios se afecten total ou parcialmente ás citadas actividades.»

Catorce. Introdúcese unha nova letra h) no punto 1.º do número 4 do artigo 29:

«h) Os servicios de telecomunicacións e as entregas de bens de investimento exentas por aplicación do disposto nos artigos 24 e 25, respectivamente, da Lei 19/1994, do 6 de xullo.»

Quince. Dáse nova redacción ó artigo 37 que quedará redactado da seguinte forma:

«1. Nos casos de aplicación da regra de pro rata xeral, só será deducible o imposto soportado en cada período de liquidación na porcentaxe que resulte do disposto no número 2 seguinte.

Para a aplicación do disposto no parágrafo anterior, non se computarán no imposto soportado as cotas que non sexan deducibles, en virtude do disposto nos artigos 29 e 30 desta lei.

2. A porcentaxe de deducción a que se refire o número anterior determinarase multiplicando por 100 o resultante dunha fracción na que figuren:

1.º No numerador, o importe total, determinado para cada ano natural, das entregas de bens e prestacións de servicios que orixinen o dereito á deducción, realizadas polo suxeito pasivo no desenvolvemento da súa actividade empresarial ou profesional ou, se é o caso, no sector diferenciado que corresponda.

2.º No denominador, o importe total, determinado para o mesmo período de tempo, das entregas de bens e prestacións de servicios realizadas polo suxeito pasivo no desenvolvemento da súa actividade empresarial ou profesional ou, se é o caso, no sector diferenciado que corresponda, incluídas aquelas que non orixinen o dereito a deducir, incrementado no importe total das subvencións que, consonte o disposto no artigo 22, número 2, letra b) desta lei, non integren a base imponible, sempre que aquelas se destinen a financiar actividades empresariais ou profesionais do suxeito pasivo.

Son operacións que non orixinan o dereito a deducir, para efectos da súa inclusión no denominador da pro rata, as operacións relacionadas no artigo 10.1 desta lei realizadas polo suxeito pasivo dentro ou fóra de Canarias, coa salvidade prevista no artigo 29.4.1.ºe) dela, así como as operacións non suxeitas a que se refiren os números 8.º, 9.º e 10.º do artigo 9 da presente lei.

As subvencións incluíranse no denominador da pro rata no exercicio en que se perciban efectivamente, salvo as de capital, que se imputarán na forma que se indica no parágrafo seguinte. Non se incluírán as citadas subvencións na medida en que estean relacionadas coas operacións exentas ou non suxeitas que orixinen o dereito á deducción.

As subvencións de capital incluíranse no denominador da pro rata, se ben poderán imputarse por quintas partes no exercicio no que se percibisen e nos catro seguintes. Non obstante, as subvencións de capital concedidas para financia-la compra de determinados bens ou servicios, adquiridos en virtude de operacións suxeitas e non exentas do imposto, minorarán exclusivamente o importe da

deducción das cotas soportadas ou satisfeitas polas ditas operacións, na mesma medida en que contribúsen ó seu financiamento.

Para efectos do disposto nos parágrafos anteriores deste punto 2.º, non se tomarán en conta as seguintes subvencións que non integren a base imponible do imposto de acordo co disposto no artigo 22 desta lei:

a) As percibidas polos centros especiais de emprego regulados pola Lei 13/1982, do 7 de abril, cando cumpran os requisitos establecidos no punto 2 do seu artigo 43.

b) As dirixidas a permiti-lo abastecemento de produtos comunitarios ou dispoñibles no mercado da CE, previsto no programa de opcións específicas polo afastamento e insularidade das illas Canarias.

c) As concedidas coa finalidade de financiar gastos de realización de actividades de investigación, desenvolvemento ou innovación tecnolóxica. Para estes efectos consideraranse como tales actividades e gastos de realización destas os definidos no artigo 33 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

Nas operacións de cesión de divisas, billetes de banco e moedas que sexan medios legais de pagamento, exentas do imposto, o importe que se computará no denominador será o da contraprestación da revenda dos ditos medios de pagamento, incrementado, se é o caso, no das comisións percibidas e minorado no prezo de adquisición delas ou, se este non puidese determinarse, no prezo doutras divisas, billetes ou moedas da mesma natureza adquiridas en igual data.

Nas operacións de cesión de obrigas de pagamento e valores non integrados na carteira das entidades financeiras, o importe que se computará no denominador será o da contraprestación da revenda dos ditos efectos incrementado, se é o caso, no dos xuros e comisións esixibles e minorado no prezo de adquisición deles.

Tratándose de valores integrados na carteira das entidades financeiras deberán computarse no denominador da pro rata os xuros esixibles durante o período de tempo que corresponda e, nos casos de transmisión dos referidos valores, as plusvalías obtidas.

A pro rata de deducción resultante da aplicación dos criterios anteriores redondearase na unidade superior.

3. Para a determinación da dita porcentaxe non se computará en ningún dos termos da relación:

1.º As operacións realizadas desde establecementos situados fóra das illas Canarias.

2.º As cotas do imposto xeral indirecto canario que gravasen directamente as operacións a que se refire o número 2 anterior.

3.º O importe das entregas daqueles bens de investimento que os suxeitos pasivos utilizasen na súa actividade empresarial ou profesional.

4.º O importe das operacións inmobiliarias ou financeiras que non constitúan actividade empresarial ou profesional típica do suxeito pasivo.

Terán a consideración de operacións financeiras para estes efectos as descritas no número 1, punto 18, do artigo 10 desta lei.

5.º As importacións e as adquisicións de bens ou servicios.

4. Para os efectos do cálculo da pro rata entenderase por importe total de operacións a suma das contraprestacións correspondentes a elas, determinadas segundo o establecido nos artigos 22 e 23 desta lei, mesmo respecto das operacións exentas do imposto.

Tratándose de envíos de bens con carácter definitivo á península, illas Balears, Ceuta, Melilla, calquera outro Estado membro da CE ou ben de exportacións definitivas non comprendidas no artigo 11 desta lei, tomarase como importe da operación, o valor no interior das illas Canarias dos produtos exportados, determinado consonte o establecido no número 1 do artigo 23 desta lei.

5. Nas operacións non suxeitas integrais no denominador da pro rata entenderase por importe total de operacións:

- a) Nas operacións previstas no número 8.º do artigo 9 desta lei, o valor de mercado delas.
- b) Nas operacións previstas no número 9.º do artigo 9 desta lei, o seu custo orzamentario.
- c) Nas operacións previstas no número 10.º do artigo 9 desta lei, o valor asignado para efectos do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

6. Nos supostos de execución de obras con achega de materiais, realizadas fóra das illas Canarias, tomarase como importe da operación o valor no interior das illas Canarias, dos materiais enviados con carácter definitivo á península, illas Balears, Ceuta, Melilla, calquera outro Estado membro da CE ou ben exportados a terceiros países, determinado consonte o disposto no número 1 do artigo 23 desta lei.

7. Para efectuar a imputación temporal serán de aplicación, respecto da totalidade de operacións incluídas nos números anteriores, as normas sobre o devengo do imposto establecidas nesta lei.

Non obstante, as entregas de bens con destino á península, illas Balears, Ceuta, Melilla, calquera outro Estado membro da CE ou ben á exportación, exentos do imposto en virtude do establecido no artigo 11 desta lei, e os demais envíos ou exportacións definitivos de bens entenderanse realizados, para estes efectos, no momento en que sexa admitido polo organismo competente a correspondente solicitude de saída.»

Dezaseis. Modifícase o número 9 do artigo 40, que quedará redactado como segue:

«9. Non terán a consideración de bens de investimento:

- 1.º Os accesorios e pezas de recambio adquiridos para a reparación dos bens de investimento utilizados polo suxeito pasivo.
- 2.º As execucións de obra para a reparación doutros bens de investimento.
- 3.º Os envases e embalaxes, aínda que sexan susceptibles de reutilización.
- 4.º As roupas utilizadas para o traballo polos suxeitos pasivos ou o persoal dependente.
- 5.º Os bens excluídos do dereito á deducción conforme dispón o número 1 do artigo 30 desta lei.
- 6.º Calquera outro ben cun valor de adquisición que sexa inferior a cincocentas mil pesetas.»

Dezasete. O artigo 43 quedará redactado na seguinte forma:

«Artigo 43. *Deduccións das cotas soportadas ou satisfeitas con anterioridade ó inicio da realización de entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a actividades empresariais ou profesionais.*

1. Os que non viñesen desenvolvendo con anterioridade actividades empresariais ou profesionais e adquiran a condición de empresario ou profesional por efectuar adquisicións ou importacións de bens ou servizos coa intención, confirmada por elementos obxectivos, de destinalos á realización de actividades de tal natureza, poderán deducir as cotas que, con ocasión das ditas operacións, sopor ten ou satisfagan antes do momento en que inicien a realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes ás ditas actividades, de acordo co disposto neste artigo e no artigo 43 bis seguinte.

O disposto no parágrafo anterior será igualmente aplicable ós que, tendo xa a condición de empresario ou profesional por viren realizando actividades de tal natureza, inicien unha nova actividade empresarial ou profesional que constitúa un sector diferenciado respecto das actividades que viñan desenvolvendo con anterioridade.

2. As deduccións ás que se refire o punto anterior practícaranse aplicando a porcentaxe que propoña o empresario ou profesional á Consellería de Facenda do Goberno Autónomo de Canarias, salvo no caso de que esta última fixe un diferente en atención ás características das correspondentes actividades empresariais ou profesionais.

Tales deduccións consideraranse provisionais e estarán sometidas ás regularizacións previstas no artigo 43 bis desta lei.

3. Os empresarios ou profesionais poderán solicitar a devolución das cotas que sexan deducibles en virtude do establecido no presente artigo, consonte o disposto no artigo 45 desta lei.

4. Os empresarios que, en virtude do establecido nesta lei, deban quedar sometidos ó réxime especial dos comerciantes retallistas desde o inicio da súa actividade comercial, non poderán efectuar as deduccións a que se refire este artigo en relación coas actividades incluídas no dito réxime.

5. Os empresarios ou profesionais que practicasen as deduccións a que se refire este artigo non poderán acollerse ó réxime especial da agricultura e gandería polas actividades nas que utilicen os bens e servizos pola adquisición dos cales sopor tasen ou satisfixesen as cotas obxecto de deducción ata que finalice o terceiro ano natural de realización das entregas de bens ou prestacións de servizos efectuadas no desenvolvemento das ditas actividades.

A aplicación do disposto no parágrafo anterior terá os mesmos efectos cá renuncia ó citado réxime especial.

6. Para efectos do disposto neste artigo e no artigo 43 bis desta lei, consideraranse primeiro ano de realización de entregas de bens ou prestacións de servizos no desenvolvemento de actividades empresariais ou profesionais, aquel durante o cal o empresario ou profesional comece o exercicio habitual das ditas operacións, sempre que o inicio delas teña lugar antes do día 1 de xullo e, noutro caso, o ano seguinte.

7. As deduccións provisionais a que se refire este artigo regularizaranse aplicando a porcentaxe definitiva que globalmente corresponda ó período

dos catro primeiros anos naturais de realización de entregas de bens ou prestacións de servizos efectuadas no exercicio de actividades empresariais ou profesionais.

8. A porcentaxe definitiva a que se refire o número anterior determinarase segundo o disposto no artigo 37 desta lei, computando para o efecto o conxunto das operacións realizadas durante o período a que se refire o número 6 deste artigo, así como o importe das subvencións a que se refire o punto 2.º do número 2 do artigo 37 percibidas durante o dito período e con anterioridade a el.

9. A regularización das deducións a que se refire este artigo realizarase do seguinte modo:

1.º Coñecida a porcentaxe de dedución definitivamente aplicable ás cotas soportadas ou satisfeitas con anterioridade ó inicio da realización das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes á actividade empresarial ou profesional, determinarase o importe da dedución que procedería en aplicación da mencionada porcentaxe.

2.º Este importe restarase da suma total das deducións provisionais practicadas conforme o disposto neste artigo.

3.º A diferenza, positiva ou negativa, será a contía do ingreso ou da dedución complementaria que se efectuará.»

Dezaoto. O artigo 43 bis quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 43 bis. *Regularización das cotas correspondentes a bens de investimento soportadas con anterioridade ó inicio da realización das entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a actividades empresariais ou profesionais.*

1. As deducións provisionais a que se refire o artigo 43 desta lei correspondentes a cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de bens de investimento, unha vez regularizadas consonte o disposto no dito artigo, deberán ser obxecto da regularización prevista no artigo 40 desta mesma lei durante os anos do período de regularización que queden por transcorrer.

2. Para a práctica das regularizacións previstas neste artigo, considerarase dedución efectuada o ano en que tivo lugar a repercusión para efectos do disposto no artigo 41, punto 2.º desta lei, a que resulte da porcentaxe de dedución definitivamente aplicable en virtude do establecido no número 7 do artigo 43 da dita lei.

3. Cando os bens de investimento a que se refire este artigo sexan obxecto de entrega antes da terminación do período de regularización a que se refire este, aplicaranse as regras do artigo 42 desta lei, sen prexuízo do previsto no seu artigo 43 e nos números anteriores deste artigo.»

Dezanove. Modifícase o anexo II, que quedará redactado como segue:

«ANEXO II

O tipo impositivo incrementado do 13 por 100 do imposto xeral indirecto canario aplicarase ás seguintes operacións:

1. Entregas ou importacións dos bens que se indican a continuación:

1.º Cigarros puros con prezo superior a 200 pesetas unidade. Os demais cigarros puros tributan ó tipo xeral.

2.º As augardentes compostas, os licores, os aperitivos sen viño base e as demais bebidas derivadas de alcohois naturais, conforme as definicións do Estatuto da viña, do viño e dos alcohois e regulamentacións complementarias e, así mesmo, os extractos e concentrados alcohólicos aptos para a elaboración de bebidas derivadas.

3.º Os vehículos accionados a motor con potencia superior a 11 CV fiscais, excepto:

a) Os camións, motocarros, furgonetas e demais vehículos que, pola súa configuración obxectiva, non poidan destinarse a outra finalidade que o transporte de mercadorías.

b) Os autobuses, microbuses e demais vehículos aptos para o transporte colectivo de viaxeiros que:

Teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do conductor, ou

Calquera que sexa a súa capacidade, teñan unha altura sobre o chan superior a 1800 milímetros, salvo que se trate de vehículos tipo "jeep" ou todoterreo.

c) Os furgóns e furgonetas de uso múltiple, cunha altura total sobre o chan que sexa superior a 1800 milímetros e non sexan vehículos tipo "jeep" ou todoterreo.

d) Os vehículos automóbiles considerados como taxis, autotaxis ou autoturismos pola lexislación vixente.

e) Os que, obxectivamente considerados, sexan de exclusiva aplicación industrial, comercial, agraria, clínica ou científica, sempre que os seus modelos de serie ou os vehículos individualmente fosen debidamente homologados pola Administración tributaria Canaria. Para estes efectos, considerarase que teñen exclusivamente algunha destas aplicacións os furgóns e furgonetas de uso múltiple de calquera altura sempre que dispoñan unicamente de dous asentos para o conductor e o axudante, en ningún caso posúan asentos adicionais e o espazo destinado á carga non goce de visibilidade lateral e sexa superior ó 50 por 100 do volume interior.

f) Os vehículos adquiridos por minusválidos, non recollidos no anexo I, para o seu uso exclusivo sempre que concorran os seguintes requisitos:

Que transcorresen alomenos catro anos desde a adquisición doutro vehículo en análogas condicións.

Non obstante, este requisito non se esixirá en supostos de sinistro total dos vehículos, certificado pola compañía aseguradora.

Que non sexan obxecto dunha transmisión posterior por actos "inter vivos" durante o prazo de catro anos seguintes á data da súa adquisición.

O incumprimento deste requisito determinará a obriga, a cargo do beneficiario, de ingresar á Facenda Pública a diferenza entre a cota que debese soportar por aplicación do tipo incrementado e a efectivamente soportada ó efectuar a adquisición do vehículo.

A aplicación do tipo impositivo xeral requirirá o previo recoñecemento do dereito do adquirente na forma que se determine regulamentariamente, logo de certificación da invalidez polo Instituto Nacional de Servizos Sociais.

4.º Remolques para vehículos de turismo.

5.º Embarcacións e buques de recreo ou deportes náuticos que teñan máis de nove metros de eslora en cuberta, excepto as embarcacións olímpicas.

6.º Avións, avionetas e demais aeronaves, provistas de motor mecánico, excepto:

a) As aeronaves que, polas súas características técnicas, só poidan destinarse a traballos agrícolas ou forestais ou ó traslado de enfermos ou feridos.

b) As aeronaves cun peso máximo no despegamento que non exceda de 1550 quilogramos, segundo certificado expedido pola Dirección Xeral de Aviación Civil.

c) As adquiridas por escolas recoñecidas oficialmente pola Dirección Xeral de Aviación Civil e destinadas exclusivamente á educación e formación aeronáutica de pilotos ou á súa reciclaxe profesional.

d) As adquiridas polo Estado, comunidades autónomas, corporacións locais ou por empresas ou organismos públicos.

e) As adquiridas por empresas de navegación aérea, mesmo en virtude de contratos de arrendamento financeiro.

f) As adquiridas por empresas para seren cedidas en arrendamento financeiro exclusivamente a empresas de navegación aérea.

7.º Escopetas, mesmo as de aire comprimido, e as demais armas longas de fogo, a contraprestación por unidade das cales sexa igual ou superior a 45.000 pesetas (270,46 euros).

8.º Cartuchería para escopetas de caza e, en xeral, para as demais armas enumeradas no punto anterior, cando a súa contraprestación por unidade sexa superior a 17 pesetas (0,10 euros).

9.º Xoias, alfaias, pedras preciosas e semipreciosas, perlas naturais, cultivadas e de imitación, obxectos elaborados total ou parcialmente con ouro, prata ou platino, as moedas conmemorativas de curso legal, os damasquinados e a bixutería.

Non se inclúen no parágrafo anterior:

a) Os obxectos de exclusiva aplicación industrial, clínica ou científica.

b) Os lingotes non preparados para a súa venda ó público, chapas, láminas, varetas, chatarra, bandas, po e tubos que conteñan ouro ou platino, sempre que todos eles sexan adquiridos por fabricantes, artesáns ou protésicos para a súa transformación ou por comerciantes maioristas dos ditos metais para a súa venda exclusiva a fabricantes, artesáns ou protésicos.

c) As partes de produtos ou artigos manufacturados incompletos que se transfiran entre fabricantes para a súa transformación ou elaboración posterior.

Para efectos deste imposto considéranse pedras preciosas, exclusivamente, o diamante, o rubí, o zafiro, a esmeralda, a augamariña, o ópalo e a turquesa.

10.º Reloxos de peto, de pulseira, de sobre-mesa, de pé, de parede, etc., dos que a contraprestación por unidade sexa igual ou superior a 20.000 pesetas (120,20 euros).

11.º Toda clase de artigos de vidro, cristal, louza, cerámica e porcelana que teñan finalidade artística ou de adorno cunha contraprestación por unidade igual ou superior a 10.000 pesetas (60,10 euros).

12.º Alfombras de nó feitas á man en lá e as de pel.

13.º Roupas de vestir ou de adorno persoal confeccionadas con peles. Non se inclúen neste punto

os bolsos, carteiras e obxectos similares nin as pezas confeccionadas exclusivamente con retallos ou desperdicios.

14.º Perfumes e extractos.

15.º Producción, distribución e cesión de dereitos das películas cinematográficas para seren exhibidas nas salas "X", así como a súa exhibición.

2. As prestacións de servizos seguintes:

1.º O arrendamento dos vehículos accionados a motor, mesmo os de potencia igual ou inferior a 11 CV fiscais. Non obstante, non se inclúe neste punto o arrendamento dos vehículos relacionados nas letras a), b), c) e e) do punto 1.3.º anterior, calquera que sexa a súa potencia fiscal.

2.º O arrendamento dos demais bens relacionados no número 1 anterior a entrega ou importación dos cales tributen ó tipo incrementado regulado neste anexo.»

Vinte. Dáse a seguinte redacción ó número 3 do artigo 54:

«3. Estarán exentos do imposto os servizos prestados polas axencias de viaxes cando as entregas de bens ou prestacións de servizos, adquiridos en beneficio do viaxeiro e utilizados para realiza-la viaxe, se efectúen fóra das illas Canarias.

No caso de que as mencionadas entregas de bens ou prestacións de servizos se realicen só parcialmente no territorio canario, unicamente gozará de exención a parte da prestación de servizos da axencia correspondente ás efectuadas fóra de Canarias.»

Vinteún. Modifícase o número 3 do artigo 58 bis, que quedará redactado do seguinte teor:

«3. Sen prexuízo do disposto na disposición adicional oitava.tres da presente lei, os tipos da recarga serán os seguintes:

1.º Para as importacións de bens sometidas ó tipo do 2 por 100 no imposto xeral indirecto canario, o 0,20 por 100.

2.º Para as importacións de bens sometidas ó tipo do 5 por 100 no imposto xeral indirecto canario, o 0,5 por 100.

3.º Para as importacións de bens sometidas ó tipo do 9 por 100 no imposto xeral indirecto canario, o 0,9 por 100.

4.º Para as importacións de bens sometidas ó tipo do 13 por 100 no imposto xeral indirecto canario, o 1,3 por 100.»

Vintedous. Dáse nova redacción á letra e) do número 1 do artigo 59, que quedará redactado como segue:

«e) Presentar periodicamente ou por requirimento da Comunidade Autónoma de Canarias información relativa ás operacións económicas con terceiras persoas.»

Vintetrés. Modifícase a disposición adicional oitava, que quedará redactada do seguinte modo:

«Oitava. Un. Os tipos do imposto xeral indirecto canario quedan fixados da seguinte forma:

1. O tipo cero aplicarase ás entregas de bens e prestacións de servizos mencionadas no artigo 27.1.1.º

2. O tipo reducido será do 2 por 100.

3. O tipo xeral será do 5 por 100.

4. Os tipos incrementados fíxanse no 9 por 100 e no 13 por 100.

Dous. Establécense os seguintes tipos especiais aplicables ás entregas e importacións dos elaborados do tabaco:

- a) Para elaborados de tabaco negro: 20 por 100.
- b) Para elaborados de tabaco rubio e sucedáneos do tabaco: 35 por 1000.

Tres. Os tipos especiais de recarga sobre as importacións de elaborados de tabaco efectuadas por comerciantes retalistas no marco do réxime especial de comerciantes retalistas do imposto xeral indirecto canario serán os seguintes:

- a) Importacións de elaborados de tabaco negro: 2 por 100.
- b) Importacións de elaborados de tabaco rubio e sucedáneos do tabaco: 3,5 por 100.

Catro. As leis de orzamentos xerais do Estado poderán modifica-los tipos de gravame do imposto xeral indirecto canario regulados no punto un anterior dentro dos límites previstos no artigo 27 desta lei e os tipos de recarga do réxime especial de comerciantes retalistas.

Tales modificacións efectuaranse, se é o caso, por iniciativa da Comunidade Autónoma de Canarias, que deberá oír previamente os cabidos insulares.»

Vintecatros. Engádese unha disposición adicional, a décimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta.

Desde o día 1 de xaneiro de 2001 ata a desaparición do arbitrio sobre a produción e a importación nas illas Canarias, será aplicable neste tributo o tipo cero na importación dos bens que no imposto xeral indirecto canario están gravados na súa importación ou entrega ó tipo impositivo incrementado do 9 por 100.»

Vintecinco. O punto 13 do número 1 do anexo I queda sen contido.

Vinteseis. Créase un novo anexo, o I bis, que terá a seguinte redacción:

«ANEXO I bis

O tipo impositivo incrementado do 9 por 100 aplicarase ás entregas ou importacións dos bens que se indican a continuación:

a) Os vehículos accionados con motor con potencia igual ou inferior a 11 CV fiscais, excepto:

a') Os vehículos incluídos nos puntos 4.º e 5.º do número 1 do anexo I da presente lei.

b') Os vehículos de dúas e tres rodas cunha cilindrada inferior a 50 centímetros cúbicos e que cumpran a definición xurídica de ciclomotor.

c') Os vehículos exceptuados da aplicación do tipo incrementado do 13 por 100 contidos no punto 3.º do número 1 do anexo II da presente lei.

b) Embarcacións e buques na entrega ou importación dos cales non sexa aplicable o tipo incrementado do 13 por 100, excepto as embarcacións olímpicas. En todo caso tributarán ó tipo incrementado do 9 por 100 as motos acuáticas.

c) Avións, avionetas e demais aeronaves na entrega ou importación das cales non sexa aplicable o tipo incrementado do 13 por 100.»

Segundo. Modificación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.

Un. Dáse nova redacción ó artigo 24, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 24. *Imposición dos servicios de telecomunicación.*

Estarán exentos do imposto xeral indirecto canario os servicios de telecomunicación, excepto os servicios de difusión. Sen prexuízo do disposto no número 4 do artigo 29 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, serán deducibles as cotas soportadas e a carga impositiva implícita soportada na adquisición ou importación de bens ou servicios na medida en que estes se utilicen na realización dos servicios de telecomunicación exentos.

Para os efectos do disposto neste artigo, son servicios de telecomunicación os definidos no punto 4.º do número 2 do artigo 17 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, e servicios de difusión os servicios de telecomunicación nos que a comunicación se realiza nun só sentido a varios puntos de recepción simultaneamente. En todo caso terán a consideración de servicios de difusión a televisión e a radiodifusión sonora.»

Dous. Incorpórase ó artigo 25 un novo punto, o 3, modifícanse os actuais puntos 3 e 4, que pasan a se-lo 4 e o 5 respectivamente, e engádese un novo punto 6, nos seguintes termos:

«3. Os bens de investimento adquiridos ou importados deberán entrar inmediatamente en funcionamento salvo que se trate de terreos adquiridos para a súa edificación, de bens para a posta en funcionamento dos cales sexa necesaria a ultimación da súa instalación ou montaxe, ou de bens que vaian ser utilizados en actividades empresariais ou profesionais o desenvolvemento das cales esixa autorización administrativa. As actividades de edificación, de instalación ou montaxe, ou de consecución dos permisos administrativos e proxectos técnicos previos que fosen, se é o caso, necesarios para a edificación ou desenvolvemento das actividades empresariais ou profesionais deberán ser acometidos inmediatamente, sen que exista descontinuidade entre as diferentes actuacións.

4. As sociedades adquirentes ou importadoras de bens de investimento deberán manter como mínimo o seu domicilio fiscal ou o seu establecemento permanente nas illas Canarias durante un prazo de cinco anos contados desde a data do inicio da utilización efectiva ou entrada en funcionamento dos bens de investimento, e estes deberán permanecer en explotación en Canarias durante un prazo mínimo de cinco anos, ou a súa vida útil se fose inferior, contados desde a data do inicio da súa utilización efectiva ou entrada en funcionamento.

O incumprimento dos requisitos previstos no parágrafo anterior determinará a improcedencia das exencións previstas no presente artigo, con ingreso do gravame que correspondese e os seus correspondentes xuros de demora, computándose o prazo de prescrición desde a data en que se produza o incumprimento de tales requisitos.

5. As exencións previstas neste artigo aplicaranse igualmente ós establecementos permanentes, tanto se pertencen a sociedades domiciliadas en España como a sociedades non residentes.

6. As sociedades adquirentes ou importadoras, así como os empresarios transmitentes que estean establecidos en Canarias, deberán presentar anualmente unha declaración na que se especificarán o número e o importe total das operacións exentas do imposto xeral indirecto canario conforme as previsións deste artigo, realizadas no ano natural, na forma e prazos que se establezan regulamentariamente.»

CAPÍTULO III

Taxas

Artigo 9. *Modificación da Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro do ano 2001, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 16/1979, do 2 de outubro, sobre taxas da Xefatura Central de Tráfico.

Un. Modifícase o artigo 5, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 5. *Exencións e bonificacións.*

1. Están exentos do pagamento da taxa:

a) Os membros, incluíndo o persoal técnico-administrativo, das misións diplomáticas, das oficinas consulares e das organizacións internacionais con sede ou oficina en España, así como os seus ascendentes, descendentes e cónxuxes, que soliciten a obtención do permiso de condución español nas condicións establecidas no artigo 31 do Regulamento xeral de conductores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. A exención será igualmente aplicable cando soliciten os permisos de circulación que procedan conforme o grupo I do artigo 6 da presente lei, nos casos en que sexa procedente a utilización das placas de matrícula recollidas no anexo XVIII, punto I.B. letra a) do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

b) Os maiores de 70 anos que soliciten a prórroga da vixencia do permiso ou outra autorización administrativa para conducir de que sexan titulares.

c) Os que obteñan autorización para o cambio de matrícula dun vehículo de motor por razóns, exclusivamente, de seguridade persoal, nos termos que regulamentariamente se determinen.

d) Os que soliciten duplicados das autorizacións administrativas para circular ou conducir, por cambio de domicilio, ou por subtracción delas.

e) Os que soliciten a baixa definitiva do vehículo.

f) Os que soliciten a baixa temporal do vehículo por subtracción e a posterior cancelación por aparición del.

g) A Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social, cando soliciten anotacións e cancelacións de embargos e precintos no Rexistro de Vehículos, así como o Consorcio de Compensación de Seguros cando solicite datos do dito rexistro.

2. Aqueles que por razón das súas aptitudes psicofísicas veñan obrigados a solicita-la prórroga da vixencia do permiso ou outra autorización administrativa para conducir da que sexan titulares por período igual ou inferior a dous anos, terán unha

redución do 50 por 100 do importe da taxa esixible. Unha vez calculado o importe reducido, aplícaráselle o redondeo de cantidades aprobado con carácter xeral para as taxas da Xefatura Central de Tráfico co fin de obter-la contía que se esixa.»

Dous. Dáse nova redacción ó artigo 6 que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 6. *Cota tributaria.*

As taxas esixiranse consonte as seguintes tarifas:

| | Pesetas | Euros |
|---|---------|-------|
| Grupo I. Permisos de circulación: | | |
| 1. Expedición de permiso de circulación de calquera tipo de vehículo que deba ser matriculado (incluídos diplomático, consular e matrícula turística) | 10.250 | 61,60 |
| 2. Expedición de licencias de circulación de ciclomotores. | 2.575 | 15,48 |
| 3. Outorgamento e modificación de autorizacións especiais de circulación prevista no artigo 14 do Regulamento xeral de vehículos: | | |
| 1. Outorgamento da autorización | 3.500 | 21,04 |
| 2. Modificación da autorización | 800 | 4,81 |
| 4. Permisos e autorizacións de carácter temporal para traslados e probas de vehículos e autorizacións especiais en razón do vehículo ou utilización da estrada | 2.575 | 15,48 |
| 5. Cambios de titularidade dos permisos de circulación por transferencia de vehículos .. | 6.425 | 38,62 |
| 6. Cambios de titularidade das licencias de circulación por transferencia de ciclomotores | 1.100 | 6,61 |
| Grupo II. Permisos para condución: | | |
| 1. Probas de aptitude para a expedición de permisos e outras autorizacións para conducir | 11.550 | 69,42 |
| 2. Cando as probas de aptitude se realicen fóra da capital da provincia | 12.825 | 77,08 |
| 3. Trocos de permisos de condución por outros estranxeiros ou expedidos por autoridades militares | 2.575 | 15,48 |
| 4. Licencias de condución. Permisos e outras autorizacións e habilitacións administrativas para conducir cando só sexa necesario realizar probas de aptitude teóricas para a súa obtención .. | 2.575 | 15,48 |

| | Pesetas | Euros |
|---|---------|--------|
| Grupo III. Centros de formación e de recoñecemento de condutores: | | |
| 1. Autorización de apertura e funcionamento ou inscrición de escolas particulares de condutores ou seccións delas, doutros centros de formación, ou de centros de recoñecemento de condutores | 44.850 | 269,55 |
| 2. Modificación da autorización de funcionamento por alteración dos elementos persoais ou materiais das escolas particulares de condutores ou seccións delas, doutros centros de formación, ou de centros de recoñecemento de condutores. | | |
| a) Sen inspección | 3.875 | 23,29 |
| b) Con inspección | 11.525 | 69,27 |
| 3. Expedición de certificados de aptitude para directores e profesores de escolas particulares de condutores e outras titulacións a expedición das cales estea atribuída á Dirección Xeral de Tráfico, así como duplicados deles | 12.800 | 76,93 |
| Grupo IV. Outras tarifas: | | |
| 1. Anotacións de calquera clase nos expedientes, subministración de datos, certificacións, cotexos, copias auténticas cando non proceda a expedición de duplicado e desagregación de documentos | 1.050 | 6,31 |
| 2. Inspección practicada en virtude de precepto regulamentario (cun máximo de dous ó ano) | 10.250 | 61,60 |
| 3. Selado de calquera tipo de placas | 650 | 3,91 |
| 4. Duplicados de permisos, autorizacións por extravío, deterioración, prórroga de vixencia ou calquera modificación daqueles | 2.600 | 15,63 |
| 4 bis. Duplicados de licencias de conducción e de circulación de ciclomotores por extravío, deterioración, prórroga de vixencia ou calquera modificación daqueles | 1.100 | 6,61 |
| 5. Utilización de placas facilitadas pola Administración | 1.300 | 7,81 |
| 6. Selado dos libros talonarios para vehículos que circulen con permiso para probas ... | 1.300 | 7,81 |

| | Pesetas | Euros |
|---|---------|--------|
| 7. Outras licencias ou permisos outorgados polo organismo. | 1.300 | 7,81 |
| 8. Anotación do resultado da inspección técnica de vehículos no Rexistro de Vehículos da Xefatura Central de Tráfico, nos casos en que exista obriga regulamentaria de realiza-la citada inspección | 350 | 2,10.» |

Artigo 10. *Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro do ano 2001, dáse nova redacción á letra b) do número tres e ó número sete do artigo 33 da Lei 13/1996, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

«b) Na taxa de acreditación catastral, a expedición pola Dirección Xeral do Catastro ou polas xerencias territoriais, e por instancia de parte, de certificacións ou calquera outro documento no que figuren datos físicos, xurídicos ou económicos que consten nos catastros inmobiliarios rústicos e urbanos, relativos a bens situados no ámbito territorial da taxa.

A entrega e utilización de información catastral gráfica e alfanumérica estarán suxeitas á lexislación sobre a propiedade intelectual. Os dereitos de autor corresponderán, en todo caso, á Administración xeral do Estado.

De conformidade co establecido nos artigos 4.3 e 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o dereito de acceso á información catastral poderá ser denegado de forma motivada pola Dirección Xeral do Catastro cando o seu exercicio poida causar un prexuízo grave ós seus intereses ou ó cumprimento das súas propias funcións ou afecta-la eficacia do funcionamento do servizo público.»

«Sete. A contía da taxa determinarase:

a) Para os casos de inscrición catastral, a contía será do 500 pesetas (3,00 euros) por cada unha das parcelas rústicas e de 1000 pesetas (6,01 euros) por cada unha das unidades urbanas que, en cada caso, orixinen o feito imponible, excepto para os cambios de cultivo ou aproveitamento nos bens inmobles de natureza rústica, que será de 500 pesetas (3,00 euros) por cada unha das subparcelas rústicas que orixinen o dito feito imponible.

b) Para os casos de acreditación catastral, pola suma, se é o caso, das seguintes cantidades:

500 pesetas (3,00 euros) por cada documento expedido.

500 pesetas (3,00 euros) por cada unha das unidades urbanas ou parcelas rústicas a que se refira o documento, con independencia, neste último caso, do número de subparcelas das que se solicite acreditación.

Non obstante, para os documentos que especificamente se relacionan, que se subministrarán

nos formatos e soportes dispoñibles na Dirección Xeral do Catastro, as contías da taxa serán as seguintes:

Copia de ortofotografías en papel fotográfico ou diapositiva: 5.000 pesetas/unidade (30,05 euros).

Copia de ortofotografías en papel opaco: 2000 pesetas/unidade (12,02 euros).

Copia de fotografía aérea en positivo por contacto: 1500 pesetas/unidade (9,01 euros).

Copia de fotografía aérea en papel opaco: 1000 pesetas/unidade (6,01 euros).

Copia de cartografía en papel opaco DIN A-3 ou DIN A-4: 1000 pesetas/unidade (6,01 euros).

Copia de cartografía en papel opaco en tamaño superior a DIN A-3: 2000 pesetas/unidade (12,02 euros).

Copia de cartografía en papel reproducíbel: 5.000 pesetas/unidade (30,05 euros).

Copia de cartografía dixitalizada urbana: 500 pesetas/hectárea (3,00 euros).

Copia de cartografía dixitalizada rústica: 20 pesetas/hectárea (0,12 euros).

Información alfanumérica dixital urbana e rústica: 10 pesetas rexistro (0,06 euros).

Expedición de copias de información non gráfica de expedientes: 50 pesetas/folla (0,30 euros).

Copia de ortofotografías en soporte dixital: 5.000 pesetas/unidade (30,05 euros).

Nas certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou unha parcela rústica, a contía será de 2000 pesetas (12,02 euros) por documento expedido.

Nas certificacións catastrais que incorporen datos cunha antigüidade superior a cinco anos, a contía da taxa incrementárase en 5.000 pesetas (30,05 euros) por cada documento expedido.

c) Nos casos en que a Dirección Xeral do Catastro autorice o suxeito pasivo a transformala información catastral subministrada e distribuír posteriormente o resultado da dita transformación, nos termos previstos no artigo 21 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, a contía da taxa por cada copia que se pretenda distribuír será a seguinte:

Cartografía catastral dixitalizada urbana: 50 pesetas/hectárea (0,30 euros).

Cartografía catastral dixitalizada rústica: 5 pesetas/hectárea (0,03 euros).

Na petición que formule o suxeito pasivo deberá constalo número de copias do produto transformado que se pretende distribuír.»

Artigo 11. *Nova regulación da taxa de aterraxe.*

A taxa de aterraxe, regulada polo Real decreto 1064/1991, do 5 de xullo, sobre dereitos aeroportuarios nos aeroportos nacionais e Real decreto 1268/1994, do 10 de xuño, polo que se actualizan os tipos de gravame e se modifica parcialmente o Real decreto 1064/1991, do 5 de xullo, será esixible a partir do 1 de xaneiro do ano 2001 nos seguintes termos:

«1. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa de aterraxe a utilización das pistas dos aeroportos civís e de utilización conxunta, e das bases aéreas abertas ó tráfico civil, polas aeronaves, e a prestación, por parte da entidade pública empresarial Aeroportos

Españóis e Navegación Aérea dos servizos precisos para a dita utilización, distintos da asistencia en terra ás aeronaves, pasaxeiros e mercadorías.

2. Devengo.

A taxa de aterraxe devengarase cando se produza a utilización das pistas, e se inicie a prestación dos servizos a que se refire esta, e liquidarase, alomenos, mensualmente, sen prexuízo do disposto no parágrafo seguinte.

En función do número de operacións de voo previstas e do cumprimento das súas obrigas en materia de taxas aeroportuarias, de conformidade co disposto nos artigos 15.1.a) e 22.3 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, poderase esixir ós suxeitos pasivos a formalización dun depósito previo correspondente ó importe das operacións previstas desde a data do primeiro voo de cada mes ata a finalización do período voluntario de pagamento da liquidación que comprende o dito voo.

3. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos da taxa de aterraxe as compañías aéreas e as restantes persoas físicas, xurídicas ou entidades que utilicen as pistas ou perciban os servizos que constitúen o feito imponible de tal taxa.

2. Sen prexuízo do previsto na Lei xeral tributaria en materia de responsabilidade e garantías da débeda tributaria responderán solidariamente das taxas as entidades ou sociedades aseguradoras de riscos que motiven actuacións ou servizos administrativos que constitúan o feito imponible da taxa.

4. Exencións.

Estarán exentas desta taxa as aeronaves de Estado españolas, as aeronaves que presten servizo para as comunidades autónomas e outras corporacións locais, sempre e cando realicen servizos públicos non comerciais, e as aeronaves de Estado estranxeiras, no caso de que os estados a que pertencen concedan análoga exención ás aeronaves de Estado españolas.

5. Base imponible.

A base imponible da taxa constitúea o peso máximo das aeronaves no despegamento, expresado en toneladas métricas, tal como figura no certificado de aeronavegabilidade, ou no seu manual de voo, ou en calquera outro documento oficial equivalente.

6. Definicións.

Para a aplicación das contías recollidas no artigo seguinte teranse en conta as seguintes definicións:

Voos do espazo económico europeo: aqueles con orixe e destino en aeroportos de Estados pertencentes ó espazo económico europeo.

Voos internacionais: aqueles con orixe ou destino nun aeroporto situado fóra do espazo económico europeo.

Voos de adestramento: os voos realizados por aeronaves de compañías de transporte aéreo comercial para o adestramento ou cualificación de pilotos. Estes voos deben estar autorizados pola Dirección Xeral de Aviación Civil e programados como tales.

Voos de escola: aqueles que teñan como finalidade a aprendizaxe e adestramento de pilotos, sempre que se realicen en aeronaves de escola

e aeroclub, autorizados pola Dirección Xeral de Aviación Civil, e cando o inicio e final da operación se realicen nun mesmo aeroporto.

7. Clasificación dos aeroportos españois.

1. Para os efectos da aplicación das contías da presente taxa os aeroportos españois quedan clasificados nas seguintes categorías:

Primeira categoría: Madrid-Barajas, Barcelona, Gran Canaria, Málaga, Palma de Mallorca, Tenerife-Sur, Alacant, Lanzarote, Sevilla e Valencia. Menorca e Eivissa durante o período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro, inclusive.

Segunda categoría: Bilbao, Santiago, Fuerteventura e Tenerife-Norte. Menorca e Eivissa durante o período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de marzo, inclusive.

Tercera categoría: Almería, Asturias, Girona, Granada, La Palma, Santander, Zaragoza, Córdoba, A Coruña, El Hierro, Madrid-Cuatro Vientos, Vitoria, Melilla, Pamplona, Donosti-San Sebastián, Vigo, Badajoz, Jerez, Murcia-San Javier, Reus, Valladolid, Salamanca, Sabadell, Son Bonet, Torrejón, La Gomera e León.

2. O resto dos aeroportos e bases aéreas que con posterioridade á publicación desta lei poidan ser xestionados pola entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea quedarán clasificados en terceira categoría para efectos de aplicación da taxa de aterraxe.

3. A presente clasificación poderá ser modificada polo Ministerio de Fomento mediante orde ministerial en función do tráfico que estes soporten.

8. Contías.

A) Voos do espazo económico europeo.

A.1 Aeroportos de primeira categoría.

A.1.1 Porción de peso ata 10 toneladas métricas: 4,38 euros por cada tonelada métrica ou fracción (equivalentes a 728 pesetas).

A.1.2 Porción de peso comprendida entre 10 e 100 toneladas métricas: 5,02 euros por cada tonelada métrica ou fracción que exceda das 10 toneladas métricas (equivalentes a 835 pesetas).

A.1.3 Porción de peso superior a 100 toneladas métricas: 5,63 euros por cada tonelada métrica ou fracción que pase das 100 toneladas (equivalentes a 936 pesetas).

A.2 Aeroportos de segunda categoría.

A.2.1 Porción de peso ata 10 toneladas métricas: 3,94 euros por cada tonelada métrica ou fracción (equivalentes a 655 pesetas).

A.2.2 Porción de peso comprendida entre 10 e 100 toneladas métricas: 4,51 euros por cada tonelada métrica ou fracción que exceda das 10 toneladas métricas (equivalentes a 751 pesetas).

A.2.3 Porción de peso superior a 100 toneladas métricas: 5,07 euros por cada tonelada métrica ou fracción que pase das 100 toneladas (equivalentes a 843 pesetas).

A.3 Aeroportos de terceira categoría.

A.3.1 Porción de peso ata 10 toneladas métricas: 3,28 euros por cada tonelada métrica ou fracción (equivalentes a 546 pesetas).

A.3.2 Porción de peso comprendida entre 10 e 100 toneladas métricas: 3,76 euros por cada tonelada métrica ou fracción que exceda das 10 toneladas métricas (equivalentes a 626 pesetas).

A.3.3 Porción de peso superior a 100 toneladas métricas: 4,23 euros por cada tonelada métrica ou fracción que pase das 100 toneladas (equivalentes a 703 pesetas).

B) Voos internacionais.

B.1 Aeroportos de primeira categoría.

B.1.1 Porción de peso ata 10 toneladas métricas: 5,57 euros por cada tonelada métrica ou fracción (equivalentes a 926 pesetas).

B.1.2 Porción de peso comprendida entre 10 e 100 toneladas métricas: 6,38 euros por cada tonelada métrica ou fracción que exceda das 10 toneladas métricas (equivalentes a 1061 pesetas).

B.1.3 Porción de peso superior a 100 toneladas métricas: 7,16 euros por cada tonelada métrica ou fracción que pase das 100 toneladas (equivalentes a 1191 pesetas).

B.2 Aeroportos de segunda categoría.

B.2.1 Porción de peso ata 10 toneladas métricas: 5,01 euros por cada tonelada métrica ou fracción (equivalentes a 833 pesetas).

B.2.2 Porción de peso comprendida entre 10 e 100 toneladas métricas: 5,74 euros por cada tonelada métrica ou fracción que exceda das 10 toneladas métricas (equivalentes a 955 pesetas).

B.2.3 Porción de peso superior a 100 toneladas métricas: 6,44 euros por cada tonelada métrica ou fracción que pase das 100 toneladas (equivalentes a 1072 pesetas).

B.3 Aeroportos de terceira categoría.

B.3.1 Porción de peso ata 10 toneladas métricas: 4,17 euros por cada tonelada métrica ou fracción (equivalentes a 694 pesetas).

B.3.2 Porción de peso comprendida entre 10 e 100 toneladas métricas: 4,78 euros por cada tonelada métrica ou fracción que exceda das 10 toneladas métricas (equivalentes a 796 pesetas).

B.3.3 Porción de peso superior a 100 toneladas métricas: 5,37 euros por cada tonelada métrica ou fracción que pase das 100 toneladas (equivalentes a 894 pesetas).

C) Voos de adestramento e de escola.

As contías que se aplicarán nas aterraxes en voos de adestramento e de escola serán as seguintes:

C.1 Porción de peso ata 10 toneladas métricas: 2,91 euros por tonelada métrica ou fracción de peso (equivalentes a 485 pesetas).

C.2 Porción de peso comprendida entre 10 e 100 toneladas métricas: 3,35 euros por cada tonelada métrica ou fracción que exceda das 10 toneladas métricas (equivalentes a 558 pesetas).

C.3 Porción de peso superior a 100 toneladas métricas: 3,76 euros por cada tonelada métrica ou fracción que exceda das 100 toneladas métricas (equivalentes a 626 pesetas).

Para os voos de adestramento e de escola en manobras ou operacións de simulación de aterraxe e despegamento sobre pista ou campo de voo, e para os efectos da tarifa anterior, aplicarase a seguinte táboa de equivalencia entre o peso do

avión e o número de aterraxes que se contabilizarán en períodos de noventa minutos ou fracción, independentemente do número de manobras ou pasadas que se realicen:

| Peso do avión | Número de aterraxes |
|--|---------------------|
| Ata 5.000 kg | 2 |
| Máis de 5.000 kg. Ata 40.000 kg | 6 |
| Máis de 40.000 kg. Ata 100.000 kg | 5 |
| Máis de 100.000 kg. Ata 250.000 kg | 4 |
| Máis de 250.000 kg. Ata 300.000 kg | 3 |
| Máis de 300.000 kg | 2 |

O número de operacións a que se refire este punto non se computará para efectos da aplicación das tarifas obxecto das letras A) e B) deste artigo 8.

As operacións reguladas nesta letra C) estarán condicionadas en todo caso á autorización preceptiva do aeroporto en función das posibilidades operativas, dando prioridade absoluta á actividade aeroportuaria normal.

9. Operacións fóra do horario operativo do aeroporto.

Malia o disposto no artigo anterior, naqueles aeroportos en que estea autorizado o servizo, a petición de usuario fóra de horario normal, aplícase a tarifa que a continuación se relaciona:

1. Porción de peso ata 10 toneladas métricas: 20,44 euros por cada tonelada métrica ou fracción (equivalentes a 3.401 pesetas).

2. Porción de peso comprendida entre 10 e 100 toneladas métricas: 23,43 euros por cada tonelada métrica ou fracción que exceda das 10 toneladas métricas (equivalentes a 3.899 pesetas).

3. Porción de peso superior a 100 toneladas métricas: 26,30 euros por cada tonelada métrica ou fracción que pase das 100 toneladas (equivalentes a 4.376 pesetas).

10. Modificación das contías da taxa.

1. Só poderán modificarse mediante lei o número ou a identidade dos elementos e criterios de cuantificación en función dos cales se determinan as contías unitarias esixibles por esta taxa.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, consideraranse elementos e criterios de cuantificación da presente taxa o peso máximo no despegamento da aeronave oficialmente recoñecido, a categoría do aeroporto, a temporada na cal se realiza o feito imponible da taxa, o tipo, clase e natureza do voo, o número de operacións efectuadas por período de tempo e aeroporto, e a franxa horaria.

3. A modificación das contías unitarias resultantes da aplicación dos elementos e criterios a que se refiren os puntos anteriores poderá efectuarse mediante orde ministerial.

4. As ordes ministeriais que, de conformidade co establecido no anterior punto deste artigo, modifiquen as contías fixas da taxa deberán ir acom-

pañadas dunha memoria económico-financieira sobre o custo ou valor dos servizos prestados e sobre a xustificación da contía da taxa proposta, a cal deberá axustarse ó establecido no artigo 19 da Lei 8/1989, do 13 de abril, ou, se é o caso, ó principio de equivalencia establecido no artigo 7 da mesma lei citada.

11. Xestión, recadación e afectación.

1. A xestión da taxa corresponderá á entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea.

2. A autoridade aeroportuaria poderá esixir a presentación de calquera documento acreditativo que sexa preciso para a práctica das liquidacións precedentes por aplicación da presente taxa.

3. O importe do recadado por esta taxa formará parte do orzamento de ingresos da entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea.»

Artigo 12. *Taxas pola prestación de servizos pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.*

Un. Créase a taxa polos servizos de inspección e control da mariña mercante, segundo o disposto no artigo 105 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Esta taxa rexerese polo presente artigo e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

Dous. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación, pola Administración competente en materia de seguridade marítima, dos servizos e actuacións inherentes á emisión dos certificados esixidos polos convenios internacionais que foron ratificados polo Goberno español, así como as actividades en materia de inspección marítima definidas na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e que se concretan no presente artigo.

Tres. O devengo da taxa nace no momento en que se presente a solicitude que motive o servizo ou a actuación administrativa que constitúe o feito imponible dela.

Non obstante, naqueles supostos en que o servizo ou a actuación que constitúe o feito imponible da taxa fose prestado de oficio pola Administración, a obriga do pagamento daquela nacerá no momento en que se inicie a prestación do servizo ou se realice a actividade, sen prexuízo da posibilidade de esixir-lo seu depósito previo.

Catro. Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas ou xurídicas, incluídas as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou ás que se lles preste calquera dos servizos e actuacións que constitúen o feito imponible.

Cinco. O pagamento da taxa realizarase mediante ingreso efectivo en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Facenda, de acordo coa liquidación que lle será presentada pola Administración, e seralle aplicable o disposto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.

O pagamento da taxa é requisito indispensable para a entrega do correspondente certificado.

Seis. A xestión da taxa será efectuada pola Dirección Xeral da Mariña Mercante do Ministerio de Fomento.

Sete. A contía da taxa é a seguinte:

1. Aprobación do permiso de construción/obras de reformas de buques(#).

| | | | |
|---------------|-------|------------|----------------|
| 0 < GT <= | 1000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 1000 < GT <= | 5000 | 27000 Pts | (162,27 euros) |
| 50000 < GT <= | 10000 | 43000 Pts | (258,44 euros) |
| 10000 < GT <= | 50000 | 97000 Pts | (582,98 euros) |
| 50000 < GT <= | | 130000 Pts | (781,32 euros) |

2. Certificado de seguridade de construción para buque de carga (#).

| | | | |
|---------------|-------|------------|--------------|
| 0 < GT <= | 1000 | 140 Pts/GT | (0,84 euros) |
| 1000 < GT <= | 4000 | 42 Pts/GT | (0,25 euros) |
| 4000 < GT <= | 10000 | 12 Pts/GT | (0,07 euros) |
| 10000 < GT <= | | 3 Pts/GT | (0,02 euros) |

3. Certificado de seguridade do equipo para buque de carga (#) (mínimo 2500 Pts).

| | | | |
|---------------|-------|-----------|--------------|
| 0 < GT <= | 500 | 42 Pts/GT | (0,25 euros) |
| 500 < GT <= | 1000 | 36 Pts/GT | (0,22 euros) |
| 1000 < GT <= | 4000 | 22 Pts/GT | (0,13 euros) |
| 4000 < GT <= | 10000 | 10 Pts/GT | (0,06 euros) |
| 10000 < GT <= | | 5 Pts/GT | (0,03 euros) |

4. Certificado de seguridade para buques de pasaxe ou equivalente.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 1000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 1000 < GT <= | 10000 | 43000 Pts | (258,44 euros) |
| 10000 < GT <= | | 75000 Pts | (450,76 euros) |

5. Certificado de seguridade para naves de alta velocidade ou equivalente.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 1000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 1000 < GT <= | 10000 | 43000 Pts | (258,44 euros) |
| 10000 < GT <= | | 75000 Pts | (450,76 euros) |

6. Certificado de explotación para naves de alta velocidade.

| | | | |
|--|--|-----------|---------------|
| | | 16000 Pts | (96,16 euros) |
|--|--|-----------|---------------|

7. Certificado de navegabilidade (mínimo 4000 Pts).

| | | | |
|---------------|-------|------------|--------------|
| 0 < GT <= | 500 | 140 Pts/GT | (0,84 euros) |
| 500 < GT <= | 1000 | 42 Pts/GT | (0,25 euros) |
| 1000 < GT <= | 4000 | 12 Pts/GT | (0,07 euros) |
| 4000 < GT <= | 10000 | 7 Pts/GT | (0,04 euros) |
| 10000 < GT <= | | 3 Pts/GT | (0,02 euros) |

| | | | |
|--------------|------|------------|--------------|
| 0 < kW <= | 50 | 100 Pts/kW | (0,60 euros) |
| 50 < kW <= | 200 | 82 Pts/kW | (0,49 euros) |
| 200 < kW <= | 1000 | 52 Pts/kW | (0,31 euros) |
| 1000 < kW <= | 5000 | 17 Pts/kW | (0,10 euros) |
| 5000 < kW <= | | 5 Pts/kW | (0,03 euros) |

8. Recoñecemento continuo.

| | | | |
|--------------|------|------------|--------------|
| 0 < kW <= | 50 | 100 Pts/kW | (0,60 euros) |
| 50 < kW <= | 200 | 82 Pts/kW | (0,49 euros) |
| 200 < kW <= | 1000 | 52 Pts/kW | (0,31 euros) |
| 1000 < kW <= | 5000 | 17 Pts/kW | (0,10 euros) |
| 5000 < kW <= | | 5 Pts/kW | (0,03 euros) |

Facturarase a parte proporcional correspondente ó recoñecemento realizado.

9. Certificado de material náutico.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 500 | 2700 Pts | (16,23 euros) |
| 500 < GT <= | 5000 | 7600 Pts | (45,68 euros) |
| 5000 < GT <= | 20000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 20000 < GT <= | | 22000 Pts | (132,22 euros) |

10. Certificado de francobordo.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 100 | 8600 Pts | (51,69 euros) |
| 100 < GT <= | 500 | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| 500 < GT <= | 1000 | 19000 Pts | (114,19 euros) |
| 1000 < GT <= | 5000 | 32000 Pts | (192,32 euros) |
| 5000 < GT <= | 20000 | 54000 Pts | (324,55 euros) |
| 20000 < GT <= | | 65000 Pts | (390,66 euros) |

11. Certificado IOPP (Marpol anexo I) (#).

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 5000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 5000 < GT <= | 10000 | 32000 Pts | (192,32 euros) |
| 10000 < GT <= | | 43000 Pts | (258,44 euros) |

12. Certificado de aptitude para o transporte de mercadorías nocivas líquidas a granel (Marpol anexo II).

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 5000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 5000 < GT <= | 10000 | 32000 Pts | (192,32 euros) |
| 10000 < GT <= | | 43000 Pts | (258,44 euros) |

13. Certificado de aptitude buques quimiqueiros.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 5000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 5000 < GT <= | 10000 | 32000 Pts | (192,32 euros) |
| 10000 < GT <= | | 43000 Pts | (258,44 euros) |

14. Certificado de aptitude buques gaseiros.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 5000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 5000 < GT <= | 10000 | 32000 Pts | (192,32 euros) |
| 10000 < GT <= | | 43000 Pts | (258,44 euros) |

15. Certificado de aptitude transporte de mercadorías perigosas segundo regra II-2/54 do SOLAS.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 1000 | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| 1000 < GT <= | 10000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 10000 < GT <= | | 22000 Pts | (132,22 euros) |

16. Certificado de instalación frigorífica.

| | | | |
|-------------|-----|-----------|----------------|
| 0 < M3 <= | 500 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 500 < M3 <= | | 22000 Pts | (132,22 euros) |

17. Certificado medios de carga e descarga.

Capacidade de elevación en ton.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < kg <= | 1000 | 5000 Pts | (30,05 euros) |
| 1000 < kg <= | 10000 | 10000 Pts | (60,10 euros) |
| 10000 < kg <= | 15000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 20000 < kg <= | | 22000 Pts | (132,22 euros) |

18. Certificado de aptitude para o transporte de gran.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 1000 | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| 1000 < GT <= | 10000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 10000 < GT <= | 20000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 20000 < GT <= | | 32000 Pts | (192,32 euros) |

19. Certificado de cámara de máquinas sen dotación permanente.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < kW <= | 1000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 1000 < kW <= | 5000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 5000 < kW <= | 10000 | 32000 Pts | (192,32 euros) |
| 10000 < kW <= | | 43000 Pts | (258,44 euros) |

20. Autorización de botadura.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|---------------|
| 0 < GT <= | 1000 | 2200 Pts | (13,22 euros) |
| 1000 < GT <= | 2500 | 4300 Pts | (25,84 euros) |
| 2500 < GT <= | 5000 | 6500 Pts | (38,07 euros) |
| 5000 < GT <= | 10000 | 8700 Pts | (52,29 euros) |
| 10000 < GT <= | 40000 | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| 40000 < GT <= | | 16000 Pts | (96,16 euros) |

21. Certificado de arqueo.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 100 | 14000 Pts | (84,14 euros) |
| 100 < GT <= | 20000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 20000 < GT <= | | 54000 Pts | (324,55 euros) |

Aplicaranse os seguintes coeficientes:

| | |
|---|------|
| Arqueo segundo convenio internacional 1969: | 1,00 |
| Arqueo por regra 1. ^a (1909): | 1,00 |
| Arqueo por regra 2. ^a : | 0,10 |
| Arqueo para canal de Suez ou de Panamá: | 1,20 |

22. Proba e acta de estabilidade.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 500 | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| 500 < GT <= | 1000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 1000 < GT <= | 2500 | 27000 Pts | (162,27 euros) |
| 2500 < GT <= | 5000 | 32000 Pts | (192,32 euros) |
| 5000 < GT <= | 10000 | 43000 Pts | (258,44 euros) |
| 10000 < GT <= | 40000 | 54000 Pts | (324,55 euros) |
| 40000 < GT <= | | 75000 Pts | (450,76 euros) |

23. Probas de velocidade.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 1000 | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| 1000 < GT <= | 10000 | 27000 Pts | (162,27 euros) |
| 10000 < GT <= | | 81000 Pts | (486,82 euros) |

24. Probas sobre amarras.

| | | | |
|---------------|-------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 1000 | 5500 Pts | (33,06 euros) |
| 1000 < GT <= | 10000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 10000 < GT <= | | 32000 Pts | (192,32 euros) |

25. Certificado de valoración (mínimo 1500 Pts).

| | | | |
|-----------------|----------|------|------------------------------|
| 0 < V <= | 500000 | | 0,002*V Pts |
| 500000 < V <= | 2000000 | 500 | (3,00 euros) + 0,001*V Pts |
| 2000000 < V <= | 10000000 | 300 | (7,81 euros) + 0,0006*V Pts |
| 10000000 < V <= | | 5300 | (31,85 euros) + 0,0002*V Pts |

Sendo V o importe da valoración realizada.

O coeficiente aplicable no caso de valoración de primas á construción naval será de 0,10.

26. Homologación/probas de banco de motores.

| | | | |
|--------------|------|-----------|----------------|
| 0 < kW <= | 1000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 1000 < kW <= | 5000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 5000 < kW <= | | 32000 Pts | (192,32 euros) |

27. Probas en taller de maquinaria auxiliar.

| | | |
|--------------|-----------|---------------|
| Servomotores | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| Compresores | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| Bombas | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| Molinetes | 6500 Pts | (39,07 euros) |
| Cabrestantes | 6500 Pts | (39,07 euros) |
| Chigres | 6500 Pts | (39,07 euros) |

28. Probas de recepción de alternadores e motores eléctricos.

| | | | |
|-------------|-----|-----------|----------------|
| 0 < kW <= | 100 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 100 < kW <= | 500 | 32000 Pts | (192,32 euros) |
| 500 < kW <= | | 43000 Pts | (258,44 euros) |

Considerarase a potencia máxima do equipo en bornas.

29. Tarado de válvulas de seguridade.

2200 Pts (13,22 euros)/VÁLVULA

30. Recoñecemento de eixes de cegoñais, de cola, bucinas, etc.

| | | | |
|-------------|-----|----------|---------------|
| 0 < kW <= | 500 | 3300 Pts | (19,83 euros) |
| 500 < kW <= | | 5500 Pts | (33,06 euros) |

31. Recoñecemento de balsas salvavidas.

1800 Pts (10,82 euros)/BALSA

32. Recoñecementos extraordinarios.

Considéranse recoñecementos extraordinarios aqueles que se realicen como consecuencia de avarías producidas no buque, tales como:

Vías de auga.
Avarías en equipo propulsor.
Avaría en equipo de goberno.
Avarías en medios de carga e descarga.
Avarías en sistema eléctrico.

Facturarase de forma idéntica có certificado de construción correspondente afectado do coeficiente 0,25.

33. Recoñecemento para emisión de certificados a buques estranxeiros.

Aplicaranse as tarifas do certificado solicitado.

Aplicaranse os seguintes coeficientes:

| | |
|-------------------|------|
| Buque comunitario | 1,00 |
| Buque estranxeiro | 2,00 |

34. Aprobación de pranchas de aceiro, aluminio, etc.

1100 Pts (6,61 euros)/ton

35. Aprobación de tuberías.

1100 Pts (6,61 euros)/ton

36. Aprobación de válvulas.

1100 Pts (6,61 euros)/unidade

37. Aprobación de áncoras e cadeas (mínimo 1000 Pts).

1100 Pts (6,61 euros)/ton

38. Aprobación de estachas e cabos (mínimo 1000 Pts).

1100 Pts (6,61 euros)/ton

39. Aprobación de cables eléctricos (mínimo 1000 Pts).

1100 Pts (6,61 euros)/ton

40. Probas de presión hidráulica.

| | |
|--------------------------------|--------------------------------|
| Colectores para caldeiras | 5500 Pts/unidade (33,06 euros) |
| Recipientes de aire comprimido | 5500 Pts/unidade (33,06 euros) |
| Culatas, cilindros, válvulas | 1100 Pts/unidade (6,61 euros) |
| Botellas de CO ₂ | 1100 Pts/unidade (6,61 euros) |
| Caixa de aire bote salvavidas | 1100 Pts/unidade (6,61 euros) |

41. Recoñecemento/lavado con cru e probas de tanques.

| | | | |
|------------|----|----------|---------------|
| 0 < M3 <= | 50 | 2200 Pts | (13,22 euros) |
| 50 < M3 <= | | 5500 Pts | (33,06 euros) |

Aplicaranse os seguintes coeficientes:

| | |
|------------------|------|
| Tanques de auga | 0,50 |
| Resto de tanques | 1,00 |

42. Recoñecemento de remolques.

| | | | |
|--------------|------|-----------|---------------|
| 0 < GT <= | 500 | 5500 Pts | (33,06 euros) |
| 500 < GT <= | 2000 | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| 2000 < GT <= | | 16000 Pts | (96,16 euros) |

43. Homologación/aprobación de equipos de salvamento (mínimo 1000 Pts).

6% do valor do elemento dado polo fabricante.

44. Recepción/recoñecemento de equipos de salvamento (mínimo 1000 Pts).

2% do valor do elemento dado polo fabricante.

45. Inspección de apertura de novos estaleiros, talleres, etc.

| | | | |
|--------------|------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 150 | 5500 Pts | (33,06 euros) |
| 150 < GT <= | 500 | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| 500 < GT <= | 3000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 3000 < GT <= | | 32000 Pts | (192,32 euros) |

46. Copias de certificados

500 Pts (3,00 euros)/COPIA

47. Inspeccións realizadas fóra de xornada por petición de armador.

Facturarase a taxa correspondente ó recoñecemento realizado.

Aplicarase o seguinte coeficiente:

| | |
|--------------------------------|------|
| Horario festivo | 2,00 |
| Horario nocturno (20.00/08.00) | 2,00 |
| Outros | 1,50 |

48. Certificado de navegabilidade de embarcacións de recreo.

| | | | |
|------------|----|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 5 | 5500 Pts | (33,06 euros) |
| 5 < GT <= | 10 | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| 10 < GT <= | 20 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 20 < GT <= | | 27000 Pts | (162,27 euros) |

49. Recoñecemento de operacións de desmantelamento de buques.

| | | | |
|--------------|------|-----------|----------------|
| 0 < GT <= | 100 | 5500 Pts | (33,06 euros) |
| 100 < GT <= | 500 | 11000 Pts | (66,11 euros) |
| 500 < GT <= | 5000 | 16000 Pts | (96,16 euros) |
| 5000 < GT <= | | 27000 Pts | (162,27 euros) |

50. Certificado ISM (calquera tipo de buque).

Empresa e primeiro buque 250000 Pts (1502,53 euros)
Resto de buques 100000 Pts (601,01 euros)

51. Referendos de certificados emitidos por sociedades de clasificación.

Referendo de certificado individual:

2000 Pts (12,02 euros)

52. Certificado número máximo de pasaxeiros:

5000 Pts (30,05 euros)

53. Certificados de conformidade para buques pesqueiros.

| | | | |
|--------------------|------|-----------|----------------|
| 0 < GT (TRB) <= | 1000 | 22000 Pts | (132,22 euros) |
| 1000 < GT (TRB) <= | | 43000 Pts | (258,44 euros) |

Nota 1:

A emisión dos certificados por abandeiramento de buques virán afectados dos seguintes coeficientes:

| | |
|---|------|
| Buques procedentes de país comunitario (non suxeito a revisión) | 0,25 |
| Buques procedentes de país comunitario (suxeito a revisión) | 0,70 |
| Buques procedentes doutros países | 1,00 |

Nota 2:

Os certificados sinalados con (#) virán afectados polos seguintes coeficientes:

| | |
|--|-----|
| Buque de pasaxe/petroleiro/quimiqueiro/gaseiro | 1,5 |
| Resto de buques | 1,0 |

Nota 3:

O coeficiente que se aplicará no caso de renovación de certificados será de 0,75.

Nota 4:

Os referendos dos certificados por visita periódica virán afectados polo coeficiente 0,35.

Nota 5:

Cando a unidade de medida sexa a GT e o buque non dispoña dela, utilizarase como unidade de medida a TRB.

Os importes derivados da aplicación das tarifas anteriores reduciranse nun 90 por cento, durante o ano 2001 cando se apliquen a buques pesqueiros.

Artigo 13. Modificación da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público.

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2001, modifícanse os artigos 15, 18 e 25 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, que quedarán redactados da seguinte forma:

«Artigo 15. *Exención e non suxeición.*

Un. Non estará suxeita ó pagamento da taxa a publicación de leis, disposicións e resolucións de inserción obrigatoria que se publiquen nas seccións I, II e III do "Boletín Oficial del Estado".

Dous. Estarán exentos do pagamento da taxa os anuncios oficiais, calquera que sexa o solicitante da inserción, cando esta resulta obrigatoria, de acordo cunha norma legal ou regulamentaria, así como os edictos e anuncios de xulgados e tribunais cando a inserción sexa ordenada de oficio.

A exención non será aplicable ós anuncios publicados por instancia dos particulares nin a aqueles outros o importe dos cales, segundo as disposicións aplicables, sexa repercutible ós particulares.»

«Artigo 18. *Xestión, recadación e afectación.*

Un. A xestión e recadación da taxa corresponderá ó organismo autónomo Boletín Oficial del Estado.

Dous. O importe da recadación desta taxa formará parte do orzamento de ingresos do organismo xestor.»

«Artigo 25. *Xestión, recadación e afectación.*

Un. A xestión e recadación da taxa corresponderá ó organismo autónomo Boletín Oficial del Estado.

Dous. O importe da recadación desta taxa formará parte do orzamento de ingresos do organismo xestor.»

Artigo 14. *Modificación do artigo 73 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.*

Modifícase o artigo 73 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 73. *Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.*

1. A reserva de calquera frecuencia do dominio público radioeléctrico a favor dunha ou varias persoas ou entidades gravarase cunha taxa anual nos termos que se establecen neste artigo.

Para a fixación do importe que terán que satisfacer en concepto desta taxa os suxeitos obrigados, terase en conta o valor de mercado do uso da frecuencia reservada e a rendibilidade que del puidese obterlo beneficiario.

Para a determinación do citado valor de mercado e da posible rendibilidade obtida polo beneficiario da reserva, tomaranse en consideración, entre outros, os seguintes parámetros:

1.º O grao de utilización e conxestión das distintas bandas e nas distintas zonas xeográficas.

2.º O tipo de servizo para o que se pretende utilizar a reserva e, en particular, se este comporta as obrigas de servizo público recollidas no título III.

3.º A banda ou sub-banda do espectro que se reserve.

4.º Os equipos e tecnoloxía que se empreguen.

5.º O valor económico derivado do uso ou aproveitamento do dominio público reservado.

2. O importe que se satisfará en concepto desta taxa será o resultado de multiplicar a cantidade de unidades de reserva radioeléctrica do dominio público reservado, polo valor que se asigne á unidade. Nos territorios insulares, a superficie que se aplicará para o cálculo das unidades radioeléctricas que se utilicen para a determinación da taxa correspondente calcularase excluindo a cobertura non solicitada que se estenda sobre a zona marítima. Para os efectos do disposto neste punto, enténdese por unidade de reserva radioeléctrica un patrón convencional de medida, referido á ocupación potencial ou real, durante o período dun ano, dun largo de banda dun quilohercio sobre un territorio dun quilómetro cadrado.

3. A cuantificación dos parámetros anteriores será determinada pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

4. Malia o establecido no punto 1 deste artigo, no suposto de uso especial e en función do tipo deste, aboarase o importe correspondente á taxa mediante o pagamento dunha cota fixa de aboamento quinquenal. O devengo inicial da taxa producirase o día que se outorgue o título habilitante e o correspondente a períodos sucesivos, o día 1 de xaneiro do ano que proceda.

Se os que se benefician do uso especial cumprisen sesenta e cinco anos antes de efectuarse a liquidación de calquera período posterior ó da formalización da habilitación que os faculte para iso, terán dereito a unha bonificación do 90 por 100 na cota da taxa, logo de petición realizada para o efecto ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía con, alomenos, un mes de antelación ó 1 de xaneiro do seguinte período de devengo. En calquera caso, para o outorgamento do título concesional ou da autorización, poderanse establecer os requisitos do artigo 16.

5. O pagamento da taxa débense realizar tanto os titulares de estacións radioeléctricas emisoras coma os titulares das meramente receptoras que precisen de reserva radioeléctrica. As estacións meramente receptoras que non dispoñan de reserva radioeléctrica estarán excluídas do pagamento da taxa. O importe da exacción será ingresado no Tesouro público.

6. O procedemento de exacción establecerase por norma regulamentaria. A falta de pagamento do importe da taxa poderá motivar a suspensión ou a perda do dereito á ocupación do dominio público radioeléctrico.

7. As administracións públicas estarán exentas do pagamento desta taxa nos supostos de reserva de frecuencias do dominio público radioeléctrico para a prestación de servizos de interese xeral sen contraprestación económica. Para tal fin, deberán solicitar, fundadamente, a dita exención ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.»

Artigo 15. *Modificación do artigo 74 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.*

Un. O punto 1 do artigo 74 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedará redactado da seguinte maneira:

«1. A xestión precisa para a emisión de certificacións rexistras e da presentación de proxecto técnico e do certificado ou boletín de instalación que ampara as infraestruturas comúns de telecomunicacións no interior de edificios, de cumprimento das especificacións técnicas de equipos e aparellos de telecomunicacións, así como a emisión de dictames técnicos de avaliación da conformidade destes equipos e aparellos, as inscricións no rexistro de instaladores de telecomunicación, as actuacións inspectoras ou de comprobación técnica que, con carácter obrigatorio, veñan establecidas nesta lei ou noutras disposicións con rango legal e o outorgamento das licencias individuais que se requiran para a autoprestación de servizos e para o aproveitamento de redes propias, darán dereito á exacción das taxas compensatorias do custo dos trámites e actuacións necesarias, consono o que se dispón nos puntos seguintes.

Así mesmo, dará dereito á exacción das correspondentes taxas compensatorias, consonte o disposto nos puntos seguintes, a realización dos exames para a obtención do diploma de operador de estacións de radioaficionados e a expedición deste.»

Dous. O punto 2 do artigo 74 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedará redactado da seguinte maneira:

«2. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación pola Administración dos servizos necesarios para o outorgamento das certificacións correspondentes, da emisión de dictames técnicos, as inscricións no rexistro de instaladores de telecomunicación e a realización das actuacións inspectoras ou de comprobación técnica sinaladas no número anterior, así como o outorgamento de licencias individuais para autoprestación de servizos ou o aproveitamento de redes propias, a realización dos exames de operador de estacións de aficionado e a expedición dos diplomas correspondentes.»

Tres. O punto 3 do artigo 74 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedará redactado da seguinte maneira:

«3. Serán suxeitos pasivos da taxa, segundo os supostos, a persoa natural ou xurídica que solicite a correspondente certificación ou dictame técnico de avaliación, a correspondente inscrición no rexistro de instaladores de telecomunicación, aquela á que proceda practica-las actuacións inspectoras de carácter obrigatorio ou solicite unha licenza individual para a autoprestación de servizos de telecomunicacións ou o aproveitamento de redes propias e a que se presente ós exames para a obtención do título de operador de estacións de aficionado ou á que se expida o correspondente diploma.»

Catro. A letra a) do punto 4 do artigo 74 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedará redactada da seguinte maneira:

«a) 6.000 pesetas (36,06 euros) pola expedición de certificacións rexistradas e de presentación de proxecto técnico e do certificado ou boletín de instalación.»

Cinco. No punto 4 do artigo 74 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, engadíranse as novas letras g) e h) coa seguinte redacción:

«g) Por inscrición no rexistro de instaladores, 15.000 pesetas (90,15 euros).

h) Pola solicitude e emisión do dictame técnico de avaliación da conformidade de equipos e aparellos de telecomunicación, 50.000 pesetas (300,51 euros).»

Artigo 16. *Reordenación das taxas pola prestación de servizos pola Oficina Española de Patentes e Marcas.*

Un. A contía da taxa por inscrición de modelos e debuxos industriais, prevista no artigo 11.4 da Lei 17/1975, do 2 de maio, e actualizada en sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado, modifícase e fíxase en 1.825 pesetas (10,96 euros).

Dous. A contía da taxa por inscrición de transfeencias de topografías de produtos semiconduc-

tores, prevista na disposición adicional primeira da Lei 11/1988, do 3 de maio, de protección xurídica das topografías dos produtos semicondutores, e actualizada en sucesivas leis de orzamentos, modifícase e fíxase en 1.825 pesetas (10,96 euros).

Tres. A contía da taxa por inscrición de transmisións ou cesións ou modificacións de patentes e modelos de utilidade, prevista no artigo 160 e no anexo da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, e actualizada en sucesivas leis de orzamentos, modifícase e fíxase en 1.825 pesetas (10,96 euros).

Artigo 17. *Modificación da taxa do medicamento.*

Un. Engádense os seguintes epígrafes ó grupo I do punto 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento:

«1.12 Procedemento de outorgamento de autorización para a importación paralela de especialidades farmacéuticas: 100.000 pesetas (601,01 euros).

1.13 Procedemento de modificación da autorización para a importación paralela de especialidades farmacéuticas: 50.000 pesetas (300,51 euros).

1.14 Procedemento de renovación quinquenal da autorización para a importación paralela de especialidades farmacéuticas: 50.000 pesetas (300,51 euros).

1.15 Obtención dun certificado europeo de liberación de lote para vacinas e hemoderivados de uso humano cando se require a análise dun granel e dunha especialidade farmacéutica: 100.000 pesetas (601,01 euros).

1.16 Obtención dun certificado europeo de liberación de lote para vacinas e hemoderivados de uso humano cando se require a análise dunha especialidade farmacéutica: 50.000 pesetas (300,51 euros).»

Dous. Engádense o seguinte epígrafe ó grupo VI do punto 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento:

«6.2 Procedemento de autorización de fabricación de medicamentos aprobados noutros países e non rexistrados en España: 20.000 pesetas (120,20 euros).»

Tres. Modifícase o epígrafe 7.2 do grupo VII do punto 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, de acordo coa seguinte redacción:

«7.2 Avaliación e informe científico, por petición do interesado, sobre a calidade, seguridade e eficacia dun medicamento de uso humano ou veterinario, durante as etapas de investigación e desenvolvemento del, ou para iniciar un procedemento de recoñecemento mutuo: 500.000 pesetas (3.005,06 euros).»

Catro. Suprímese o epígrafe 9.14 do grupo IX do punto 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.

Cinco. Engádense un novo punto 3 ó artigo 114 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento:

«3. Para os efectos desta taxa teñen a consideración de "familia de produtos sanitarios" o conxunto de produtos sanitarios que, pertencendo á mesma categoría, se destinan a aplicacións sanitarias idénticas ou similares.»

Seis. Modifícase o importe da taxa prevista no epígrafe 8.6 do grupo VIII do punto 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, de acordo coa seguinte redacción:

«8.6 Procedemento de expedición dunha certificación: 20.000 pesetas (120,20 euros).»

Sete. Suprímense os epígrafes 8.17, 8.18 e 8.19 do grupo VIII do punto 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.

Oito. Engádense os seguintes epígrafes ó grupo VIII do punto 1 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento:

«8.17 Avaliación de expediente de certificación do mercado CE de produtos sanitarios pertencentes á mesma familia, por sistema completo de garantía de calidade: 140.000 pesetas (841,42 euros).

8.18 Avaliación de expediente de certificación do mercado CE de produtos sanitarios por exame CE de tipo, combinado con garantía de calidade da produción, verificación CE ou garantía de calidade do produto: 120.000 pesetas (721,21 euros).

8.19 Avaliación de expediente de certificación do mercado CE de produtos sanitarios pertencentes á mesma familia, por declaración CE de conformidade combinada con garantía de calidade da produción, verificación CE ou garantía de calidade do produto: 100.000 pesetas (601,01 euros).

8.20 Avaliación de expediente de certificación do mercado CE de produtos sanitarios por exame CE de deseño: 220.000 pesetas (1.322,23 euros).

8.21 Auditoría inicial conforme a sistema completo de garantía de calidade: 400.000 pesetas (2.404,05 euros).

8.22 Auditoría inicial conforme a garantía de calidade da produción: 320.000 pesetas (1.923,24 euros).

8.23 Auditoría inicial conforme a garantía de calidade do produto: 200.000 pesetas (1.202,02 euros).

8.24 Auditorías de seguimento e de prórroga da certificación do mercado CE: 240.000 pesetas (1.442,43 euros).

8.25 Auditorías a local suplementario e de repetición: 96.000 pesetas (576,97 euros).

8.26 Modificación de datos administrativos na certificación do mercado CE: 20.000 pesetas (120,20 euros).

8.27 Prórrogas das certificacións do mercado CE: 20.000 pesetas (120,20 euros).»

Nove. Engádense a seguinte frase ó punto 3 do artigo 117 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento:

«Igualmente liquidaranse sobre o custo real do servizo os gastos de desprazamento, estancia e ensaios derivados das actuacións previstas nos epígrafes 8.21, 8.22, 8.23, 8.24 e 8.25.»

Artigo 18. *Taxas do artigo 30 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2001, as taxas do artigo 30 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, serán as seguintes:

As taxas ás que se refire o artigo 30 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se devenguen pola prestación dos servizos postais reservados ó operador ó que se encomenda a prestación do servizo postal universal, quedan fixadas nas contías que se enumeran a continuación:

Primeiro. Cartas e tarxetas postais ordinarias.

| | 1. Nacionais | | 2. Internacionais | | | |
|-----------------------------------|----------------------|-------|-------------------|-------|----------------|-------|
| | 1.1 Interurbanas (1) | | 2.1 Zona 1 (2) | | 2.2 Zona 2 (3) | |
| | Pesetas | Euros | Pesetas | Euros | Pesetas | Euros |
| Ata 20 grs normalizadas | 40 | 0,24 | 75 | 0,45 | 120 | 0,72 |
| Ata 20 grs sen normalizar | 55 | 0,33 | 165 | 0,99 | 215 | 1,29 |
| Máis de 20 grs ata 50 grs | 60 | 0,36 | 185 | 1,11 | 260 | 1,56 |
| Máis de 50 grs ata 100 grs | 85 | 0,51 | 220 | 1,32 | 375 | 2,25 |
| Máis de 100 grs ata 200 grs | 135 | 0,81 | 420 | 2,52 | 725 | 4,36 |
| Máis de 200 grs ata 350 grs | 240 | 1,44 | 770 | 4,63 | 1.320 | 7,93 |

O servizo de carta ordinaria básica permite o acceso á rede postal pública acolléndose a condicións de prazo e entrega regulares.

(1) Aplicables en España e nas relacións con Andorra e Gibraltar.

(2) Zona 1 Europa (incluída Groenlandia).

(3) Zona 2 Resto de países.

2.3 Aerogramas.

Para tódolos destinos: 90 pesetas (0,54 euros).

2.4 Taxas especiais para Francia.

As cartas e tarxetas postais a poboacións francesas da zona fronteiriza que non disten máis do 30 quilómetros da localidade expedidora española franquearanse coas tarifas que se especifican no punto 1 punto 1.1.

Segundo. Cecogramas.

Nacionais e internacionais. Circulan exentos de franqueo e de todo dereito.

Terceiro. Xiro ordinario.

1. Nacional.

Os xiros nacionais ordinarios e os procedentes de reembolso satisfarán as seguintes taxas, segundo a

modalidade de pagamento, redondeándose o resultado obtido á peseta enteira superior.

| Modalidade | Percepción fixa Pesetas (euros) | Porcentaxe sobre cantidade xirada |
|---|------------------------------------|--|
| 1.1 Para aboar en conta corren (xiro OIC) | 0 | 0,70 |
| 1.2 Para aboar mediante cheque postal | 39 (0,23) | 0,70 |
| 1.3 Para pagar en metálico | 206 (1,24) | 0,70 |
| 1.4 Xiro electrónico | 20 (0,12) | 0,70 |
| 1.5 Especiais para o pagamento de subsidios, expedidos baixo a modalidade de libranza global á oficina técnica e talóns ou recibos individualizados por cada beneficiario (1) | 35 (0,21) | 0,70 |

(1) Por cada un dos talóns que ampare o xiro global.

Os xiros ordinarios poden levar unha comunicación privada para o destinatario, non superior a quince palabras, sen pagamento de percepción adicional ningunha.

2. Internacional.

| Modalidade | Percepción fixa Pesetas (euros) | Porcentaxe sobre cantidade xirada |
|-----------------------------------|------------------------------------|--|
| 2.1 Xiros-libranzas | 234 (1,41) | 0,70 |
| 2.2 Xiros depósitos-libranzas ... | 149 (0,90) | 0,35 |

2. Internacional.

Xiro-libranza modalidade POSTFIN: Inclúe a taxa de xiro postal internacional ó que se engade o prezo do telegrama correspondente.

Quinto. Servicios adicionais.

| 1. Nacional (1) | Pesetas (euros) | 2. Internacional | Pesetas (euros) |
|--|--------------------|--|--------------------|
| 1.1 Certificado. | 155 (0,93) | 2.1 Certificado. | 180 (1,08) |
| 1.2 Valor declarado: Cada 5.000 pesetas declaradas ou fracción. | 135 (0,81) | 2.2 Valor declarado: Cada 10.000 pesetas declaradas ou fracción. | 325 (1,95) |
| 1.3 Aviso de recibo. | 65 (0,39) | 2.3 Aviso de recibo. | 135 (0,81) |
| 1.4 Cada petición de devolución, reexpedición ou cambio de datos. | 90 (0,54) | 2.4 Devolución, reexpedición ou cambio de datos: | |
| | | 2.4.1 Cada petición de devolución ou modificación de enderezo. | 195 (1,17) |
| | | 2.4.2 Cada petición de reexpedición: | |
| | | Se as peticións se cursan por telégrafo, o interesado aboará, ademais, o prezo telegráfico correspondente. | 90 (0,54) |
| 1.5 Insuficiencia de franqueo: Por cada envío o dobre da insuficiencia | | 2.5 Insuficiencia de franqueo: Ademais do importe que resulta de aplicalo procedemento correspondente á insuficiencia, aboarán: | 90 (0,54) |
| 1.6 Dedución por devolución do importe do franqueo estampado por máquinas de franquear en sobres ou cubertas non utilizadas. | 10% | | |
| 1.7 Certificacións: Por cada un dos servicios que se certifique | 1.100 (6,61) | | |

(1) Aplicables en España e Andorra.

| Modalidade | Percepción fixa Pesetas (euros) | Porcentaxe sobre cantidade xirada |
|---|------------------------------------|--|
| 2.3 Os demais servicios adicionais rexeranse polas tarifas establecidas para o resto da correspondencia | — | — |
| 2.4 Xiro vía electrónica (inclúe a vía postal e a vía electrónica internacional (1) | 605 (3,64) | 0,70 |

(1) Os xiros vía electrónica poden levar unha comunicación privada para o destinatario, non superior a cento corenta caracteres, sen pagamento de percepción adicional ningunha.

Cuarto. Xiro urxente.

1. Nacional.

| Modalidade | Percepción fixa Pesetas (euros) | Porcentaxe sobre cantidade xirada |
|---|------------------------------------|--|
| 1.1 Aboarase mediante cheque postal | 320 (1,92) | 0,70 |
| 1.2 Pagarase en metálico | 578 (3,47) | 0,70 |

Os xiros urxentes poden levar unha comunicación privada para o destinatario non superior a quince palabras sen pagamento de percepción adicional ningunha.

CAPÍTULO IV

Dereitos e demais tributos á importación

Artigo 19. *Dereitos e demais tributos en relación con certas importacións en réxime diplomático.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2001, admitirase con franquía de toda clase de dereitos e impostos a importación de vehículos automóbiles polos membros do persoal técnico-administrativo das misións diplomáticas acreditadas e residentes en España e dos organismos internacionais con sede ou oficina en territorio español, así como polos empregados consulares das oficinas consulares de carreira acreditadas e residentes en España sempre que, en tódolos casos, non sexan españois nin teñan residencia permanente en España e estean debidamente aceptados e documentados polo Ministerio de Asuntos Exteriores nas correspondentes categorías, dentro dos límites e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

Malia o establecido no parágrafo anterior, cando os convenios internacionais polos que se crean tales organismos ou os acordos de sede deles establezan outros límites e requisitos, serán estes os aplicables ó persoal técnico-administrativo dos organismos internacionais.

CAPÍTULO V

Outras normas tributarias

Artigo 20. *Modificación da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2001, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria:

Un. Engádese un punto 5 ó artigo 43, que quedará redactado da seguinte forma:

«5. Cando no marco da colaboración social na xestión tributaria se presente por medios telemáticos calquera documento ante a Administración tributaria, o presentador deberá te-la representación que sexa necesaria en cada caso. A Administración tributaria poderá instar, en calquera momento, a acreditación da dita representación.»

Dous. A letra a) do punto 1 do artigo 66 quedará redactada da seguinte forma:

«1. Os prazos de prescrición a que se refiren as letras a), b) e c) do artigo 64 interrómpanse:

a) Por calquera acción administrativa, realizada con coñecemento formal do suxeito pasivo, conducente ó recoñecemento, regularización, inspección, aseguramento, comprobación, liquidación e recadación do tributo devengado por cada feito imponible. Así mesmo, os prazos de prescrición para a imposición de sancións interromperanse, ademais de polas actuacións mencionadas anteriormente, pola iniciación do correspondente procedemento sancionador.»

Tres. Engádese unha letra f) ó punto 1 do artigo 96.

«f) Presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios.»

Artigo 21. *Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Engádeselle un punto, que será o catro, ó artigo 55 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co seguinte texto:

«Catro. Para efectos catastrais, non será de aplicación o establecido nos artigos 54 e 55 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, no artigo 33 da Lei do imposto sobre sucesións e doazóns e nas demais normas concordantes, ás escrituras e documentos relacionados no artigo 50 desta lei que conteñan alteracións de orde físico, económico ou xurídico dos bens inmoebles susceptibles de inscrición no catastro.

O órgano que teña encomendada a xestión do catastro comunicaralle anualmente á Administración tributaria competente, por pedimento dela, a información catastral necesaria para a xestión, liquidación, recadación e inspección dos citados tributos.»

Artigo 22. *Modificación da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.*

Un. Engádese un parágrafo, que será o segundo, ó punto 4 do artigo 70 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, do seguinte teor:

«Os actos de fixación de valores catastrais a que se refire este artigo serán motivados, conforme o disposto no artigo 13.2 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, mediante a expresión, en cada unha das notificacións individuais dos ditos valores, da ponencia da que traian causa e, se é o caso, dos módulos básicos do solo e construción, o valor en polígono, rúa, tramo, zona ou lugar, o valor tipo das construcións, a identificación dos coeficientes correctores aplicados e a superficie dos inmoebles para efectos catastrais. Así mesmo, a motivación dos actos de aplicación da redución prevista na Lei 53/1997, do 27 de novembro, pola que se modifica parcialmente a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e se establece unha redución na base imponible do imposto sobre bens inmoebles, realizarase na notificación do valor catastral mediante a indicación da base liquidable do exercicio inmediato anterior á entrada en vigor daquel ou, se é o caso, do valor base que corresponda ó inmoeble e dos importes da dita redución e da base liquidable referidos ó primeiro ano de vixencia do novo valor catastral no imposto sobre bens inmoebles.»

Dous. Modifícase a letra b) do artigo 64 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, que queda redactado do seguinte modo:

«b) Os que sexan propiedade dos municipios en que estean enclavados afectos ó uso ou servizo público, salvo que sobre eles ou sobre o servizo público ó que se encontren afectados recaia unha concesión administrativa ou outra forma de xestión indirecta, así como os comunais propiedade deles e os montes veciñais en man común.»

Tres. Dáselle nova redacción ó artigo 65 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 65. *Suxeito pasivo.*

1. Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que sexan:

a) Propietarios de bens inmobles sobre os que non recaian dereitos reais de usufructo, superficie ou unha concesión administrativa.

b) Titulares dun dereito real de usufructo sobre bens inmobles.

c) Titulares dun dereito real de superficie sobre bens inmobles.

d) Titulares dunha concesión administrativa sobre bens inmobles ou sobre os servicios públicos ós que se encontren afectados.

2. O disposto no punto anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercuti-lo imposto conforme as normas de dereito común.»

Catro. Dáse nova redacción ó punto 1 do artigo 73 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, co seguinte texto:

«A cota íntegra deste imposto será o resultado de lle aplicar á base liquidable o tipo de gravame. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas legalmente.»

Cinco. Dáse nova redacción ó punto 7 do artigo 73 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, que terá o seguinte texto:

«Os concellos de municipios afectados por procesos de revisión ou modificación de valores catastrais que afecten a totalidade dos inmobles dunha mesma natureza que acorden un novo tipo de gravame deberán aprobar provisionalmente este con anterioridade ó inicio das notificacións individualizadas dos novos valores e, en todo caso, antes do un de xullo do ano inmediatamente anterior a aquel en que deban producir efecto, dando traslado do dito acordo, no mesmo prazo, á Dirección Xeral do Catastro.»

Seis. Engádese un novo punto, que será o 5, ó artigo 74 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, coa seguinte redacción:

«Os concellos de máis de 750.000 unidades urbanas poderán acordar, para cada exercicio, a aplicación dunha bonificación equivalente á diferenza positiva entre a cota íntegra do mesmo e a cota líquida do exercicio anterior multiplicada esta última polo coeficiente de incremento máximo anual da cota líquida que estableza a ordenanza fiscal para cada un dos tramos de valor catastral e, se é o caso, para cada unha das diversas modalidades de uso das construcións que nela se fixen e en que se sitúen os diferentes bens inmobles do municipio. A dita bonificación terá efectividade a partir da entrada en vigor dunha revisión ou modificación de valores catastrais que afecten a totalidade dos inmobles dunha mesma natureza. Así mesmo, a ordenanza fixará as condicións de compatibilidade desta bonificación coas demais que beneficien os mesmos inmobles e regulará os seus restantes aspectos substantivos e formais.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, no suposto de que o dereito a outra bonificación

conclúa no período inmediatamente anterior a aquel en que teña que aplicarse sobre ese mesmo inmovible a bonificación a que se refire este punto, a cota sobre a que se aplicará, se é o caso, o coeficiente de incremento máximo anual será a cota íntegra do exercicio anterior.

Cando un cambio no valor catastral dos inmobles por calquera das causas previstas no punto 3 do artigo 75 teña efectividade nalgún dos períodos impositivos nos que se aplique esta bonificación, para o cálculo desta considerárase como cota líquida do exercicio anterior a resultante de aplicalo tipo de gravame do dito ano ó valor base determinado conforme o disposto no artigo cuarto, punto 3, da Lei 53/1997, do 27 de novembro, pola que se modifica parcialmente a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e se establece unha redución na base imponible do imposto sobre bens inmobles.»

Artigo 23. *Modificación da Lei 53/1997, do 27 de novembro, pola que se modifica parcialmente a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.*

Engádese un novo punto, que será o 4, ó artigo cuarto da Lei 53/1997, do 27 de novembro, pola que se modifica parcialmente a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e se establece unha redución na base imponible do imposto sobre bens inmobles, co seguinte texto:

«4. Nos municipios nos que o número de unidades urbanas sexa superior a 750.000 e os valores catastrais dos cales se fixasen ou modificasen en virtude dunha ponencia de valores parcial na que fose aplicado o coeficiente de referencia ó mercado vixente a partir do ano 1993, con aplicación por parte do municipio ós inmobles afectados dun tipo impositivo distinto do xeral do resto do municipio, o valor base de tales inmobles determinarase multiplicando o valor catastral asignado no padrón do ano anterior á entrada en vigor da revisión polo coeficiente que resulte de dividi-lo seu especial tipo impositivo polo xeral do municipio do dito exercicio, sempre que así o solicitase o Concello á Dirección Xeral do Catastro con anterioridade á aprobación da ponencia de valores que afecte a totalidade dos bens inmobles de natureza urbana existentes no municipio.»

TÍTULO II

Do social

SECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS DA SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 24. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Modifícanse os seguintes artigos do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Un. Modifícase o artigo 21, que queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 21. *Prescrición.*

1. Prescribirán ós catro anos os seguintes dereitos e accións:

a) O dereito da Administración da Seguridade Social para determina-las débedas con ela en que

o obxecto estea constituído por cotas, mediante as oportunas liquidacións.

b) A acción para esixir-lo pagamento das débedas por cotas da Seguridade Social.

c) A acción para impoñer sancións por incumprimento das normas de Seguridade Social.

2. Respecto das obrigas coa Seguridade Social en que o obxecto sexan recursos dela distintos a cotas, o prazo de prescrición será o establecido nas normas que sexan aplicables en razón da natureza xurídica daquelas.

3. A prescrición quedará interrompida polas causas ordinarias e, en todo caso, por calquera actuación administrativa realizada con coñecemento formal do responsable do pagamento conducente á liquidación ou recadación da débeda e, especialmente, pola súa reclamación administrativa mediante reclamación de débeda ou acta de liquidación.»

Dous. Modifícase o artigo 23, coa seguinte redacción:

«Artigo 23. *Devolución de ingresos indebidos, reembolso dos custos das garantías e pagamento de cantidades declaradas por sentenza.*

1. As persoas obrigadas a cotizar ou ó pagamento doutras débedas coa Seguridade Social obxecto de xestión recadatoria pola Administración da Seguridade Social terán dereito, nos termos e supostos que regulamentariamente se fixen, á devolución total ou parcial do importe dos ingresos que por erro se realizasen.

1.1 O importe a devolver a consecuencia dun ingreso indebido está constituído esencialmente polo importe do ingreso indebidamente efectuado e recoñecido a favor do que efectúe o seu pagamento.

Támén formarán parte da cantidade a devolver:

a) As recargas, xuros, se é o caso, e custas que se satisfíxesen cando o ingreso indebido se realizase por vía de constrinximento.

b) O xuro legal aplicado ás cantidades indebidamente ingresadas polo tempo transcorrido desde a data do seu ingreso na Tesourería Xeral da Seguridade Social ata a proposta de pagamento, salvo que o ingreso indebido sexa consecuencia de autoliquidacións ingresadas en período voluntario polo obrigado ó pagamento, caso en que o dito xuro se devengará desde a data da resolución en que se declare indebido o ingreso.

En todo caso, o tipo de xuro legal aplicable será o vixente o día en que se efectúe o ingreso indebido.

1.2 Non procederá a devolución de cotas ou outros recursos ingresados maliciosamente sen prexuízo da responsabilidade de toda orde a que houbese lugar.

1.3 O dereito á devolución de ingresos indebidos prescribirá ós catro anos, contados desde o día seguinte ó ingreso deles.

2. A Administración da Seguridade Social reembolsará, logo de acreditación do seu importe, o custo das garantías achegadas para suspender a execución dunha débeda coa Seguridade Social, en canto esta sexa declarada improcedente por sentenza ou resolución administrativa e a dita declaración adquira firmeza.

Cando a débeda sexa declarada parcialmente improcedente, o reembolso abranguerá a parte correspondente do custo das referidas garantías.

Así mesmo, nos supostos de estimación parcial do recurso ou a reclamación interpostos, terá dereito o obrigado á redución proporcional da garantía achegada nos termos que se establezan regulamentariamente.

3. Os ingresos que, en virtude de resolución xudicial firme, resulten ou se declaren obxecto de devolución ós interesados, terán a consideración de ingresos indebidos e serán obxecto de devolución nos termos fixados na dita resolución, con aplicación do establecido no artigo 106 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, cando a Administración da Seguridade Social fose condenada ó pagamento dunha cantidade líquida, ou do disposto no artigo 45 da Lei xeral orzamentaria, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, noutro caso.»

Tres. O punto primeiro do número 6 do artigo 36 queda redactado nos termos seguintes:

«Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración da Seguridade Social no exercicio das súas funcións recadatorias teñen carácter reservado e só poderán utilizarse para os fins recadatorios encomendados á Tesourería Xeral da Seguridade Social, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, salvo que a cesión ou comunicación teña por obxecto:

a) A investigación ou persecución de delitos públicos polos órganos xurisdiccionais ou polo Ministerio Público ou a Administración da Seguridade Social.

b) A colaboración coas administracións tributarias para efectos do cumprimento de obrigas fiscais no ámbito das súas competencias.

c) A colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, no exercicio da función inspectora ou coas entidades xestoras da Seguridade Social.

d) A colaboración con calquera outra Administración pública para a loita contra a fraude na obtención ou percepción de axudas ou subvencións a cargo de fondos públicos ou da Unión Europea.

e) A colaboración coas comisións parlamentarias de investigación no marco legalmente establecido.

f) A protección dos dereitos e intereses dos menores e incapacitados polos órganos xurisdiccionais ou o Ministerio Público.

g) A colaboración co Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

h) A colaboración cos xuíces e tribunais para a execución de resolucións xudiciais firmes. A solicitude xudicial de información esixirá resolución expresa, na que, por se teren esgotado os demais medios ou fontes de coñecemento sobre a existencia de bens e dereitos do debedor, se motive a necesidade de recadar datos da Administración da Seguridade Social.»

Catro. Introdúcese unha nova disposición adicional, a trixésima, co seguinte contido:

«Disposición adicional trixésima. *Cotización á Seguridade Social polos conceptos de recadación conxunta respecto dos penados que realicen actividades laborais en institucións penitenciarias.*

1. O organismo autónomo Traballo e Prestacións Penitenciarias ou órgano autonómico equi-

valente e os penados que realicen actividades laborais en institucións penitenciarias terán dereito a unha bonificación do 65 por 100 das cotizacións, relativas a eles, polos conceptos de recadación conxunta de desemprego, formación profesional e Fondo de Garantía Salarial.

Así mesmo, ás cotas empresariais por continxencias comúns que se determinen para os ditos traballadores seranlles de aplicación as bonificacións xerais que se outorguen á contratación de traballadores con especiais dificultades de inserción laboral, sen que lles sexan de aplicación as exclusións que puidesen establecerse para as relacións laborais de carácter especial. Cando resulten de aplicación as bonificacións que puidesen estar establecidas ou se establezan para as relacións laborais de carácter especial, optarase polas que resulten máis beneficiosas.

As bonificacións previstas nesta disposición financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Instituto Nacional de Emprego, salvo as relativas á achega do Fondo de Garantía Salarial que se financiarán con cargo ó orzamento do dito organismo.

2. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais determinará as bases de cotización deste colectivo dentro dos límites máximos e mínimos establecidos na Lei de orzamentos de cada exercicio en función das súas especiais características, sen que en ningún caso poidan ser inferiores ás bases mínimas fixadas para os contratos a tempo parcial.»

Artigo 25. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Modifícase o punto 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que queda redactado nos termos seguintes:

«2. As infraccións en materia de seguridade social prescribirán ós catro anos, contados desde a data da infracción.»

Artigo 26. *Renda activa de inserción.*

Habílitate o Goberno a regular para o ano 2001 dentro da acción protectora por desemprego e co réxime financeiro e de xestión establecido no capítulo V do título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, o establecemento dunha axuda específica, denominada renda activa de inserción, dirixida ós desempregados con especiais necesidades económicas e dificultades para encontrar emprego, que adquiran o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral.

Artigo 27. *Modificación da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relativa á presentación en soporte informático dos partes de baixa e alta en procesos de incapacidade temporal.*

Engádese un segundo parágrafo no artigo 30 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«De igual modo, facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para determina-los supostos e

condicións en que as empresas deberán presentar en soporte informático os partes de baixa e alta, correspondentes a procesos de incapacidade temporal, dos traballadores ó seu servizo.»

SECCIÓN 2.^a NORMAS RELATIVAS ÓS RÉXIMES ESPECIAIS DA SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 28. *Réxime de Seguridade Social dos corpos especiais de funcionarios técnicos do Estado ó servizo da sanidade local.*

Un. Os funcionarios dos corpos a que se refire a Lei 116/1966, do 28 de decembro, sobre retribucións dos sanitarios locais, que, por teren simultaneado legalmente as propias funcións dos seus corpos cos servizos correspondentes a prazas das institucións sanitarias da Seguridade Social, estiveran respectivamente incluídos obrigatoriamente no réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado e no réxime xeral da Seguridade Social, e nos que se dea a circunstancia de que, antes da entrada en vigor desta lei, o dito dobre desempeño de funcións se transformase nunha única prestación de servizos, deberán optar, por unha soa vez, antes do 30 de xuño do ano 2001 e con data de efectos do 1 de xullo do mesmo ano, por quedaren incluídos exclusivamente no réxime xeral da Seguridade Social ou encadrados no réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado.

Dous. Igualmente, os funcionarios dos corpos mencionados cando, nos mesmos supostos, pasen, a partir da entrada en vigor desta lei, de desempeñar dúas prestacións a unha única, deberán exercer esta opción no prazo de seis meses desde que se produza a dita circunstancia; para este fin tomarase a data desta como a de efectos da opción.

Tres. Se transcorridos os respectivos prazos indicados non se exercese expresamente a opción a que se refiren os dous parágrafos anteriores, o citado persoal quedará obrigatoriamente incluído no réxime xeral da Seguridade Social, causando a conseguinte baixa no réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado.

Artigo 29. *Modificación do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño.*

Modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño:

Un. Engádese un novo punto, o 6, ó artigo 10, coa redacción seguinte:

«6. A obriga de pagamento das cotizacións á mutualidade prescribirá ós catro anos contados desde a data en que preceptivamente deberon ser ingresadas. A prescrición quedará interrompida polas causas ordinarias e, en todo caso, por calquera actuación administrativa realizada con coñecemento formal do obrigado ó pagamento da cotización conducente á liquidación ou recadación da débeda e, especialmente, polo requirimento ó debedor.»

Dous. Engádese unha nova disposición adicional, a décima, coa redacción seguinte:

«Disposición adicional décima. *Reintegro de prestacións indebidas e prazo para a súa prescrición.*

1. Os mutualistas e as demais persoas que percibisen indebidamente prestacións da Mutuabilidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado estarán obrigados a reintegrar-lo seu importe.

2. Os que por acción ou omisión contribuísen a facer posible a percepción indebida dunha prestación responderán subsidiariamente cos perceptores, salvo boa fe probada, da obriga de reintegrar que se establece no punto anterior.

3. A obriga de reintegro do importe das prestacións indebidas percibidas prescribirá ós catro anos, contados a partir da data do seu cobramento, ou desde que foi posible exercer-la acción para esixir-la súa devolución, con independencia da causa que orixinou a percepción indebida, incluídos os supostos de revisión das prestacións por erro imputable á mutuabilidade.»

Artigo 30. *Modificación do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño.*

Engádese unha nova disposición adicional, a sétima, ó texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2000, do 9 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Reintegro de prestacións indebidas e prazo para a súa prescrición.*

1. Os asegurados e demais persoas que percibisen indebidamente prestacións do Instituto Social das Forzas Armadas virán obrigados a reintegrar-lo seu importe.

2. Os que por acción ou omisión contribuísen a facer posible a percepción indebida dunha prestación responderán, subsidiariamente cos perceptores, da obriga de reintegrar que se establece no punto anterior.

3. A obriga do reintegro do importe das prestacións indebidamente percibidas prescribirá ós catro anos, contados a partir da data do seu cobramento, ou desde que foi posible exercer-la acción para esixir-la súa devolución, con independencia da causa que orixinou a percepción indebida, incluídos os supostos de revisión das prestacións por erro imputable ó Instituto Social das Forzas Armadas.»

SECCIÓN 3.^a OUTRAS NORMAS EN MATERIA SOCIAL

Artigo 31. *Disolución e liquidación dos Fondos de Promoción de Emprego.*

1. Os Fondos de Promoción de Emprego disolvéranse a través do procedemento establecido nesta norma. Para tal fin os órganos de goberno dos fondos adoptarán, no prazo máximo de tres meses a partir da entrada en vigor da presente lei, os correspondentes acordos, extinguíndose a personalidade dos fondos unha vez concluído o proceso de liquidación iniciado mediante estes acordos de disolución.

2. O proceso de liquidación será levado a cabo por unha comisión liquidadora, que actuará durante un prazo de dous anos, a partir do acordo de iniciación do procedemento de liquidación prorrogable por Acordo do

Consello de Ministros, co número máximo do 24 membros, formada por quen designen, de forma conxunta, os órganos de goberno dos fondos. Para estes efectos a representación da Administración do Estado disporá, alomenos, dunha cota do 50 por 100, así como da presidencia da citada comisión liquidadora.

A comisión asumirá, a partir da súa constitución, as funcións dos órganos de goberno dos fondos, tendo a representación destes. Durante este proceso de liquidación, os órganos técnicos e administrativos dos fondos funcionarán como órganos de apoio da comisión liquidadora.

Serán funcións da comisión liquidadora a confección do inventario, a elaboración do balance final e a determinación do patrimonio, así como o pagamento dos acredores, incluídos expresamente os traballadores perceptores de prestacións polos fondos. A comisión liquidadora non poderá establecer novas relacións contractuais sen previa autorización do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. A comisión liquidadora recibirá as achegas ou subvencións públicas necesarias para pagamentos, nos mesmos termos que ata a entrada en vigor da presente lei eran recibidas polos fondos.

O proceso liquidatorio dos Fondos de Promoción de Emprego estará sometido ó control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. Finalizado o proceso de liquidación, se quedasen beneficiarios das prestacións do fondo, capitalizarase o importe pendente a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4. Unha vez concluído o proceso de liquidación quedarán extinguidos os Fondos de Promoción de Emprego. Ó se extinguiren os Fondos de Promoción de Emprego, adoptaranse as medidas laborais ou doutro tipo que en aplicación da normativa correspondente procedan.

Os fondos líquidos resultantes trala extinción dos Fondos de Promoción de Emprego ingresarán no Tesouro público. O restante patrimonio adscribirase ó patrimonio do Estado e poderase destinar a fins de formación profesional na maneira que, se é o caso, determine o Goberno mediante real decreto.

Se se acordase o citado destino específico consultarase as organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

5. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais dictará as instrucións correspondentes para o desenvolvemento da presente norma e, en particular, controlará o proceso liquidatorio e determinará os importes que percibirán, en cómputo anual, os membros da comisión liquidadora, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda.

Artigo 32. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, no referente á comunicación á oficina de emprego dos contratos de traballo.*

Un. Modifícase o número 1 do artigo 16 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os empresarios están obrigados a lle comunicar á oficina pública de emprego, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación e nos termos que regulamentariamente se determinen, o contido dos contratos de traballo que celebren ou as prórrogas deles, deban ou non formalizarse por escrito.»

Dous. Suprímese o último parágrafo do punto 3, letra a), do artigo 8 do texto refundido da Lei do Estatuto

dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que queda redactado nos seguintes termos:

«3.a) O empresario entregará á representación legal dos traballadores unha copia básica de tódolos contratos que deban celebrarse por escrito, a excepción dos contratos de relación laboral especial de alta dirección sobre os que se establece o deber de notificación á representación legal dos traballadores.

Co fin de comproba-la adecuación do contido do contrato á legalidade vixente, esta copia básica conterá tódolos datos do contrato a excepción do número do documento nacional de identidade, o domicilio, o estado civil, e calquera outro que, de acordo coa Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, poidera afecta-la intimidade persoal.

A copia básica seralles entregada polo empresario, en prazo non superior a dez días desde a formalización do contrato, ós representantes legais dos traballadores, que a asinarán para efectos de acreditar que se produciu a entrega.

Posteriormente, a dita copia básica enviarase á oficina de emprego. Cando non exista representación legal dos traballadores tamén deberá formalizarse copia básica e remitirse á oficina de emprego.»

Artigo 33. Modificación da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, no referente á comunicación á oficina de emprego dos contratos de traballo.

Modifícase o punto 1 do artigo 10 da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 10. *Forma e duración.*

1. O contrato de traballo celebrado entre a empresa de traballo temporal e o traballador para prestar servizos en empresas usuarias poderá concertarse por tempo indefinido ou por duración determinada coincidente coa do contrato de posta á disposición.

Estes contratos deberanse formalizar por escrito de acordo co establecido para cada modalidade. Así mesmo, a empresa de traballo temporal deberá de comunica-lo seu contido á oficina pública de emprego, nos termos que regulamentariamente se determinen, no prazo dos dez días seguintes á súa celebración.»

TÍTULO III

Do persoal ó servizo das administracións públicas

CAPÍTULO I

Réxime dos funcionarios públicos

SECCIÓN 1.^a CORPOS E ESCALAS

Artigo 34. Modificación da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no referente a separación dos corpos integrados no corpo superior de inspectores de finanzas do Estado.

Modifícase o artigo 57 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

Un. Modifícase o punto cinco.2.a) que queda redactado da seguinte forma:

«a) Os procesos para a adquisición dunha segunda especialidade do corpo superior de inspectores de Facenda desenvolveranse nun prazo non superior a catro anos desde a entrada en vigor da presente lei, e ata o 31 de decembro do ano 2002 os convocados para o acceso a un corpo dos creados nesta lei, que sexa distinto do de integración.»

Dous. Modifícase o punto sete, número 1, que queda coa seguinte redacción:

«1. Unha vez finalizado o prazo de catro anos para o desenvolvemento dos procesos selectivos de adquisición dunha segunda especialidade do corpo superior de inspectores de Facenda do Estado a que se refire o punto cinco, do presente artigo desta lei, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, de conformidade coa súa propia normativa e en función das necesidades do servizo, convocará os procesos necesarios para que os funcionarios en servizo activo do corpo superior de inspectores de Facenda do Estado, adscritos a unha especialidade, poidan adquiri-la restante.

Estes procesos reunirán as seguintes características:

a) A admisión ós procesos realizarase por concurso de méritos, nos que se valorará preferentemente a antigüidade no corpo superior de inspectores de finanzas do Estado e a orde dentro das respectivas promocións, por esta orde.

b) Os cursos impartiraos o Instituto de Estudos Fiscais e serán de duración e contido similar ós cursos de formación impartidos no seu día para a adquisición da correspondente especialidade.

c) Os funcionarios que superen estes procesos entenderanse non adscritos a ningunha especialidade, se ben seralles de aplicación o disposto no segundo parágrafo do punto catro.7 do presente artigo.»

Artigo 35. Creación das escalas dos organismos públicos de investigación no Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

1. Créase a escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación, dependente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, que queda adscrita a tal departamento, e clasificada no grupo A da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

2. Os funcionarios que, no momento da entrada en vigor desta lei, se atopan en situación de servizo activo nalgún dos organismos públicos de investigación: Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT); Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA); Instituto Español de Oceanografía (IEO), e Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME), poderán integrarse na escala que se menciona no punto anterior, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estaren en posesión do título de doutor.

b) Pertenceren como funcionarios de carreira a corpos, escalas ou prazas do grupo A.

c) Teren desempeñado, como mínimo, cinco anos en actividades de investigación durante os dez anos anteriores á entrada en vigor desta lei nalgún dos organismos expresados, ou cumpriren o dito requisito durante os dez anos anteriores á presentación da solicitude de integración.

3. Os funcionarios de carreira que, á entrada en vigor desta lei, se encontren en servizo activo no corpo de titulados superiores especializados, do Consello Superior de Investigacións Científicas, poderán integrarse na escala de investigadores titulares, se reúnen os seguintes requisitos:

- a) Estaren en posesión do título de doutor.
- b) Teren desempeñado, como mínimo, cinco anos en actividades de investigación durante os dez anos anteriores á entrada en vigor desta lei nalgún dos organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, ou cumpriren o dito requisito durante os dez anos anteriores á presentación da solicitude de integración.

4. Os funcionarios de carreira do grupo A que, no momento da entrada en vigor desta lei, se encontren en servizo activo nalgún dos organismos públicos de investigación, a que se refire este artigo, desenvolvendo actividades de investigación e non cumplan algún dos requisitos esixidos terán a consideración de investigadores en funcións, integrándose nunha relación de funcionarios coa dita consideración, o que lles permitirá continuar en servizo activo nos seus corpos, escalas ou prazas e no desempeño dos seus actuais postos de traballo, podendo participar nos procedementos para a provisión de postos de traballo de carácter investigador nos termos que regulamentariamente se determinen, conforme o previsto no punto 9.

Os que formen parte da relación de investigadores en funcións investigadoras poderán integrarse na escala de investigadores titulares, cando cumplan os requisitos esixidos nas letras a) e c) do punto 2.

5. Créase a escala de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación: Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT), Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME), e Instituto Español de Oceanografía (IEO), dependente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, que queda adscrita a tal departamento, e clasificada no grupo A da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

6. Poderán integrarse na escala a que se refire o punto anterior os funcionarios de carreira que no momento da entrada en vigor desta lei se encontren en servizo activo nalgún dos organismos que así mesmo se mencionan no punto 5, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estaren en posesión do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto.
- b) Pertenceren como funcionarios de carreira a corpos, escalas ou prazas do grupo A.
- c) Estaren desempeñando actividades de deseño, aplicación, mantemento e mellora en instalacións científicas experimentais, ou funcións de asesoramento, análise ou informes nas súas especialidades respectivas.

7. A integración en cada unha das escalas creadas neste artigo e na relación de investigadores en funcións, segundo proceda, será realizada, por petición dos interesados e logo de comprobación dos requisitos esixidos, por unha comisión cualificadora integrada por representantes dos ministerios de Ciencia e Tecnoloxía e de Administracións Públicas e dos organismos públicos de investigación adscritos a aquel.

8. Os funcionarios que se integren nas escalas que se crean neste artigo continuarán no desempeño dos seus actuais postos de traballo, pasando á situación de excedencia voluntaria, á que se refire o artigo 29.3.a) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos seus corpos, escalas ou prazas de orixe.

As prazas que se creen para a integración dos funcionarios nas novas escalas de investigadores titulares e de técnicos superiores especialistas financiaranse con cargo ás dotacións orzamentarias correspondentes ós postos desempeñados polos interesados.

9. A mobilidade dos funcionarios das novas escalas e dos investigadores en funcións establecerase regulamentariamente tendo en conta a especificidade das áreas de investigación nas que se integren e as titulacións, experiencias e coñecementos.

SECCIÓN 2.^a PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

Artigo 36. *Modificación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.*

Engádese un novo parágrafo ó artigo 20, punto 1, letra c), da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, coa seguinte redacción:

«As administracións públicas poderán trasladar os seus funcionarios, por necesidades de servizo, a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos ós do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e provincia e illa de destino e modificando, se é o caso, a adscrición dos postos de traballo dos que sexan titulares. Cando o novo destino implique cambio do termo municipal de residencia, os funcionarios terán dereito ás indemnizacións establecidas regulamentariamente para os traslados forzosos en territorio nacional.»

Suprímese a letra d) do artigo 20.1 da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

SECCIÓN 3.^a PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO EN ENTIDADES LOCAIS

Artigo 37. *Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

Modifícase o artigo 102 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 102.

1. As probas de selección e os concursos para a provisión de postos de traballo, a que se refire o presente capítulo, rexeranse polas bases que aprobe o presidente da corporación, a quen corresponderá a súa convocatoria.

2. Nas probas selectivas, o tribunal ou órgano similar elevará a correspondente relación de aprobados ó presidente da corporación para face-lo nomeamento, a quen tamén corresponderá a resolución motivada dos concursos para a provisión de postos de traballo, logo de proposta daqueles órganos de selección.»

SECCIÓN 4.^a RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

Artigo 38. *Modificación da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do

Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

Un. A letra g) do punto 2 do artigo 1 queda redactada da seguinte forma:

«g) Os membros do Gabinete do presidente do Goberno e da Vicepresidencia nomeados por Acorde do Consello de Ministros e os directores dos gabinetes dos ministros.»

Dous. O punto 1 do artigo 5 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os altos cargos están obrigados a efectuar declaración das actividades que desempeñen por si ou mediante substitución ou apoderamento nos termos que regulamentariamente se establezan no improrrogable prazo de tres meses seguintes á data de toma de posesión, así como cada vez que o alto cargo inicie unha nova actividade, das que son obxecto de regulación nesta lei.»

Suprímese o punto 2 e o punto 3 pasa a se-lo 2.

Tres. O punto 2 do artigo 6 queda redactado da seguinte maneira:

«2. A declaración a que se refire o punto un deste artigo efectuarase no improrrogable prazo de tres meses seguintes ás datas de toma de posesión e cesamento, respectivamente, no alto cargo, así como anualmente entre o 1 e o 31 de xullo. Ás declaracións iniciais e ás que se efectúen anualmente xuntarase copia da última declaración tributaria correspondente ó imposto sobre a renda das persoas físicas que tivese obriga de presentalo declarante ante a Administración tributaria. A declaración de bens pode ser substituída se se achega copia da última declaración tributaria correspondente ó imposto extraordinario sobre o patrimonio. Tamén se poderá achega-la declaración voluntaria do cónxuxe referida a estes tributos. As devanditas declaracións depositaranse no rexistro como información complementaria, rexéndose o acceso a elas pola súa normativa específica.»

O punto 3 suprímese, pasando o punto 4 a se-lo 3.

Artigo 39. Modificación da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Modifícase o artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Por excepción, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei poderá compatibilizalas súas actividades co desempeño dos cargos electivos seguintes:

a) Membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, salvo que perciban retribucións periódicas polo desempeño da función ou que elas establezan a incompatibilidade.

b) Membros das corporacións locais, salvo que desempeñen nelas cargos retribuídos en réxime de dedicación exclusiva.

2. Nos supostos comprendidos neste artigo só poderá percibirse a retribución correspondente a unha das dúas actividades, sen prexuízo das axudas de custo, indemnizacións ou asistencias que correspondan pola outra. Non obstante, nos supostos de

membros das corporacións locais na situación de dedicación parcial a que fai referencia o artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, poderanse percibir retribucións por tal dedicación, sempre que a desempeñen fóra da súa xornada de traballo na Administración, e sen superar en ningún caso os límites que con carácter xeral se establezan, se é o caso. A Administración na que preste os seus servizos un membro dunha corporación local en réxime de dedicación parcial e esta última deberán comunicarse reciprocamente a súa xornada en cada unha delas e as retribucións que perciban, así como calquera modificación que se produza nelas.»

SECCIÓN 5.^a DOS DEREITOS PASIVOS

Artigo 40. Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.

Modifícanse os seguintes artigos do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.

Un. O primeiro parágrafo do número 1 do artigo 41 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Terán dereito a pensión de orfandade os fillos do causante dos dereitos pasivos que fosen menores de vinteun anos, así como os que estivesen incapacitados para todo traballo antes do cumprimento da dita idade ou da data do falecemento do causante.»

Dous. Modifícase o segundo parágrafo do número 2 do artigo 41, co seguinte contido:

«Non obstante, se o orfo maior de vinteun anos se incapacitase para todo traballo antes de cumprirlos vintetrés anos de idade, terá dereito á pensión de orfandade con carácter vitalicio.»

Tres. As pensións de orfandade en favor de incapacitados, calquera que sexa a súa lexislación reguladora, que se denegasen ou suspendesen no seu aboamento con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei, por non acreditarlo dereito á asistencia xurídica grauíta, poderán ser revisadas por instancia de parte.

Os efectos económicos das revisións que se efectúen retrotraeranse, como máximo, ó 1 de xaneiro do ano 2001, sendo de aplicación, se é o caso, as normas que regulan a caducidade de efectos económicos no réxime de clases pasivas do Estado.

Catro. Engádesse un punto 4 ó artigo 47, coa redacción seguinte:

«4. Presumirase o acto de servizo, salvo proba en contrario, cando a incapacidade permanente ou o falecemento do funcionario acaecesen no lugar e tempo de traballo.»

SECCIÓN 6.^a OUTRAS NORMAS EN MATERIA DE PERSOAL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Artigo 41. Modificación do artigo 106 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sobre utilización de vivenda.

Modifícase o punto catro do artigo 106 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, admi-

nistrativas e da orde social, que queda redactado da seguinte forma:

«Catro. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, e en tanto o indicado desenvolvemento regulamentario non teña lugar, continuará no goce da vivenda o persoal que a viñese ocupando por razón do posto de traballo desempeñado, mentres permaneza no citado posto.»

Artigo 42. *Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

Dáse nova redacción ó artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, caso en que serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

2. Os membros das corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizaren funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a elas, caso en que serán igualmente dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Estas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, se é o caso, nas leis de orzamentos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que comporten esta dedicación parcial e das retribucións deles, deberase conte-lo réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das ditas retribucións.

Os membros das corporacións locais que sexan persoal das administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no punto sexto do presente artigo.

3. Só os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da corporación.

4. Os membros das corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as que en desenvolvemento delas aprobe o pleno corporativo.

5. As corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asis-

tencias a que se fai referencia nos catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, se é o caso. Deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do presidente da corporación determinando os membros desta que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

6. Para efectos do disposto no artigo 37.3.d) do Estatuto dos traballadores e no artigo 30.2 da Lei 30/1984, enténdese por tempo indispensable para o desempeño do cargo electivo dunha corporación local, o necesario para a asistencia ás sesións do pleno da corporación ou das comisións e atención ás delegacións de que forme parte ou que desempeñe o interesado.

7. Tódolos membros das corporacións locais formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lles poida proporcionar ingresos económicos.

Formularán así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais.

Ambalas declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cesamento e cando se modifiquen as circunstancias de feito.

Tales declaracións inscribíranse nos rexistros de intereses constituídos en cada corporación local. O rexistro de causas de posible incompatibilidade e de actividades terá carácter público.»

CAPÍTULO II

Outros réximes de funcionarios

Artigo 43. *Réxime do corpo único de notarios.*

Para o correcto desenvolvemento da integración entre notarios e corredores de comercio colexiados nun corpo único de notarios establecida na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medias fiscais, administrativas e da orde social, establécense as normas seguintes:

Un. Regulación da antigüidade de notarios e corredores de comercio colexiados e orde escalafonal:

1. Para os efectos de fixa-la antigüidade en ámbolos corpos, considerarase que esta se conta desde a data de nomeamento. Para os notarios nomeados con anterioridade á reforma do regulamento de 1984 tal data será a da súa orde de nomeamento; para os notarios nomeados consonte o establecido na reforma regulamentaria citada, tal data será a que resulte do acto administrativo polo que se resolve o primeiro concurso de traslado ó que debe concorrer obrigatoriamente toda a promoción, aínda que como consecuencia do dito acto administrativo só obtivese praza parte dela. Para os corredores de comercio colexiados haberase que ater ó que resulte do escalafón aprobado o 22 de maio de 2000 («Boletín Oficial del Estado» do 7 de xuño), conservando os antigos axentes de cambio e bolsa que o 30 de setembro de 2000 se encontraran en situación de excedencia o dereito preferente establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e sen que en ningún caso o tempo de per-

manencia na dita situación antes do 1 de outubro de 2000 lles sexa computado para efectos de antigüidade.

2. O corredor de comercio colexiado asignaráselle a clase correspondente á da praza que servise o 1 de outubro de 2000, sempre que a antigüidade na carreira sexa superior a seis ou nove anos, respectivamente, segundo se trate de praza de clase segunda ou primeira, salvo que se accedese á praza por concurso-oposición.

Dándose os dous requisitos indicados no parágrafo anterior, a antigüidade na clase será a que resulte de deducir á antigüidade na carreira seis anos para a clase segunda e nove anos para a primeira.

Malia o anterior, os corredores de comercio que accedesen á praza por concurso-oposición terán a antigüidade na clase correspondente á data da resolución do seu nomeamento para a dita praza, sempre que en 1 de outubro de 2000 permanezan na mesma ou noutra de igual categoría, salvo que lles resulte unha maior antigüidade na clase consonte a regra xeral.

Salvo nos aludidos casos especiais de concurso-oposición, en defecto da citada antigüidade mínima na carreira en 1 de outubro de 2000, o corredor de comercio colexiado poderá concursar tanto pola quenda primeira como pola segunda, suxeitándose en canto a esta última ó previsto no artigo 92 do Regulamento notarial.

A praza a que se refire o parágrafo primeiro desta letra b), será a que o corredor de comercio servise o 1 de outubro de 2000 ou a última servida, se estivese excedente, ou a que tivese dereito a servir na data antes citada, aínda que, en tal momento, non se publicase o nomeamento no «Boletín Oficial del Estado», como consecuencia do último concurso-oposición restrinxido ou do dereito de opción previsto para os corredores de comercio colexiados con motivo da reordenación de prazas e circunscricións.

Os notarios que á entrada en vigor desta norma participasen nas oposicións a que se refire o artigo 97 do Regulamento notarial, poderán facer uso dos dereitos obtidos na oposición cando o estimen oportuno, podendo concursar ata entón sen utilizar aqueles.

3. O acto administrativo polo que se anuncia o concurso de traslado para a provisión de notaría vacantes terá que expresa-la clase ou categoría que se atribúe ás que ata o 30 de setembro eran prazas para o exercicio das funcións de corredor de comercio colexiado. A clasificación das ditas notaría realizarase en atención a criterios basicamente demográficos, segundo o último censo de poboación publicado polo Instituto Nacional de Estatística, na forma determinada pola lexislación notarial.

Non obstante, as prazas que radiquen nunha poboación en que exista demarcada outra notaría xa clasificada na demarcación notarial terán a clase ou categoría correspondente a esa notaría preexistente.

4. Queda derogado o terceiro parágrafo do punto 1 do artigo 4 do Real decreto 1643/2000.

Dous. Réxime disciplinario dos notarios.

1. O réxime disciplinario dos notarios rexerese polo establecido nos puntos seguintes e no Regulamento notarial. Supletoriamente, na falta de normas especiais, aplicarase o disposto nas normas reguladoras do réxime disciplinario dos funcionarios civís do Estado, excepto no referente á tipificación das infraccións.

2. Consideraranse infraccións moi graves, graves ou leves dos notarios, as seguintes:

A) Son infraccións moi graves:

a) As conductas constitutivas de delicto doloso relacionadas coa prestación da fe pública que causen dano á Administración ou ós particulares declaradas en sentenza firme.

b) As conductas que comportasen sanción administrativa, en resolución firme, por infracción grave de disposicións en materia de prevención de branqueo de capitais, tributaria, de mercado de valores ou outras previstas na lexislación especial que resulte aplicable, sempre que a dita infracción estea directamente relacionada co exercicio da súa profesión.

c) A autorización ou intervención de documentos contrarios ó disposto nas leis ou nos seus regulamentos, ás súas formas e regras esenciais sempre que se deriven prexuízos graves para clientes, para terceiros ou para a Administración.

d) A actuación do notario sen observar as formas e regras da presenza física.

e) A reincidencia pola comisión de infraccións graves no prazo de dous anos sempre que fosen sancionadas por resolución firme.

f) O incumprimento grave das normas sobre incompatibilidades contidas na Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, e na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

g) A percepción de dereitos arancelarios con infracción das disposicións polas que aqueles se rexan.

h) Así mesmo, son infraccións moi graves as seguintes:

a) O incumprimento do deber de fidelidade á Constitución no exercicio da profesión.

b) Toda actuación profesional que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión, lingua, opinión, lugar de nacemento, veciñanza ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) A violación de neutralidade ou independencia política, utilizando as facultades atribuídas para influír en procesos electorais de calquera natureza e ámbito así como a obstaculización ó exercicio das liberdades públicas e dereitos sindicais.

B) Son infraccións graves:

a) As conductas que comportasen sanción administrativa, en resolución firme, por infracción de disposicións en materia de prevención de branqueo de capitais, tributaria, de mercado de valores, ou outras previstas na lexislación especial que resulte aplicable, sempre que a dita infracción estea directamente relacionada co exercicio da súa profesión e non constitúan falta moi grave.

b) A negativa inxustificada e reiterada á prestación de funcións requiridas así como a ausencia inxustificada por máis de dous días do lugar da súa residencia que cause dano a terceiros.

c) As conductas que impidan prestar con imparcialidade, dedicación e obxectividade as obrigas de asistencia, asesoramento e control de legalidade que a vixente lexislación lles atribúe ós notarios ou que poñan en perigo os deberes de honradez e independencia necesarios para o exercicio público da súa función.

d) Os enfrontamentos graves e reiterados do notario con autoridades, clientes ou outros notarios, no lugar, zona ou distrito onde exerza a súa función debida a actitudes non xustificadas daquel.

e) O incumprimento grave e reiterado de calquera deber imposto pola lexislación notarial ou por acordo corporativo vinculante así como a falta de pagamento dos gastos colexiais acordados regulamentariamente.

f) A reincidencia pola comisión de infraccións leves no prazo de dous anos sempre que fosen sancionadas por resolución firme.

g) Así mesmo, son infraccións graves as seguintes:

a) A falta de rendemento que afecte o normal funcionamento do servizo e non constitúa falta moi grave.

b) A falta de obediencia debida ás xuntas directivas e ó Consello Xeral do Notariado.

c) É infracción disciplinaria leve, se non procedese cualificala como grave ou moi grave, o incumprimento dos deberes e obrigas impostos pola lexislación notarial ou, con base nela, por resolución administrativa ou acordo corporativo, sempre que o notario fose expresamente requirido para a súa observancia polo órgano administrativo ou corporativo competente.

O requirimento citará expresamente o precepto, dará un prazo para cumprilo e apercibirá o notario de que, se non o fai, poderá incorrer en infracción disciplinaria leve.

3. Os membros ou delegados da Xunta de Decanos, os das xuntas directivas dos colexios notariais así como os arquiveiros de protocolos, poderán ser sancionados polo director xeral dos Rexistros e do Notariado e polo ministro de Xustiza, nos supostos seguintes, que terán a consideración de infracción grave, salvo que for reiterada no transcurso do seu mandato, caso en que será infracción moi grave:

a) O incumprimento grave ou reiterado dos seus deberes, sempre que supoña infracción dun precepto legal, regulamentario ou corporativo.

b) A negativa ou resistencia a cumprir instrucións, circulares, resolucións ou actos administrativos de obrigado cumprimento e as graves insuficiencias ou deficiencias no seu cumprimento.

c) O incumprimento ou cumprimento defectuoso de acordos corporativos regularmente adoptados, se media se dolo ou negligencia grave.

4. As sancións que poden ser impostas ós notarios, sen prexuízo do previsto na lexislación notarial en relación á traba da súa fianza, son as seguintes:

- a) Apercibimento.
- b) Multa.
- c) Suspensión dos dereitos de ausencia, licencia ou traslación voluntaria ata dous anos.
- d) Postergación na antigüidade na carreira cen postos ou na clase ata cinco anos.
- e) Traslación forzosa.
- f) Suspensión de funcións ata cinco anos.
- g) Separación do servico.

Na sanción de multa existirá unha escala de tres tramos: menor, entre 100.000 e 500.000 pesetas; media, entre 500.000 e 2.000.000 de pesetas, e maior entre 2.000.000 e 5.000.000 de pesetas. En caso de reiteración poderán multiplicarse a dita contía ata un máximo do cento por cento da multa que hai que pagar.

As infraccións moi graves sancionaranse con multa no último tramo, traslación forzosa, suspensión de funcións e separación do servico.

As infraccións graves sancionaranse con multa a partir do tramo medio da escala, con suspensión dos dereitos regulamentarios de ausencia, licencia ou traslación voluntaria e con postergación.

As infraccións leves só poderán ser sancionadas con apercibimento, con multa de tramo menor ou con suspensión dos dereitos regulamentarios de ausencia, licencia ou traslación voluntaria.

As sancións graduaranse atendendo en cada caso concreto, esencialmente, á trascendencia que para a prestación da función notarial teña a infracción cometida; a existencia de intencionalidade ou reiteración e a entidade dos prexuízos ocasionados.

A imposición dunha sanción por infracción grave ou moi grave levará anexa, como sanción accesoria, a privación da aptitude para ser elixido membro das xuntas directivas mentres non se obtivese rehabilitación.

O notario separado do servico causará baixa no escalafón e perderá tódolos seus dereitos, excepto os derivados da previsión notarial, nos casos en que correspondan.

5. Son órganos competentes na imposición de sanción as xuntas directivas dos colexios notariais, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado e o ministro de Xustiza.

As xuntas directivas poderán impoñer as sancións de apercibimento e multa nos tramos menor e medio.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado será o órgano competente para impoñer as sancións non reservadas ás xuntas directivas excepto a separación do servico.

A separación do servico só poderá ser imposta polo ministro de Xustiza.

6. As infraccións prescribirán ós catro meses, no caso de infraccións leves; ós dous anos, as infraccións graves e ós catro anos, as infraccións moi graves, computados desde a súa comisión.

Os mesmos prazos serán necesarios, nos mesmos supostos, para a prescrición das sancións, computados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución en que se impoñan.

A incoación de procedemento penal non será obstáculo para a iniciación dun expediente disciplinario polos mesmos feitos, mais non se dictará resolución neste en tanto non recaese sentenza ou auto de sobreseimento firmes na causa penal.

En todo caso, a declaración de feitos probados contida na resolución que pon termo ó procedemento penal vinculará a que se dicte no expediente disciplinario, sen prexuízo da distinta cualificación xurídica que poidan merecer nunha e noutra vía.

Só poderá recaer sanción penal e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non houber identidade de fundamento xurídico e de ben xurídico protexido.

7. A salvo as medidas cautelares que poidan adoptalos xulgados ou tribunais competentes, as sancións disciplinarias de apercibimento e multa executaranse cando quede esgotada a vía administrativa. As sancións de postergación, traslación, suspensión de funcións e separación de servico, executaranse cando sexan firmes.

8. O ministro de Xustiza, no suposto da separación do servico, ou o director xeral dos Rexistros e do Notariado nos restantes casos, poderán suspender provisionalmente no exercicio das súas funcións a calquera notario ó que se lle ordenase incoar procedemento disciplinario por infracción moi grave ou grave, se iso for necesario para asegura-la debida instrucción do expediente ou para impedir que continúe o dano ó interese público ou de terceiros. Contra a resolución que acorde a suspensión provisional, que esgotará a vía administrativa, poderase recorrer independentemente.

9. Os notarios sancionados poderán obter a cancelación nos seus expedientes persoais das sancións anotadas cando transcorrese un ano desde que gañou firmeza a orde, resolución ou acordo sancionador se a falta foi leve, dous anos se foi grave e catro anos se foi moi grave, salvo se os efectos da sanción se estendesen a prazos superiores, caso en que será necesario o transcurso destes.

10. Non poderán impoñerse sancións por infraccións graves ou moi graves senón en virtude do procedemento ordinario que estableza o Regulamento notarial. O prazo máximo para dictar e notifica-la resolución será de nove meses, ampliables por outros tres mediante acordo motivado do órgano que decidiu a iniciación do procedemento.

A imposición de sancións por infracción leve farase en procedemento abreviado que só requirirá a previa audiencia do inculpado. Nestes casos o prazo máximo para dictar e notifica-la resolución será de tres meses.

Transcorridos os expresados prazos máximos, o procedemento quedará caducado, pero a caducidade non producirá en por si a prescrición da infracción.

11. O Goberno procederá no prazo de seis meses ó desenvolvemento regulamentario das presentes normas. Ata entón, as normas do título VI do Regulamento notarial aplicaranse no que non se opoñan ó presente artigo.

12. Queda derogada a disposición adicional oitava da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de entidades de crédito á segunda directiva de coordinación bancaria.

TÍTULO IV

Normas de xestión e organización administrativa

CAPÍTULO I

Da xestión

SECCIÓN 1.^a DA XESTIÓN FINANCEIRA

Artigo 44. *Modificación do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.*

Modifícanse os seguintes artigos do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Un. Engádese un novo punto, o cinco, ó artigo 6, coa seguinte redacción:

«5. Son fundacións estatais para efectos desta lei as fundacións na dotación das cales participen maioritariamente, directa ou indirectamente, a Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos ou as demais entidades do sector público estatal. A súa creación requirirá en todo caso autorización previa por parte do Consello de Ministros.»

Dous. O capítulo III do título II queda redactado da forma seguinte:

«CAPÍTULO III

Os orzamentos de explotación e de capital e os programas de actuación plurianuais

Artigo 87. 1. As sociedades mercantís estatais e as entidades públicas empresariais elaborarán un orzamento de explotación que detallará os recursos e dotacións anuais correspondentes. Así mesmo, formarán un orzamento de capital co mesmo detalle. Os orzamentos de explotación e de capital integraranse nos orzamentos xerais do Estado.

Tamén elaborarán orzamentos de explotación e de capital aqueles organismos públicos a que se refiren as disposicións adicionais novena e décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, suxeitos a esta obriga polas normas que lles sexan aplicables. As referencias realizadas no presente capítulo ás entidades públicas empresariais aplicaranse así mesmo ós organismos expresados neste parágrafo.

2. Os orzamentos de explotación e de capital estarán constituídos por unha previsión da conta de resultados e do cadro de financiamento do correspondente exercicio. Como anexo ós ditos orzamentos xuntarase unha previsión do balance da entidade, así como a documentación complementaria que determine o Ministerio de Facenda.

3. As entidades remitirán os estados financeiros sinalados no punto anterior referidos, ademais de ó exercicio relativo ó proxecto de orzamentos xerais do Estado, á liquidación do último exercicio cerrado e ó avance da liquidación do exercicio corrente.

4. Xunto cos orzamentos de explotación e de capital, as entidades remitirán unha memoria explicativa do seu contido, da execución do exercicio anterior e da previsión da execución do exercicio corrente.

Artigo 88. 1. As entidades que deban elaboralos orzamentos de explotación e de capital consonte o disposto no artigo 87 desta lei formularán anualmente, así mesmo, un programa de actuación plurianual.

2. O programa de actuación plurianual estará integrado polos estados financeiros determinados no artigo 87 desta lei e, xunto coa documentación indicada no número 3 seguinte, reflectirá os datos económico-financeiros provisionais para o exercicio relativo ó proxecto de orzamentos xerais do Estado e ós dous exercicios inmediatamente seguintes, segundo as liñas estratéxicas e obxectivos definidos para a entidade.

3. Os programas de actuación plurianual acompañaranse da información de carácter complementario seguinte:

a) Hipótese da evolución dos principais indicadores macroeconómicos que servisen de base para a elaboración dos programas de actuación plurianual.

b) Premisas principais da formulación que conforme as liñas estratéxicas da entidade.

c) Previsións plurianuais dos obxectivos que se pretenden alcanzar.

d) Memoria das principais actuacións da entidade.

e) Programa de investimentos.

f) Plan financeiro do período que cuantificará os recursos e as fontes externas de financiamento.

g) A restante documentación que determine o Ministerio de Facenda.

Artigo 89. 1. Os orzamentos de explotación e de capital serán remitidos polas entidades conxuntamente cos programas de actuación plurianual antes do 10 de xullo de cada ano, a través do departamento do que dependan, ó Ministerio de Facenda. A estrutura básica e a documentación complementaria dos ditos documentos será establecida polo Ministerio de Facenda e será desenvolvida por cada entidade consonte as súas necesidades.

2. Non están obrigados a presenta-lo programa de actuación plurianual aquelas sociedades mercantís estatais que, de acordo co disposto na lexislación mercantil vixente, poidan presentar balance abreviado, salvo que reciban con cargo ós orzamentos xerais do Estado subvencións de explotación ou capital ou outra achega de calquera natureza.

3. As entidades que deban elaboralos orzamentos de explotación e de capital que posúan, directa ou indirectamente, a maioría de capital social dunha ou varias sociedades mercantís estatais poderán presenta-los seus orzamentos de explotación e de capital e os seus programas de actuación plurianual de forma consolidada coas ditas sociedades mercantís estatais, relacionando as sociedades obxecto de presentación consolidada. Esta norma non se aplicará a aquelas socie-

dades mercantís estatais que, pola súa vez, estean participadas maioritariamente, de forma directa ou indirecta, por outra entidade que deba elaboralos orzamentos de explotación e de capital.

Deberán presentar, en todo caso, o orzamento de explotación e de capital e o programa de actuación plurianual de forma individualizada e as entidades públicas empresariais, así como as sociedades mercantís estatais que soliciten con cargo ós orzamentos xerais do Estado subvencións de explotación ou capital ou outra achega de calquera natureza.

4. Os programas de actuación plurianual someteranse ó acordo do Goberno antes da fin de febreiro de cada ano por proposta do ministro de Facenda. Para estes efectos, as entidades elaborarán oportunamente as adaptacións que sexan necesarias, a resultas do proceso de aprobación polas Cortes Xerais dos seus orzamentos de explotación e de capital e remitiranas ó Ministerio de Facenda a través do departamento do que dependan.

Artigo 90. 1. As sociedades mercantís estatais e as entidades públicas empresariais dirixirán o seu funcionamento á consecución dos obxectivos emanados das propostas reflectidas nos seus orzamentos de explotación e capital e nos seus programas de actuación plurianual.

2. Cando algunha das entidades citadas no número anterior reciba con cargo ós orzamentos xerais do Estado subvencións de explotación ou de capital ou outra achega de calquera natureza, as autorizacións das variacións anuais que supoñan incremento de dotacións dos seus orzamentos de explotación e capital axustaranse ó seguinte:

a) Se a variación afectase as achegas estatais recollidas nos orzamentos xerais do Estado, a competencia corresponderá á autoridade que a tivese atribuída respecto das correspondentes modificacións orzamentarias.

b) Se as variacións non afectasen as citadas achegas estatais, será competencia do ministro do departamento do que dependa a entidade cando o seu importe non exceda da contía de 100 millóns de pesetas nin do 5 por 100 das cifras aprobadas para o total das dotacións tanto do orzamento de explotación como do orzamento de capital, excluídos do cómputo do primeiro os impostos e os resultados e do segundo a variación do capital circulante. Cando a variación supere a contía de 500 millóns de pesetas e o dito 5 por 100, a súa autorización corresponderá ó Goberno. Nos demais casos, a autorización das variacións corresponderá ó ministro de Facenda. Estas porcentaxes aplicaranse acumulativamente en cada exercicio orzamentario.

c) Sen prexuízo do establecido no punto anterior, será competencia do Goberno autorizar a variación por un importe superior á contía de 100 millóns de pesetas e ó 5 por 100 das cifras aprobadas individualizadamente para cada unha das seguintes dotacións: os gastos de persoal, os investimentos materiais e inmateriais, os investimentos financeiros e o endebedamento a longo prazo, a salvo sempre os límites determinados por lei. Nos demais casos, a variación das dotacións será autorizada polo ministro de Facenda.

3. As entidades públicas empresariais só poderán incrementar, durante o exercicio e ata un 5 por 100, a cifra total que dediquen ó financiamento dos programas das sociedades mercantís estatais

en que participen. Nos demais casos, requirirase autorización do Goberno.

4. Sen prexuízo doutras competencias, o control de eficacia a que se refire o número 2 do artigo 17 desta lei será exercido, respecto das sociedades mercantís estatais e das entidades públicas empresariais, polo organismo público que neles teña participación maioritaria ou, se é o caso, polo ministerio do que dependan directamente.

Artigo 91. 1. Nos supostos en que se estipulen convenios co Estado que dean lugar a réximes especiais, tanto polas entidades a que se refire o número 1 do artigo 87 desta lei como por calquera outra que reciba subvencións de explotación e de capital ou outra achega de natureza distinta con cargo ós orzamentos xerais do Estado, non deixarán de establecerse as correspondentes cláusulas sobre as seguintes materias:

a) Hipóteses macroeconómicas e sectoriais que sirvan de base ó acordo.

b) Obxectivos da política de persoal, rendibilidade, produtividade ou reestruturación técnica da explotación económica, así como métodos indicadores de avaliación daqueles.

c) Achegas con cargo ós orzamentos xerais do Estado nas súas distintas modalidades a que se refire este punto.

d) Medios que se empregarán para adaptalos obxectivos acordados ás variacións habidas no respectivo contorno económico.

e) Efectos que han de derivarse do incumprimento dos compromisos acordados.

f) Control polo Ministerio de Facenda da execución do convenio e dos resultados derivados da súa aplicación.

2. O control a que se refire a letra f) do número 1 anterior non excluírá o que poida corresponder ós respectivos departamentos ou organismos dos que dependan as entidades que subscribisen os correspondentes convenios.

3. A subscrición do convenio a que se refiren os números anteriores non excluírá a elaboración do orzamento de explotación e de capital e do programa de actuación plurianual.»

Tres. A letra a) do número 3 do artigo 93 queda redactada da forma seguinte:

«Artigo 93. 3. a) Intervi-la liquidación dos orzamentos a que se refire o artigo 87 desta lei.»

Catro. Engádese un novo punto 1 bis ó artigo 104, que queda redactado da seguinte forma:

«1 bis. Establecer, logo de informe do Ministerio de Facenda, mediante a correspondente orde ministerial, os procedementos concretos que terán que segui-las operacións de financiamento público e de xestión da débeda pública, de acordo cos obxectivos de óptima xestión e adecuación ós usos dos mercados financeiros.»

Cinco. Modifícase o texto dos artigos que a continuación se relacionan e que quedan redactados como segue:

Artigo 100, punto 2.

«A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará anualmente a auditoría das contas dos organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, os organismos públicos e as entida-

des a que se refiren as disposicións adicionais novena e décima da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, as fundacións estatais e as sociedades mercantís estatais, nos supostos, forma e co alcance establecidos no artigo 129 desta lei.»

Artigo 123, punto 3.

«As fundacións estatais formarán e renderán as súas contas de acordo cos principios e normas de contabilidade recollidos na adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e disposicións que o desenvolvan.»

Suprímese o segundo parágrafo do punto 3 do artigo 123.

Artigo 127, punto 1 letra f).

«Os presidentes do padroado das fundacións estatais.»

Artigo 129.

«1. A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará anualmente a auditoría das contas que deban rendelos organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, os organismos públicos e as entidades a que se refiren as disposicións adicionais 9 e 10 da Lei 6/1997, do 14 de abril, e as entidades do sistema de Seguridade Social. Así mesmo realizará a auditoría de contas das fundacións estatais e as sociedades mercantís estatais que, non estando sometidas á obriga de auditarse en virtude da súa lexislación específica, se inclúsen no plan anual.

2. O informe de auditoría emitirase nun prazo non superior a tres meses contados a partir do momento en que as contas se poñan á disposición dos auditores. Para tal fin, os organismos, entidades, fundacións ou sociedades auditadas estarán obrigadas a facilitar canta documentación e información fose necesaria para realiza-los traballos de auditoría de contas.»

Artigo 130, punto 1.

«En cumprimento da súa obriga de render contas, os contadantes deberán remiti-las súas contas, acompañadas do informe de auditoría que corresponda en aplicación do artigo 129 anterior, á Intervención Xeral da Administración do Estado dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico. Tratándose de sociedades mercantís estatais, deberá xuntarse ademais o informe de xestión.

As sociedades mercantís estatais e as fundacións estatais renderán, ademais das contas que lles son esixidas pola súa lexislación específica, unha memoria relativa ó cumprimento das obrigas de carácter económico-financeiro que asumen estas entidades como consecuencia da súa pertenza ó sector público. Esta memoria adaptarase ó contido que para o efecto dispoña o ministro de Facenda, e incluírá información acerca das subvencións recibidas e resultados con elas obtidos, así como a execución dos contratos programa e o seu grao de cumprimento.»

Artigo 132, punto 3.

«3. Conta xeral das fundacións estatais, que se formará mediante a agregación ou consolidación

das contas das entidades que formen as súas contas de acordo cos principios e normas de contabilidade recollidos na adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e disposicións que o desenvolvan.»

Seis. Modifícase o artigo 149, que queda redactado co seguinte contido:

«Considéranse ampliables na contía resultante das obrigas que se recoñezan e liquiden segundo as disposicións en cada caso aplicables, os créditos incluídos nos orzamentos da Seguridade Social que se detallan a continuación:

a) Os destinados ó pagamento de pensións de todo tipo; prestacións por incapacidade temporal, protección á familia, maternidade, e risco durante o embarazo, así como as entregas únicas e os subsidios de recuperación, sempre que se encontren legal ou regulamentariamente establecidos e sexa obrigatorio e non graciable o seu pagamento por parte da Seguridade Social e a súa contía estea obxectivamente determinada.

b) Os destinados ó pagamento dos subsidios de garantía de ingresos mínimos, de mobilidade e para axuda de terceira persoa, previstos na Lei de integración social de minusválidos, na medida en que se ampliasen no orzamento do Estado.

c) Os que amparan a constitución de capitais-renda para o pagamento de pensións.

d) E os que se especifiquen nas leis anuais de orzamentos de cada exercicio.»

Sete. Modifícase a letra a) do punto 4 do artigo 150 nos seguintes termos:

«a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ó orzamento da Seguridade Social, así como as que teñan a súa orixe en resolucións xudiciais.»

Artigo 45. Actos de subscrición de accións e de achega de fondos a institucións financeiras internacionais.

Os actos de subscrición de accións ou de achegas de fondos, derivados de acordos de ampliación de capital ou de reposicións de fondos adoptados polos órganos competentes de bancos de desenvolvemento e institucións financeiras multilaterais dos que España sexa membro de dereito, e os desembolsos económicos que teñan que realizarse para cumprilas obrigas contraídas polo Estado español como consecuencia daqueles actos, só necesitarán o previo acordo favorable do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Economía, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais do Estado, de acordo co calendario de pagamentos previsto.

O acordo elevarase ó Consello de Ministros logo de informe do Ministerio de Facenda.

SECCIÓN 2.^a DA XESTIÓN PATRIMONIAL

Artigo 46. *Modificación do texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado, aprobado polo Decreto 1022/1964, do 15 de abril.*

Modifícase o artigo 65 do Decreto 1022/1964, do 15 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de bases do patrimonio do Estado, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 65. Non poderá promoverse o alleamento de bens inmoables litixiosos cando o litixio

se refira ó dominio ou dereito de adquisición preferente do ben. Nestes supostos se o litixio se suscitase despois de iniciado o procedemento de alleamento, este quedará provisionalmente suspendido.

O ben considerarase litixioso desde que o órgano competente para o alleamento teña constancia formal da presentación ante a xurisdicción que proceda, da acción correspondente e do seu contido.

Cando o litixio non se refira ó dominio ou existencia dun dereito de adquisición preferente, poderá promoverse a venda, ou continua-lo procedemento de alleamento iniciado, sempre que:

1. No caso de venda por poxa, no prego de bases farase mención expresa e detallada do obxecto, partes e referencia do litixio concreto que afecta o ben e quen resulte adxudicatario deberá prever a plena asunción dos riscos e consecuencias que se deriven do litixio.

2. Nos supostos legalmente previstos de venda directa, conste no expediente documentación acreditativa suficiente de que o futuro adquirente coñece o obxecto e o alcance do litixio e sexa expresado polo comprador que se coñecen e asumen contractualmente as consecuencias e riscos derivados de tal litixio.

A asunción das consecuencias e riscos a que se refiren os números 1 e 2 figurará necesariamente no documento público en que se formalice o alleamento.

Cando se suscite un litixio que non imposibilite a venda unha vez iniciado o procedemento de alleamento e este se encontre nunha fase que impida o cumprimento do establecido nos números 1 e 2 anteriores, retrotraeranse as actuacións ata a fase que permita o cumprimento do indicado nos citados números.

A suspensión das poxas, unha vez anunciadas, por motivos distintos ós que se recollan nos parágrafos anteriores, só poderá efectuarse por orde do ministro de Facenda fundada en documentos, que fagan fe, que proben a improcedencia da venda.»

SECCIÓN 3.^a DA XESTIÓN DAS FACENDAS LOCAIS

Artigo 47. *Modificación da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.*

Modifícase o artigo 56 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, nos seguintes termos:

«Artigo 56.

1. O Ministerio de Facenda manterá unha central de riscos que provexa de información sobre as distintas operacións de crédito concertadas polas entidades locais e as cargas financeiras que supoñan. Os bancos, caixas de aforro e demais entidades financeiras, así como as distintas administracións públicas remitirán os datos necesarios para tal fin, que terán carácter público na forma que aquela sinala.

2. O Banco de España colaborará cos órganos competentes do Ministerio de Facenda co fin de subministra-la información que se reciba a través do seu Servicio Central de Información de Riscos, establecido en virtude do artigo 16 do Decreto lei 18/1962, do 7 de xuño, de nacionalización e reorganización do Banco de España, sobre endebedamento das corporacións locais na forma e co alcance e periodicidade que se estableza.

3. Con independencia do anterior, os órganos competentes do Ministerio de Facenda poderán requirirle ó Banco de España a obtención doutros datos concretos relativos ó endebedamento das corporacións locais con entidades financeiras declarantes ó Servicio Central de Información de Riscos nos termos que se fixen regulamentariamente.

4. Igualmente, as corporacións locais informarán os órganos competentes do Ministerio de Facenda sobre o resto do seu endebedamento e cargas financeiras, na forma e co alcance, contido e periodicidade, que regulamentariamente se estableza.»

SECCIÓN 4.^a DA XESTIÓN EN MATERIA DE EXPROPIACIÓN FORZOSA

Artigo 48. *Modificación da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.*

Modifícase o artigo 34 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, que queda redactado da seguinte forma:

«O Xurado de Expropiación, á vista das follas de aprecio formuladas polos propietarios e pola Administración, decidirá executivamente sobre o prezo xusto que corresponda ós bens ou dereitos obxecto da expropiación.»

SECCIÓN 5.^a DA XESTIÓN EN MATERIA DE XOGOS DO ESTADO

Artigo 49. *Conservación de documentos e xustificantes de xogos do Estado.*

Á entidade pública empresarial de Loterías y Apuestas del Estado non lle é de aplicación o prazo de conservación de documentos e xustificantes contida no artigo 30 do vixente Código de comercio, respecto dos xogos do Estado dos que na actualidade ten encomendada a xestión, ou que poida xestionar no futuro, no relativo ós soportes xustificativos da participación no sorteo ou aposta realizada. Neste suposto a obriga de conservación alcanzará un prazo de seis meses, contados desde a data de celebración do sorteo ou evento deportivo de que se trate.

O dito prazo de seis meses non atinxirá os soportes que se refiran ós denominados «premios maiores», e a aqueles sobre os que se presentase calquera tipo de reclamación antes do cumprimento do prazo de caducidade de tres meses legalmente previsto, caso en que a obriga de conservación será de seis anos, contados desde a celebración do sorteo ou evento deportivo, ou desde que adquira firmeza a resolución administrativa ou xudicial que recaia, respectivamente.

SECCIÓN 6.^a DA XESTIÓN EN MATERIA DE ASISTENCIA XURÍDICA Ó ESTADO E INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Artigo 50. *Modificación da Lei 53/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas.*

Modifícanse os seguintes artigos da Lei 53/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas.

Un. Engádesse un segundo parágrafo ó punto 3 do artigo 1, da lei, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, os avogados do Estado poderán representar, defender e asesora-las corporacións

locais nos termos que se establezan regulamentariamente e a través dos oportunos convenios de colaboración celebrados entre a Administración xeral do Estado e as respectivas corporacións ou as súas federacións.»

Dous. Dáse unha nova redacción ó punto 1 do artigo 13 da Lei de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas, que quedará do seguinte teor:

«1. A taxación das custas en que fose condenada a parte que actúe no proceso en contra do Estado, os seus organismos públicos, os órganos constitucionais ou persoas defendidas polo avogado do Estado, rexeráse, en canto ós seus conceptos e importe, polas normas xerais, con inclusión, se é o caso, dos correspondentes ás funcións de procuradoría.

Firme a taxación, o seu importe ingresarase na forma legalmente prevista, dándosele o destino establecido orzamentariamente.

Para a exacción das costas impostas a particulares utilizarase o procedemento administrativo de constrinximento, en defecto de pagamento voluntario.»

CAPÍTULO II

Da organización administrativa

SECCIÓN 1.^a ORGANISMOS PÚBLICOS E SOCIEDADES MERCANTÍLS ESTATAIS

Artigo 51. *Instituto de Estudios Fiscais.*

Un. Créase, coa denominación de Instituto de Estudios Fiscais, un organismo público coa natureza de organismo autónomo, dos previstos nos artigos 45 e seguintes da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Dous. O Instituto de Estudios Fiscais, con personalidade xurídico-pública diferenciada e plena capacidade de obrar, estará adscrito ó Ministerio de Facenda, ó que corresponderá a súa dirección estratéxica e a avaliación e control dos resultados da súa actividade, a través da Secretaría de Estado de Facenda. O Instituto de Estudios Fiscais rexeráse polo disposto na presente lei e demais disposicións que lle resulten aplicables.

Tres. O Instituto de Estudios Fiscais desenvolverá as seguintes funcións:

a) A investigación, estudio e asesoramento nas materias relativas ós ingresos e gastos públicos e a súa incidencia sobre o sistema económico e social, así como a análise e explotación das estatísticas tributarias.

b) A asistencia e colaboración cos órganos da Administración encargados de convocar as probas de acceso para a selección de funcionarios de corpos adscritos ós ministerios de Facenda e de Economía con funcións de administración e xestión da Facenda Pública.

c) A formación dos funcionarios e outro persoal nas materias específicas da Facenda Pública, así como as demais actividades formativas que lle sexan encomendadas.

d) Calquera outra que lle sexa atribuída por normas legais ou regulamentarias.

Catro. O Instituto de Estudios Fiscais sucederá a Dirección Xeral do Instituto de Estudios Fiscais no exercicio das funcións que desenvolve e quedará subrogado na totalidade dos bens, dereitos e obrigas afectos ou constitutivos en virtude das mencionadas funcións.

O persoal funcionario que preste os seus servizos na Dirección Xeral do Instituto de Estudios Fiscais pasará

a prestalos no Instituto de Estudios Fiscais coa mesma situación, antigüidade e grao que tivesen, quedando na situación de servizo activo no seu corpo ou escala de procedencia.

Igualmente o Instituto subrogarase nos contratos de traballo concertados con persoal suxeito ó dereito laboral da referida dirección xeral, nos seus propios termos e sen alteración ningunha das súas condicións.

Artigo 52. *Modificación da disposición adicional segunda da Lei 53/1999, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, no referente a réxime xurídico da «Sociedad Estatal de Gestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedad Anónima».*

A disposición adicional segunda da Lei 53/1999, do 28 de decembro, sobre réxime xurídico da «Sociedad Estatal de Gestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedad Anónima», queda modificada nos seguintes termos:

Inclúese un novo punto 7, coa seguinte redacción:

«A Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais respecto ós bens inmoables do patrimonio sindical acumulado, e os organismos e entidades a que se refire o punto 1 da presente disposición, poderán encomendarlle a Segipsa a venda, de bens inmoables do patrimonio do Estado ou propios dos ditos organismos e entidades, que actuará en nome e por conta daqueles, e percibirá pola dita actuación a contía ou compensación de gastos que se estableza nas tarifas aprobadas de acordo co punto 2 desta disposición.

A encomenda ou encarga, que no seu outorgamento e execución se rexerá exclusivamente polo establecido nesta disposición adicional, establecerá as condicións, termos, forma de adxudicación e prezo mínimo das vendas, que realizará Segipsa con liberdade de pactos e suxeición ó dereito privado. Será posible a alleamento directo no caso de predios rústicos e urbanos ocupados e nos demais supostos establecidos na normativa patrimonial que sexa de aplicación. O prezo mínimo para os inmoables do patrimonio do Estado será o fixado polos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.

No caso de inmoables non integrantes do patrimonio do Estado, a dita encomenda requirirá o informe previo favorable da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado.»

Artigo 53. *Xerencia de Infraestructuras e Equipamento da Seguridade do Estado.*

Un. O organismo autónomo Xerencia de Infraestructuras da Seguridade do Estado, que a partir da entrada en vigor desta lei pasará a denominarse Xerencia de Infraestructuras e Equipamento da Seguridade do Estado, é un organismo autónomo dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

O organismo autónomo ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesourería propios, autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar para o cumprimento das súas funcións. Depende do Ministerio do Interior, e está adscrito á Secretaría de Estado de Seguridade, e a súa duración será ilimitada.

Dous. Son funcións da Xerencia de Infraestructuras e Equipamento da Seguridade do Estado, as seguintes:

1.^a Desenvolve-las directrices do Ministerio do Interior en materia de patrimonio inmobiliario e condicións

urbanísticas deste, para efectos da elaboración e realización dos plans de infraestrutura da seguridade do Estado e cumprilos cometidos que se lle asignen en relación cos inmobles afectados para os fins da seguridade.

2.^a Facer propostas referentes ó planeamento urbano, coordinar e desenvolve-los plans de infraestrutura da seguridade do Estado, así como levar a cabo acordos de colaboración para o efecto coas corporacións locais e coas comunidades autónomas.

3.^a Colaborar cos concellos nos plans de ordenación urbana que afecten os inmobles e acuartelamentos existentes. Esta colaboración, así como as propostas a que se refire o punto anterior, deberán procura-la coordinación co planeamento para facilita-la execución dos plans de infraestrutura.

4.^a Adquirir e construír, se é o caso, bens inmobles para a súa afectación ós fins da seguridade do Estado, conforme os plans de infraestrutura formulados, así como allealos mediante venda ou permuta, segundo os correspondentes plans, co obxecto de obter recursos para o cumprimento dos fins do organismo.

5.^a A adquisición de infraestrutura, armamento e material para o seu uso polas forzas e corpos da Seguridade do Estado de acordo cos plans e programas aprobados pola Secretaría de Estado de Seguridade e que esta lle encomende, sen prexuízo das competencias da Dirección Xeral da Policía e da Dirección Xeral da Garda Civil.

6.^a O alleamento oneroso dos bens mobles que sexan postos á súa disposición, co obxecto de obter recursos para o cumprimento dos fins do organismo.

Tres. Son órganos de goberno e administración do organismo autónomo o Consello Rector, a Comisión Delegada e o director da Xerencia, que serán os seus órganos rectores.

a) O Consello Rector é o órgano colexiado superior de dirección. Presidirao o secretario de Estado de Seguridade e estará composto por un mínimo de seis vocais.

Serán vocais natos o director xeral da Policía, o director xeral da Garda Civil, o director xeral de Infraestructuras e Material da Seguridade, o director xeral de Patrimonio do Estado, o director xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e o director xeral da Vivenda, a Arquitectura e o Urbanismo.

O resto de vocais, ata un máximo de doce, serán nomeados e separados polo ministro do Interior.

Correspóndelle ó Consello Rector, ademais da alta dirección e representación do organismo, a aprobación dos plans de actuación, os de compra, venda e permuta de soares e bens mobles e inmobles e as competencias que se lle asignen regulamentariamente.

b) O Consello Rector creará unha comisión delegada coa composición e funcións que determine.

c) A Dirección da Xerencia será o seu órgano executivo e corresponderalle ó director xeral de Infraestructuras e Material da Seguridade.

Catro. Os contratos e acordos relativos á administración e disposición a título oneroso dos bens que fosen postos á súa disposición polo Ministerio do Interior, rexeiranse polo disposto nos parágrafos seguintes, e no seu defecto, polas previsións contidas na Lei de patrimonio do Estado.

Os convenios ou contratos relativos ós citados bens que realice o organismo autónomo quedan sometidos ó principio de liberdade de pactos sempre que non sexan contrarios a dereito, ó interese público, ou ós principios de boa administración. Neles poderán incluírse cláusulas e estipulacións que permitan a participación do organismo autónomo nos aumentos de valor conseguidos polos compradores ou os cesionarios dos ditos recursos

e, especialmente, nas plusvalías que se xeran como consecuencia da acción urbanística.

O ministro do Interior ostenta a facultade para a declaración de desafectación e de alleabilidade de tódolos bens afectados ó Ministerio do Interior.

O procedemento habitual de alleamento será o de poxa pública. Non obstante, facúltase o ministro do Interior, que poderá delegar no Consello Rector ou no director do organismo autónomo, para allear directamente os bens, de acordo co disposto nos estatutos do organismo autónomo. Nestes casos deberán ser aprobadas polo Consello de Ministros as operacións correspondentes cando o valor dos bens exceda a contía determinada no artigo 63 da Lei de patrimonio do Estado.

Os bens inmobles afectados ó Ministerio do Interior, declarada a súa innecesariedade e dispoñibilidade, serán desafectados polo ministro do Interior, e postos á disposición do organismo autónomo, que procederá á depuración física e xurídica dos inmobles que pretende allear, exercendo as facultades de investigación, deslindamento e regularización rexistral, conforme o disposto na Lei do patrimonio do Estado e demais normas que sexan aplicables, sendo competente para dicta-las correspondentes resolucións que esgotarán a vía administrativa. Esta competencia estenderase tamén a cantas actuacións se promovan de oficio ou por instancia dos interesados en razón dos dereitos que puideran derivarse da desafectación do fin para o que os bens fosen no seu día expropiados ou doados.

A referida posta á disposición non prexudicará os posibles dereitos de terceiros sobre os ditos bens, que serán exercidos ante o organismo autónomo, o cal quedará subrogado para tódolos efectos nos dereitos e obrigas que lle correspondían ó Estado.

A alleamento destes bens inmobles polo organismo autónomo será comunicada previamente ó Ministerio de Facenda, que poderá decidir afectalos a calquera outro servizo da Administración do Estado ou dos seus organismos públicos.

Cinco. Para o cumprimento dos seus fins, a Xerencia de Infraestructuras e Equipamento da Seguridade do Estado disporá dos seguintes recursos:

a) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio.

b) Os produtos, vendas e incrementos do seu patrimonio.

c) Os soares e inmobles actualmente afectados á seguridade do Estado que unha vez desafectados se poñan á súa disposición ou os que lle sexan adscritos.

d) Os derivados das operacións que realice no desenvolvemento e cumprimento das funcións que se lle atribúen.

e) As subvencións que, se é o caso, puideran incluírse nos orzamentos xerais do Estado destinados ó organismo autónomo.

f) As subvencións, transferencias, doazóns, legados e outras achegas que se concedan ó seu favor procedentes de fondos específicos da Unión Europea e doutras axencias e administracións públicas nacionais e internacionais, de entes públicos, así como de particulares.

g) Calquera outro recurso non previsto nos puntos anteriores que poida corresponderlle por lei, convenio, doazón ou por calquera outro procedemento legalmente establecido.

Seis. O persoal que presta actualmente os seus servizos na Xerencia de Infraestructuras da Seguridade do Estado continuará cos mesmos dereitos e obrigas no novo organismo autónomo, entrementes se proceda á aprobación do novo catálogo e relación de postos de traballo.

Sete. No prazo de tres meses procederá á publicación dos estatutos do organismo autónomo e do novo catálogo e relación de postos de traballo.

Oito. A Xerencia de Infraestructuras e Equipamento da Seguridade do Estado subrógase nos dereitos e obrigas, contratos e convenios contraídos pola Xerencia de Infraestructuras da Seguridade do Estado.

Nove. Autorízase o Consello de Ministros e o Ministerio do Interior para que no ámbito das súas respectivas competencias doten as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto no presente artigo.

Artigo 54. *Modificación da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no referente á Xerencia de Infraestructuras da Defensa.*

Dáselle a seguinte redacción ó punto seis, parágrafo terceiro, do artigo 71 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social:

«O alleamento destes bens inmobles polo organismo autónomo será comunicado previamente ó Ministerio de Facenda, que poderá decidir afectalos a calquera outro servizo da Administración do Estado ou dos seus organismos públicos, logo de compensación orzamentaria a favor do organismo autónomo, polo valor da taxación do ben. Cando a alleamento se refira a bens mobles acordarase directamente a entrega e recepción dos ditos bens entre o organismo autónomo e o departamento ministerial ou organismo público interesado, logo da indicada compensación orzamentaria a favor daquel.»

Artigo 55. *Modificación da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións. Entidade pública empresarial Red.es.*

A disposición adicional sexta da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional sexta. *A entidade pública empresarial Red.es.*

1. A entidade pública empresarial Red Técnica Española de Televisión pasa a denominarse entidade pública empresarial Red.es (Red.es).

2. A entidade Red.es configúrase como entidade pública empresarial, conforme o previsto no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Esta entidade queda adscrita ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

3. A entidade pública empresarial Red.es ten personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar e patrimonio propio e rexerá polo establecido nesta disposición adicional, no seu propio estatuto, na citada Lei 6/1997 e nas demais normas que lle sexan de aplicación.

4. Constitúe o obxecto da entidade pública empresarial a xestión, administración e disposición dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio, correspondéndolle a tenza, administración, adquisición e alleamento dos títulos representativos do capital das sociedades nas que participe ou poida participar no futuro. A entidade pública empresarial actuará, en cumprimento do seu obxecto, conforme criterios empresariais.

Para o cumprimento do seu obxecto, a entidade pública empresarial poderá realizar toda clase de

actos de administración e disposición previstos na lexislación civil e mercantil. Así mesmo, poderá realizar cantas actividades comerciais ou industriais estean relacionadas co dito obxecto, conforme o acordado polos seus órganos de goberno. Poderá actuar, incluso, mediante sociedades por ela participadas.

A entidade pública empresarial Red.es contará ademais coas seguintes funcións:

a) A xestión do rexistro dos nomes e enderezos de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España (.es), de acordo coa política de rexistros que determine o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e na normativa correspondente.

b) A participación nos órganos que coordinen a xestión de rexistros de nome e dominios da Corporación da Internet para a Asignación de Nomes e Números (ICANN), ou a organización que, se é o caso, a substitúa, así como o asesoramento ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía no Comité Asesor Gobernamental de ICANN (GAC) e, en xeral, cando lle sexa solicitado, o asesoramento á Administración xeral do Estado no resto dos organismos internacionais e, en particular, na Unión Europea, en tódolos temas da súa competencia.

c) A de observatorio do sector das telecomunicacións e da sociedade da información.

d) A elaboración de estudos e informes e, en xeral, o asesoramento da Administración xeral do Estado en todo o relativo á sociedade da información, de conformidade coas instrucións que dicte o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

e) O fomento e desenvolvemento da sociedade da información.

5. O réxime de contratación, de adquisición e de alleamento da entidade acomodaráse ás normas establecidas en dereito privado, sen prexuízo do determinado no Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

6. O réxime patrimonial da entidade pública empresarial axustarase ás previsións do artigo 56 da Lei 6/1997. Non obstante, os actos de disposición e alleamento dos bens que integran o seu patrimonio rexerá polo dereito privado. En especial, a entidade pública empresarial Red.es poderá afectar-las seus activos, incluído o remanente ó que fai referencia o artigo 6 do Real decreto lei 16/1999, do 15 de outubro, polo que se adoptan medidas para combater a inflación e facilitar un maior grao de competencia nas telecomunicacións, ás funcións asignadas a ela na letra e) do punto cuarto desta disposición e a financiar transitoriamente o déficit de explotación resultante entre os ingresos e gastos correspondentes ás funcións asignadas nas letras a), b), c) e d) do mesmo punto.

7. A contratación do persoal pola entidade pública empresarial axustarase ó dereito laboral, de acordo coas previsións contidas no artigo 55 da Lei 6/1997.

8. O réxime orzamentario, o económico-financieiro, o de contabilidade, o de intervención e o de control financeiro da entidade pública empresarial será o establecido na Lei xeral orzamentaria, de acordo co previsto no artigo 58 e na disposición transitoria terceira da Lei 6/1997.

9. Os recursos económicos da entidade poderán provir de calquera dos enumerados no punto 1 do artigo 65 da Lei 6/1997. Entre os recursos económicos da entidade pública empresarial Red.es inclúense os ingresos provenientes do reca-

dado en concepto da taxa por asignación do recurso limitado de nomes e enderezos da internet regulada no punto seguinte.

10. Taxa por asignación do recurso limitado de nomes e enderezos.

O feito impositivo da taxa pola asignación de nomes e enderezos estará constituído pola asignación e mantemento de nomes de dominio e de enderezos da internet baixo o código de país correspondente a España (.es) a favor dunha ou varias persoas ou entidades.

Serán suxeitos pasivos da taxa os titulares dos nomes e enderezos asignados, independentemente de que fagan ou non uso deles.

A contía da taxa será única por cada nome ou enderezo asignados.

Para a fixación do importe que hai que satisfacer en concepto desta taxa polos suxeitos obrigados, terase en conta o valor de mercado do uso do nome ou enderezo reservado e a rendibilidade que del puidese obterlo beneficiario.

A contía por asignación inicial e un ano de mantemento será de 18.000 pesetas (108,18 euros).

A contía da taxa por cada ano adicional de mantemento será, en tódolos casos, de 12.000 pesetas. A contía da taxa poderá ser modificada pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

A taxa devengarase na data en que se produza a asignación dos nomes ou enderezos e na mesma data dos anos sucesivos, mentres se manteña a titularidade da asignación. O procedemento para a súa liquidación e pagamento establecerase regulamentariamente.

Malia o disposto nos parágrafos anteriores deste punto, nos supostos de carácter excepcional en que así estea previsto no Plan Nacional de Nomes de Dominio e nos termos que nel se fixen, con base no especial valor de mercado do uso de determinados enderezos de dominio, a contía fixa por asignación inicial e un ano de mantemento poderá substituírse pola que resulte dun procedemento de licitación no que se fixará un valor inicial de referencia estimado. Se o valor de adxudicación da licitación resultase superior ó dito valor de referencia, aquel constituirá o importe da taxa. Nos supostos en que se siga este procedemento de licitación, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía requirirá, con carácter previo á súa convocatoria, á autoridade competente para o Rexistro de Nomes de Dominio para que suspenda o outorgamento dos nomes e enderezos de dominio que considere afectados pola seu especial interese económico. A continuación, procederase a aproba-lo correspondente prego de bases que establecerá, tomando en consideración o previsto no Plan Nacional de Nomes de Dominio, os requisitos, condicións e réxime aplicable na licitación.

O importe dos ingresos obtidos por esta taxa destinarase a financiar os gastos da entidade pública empresarial Red.es polas actividades realizadas no cumprimento das funcións asignadas a ela nas letras a), b), c) e d) do punto cuarto desta disposición, ingresándose, se é o caso, o excedente no Tesouro público, de acordo coa proporción e contía que se determine mediante resolución conxunta das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, por proposta desta última.

11. Os ingresos xerados pola prestación da actividade de asignación e mantemento de nomes e enderezos da internet con anterioridade á entrada en vigor efectiva desta disposición adicional desde

a entrada en vigor da resolución da Secretaría Xeral de Comunicacións do 10 de febreiro de 2000 ("Boletín Oficial del Estado" do 8 de marzo), pola que se designa o ente público da Rede Técnica Española de Televisión como autoridade competente para a xestión do rexistro dos nomes de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España, dictada en virtude do artigo 27.13 do Regulamento polo que se desenvolve o título II da Lei xeral de telecomunicacións, aprobado mediante o Real decreto 1651/1998, do 24 de xullo, aplícanse ó financiamento dos gastos xerados como consecuencia da citada actividade durante o período previo á efectiva entrada en vigor desta disposición. No caso de que os mencionados ingresos excedesen dos ditos gastos, deberán ingresarse no Tesouro público.

12. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta disposición a entidade pública empresarial Red.es deberá proceder á adecuación dos seus estatutos á presente normativa.

13. Queda derogada expresamente a disposición adicional terceira da Lei 22/1999, do 7 de xuño, de modificación da Lei 25/1994, do 12 de xullo.»

Artigo 56. Modificación do artigo 70 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións. Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información.

O artigo 70 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 70. O Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información.

1. O Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, presidido polo ministro de Ciencia e Tecnoloxía ou pola persoa en quen delegue, é o órgano asesor do Goberno en materia de telecomunicacións e sociedade da información.

As funcións do consello serán de estudo, deliberación e proposta en materias relativas ás telecomunicacións e á sociedade da información, sen prexuízo das competencias que correspondan ós órganos colexiados interministeriais con competencias de informe ó Goberno en materia de política informática. Corresponderalle, igualmente, informar sobre os asuntos que o Goberno determine ou sobre os que, por propia iniciativa, xulgue conveniente. O dictame do Consello Asesor das Telecomunicacións e a Sociedade da Información equivalerá á audiencia á que se refire o artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

O Goberno, mediante real decreto, establecerá a composición e o réxime de funcionamento do Consello Asesor das Telecomunicacións e a Sociedade da Información, os membros do cal representarán a Administración do Estado, as administracións autonómicas, a Administración local a través das súas asociacións ou federacións máis representativas, os usuarios, os operadores que xestionen servizos de telecomunicacións ou redes públicas de telecomunicacións, os prestadores de servizos da sociedade da información, as industrias fabricantes de equipos de telecomunicacións e da sociedade da información e os sindicatos máis representativos do sector.»

Artigo 57. *Real Padroado sobre Discapacidade.*

Un. Créase coa denominación de Real Padroado sobre Discapacidade un organismo público coa natureza de organismo autónomo dos previstos no artigo 45 e seguintes da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Dous. O Real Padroado sobre Discapacidade, con personalidade xurídico-pública diferenciada e provisto de capacidade de obrar, estará adscrito ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. O Real Padroado sobre Discapacidade rexeráse polo disposto na presente lei e demais disposicións que resulten aplicables.

Tres. O Real Padroado sobre Discapacidade desenvolverá as seguintes funcións:

1. Promove-la aplicación dos ideais humanísticos, os coñecementos científicos e os desenvolvementos técnicos ó perfeccionamento das accións públicas e privadas sobre discapacidade nos campos:

- a) Da prevención de deficiencias.
- b) Das disciplinas e especialidades relacionadas co diagnóstico, a rehabilitación e a inserción social.
- c) Da equiparación de oportunidades.
- d) Da asistencia e tutela.

2. Facilitar, dentro do ámbito definido no punto anterior, o intercambio e a colaboración entre as distintas administracións públicas, así como entre estas e o sector privado, tanto no plano nacional coma no internacional.

3. Prestar apoios a organismos, entidades, especialistas e promotores en materia de estudos, investigación e desenvolvemento, información, documentación e formación.

4. Emitir dictames técnicos e recomendacións sobre as materias propias do seu ámbito de actuación.

Catro. O Real Padroado sobre Discapacidade sucederá o Real Padroado de Prevención e Atención a Persoas con Minusvalidez no exercicio das funcións que desenvolve.

O persoal funcionario que preste os seus servizos no Real Padroado de Prevención e Atención a Persoas con Minusvalidez pasará a prestalos no Real Padroado sobre Discapacidade, coa mesma situación administrativa e grao que tivesen, quedando en situación de servizo activo no seu corpo ou escala de procedencia.

Igualmente, o Real Padroado sobre Discapacidade subrogarase nos contratos de traballo concertados con persoas suxeitas ó dereito laboral do referido Real Padroado de Prevención e Atención a Persoas con Minusvalidez, nos seus propios termos e sen alteración ningunha na súa condición.

En tanto non estean aprobadas as relacións de postos de traballo e transferidos os créditos correspondentes, o pagamento do persoal ó servizo do Real Padroado sobre Discapacidade efectuarase con cargo ós créditos de procedencia.

Cinco. Autorízase o Goberno a dictar as normas que sexan necesarias en desenvolvemento do disposto neste artigo. Entrementres, os órganos do Real Padroado de Prevención e Atención a Persoas con Minusvalidez entenderanse subsistentes e conservarán a súa actual denominación, estrutura e funcións.

Artigo 58. *Constitución da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima».*

Un. 1. O Consello de Ministros, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei, procederá á constitución dunha sociedade das previstas no artigo 6.1.a) do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988,

do 23 de setembro, e na disposición adicional duodécima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, coa denominación de «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», o capital social da cal pertencerá integramente á Administración do Estado.

Calquera acto de disposición sobre o capital social ou de adquisición, directa ou indirecta, de participacións sociais da sociedade por persoas ou entidades alleas á Administración do Estado esixirá autorización a través de norma con rango de lei.

2. O capital social inicial da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» determinarase por acordo do Consello de Ministros.

Dous. 1. A «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» asumirá, desde a data da inscrición no Rexistro Mercantil da escritura pública da súa constitución, tódalas funcións que no momento de entrada en vigor da presente lei desenvolva a entidade pública empresarial Correos y Telégrafos, de acordo coa normativa vixente.

En virtude desta asunción, a «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» subrogarase na condición de operador habilitado para a prestación do servizo postal universal, atribuída á entidade pública empresarial Correos y Telégrafos na disposición adicional primeira da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais. A subrogación farase nos termos, condicións e coas obrigas establecidas no título III da dita lei e comportará a reserva á sociedade dos servizos que se establecen no artigo 18 da Lei e a asignación a ela dos dereitos especiais e exclusivos que se recollen no seu artigo 19.

De acordo co previsto no artigo 18.1.D) da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, e o artigo 38.4.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, corresponde á «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» o dereito á recepción das solicitudes, escritos e comunicacións que os cidadáns dirixan ós órganos das administracións públicas a través das dependencias desta.

Así mesmo, con suxeición ó disposto no artigo 19.1.c) da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, a «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» ostenta o dereito a entregar notificacións de órganos administrativos e xudiciais, con constancia que dea fe da súa recepción.

As administracións públicas poderán celebrar convenios de colaboración ós que se refire o artigo 3 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, coa «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», para a prestación das actividades propias do seu obxecto social.

Especialmente, a «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» poderá establecer convenios de colaboración coa Fábrica da Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, para efectos da fabricación dos selos de correo.

2. O obxecto social da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» incluirá as actividades e funcións descritas neste punto e, en particular, as seguintes:

- a) A xestión e explotación de calquera servizo postal.
- b) A prestación dos servizos financeiros relacionados cos servizos postais, os servizos de xiro e de transferencias monetarias.
- c) A recepción das solicitudes, escritos e comunicacións que os cidadáns dirixan ós órganos das admi-

nistracións públicas, con suxeición ó establecido na normativa aplicable.

d) A entrega de notificacións administrativas e xudiciais, de conformidade coa normativa aplicable.

e) Os servizos de telegrama, télex, burofax e realización doutras actividades e servizos relacionados coas telecomunicacións.

f) A proposta de emisión de selos así como a emisión dos restantes sistemas de pagamento dos servizos postais, incluíndo as actividades de comercialización e distribución dos seus produtos e emisións.

g) A asunción obrigatoria dos servizos relacionados co seu obxecto social que poidan encomendarlle as administracións públicas.

h) Calquera outra actividade ou servizo complementario dos anteriores ou necesario para o adecuado desenvolvemento do fin social, podendo para este fin constituír e participar noutras sociedades.

Tres. Na data de inscrición no Rexistro Mercantil da escritura pública de constitución da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», producirase a extinción da personalidade xurídica da entidade pública empresarial Correos y Telégrafos, nos dereitos e obrigas da cal quedará automaticamente subrogada a citada sociedade.

O réxime establecido no capítulo VIII do título VIII da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, aplicarase á operación pola cal se extingue a entidade pública empresarial Correos y Telégrafos e se transfiren tódolos bens, dereitos e obrigas á «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima».

Catro. No momento da constitución da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», chegaranse a ela tódolos bens, dereitos e obrigas de titularidade da extinta entidade pública empresarial Correos y Telégrafos, salvo os inmobles de uso administrativo que se determinen por orde conxunta dos ministros de Facenda e Fomento. Os bens de dominio público que se transfiran en virtude deste artigo á sociedade estatal quedarán desafectados.

Cinco. Para os efectos previstos no artigo 32 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, a transformación da entidade pública empresarial Correos y Telégrafos na «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», non se reputará cesión dos contratos de arrendamento en vigor, nin os arrendadores terán dereito a ningunha clase de elevación de renda, quedando a «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» subrogada en cantos dereitos e obrigas derivaran dos contratos de arrendamento nos que a entidade pública empresarial Correos y Telégrafos fose parte.

Seis. Decláranse exentas de calquera tributo local ou estatal, incluídos os tributos cedidos ás comunidades autónomas, as transmisións, actos e operacións que se efectúen ou documentos que se outorguen derivados do disposto no presente artigo, sen que resulte aplicable o previsto no artigo 9.2 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais. Igualmente gozarán de exención de aranceis ou honorarios pola intervención de fedatarios públicos e rexistradores da propiedade e mercantís.

Sete. 1. Os funcionarios que presten servizos en situación de activo na entidade pública empresarial Correos y Telégrafos no momento da inscrición da escritura de constitución da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», pasarán a prestar servizos para a dita sociedade sen solución de continuidade, na mesma situación, conservando a súa condición de funcionarios da Administración do Estado nos seus corpos e escalas, antigüidade, retribucións que tivesen consolidadas, e con pleno respecto ós seus dereitos adquiridos

consonte o previsto neste artigo. O resto dos funcionarios dos corpos e escalas de correos e telecomunicacións permanecerán na situación administrativa que tivesen recoñecida.

2. Os corpos e escalas de correos e telecomunicación creados na Lei 75/1978, do 26 de decembro, de correos e telecomunicación, continuarán adscritos ó Ministerio de Fomento, a través da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», co carácter de corpos e escalas a extinguir.

3. Os empregados da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» que conserven a condición de funcionarios rexeranse polo disposto no presente artigo e, no non previsto por el, polas normas de rango de lei que regulan o réxime xeral dos funcionarios públicos. O Goberno dictará a normativa específica que desenvolva este réxime xurídico, atendendo a especial singularidade dos empregados da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», e en particular, desenvolvendo o réxime xeral de retribucións complementarias e definindo o réxime de ordenación e asignación de postos de traballo. Ata que non se complete a dita normativa aplicarase o Real decreto 1638/1995, do 6 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do persoal ó servizo do organismo autónomo Correos y Telégrafos, no que non se opoña ó presente artigo.

4. O persoal dos corpos e escalas de correos e telecomunicacións que preste servizos na «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», conservará o dereito á promoción interna nos ditos corpos e escalas.

Oito. 1. Corresponde ó ministro de Fomento, por proposta da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», en relación co persoal de correos e telégrafos que conserve a condición de funcionario, o exercicio da competencia para resolver sobre a separación do servizo dos funcionarios, de acordo co previsto no artigo 37.1.c) do texto articulado da Lei de funcionarios civís do Estado, aprobado por Decreto 315/1964, do 7 de febreiro.

2. Tódalas restantes facultades, dereitos e obrigas, respecto do persoal que conserve a condición de funcionario e que, consonte este artigo, presten servizos para a «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», corresponderán exclusivamente a esta sociedade, que exercerá as ditas facultades a través dos órganos que se determinen. Especificamente, corresponde ós órganos competentes da sociedade estatal o exercicio das funcións relativas a organización, sistema de postos, condicións de traballo e as previstas na normativa reguladora de réxime disciplinario coa soa excepción establecida no punto anterior.

Nove. Os empregados da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» que conserven a condición de funcionarios percibirán as retribucións básicas previstas no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, na contía establecida, para o grupo ó que pertencen, nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado. En relación coas retribucións complementarias, a determinación da súa contía será establecida pola «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», logo de negociación coa representación dos funcionarios nos termos previstos na lexislación vixente e en especial as normas sobre incremento de retribucións que se establezan nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Dez. A asignación de postos de traballo ós empregados que conserven a condición de funcionarios da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» adecuarase ás características funcionais e niveis de responsabilidade dos postos de traballo, de acordo a criterios de experiencia e competencia profesional, nos

termos e cos procedementos que regulamentariamente se determinen.

Once. Os empregados da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» que conserven a condición de funcionarios e estean encadrados nun réxime especial de funcionarios públicos continuarán acollidos ó réxime de clases pasivas do Estado e ó mutualismo administrativo, con suxeición á normativa reguladora deles. A aplicación desta normativa competeterá ós organismos establecidos nela.

Doce. Os empregados da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» que conserven a condición de funcionarios manterán o réxime de mobilidade vixente na lexislación xeral da función pública.

Trece. Será de aplicación respecto dos empregados da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» que conserven a condición de funcionarios a Lei 9/1987, do 12 de xuño, pola que se regulan os órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ó servicio das administracións públicas.

Catorce. 1. Os empregados da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» que conserven a condición de funcionarios poderán acollerse a un réxime especial de excedencia voluntaria incentivada. Dentro das dispoñibilidades económicas da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», a sociedade poderá conceder esta excedencia por un prazo mínimo de tres anos, que comportará o dereito de reingreso á sociedade estatal e unha indemnización na contía que fixe esta.

2. Os empregados da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» que conserven a condición de funcionarios que se acollan á excedencia voluntaria incentivada prevista no presente artigo poderán manter a situación de alta na mutualidade xeral de funcionarios civís do Estado, con tódolos dereitos inherentes a esta situación sendo a cargo da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», o aboamento das cotas correspondentes.

Quince. Os empregados da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» que conserven a condición de funcionarios e cumprisen os sesenta e cinco anos poderán solicitar a prolongación da permanencia na situación de servicio activo, ó abeiro do disposto no artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública. A resolución que sobre estas solicitudes dicte a «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima» estará condicionada ás súas necesidades operativas e de servicio.

Dezaseis. O persoal laboral da entidade pública empresarial Correos y Telégrafos quedará integrado na «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», desde a data da inscrición no Rexistro Mercantil da súa escritura de constitución, conservando os seus contratos coa antigüidade, categoría e retribucións que tivesen consolidados na entidade pública e con pleno respecto dos dereitos e situacións administrativas que tivesen recoñecidas e en especial as normas sobre incremento de retribucións que establezan as leis de orzamentos xerais do Estado.

Dezasete. A partir da data do inicio da actividade da «Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima», o persoal que a sociedade necesite contratar para a adecuada prestación dos seus servicios serao en réxime de dereito laboral.

Dezaoit. Autorízase o Goberno para dictalas disposicións e adoptalas medidas que sexan necesarias para a aplicación do previsto no presente artigo.

Artigo 59. *Modificación da Lei 1/1986, do 7 de xaneiro, modificada pola Lei 19/1997, do 9 de xuño, pola que se crea o Consello Xeral de Formación Profesional.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 1/1986, do 7 de xaneiro, modificada pola Lei 19/1997, do 9 de xuño, pola que se crea o Consello Xeral de Formación Profesional.

Un. Modifícase o artigo único, número 3.1, letras a) e b) da Lei 1/1986, do 7 de xaneiro, modificada pola Lei 19/1997, do 9 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«3.1 O Consello Xeral estará composto por:

a) Un presidente. Ostentarán a presidencia, alternativamente e por período de dous anos, o ministro de Educación, Cultura e Deporte e o ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

b) Catro vicepresidentes, un por cada un dos grupos que o integran, elixidos por e de entre os vocais de cada grupo, excepto no de representantes da Administración xeral do Estado, en que a vicepresidencia corresponderá, alternativamente, ó secretario xeral de Educación e Formación Profesional e ó secretario xeral de Emprego, por períodos bienais nos que non exerza a presidencia o titular do departamento correspondente.»

Dous. Introdúcese unha disposición transitoria na Lei 1/1986, do 7 de xaneiro, coa seguinte redacción:

«De acordo co establecido no artigo único, número 3.1, letra a), desta lei, durante o ano 2001 corresponderá a presidencia do Consello Xeral de Formación Profesional ó ministro de Educación, Cultura e Deporte.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais ostentará a presidencia do Consello Xeral de Formación Profesional durante os anos 2002 e 2003.»

SECCIÓN 2.^a ENTE PÚBLICO RADIOTELEVISIÓN ESPAÑOLA

Artigo 60. *Adscrición do ente público Radiotelevisión Española.*

Adscríbese á Sociedade Estatal de Participacións Industriais o ente público Radiotelevisión Española.

A Sociedade Estatal de Participacións Industriais, con pleno respecto ós principios de autonomía, pluralidade e neutralidade establecidos pola Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, pola que se aproba o Estatuto do ente público Radiotelevisión Española, e sen prexuízo das competencias atribuídas polo dito estatuto ó director xeral e ó Consello de Administración do ente, exercerá as funcións establecidas na Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público.

Artigo 61. *Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

O punto 3 do artigo 43 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, queda redactado nos seguintes termos:

«3. As entidades públicas empresariais dependen dun ministerio ou dun organismo autónomo, correspondendo as funcións aludidas no punto anterior ó órgano de adscrición do ministerio ou organismo. Excepcionalmente, poderán existir entidades públicas empresariais ás que os estatutos lles asignen a función de dirixir ou coordinar outros entes da mesma ou de distinta natureza.»

Artigo 62. *Modificación da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público.*

Engádesse un novo parágrafo 4 ó artigo 10 da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público, coa seguinte redacción:

«4. De conformidade co previsto no artigo 43.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, poderán adscribirse á Sociedade Estatal de Participacións Industriais outras entidades de dereito público respecto das cales exercerá as funcións previstas nesta lei. Ás entidades de dereito público adscritas non lles será de aplicación a limitación establecida no artigo 12.4 desta lei.»

SECCIÓN 3.^a COMPETENCIAS

Artigo 63. *Competencias en materia de variedades comerciais e variedades protexidas de sementes e plantas de viveiro.*

Corresponde ó ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o exercicio das competencias relativas ó recoñecemento e rexistro de variedades comerciais e variedades protexidas de sementes e plantas de viveiro.

O Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, no ámbito das competencias que corresponden ó Estado, poderá desenvolver, se é o caso, as actividades de investigación e experimentación necesarias para o recoñecemento e inscrición nos correspondentes rexistros das variedades comerciais e protexidas ás que se refire o parágrafo anterior, elevando ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as correspondentes propostas, estudos e informes.

Artigo 64. *Modificación da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.*

Un. Modifícase o artigo 7.dous.c), que queda redactado como segue:

«A imposición das correspondentes sancións corresponderá ó presidente do organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos, excepto nos casos de sancións por infraccións moi graves, en que será competente o subsecretario de Economía.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional novena á Lei 13/1998, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena.

A autoridade xudicial ou administrativa á disposición da cal se encontran os elaborados de tabaco aprehendidos ou comisados, en procedemento de delicto ou infracción administrativa de contrabando, ordenará que sexan postas á disposición do Comisionado para o Mercado de Tabacos co fin de que se proceda á súa destrución. En todo caso, a autoridade correspondente estenderá a oportuna dilixencia na que faga constar nas actuacións a natureza e características dos elaborados de tabaco postos á disposición do Comisionado.»

Artigo 65. *Resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial en determinadas entidades de dereito público.*

Corresponde ós consellos de administración das entidades públicas Autoridades Portuarias, Aeroportos Nacionais e Navegación Aérea (AENA), ente público Xestor de Infraestructuras Ferroviarias (GIF), Rede Nacional dos Ferrocarrís Españóis (RENFE) e Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE) resolve-los procedementos de responsabilidade patrimonial a que se refire o artigo 142 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, completándose nese sentido as súas respectivas normas de creación.

Artigo 66. *Modificación do punto 2 do artigo 35 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións. Competencias relativas ás obrigas de servizo público.*

«2. O cumprimento das obrigas de servizo público na prestación de servizos e na explotación de redes de telecomunicacións para os que aquelas sexan esixibles, efectuarase con respecto ós principios de igualdade, transparencia, non discriminación, continuidade, adaptabilidade, dispoñibilidade e permanencia e conforme os criterios de calidade que regulamentariamente se determinen, que serán obxecto de adaptacións periódicas. Corresponde ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía o control e o exercicio das facultades da Administración relativas ás obrigas de servizo público que se impoñen neste artigo.»

TÍTULO V

Da acción administrativa

CAPÍTULO I

Acción administrativa en materia monetaria

Artigo 67. *Modificación da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro.*

Modifícanse os seguintes artigos da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro:

Un. Modifícase o artigo 4, punto dous, que queda redactado como segue:

«Dous. Malia o disposto no artigo 3 desta lei, os billetes e moedas denominados en pesetas continuarán sendo válidos como medio de pagamento de curso legal con pleno poder liberatorio, en canto subdivisión do euro ó tipo de conversión, ata o 28 de febreiro de 2002. A partir do dito momento, tales billetes e moedas perderán o seu curso legal e só conservarán un mero valor de troco nos termos previstos nesta lei e as súas disposicións de desenvolvemento.»

Dous. Modifícase o artigo 24, punto un, que queda redactado como segue:

«Un. Desde o 1 de xaneiro ata o 30 de xuño do ano 2002, efectuarase o troco de billetes e moedas en pesetas por billetes e moedas en euros consonte o tipo de conversión e a aplicación, se é o caso, das normas de redondeo contidas no artigo 11 desta lei.»

Tres. Dáse nova redacción ó artigo 25, que terá o seguinte contido:

«Artigo 25. *O troco a partir do 1 de xullo de 2002.*

A partir do 1 de xullo de 2002 o troco dos billetes e moedas denominados en pesetas por billetes e moedas en euros levarao a cabo exclusivamente o Banco de España, logo do correspondente redondeo de conformidade co disposto no artigo 11 desta lei.»

Catro. Engádense dous novos subpuntos, as letras c) e d), ó punto un da disposición derradeira segunda, co seguinte contido:

«c) Dicta-las normas que poidan ser necesarias para a distribución de cantidades limitadas de billetes e moedas en euros antes do 1 de xaneiro de 2002, co fin de facilita-la transición á nova moeda.

d) Dicta-las normas que resulten necesarias para garanti-la mellor execución do disposto nesta lei sobre o período de troco.»

Artigo 68. *Garantías constituídas para asegura-lo cumprimento das obrigas derivadas do proceso de distribución de moedas e billetes en euros.*

Un. O disposto no artigo 14 da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, será aplicable ás garantías constituídas a favor do Banco de España para asegura-lo cumprimento das obrigas derivadas do proceso de distribución de moedas e billetes en euros con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002 ou do exercicio do resto das súas funcións.

A constitución das citadas garantías non requirirá para a súa plena validez e eficacia fronte a terceiros a intervención de fedatario público nin ningún outro requisito formal. Esta constitución deberá constar por escrito e ser inscrita no rexistro correspondente pola entidade encargada del. No suposto de valores representados mediante títulos físicos, será necesaria, ademais, a súa entrega ó beneficiario da garantía ou a un terceiro establecido por común acordo entre as partes.

A formalización da correspondente obriga principal tampouco requirirá para a súa plena validez e eficacia fronte a terceiros a intervención de fedatario público nin o cumprimento de ningún outro requisito formal.

Dous. O Banco de España e as entidades de crédito que participen no proceso de distribución de billetes en euros con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002, poderán acordar que as garantías constituídas a favor do primeiro, antes da entrada en vigor da presente lei, para asegura-lo cumprimento de obrigas derivadas da execución das súas operacións de política monetaria e de crédito intradía, garantan, así mesmo, as obrigas, asumidas fronte ó dito Banco de España, no marco do mencionado proceso de distribución anticipada de billetes en euros ou do exercicio de calquera outra das súas funcións. En tal caso, ás ditas garantías, seralles de aplicación o réxime establecido na presente disposición.

Tres. Para efectos do previsto na presente disposición, entenderase por garantía o previsto no segundo parágrafo da letra d) do artigo 2 da citada Lei 41/1999, do 12 de novembro.

Catro. O disposto na presente disposición será, así mesmo, de aplicación ás garantías constituídas a favor do Tesouro público, actuando directamente ou a través do Banco de España, para asegura-las obrigas derivadas da distribución de moeda metálica denominada en euros con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002.

CAPÍTULO II

Acción administrativa en materia de mercado de valores

Artigo 69. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

Modifícanse os artigos 47 e 48, punto 1, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que quedan redactados da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ó artigo 47:

«Poderán adquiri-la condición de membros das bolsas de valores as entidades que cumpran o previsto no artigo 37 desta lei.»

Dous. O artigo 48.1 pasará a ser:

«1. As bolsas de valores estarán rexidas e administradas por unha sociedade anónima, que será responsable da súa organización e funcionamento internos, e será titular dos medios necesarios para iso, sendo este o seu obxecto social principal. As ditas sociedades poderán desenvolver igualmente outras actividades complementarias relacionadas coas bolsas de valores. As accións das ditas sociedades serán nominativas. Tales sociedades deberán contar necesariamente cun consello de administración composto por non menos de cinco persoas e con, alomenos, un director xeral. Estas sociedades non terán a condición legal de membros das correspondentes bolsas de valores e non poderán realizar ningunha actividade de intermediación financeira, nin as actividades relacionadas no artigo 63.

As citadas sociedades exercerán as funcións que lles atribúe a presente lei e as demais que determine o Goberno, o ministro de Economía ou a Comisión Nacional do Mercado de Valores, sen prexuízo das que poidan outorgár-las comunidades autónomas que teñan atribuídas nos seus estatutos de autonomía competencias na materia. As bolsas de valores poderán esixir retribución polos servicios que presten.

O capital das sociedades a que se refire este artigo distribuirase entre os membros das bolsas de valores que desexen participar nese capital. Así mesmo, poderán participar no capital desas sociedades outras entidades ou persoas. O Goberno ou as comunidades autónomas con competencia na materia determinarán, para membros e non membros, as condicións de acceso e permanencia no capital, así como os criterios de distribución del.

Os dereitos e condicións en que se producirán as participacións accionariais concretaranse nos oportunos acordos societarios, que estarán suxeitos á previa aprobación pola Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, se é o caso, pola correspondente Comunidade Autónoma con competencia na materia. Sempre que a xunta xeral así o autorízase para os aumentos, reducións e alleamentos de capital que sexan precisos para eses efectos abondará co acordo do Consello de Administración, non sendo de aplicación a eles o disposto nos artigos 75 a 79, 158 e 164 a 166 da Lei de sociedades anónimas. As restantes ampliacións ou reducións e alleamentos de capital estarán suxeitas ó réxime xeral da Lei de sociedades anónimas, coa salvidade de que as accións que se emitan só poderán ser subscritas polos accionistas.

Os estatutos das ditas sociedades e as súas modificacións requirirán a previa aprobación pola

Comisión Nacional do Mercado de Valores, ou, se é o caso, pola correspondente Comunidade Autónoma con competencia na materia, respecto das bolsas de valores de ámbito autonómico. O nomeamento dos membros do Consello de Administración e do director xeral esixirá a previa aprobación pola Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, se é o caso, pola Comunidade Autónoma.»

CAPÍTULO III

Acción administrativa en materia de seguros

Artigo 70. *Modificación da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

Modifícase a Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, co seguinte contido:

Un. Engádese un segundo inciso ó punto 2 do artigo 62.

«Para a admisión e tramitación de reclamacións ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións será imprescindible acreditar telas formulado previamente por escrito dirixido ó defensor do asegurado ou, en caso de non existir esta figura, ó departamento ou servizo de atención ó asegurado e, no suposto de que non exista ningunha destas dúas figuras ou non teñan competencias asignadas para pronunciarse sobre a reclamación formulada, ante os departamentos centrais da entidade aseguradora.

O defensor do asegurado, o departamento ou servizo de atención ó asegurado e os departamentos centrais da entidade aseguradora deberán xustificala recepción por escrito das reclamacións que se lles presenten e resolvelas ou denegalas igualmente por escrito e motivadamente.

Así mesmo, para a admisión e tramitación de reclamacións ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, o reclamante deberá acreditar que transcorreu o prazo de seis meses desde a data da presentación da reclamación sen que fose resolto polo departamento ou servizo de atención ó asegurado ou os departamentos centrais da entidade aseguradora, ou que fose denegada a admisión da reclamación, ou desestimada a súa petición.

Recibida a reclamación pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións verificarase a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas nos parágrafos anteriores. Se se cumpren os requisitos necesarios procederase á apertura do correspondente procedemento administrativo; en caso contrario requirirase o reclamante para completa-la información no prazo de dez días, con apercibimento de que se así non o fixese se dictará resolución na que será tido por desistido da súa reclamación.»

Dous. Engádese un novo punto 3 ó artigo 62:

«As entidades aseguradoras que designen defensor do asegurado deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as normas de procedemento e prazo establecido para a resolución da reclamación presentada que, en ningún caso, poderá exceder de seis meses incluído o período transcorrido desde a súa presentación ante o departamento ou servizo de atención ó asegurado ou, se é o caso, ante os departamentos centrais da entidade aseguradora cando as normas de

procedemento do defensor do asegurado determinen a necesidade de acudir a estes departamentos con carácter previo. Transcorrido este prazo sen que se resolverse, o interesado poderá interpoñela súa reclamación ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

Tres. Engádese un novo punto 4 ó artigo 62:

«O departamento ou servizo de atención ó asegurado coñecerá e resolverá as reclamacións fronte á entidade aseguradora que formulen as persoas lexitimadas en relación cos contratos de seguros, nos termos previstos nas súas normas de funcionamento.

Os departamentos centrais da entidade aseguradora deberán resolver aquelas reclamacións presentadas fóra do ámbito das competencias que fosen asignadas ós defensores do asegurado ou departamentos ou servizos de atención ó asegurado.»

Catro. O punto 3 do artigo 63 queda redactado da seguinte forma:

«A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, á que as entidades aseguradoras comunicarán tanto a designación do defensor do asegurado como a constitución dos departamentos e servizos de atención ó asegurado e os tipos de reclamacións nos que se someten á súa decisión, fomentará as ditas designacións e constitucións e poderá dar publicidade ás condicións delas.»

Artigo 71. *Modificación do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, e modificado pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

Modifícase o punto 4, do artigo 1, do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, nos seguintes termos:

«4. Regulamentariamente, definiranse os conceptos de vehículos de motor e feito da circulación para os efectos da presente lei. En todo caso non se considerarán feitos da circulación os derivados da utilización do vehículo de motor como instrumento da comisión de delitos dolosos contra as persoas e os bens.»

CAPÍTULO IV

Acción administrativa en materia de exportación

Artigo 72. *Modificación da Lei 11/1983, do 16 de agosto, de medidas financeiras de estímulo á exportación.*

Modifícase o artigo 1 da Lei 11/1983, do 16 de agosto, de medidas financeiras de estímulo á exportación, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os créditos que concedan as entidades financeiras, destinados ó financiamento da exportación de bens e servizos españois, poderán ser subvencionados nas condicións e na forma que regulamentariamente se estableza a través do Instituto de Crédito Oficial mediante un convenio de axuste recíproco de xuros.

2. Para os efectos sinalados no punto anterior, considéranse entidades financeiras as cooperativas

de créditos cualificadas, as caixas de aforro españolas, os bancos españois e estranxeiros, así como tamén, se é o caso, o Instituto de Crédito Oficial.

3. Para a formalización dos convenios, o Ministerio de Economía deberá autorizar a dita formalización. En todo caso, a autorización terá carácter singular, cando sexa o Instituto de Crédito Oficial quen así mesmo financie a operación de exportación.»

CAPÍTULO V

Acción administrativa en materia de turismo

Artigo 73. *Modificación da Lei 42/1998, do 15 de decembro, sobre dereitos de aproveitamento por quenda de bens inmobles de uso turístico e normas tributarias.*

A Lei 42/1998, do 15 de decembro, sobre dereitos de aproveitamento por quenda de bens inmobles de uso turístico e normas tributarias, queda modificada nos termos seguintes:

Un. Engádese un segundo parágrafo no artigo 8.2.b) coa seguinte redacción:

«En todo caso, indicaranse os requisitos e condicións que para o exercicio de tales dereitos se existen no lugar onde está situado o inmueble, e se están cumpridos ou, en caso contrario, os requisitos ou condicións que aínda deberán cumprirse.»

Dous. Dáse nova redacción ó artigo 8.2.e):

«Os servizos comúns que permiten a utilización do inmueble e os demais dos que pode ou poderá goza-lo adquirente, con indicación da fase en que se encontran e as condicións de tal gozo.»

Tres. A letra h) do artigo 8.2 terá a redacción seguinte:

«Prezo medio dos dereitos de aproveitamento por quenda e prezo dos que o teñan máis alto; as cargas legalmente obrigatorias, como contribucións ou exaccións fiscais, entre outras; os gastos anuais ou a súa estimación, por ocupación do inmueble, por utilización das instalacións e servizos comúns, así como os derivados da administración, conservación e o mantemento do aloxamento e elementos comúns, con indicación do procedemento de cálculo das futuras anualidades.

Así mesmo, expresárase que a adquisición dos dereitos de aproveitamento por quenda non suporá desembolso, gasto ou obriga ningunha distintos dos mencionados no contrato.»

Catro. O primeiro parágrafo do punto 3 do artigo 9 quedará redactado da forma seguinte:

«O contrato e os documentos informativos previstos nesta lei redactaranse na lingua ou nunha das linguas, elixida polo adquirente, do Estado membro da Unión Europea en que resida ou do que sexa nacional aquel, sempre que sexa unha das linguas oficiais da dita Unión. Ademais, redactaranse en castelán ou en calquera das outras linguas españolas oficiais no lugar de celebración do contrato. Así mesmo, o transmitente deberá entregar ó adquirente a traducción do contrato á lingua ou a unha das linguas oficiais do Estado membro da Unión Europea en que estea situado o inmueble, sempre que sexa unha das linguas oficiais da Unión.»

Cinco. O punto 4 do artigo 9 terá a seguinte redacción:

«Todo o contido do documento informativo previsto polo punto 2 do artigo anterior deberá incorporarse e formar parte integrante do contrato.

Os cambios introducidos no dito documento informativo, que na falta de acordo expreso das partes só poderán ser resultado de circunstancias alleas á vontade do transmitente, deberán comunicarse ó adquirente antes da celebración do contrato.

O incumprimento destas obrigas implica o do deber de información para os efectos establecidos no artigo seguinte.»

Seis. O segundo parágrafo do punto 3 do artigo 10 quedará redactado do seguinte modo:

«Se o contrato se celebra ante notario, e sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a desistencia poderá facerse constar en acta notarial, que será título suficiente para a reinscrición do dereito de aproveitamento a favor do transmitente.»

Sete. O artigo 14 levará como rúbrica a seguinte: «Formalización notarial e publicidade rexistral do contrato».

Oito. O primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 14 terá a seguinte redacción:

«1. A adquisición e transmisión de dereitos de aproveitamento por quenda poderá inscribirse no Rexistro da Propiedade, sempre que o contrato se celebre ou formalizase mediante escritura pública e o rexistrador abra folio á quenda o dereito de aproveitamento da cal sexa obxecto de transmisión, quedando sempre a salvo o disposto na Lei hipotecaria.»

Novo. O punto 2 do artigo 14 quedará redactado da forma seguinte:

«Se o contrato se celebra ante notario, este advertirá do dereito de desistencia que o artigo 10 establece en favor do adquirente, que poderá facerse por acta notarial, e dos demais dereitos que lle recoñece a presente lei.»

Dez. Engádese un último parágrafo á disposición adicional segunda da lei, coa seguinte redacción:

«Os contratos que, sendo celebrados en España, se refiran a inmobles situados fóra dela quedarán suxeitos ós artigos 1.3, 2 e 8 a 12 da presente lei. En tales casos o adquirente poderá esixir, ademais, que o contrato se lle entregue redactado nalgunha das linguas oficiais do Estado en que radique cando este sexa membro da Unión Europea.»

CAPÍTULO VI

Acción administrativa en materia de hidrocarburos

Artigo 74. *Modificación da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas.*

Un. Engádese unha nova letra g) no artigo 31.3 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, coa seguinte redacción:

«g) O incumprimento polos concesionarios das autoestradas e polos titulares de estacións de servizo da obriga de instalación, conservación, mantemento e actualización dos carteis informativos das estacións de servizo máis próximas ou as situadas en áreas de servizo, de acordo co previsto

no artigo 7 do Real decreto lei 15/1999, do 1 de outubro, polo que se aproban medidas de liberalización, reforma estrutural e incremento da competencia no sector de hidrocarburos.»

Dous. Modifícase o artigo 34 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, mediante a adición do seguinte punto:

«3. O prazo para a notificación da resolución dos procedementos sancionadores será de doce meses, e transcorrido o cal sen que se produza aquela se dictará resolución declarando a caducidade do procedemento e ordenando o arquivo das actuacións, cos efectos previstos na lexislación vixente.»

CAPÍTULO VII

Acción administrativa en materia de portos

Artigo 75. *Modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.*

Un. Engádese un novo punto, o 13, ó artigo 120 da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, do seguinte teor:

«13. No caso de que os recoñecementos efectuados a buques mercantes españois e estranxeiros confirmen ou revelen deficiencias que teñan como consecuencia a medida de policía administrativa de prohibila navegación do buque, imporase como sanción accesoria á multa o pagamento de tódolos custos de inspección.

O custo da hora de inspección será determinado polo ministro de Fomento.»

Dous. Engádese unha nova disposición adicional, a vixésimo terceira, á Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo terceira.

A lámina de auga ocupada por artefactos flotantes tales como bateas, mexilloeiras, viveiros flotantes ou outras instalacións destinadas a actividades de acuicultura, será obxecto de autorización ou concesión, segundo proceda, e devengará os correspondentes canons, de conformidade co previsto nesta lei.

A autoridade portuaria comunicarlles ós titulares dos artefactos flotantes que ocupen espazos de dominio público portuario sen título habilitante a obriga de solicitaren o outorgamento do correspondente título de ocupación no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.»

CAPÍTULO VIII

Acción administrativa en materia de autoestradas

Artigo 76. *Modificación da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.*

Modifícase o punto 2 do artigo 24, que queda redactado da seguinte maneira:

«Neste último suposto e mediante as correccións necesarias, procurarase de novo o equilibrio económico-financiero da concesionaria de modo que, considerando os parámetros obxectivos previstos no plan económico-financiero, resulten compensados o interese xeral e o interese da empresa explotadora.»

Artigo 77. *Revisión de tarifas e peaxes nas autoestradas de peaxe de titularidade da Administración xeral do Estado.*

O alcance e forma das revisións de tarifas e peaxes nas autoestradas de peaxe en réxime de concesión, será o seguinte:

a) As revisións realizaranse anualmente e terán como fundamento a modificación dos prezos calculada como a variación anual da media dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística nos últimos doce meses dos índices de prezos ó consumo (grupo xeral para o conxunto nacional) sobre a mesma media dos doce meses anteriores (en diante $\Delta IPC_{\text{medio}}$) e do tráfico de cada concesión medido pola intensidade media diaria real dela nos últimos doce meses (en diante IMD_R) e a previsión da dita intensidade media diaria (en diante IMD_P) reflectida no plan económico financeiro aprobado pola Delegación do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe.

Para estes efectos, a revisión realizarase calculando o coeficiente C_R , mediante a expresión:

$$C_R = 1 + \Delta IPC_{\text{medio}} - X$$

onde $\Delta IPC_{\text{medio}}$ figurará expresado en tanto por un co signo que corresponda e o valor de X vén dado por:

$$X = \frac{1}{100} \cdot \left(\frac{IMD_R - IMD_P}{IMD_P} \right)$$

onde a IMD se referirá ós doce meses anteriores á revisión, estando en todo caso limitado o seu valor pola seguinte fórmula expresada en porcentaxe

$$0 \leq X \leq 1$$

O coeficiente C_R aplicarase ás tarifas T_{T-1} vixentes de cada concesión de forma que a tarifa T_t revisada para cada momento, sexa:

$$T_t = C_R \cdot T_{T-1}$$

b) O procedemento de revisión de tarifas e peaxes axustarase ós seguintes trámites:

Con fundamento na variación a que se fai referencia no punto anterior, o concesionario solicitará do Ministerio de Fomento, antes do 1 de decembro, a oportuna revisión das súas tarifas, e presentará simultaneamente con tal petición a proposta das peaxes correspondentes.

Solicitada a revisión ó Ministerio de Fomento, a través da Delegación do Goberno nas sociedades concesionarias de autoestradas nacionais de peaxe, que efectuará a súa comprobación, este órgano elevaralla ó ministro do departamento para a súa resolución, que deberá producirse dentro dos trinta días seguintes á data da solicitude, mediante orde ministerial.

As tarifas revisadas entrarán en vigor o 1 de xaneiro de cada ano.

c) Para as tarifas de cada concesión pendente de posta en servicio no momento de entrada en vigor desta lei e ata o período seguinte ó da posta en servicio dalgún tramo da concesión, a variable X adoptará o valor definido por

$$X = 0,05 \Delta IPC_{\text{medio}}$$

Una vez que entrase en servicio algún tramo da concesión, as revisións levaranse a cabo mediante o procedemento xeral establecido nos puntos anteriores.

CAPÍTULO IX

Acción administrativa en materia de agricultura

Artigo 78. Declaración de interese xeral de determinadas obras de infraestructuras hidráulicas con destino a rega.

Decláranse de interese xeral as seguintes obras:

a) Obras de modernización e consolidación de regadíos:

Illas Balears:

Construcción da balsa número 2 e tuberías de conexión para a zona regable do Pla de Sant Jordi (Mallorca).

Mellora do regadío e substitución de augas potables na zona de Sóller (Mallorca).

Aproveitamento integral das augas depuradas para rega na zona de Inca (Mallorca).

Substitución de augas potables. Ampliación zona regable de Ciutadella (Menorca).

Eliminación de verteduras e aproveitamento agrícola en Mercadal (Menorca).

Ampliación zona de rega de Santa Eulalia en Sant Joan de Labritja (Eivissa).

Illas Canarias:

Depósito regulador en Tías e tuberías de conexión coa rede de augas depuradas de Arrecife a Tinajo. TT.MM. de Tías e San Bartolomé (illa de Lanzarote).

Planta desalgadora na Isla Baja. T.M. de Buenavista (illa de Tenerife).

Conexión rede de auga desalgada de Arucas coa rede de impulsión das augas depuradas de Cardones. T.M. de Arucas (illa de Gran Canaria).

Tuberías de interconexión das balsas das Medianías de Gran Canaria TT.MM. de San Mateo. Teror e Santa Brígida (illa de Gran Canaria).

Construcción de depósito de regulación das augas desalgadas e depuradas en Gáldar (illa de Gran Canaria).

Rede de rega da balsa dos Dos Pinos 2.^a fase. TT.MM. de Los Llanos de Aridane e El Paso (illa de La Palma).

Telecontrol das redes de rega a presión de Las Haciendas (La Palma).

Rede de rega Las Hoyas-El Remo (La Palma).

Rede de rega La Costa de Fuencaiente (La Palma).

Extremadura:

Consolidación e modernización dos regadíos tradicionais de La Codosera (Badajoz).

Comunidade Valenciana:

Mellora e modernización de regadíos Juzgado Privativo de Aguas de Orihuela (Alacant).

Planta desalinizadora para a Sociedad Cooperativa Ltda. de Pilar de la Horadada (Alacant).

Mellora e modernización de regadíos Comunidad General de Regantes de La Pedrera (Alacant).

Mellora e modernización de regadíos Acequia Real del Júcar (Valencia).

Mellora e modernización de regadíos Comunidad de Regantes de Enguera (Valencia).

Mellora e modernización de regadíos Comunidad General del Canal Principal del Camp del Turia (Valencia).

Mellora e modernización de regadíos Comunidad de Regantes Cota 220 del Río Mijares (Castelló de la Plana).

Castilla y León:

Substitución da rede secundaria de rega existente na Comunidad de Regantes del Canal de Villadangos (León).

Modernización das infraestructuras de rega para transformación de rega a pé a rega por aspersión na Comunidad de Regantes de Las Vegas del Almar (Salamanca).

Instalación de tres grupos de bombeo e mellora da rede de rega na Comunidad de Regantes San Isidro Labrador de Benegiles (Zamora).

Actuacións en mellora de leitos en terra e levadas en mal estado para a Comunidad de Regantes del Canal Alto de Villares en Villagarcía de la Vega (León).

Mellora da rede de rega da Comunidad de Regantes del Canal de Velilla (León).

Substitución de levadas en terra por tuberías de PVC para a Comunidad de Regantes del Canal de Aranda (Burgos).

Modernización de regadío a pé para substituí-lo sistema de rega por regadío por aspersión para a Comunidad de Regantes del Canal de Babilafuente (Salamanca).

Instalación de válvulas e modernización dos hidrantes para a Comunidad de Regantes del Canal de Villoria (Salamanca).

Substitución da obra de toma no Canal Alto de Villarés e renovación de levadas para o Sindicato Central del Embalse de Villameca (León).

Substitución e reparación de levadas para a Comunidad de Regantes del Canal de Castañón (León).

Mellora e modernización das levadas e redes de rega da Comunidad General de Regantes del Páramo (León).

Mellora da rede de rega da Comunidad de Regantes de la Vega de Abajo en Vecilla de la Vega (León).

Mellora da rede de rega da Comunidad de Regantes Presa Cerrajera en Santa Marina del Rey (León).

Mellora da rede de rega da Comunidad de Regantes Presa de la Tierra en Vecilla de la Vega (León).

Mellora da rede de rega da Comunidad de Regantes Reguero Grande de la Sierna en Huerga de Garaballes (León).

Reparación de levadas principais para a Comunidad de Regantes de La Nava de Campos (Palencia).

Captación e impulsión desde o río Pisuerga e modernización de regadío da Comunidad de Regantes de Villaviudas (Palencia).

Reparación e substitución de levadas para modernización de rega na Comunidad de Regantes del Serrón-Becerril (Palencia).

Modernización de regadío para a Comunidad de Regantes de Río Tirón, Cauce Molinar, Santa Cruz y Valdeancho de Belorado (Burgos).

Catalunya:

Substitución de hidrantes para a Comunidad de Regantes de Benissanet (Tarragona).

Entubado e obras complementarias para a Comunidad de Regantes de Ull Benavent (Lleida).

Mellora da xestión da auga e rede de rega para a Comunidad de Regantes número 17 de Canales de Urgell (Lleida).

Melloras na rede de desaugamento na Comunidad de Regantes de la Margen Derecha del Ebro en Poblenou del Delta (Tarragona).

Mellora da xestión da auga e rede de rega para a Comunidad de Regantes Sant Jaume en Almenar y Vilanova Segriá (Lleida).

Construcción de embalse para regulación da rega e reparación de tramos para a Comunidad de Regantes del Alt Urgell, Tárrega (Lleida).

Aproveitamento hidroeléctrico da levada de Bellver de Cerdanya da Comunidad de Regantes de Bellver de Cerdanya (Lleida).

Balsa de rega e rede de distribución colectividade número 13 xurisdicción de Torregrossa, ramal del Farré

do ramal 16 da levada Boquera B-3 dos Canales de Urgell. T.M. Torregrosa, da Colectividad de Regantes número 13 de los Canales de Urgell (Lleida).

Reposición da ribeira de rega «La Mina» da Comunidad de Regantes de las Huertas de Térmen T.M. Térmen (Lleida).

Ampliación e acondicionamento balsa de regulación e rede rega a presión da Comunidad de Regantes Aubarrells, toma C-72 do Canal de Aragón Catalunya. T.M. de Almenar (Lleida).

Melloras na infraestrutura de saneamento do Delta do Ebro da Comunidad General de Regantes del Canal Derecho del Ebro (Tarragona).

Canalización da levada do Abeurador da Comunidad de Regantes del Rec del Molí (Girona).

Desaugamento da interconexión entre as estacións de bombeo do Molinet e Maquinela da Comunidad General de Regantes Canal Derecho del Ebro (Tarragona).

Obras de consolidación e modernización dos regadíos da Comunidad General de Regantes del Canal Izquierdo del Ebro (Tarragona).

Revestimento con formigón proxectado das catro levadas principais dos Canales de Urgell-Comarcas de La Noguera, Urgell, Segriá, Pla de Urgell i Garrigues, da Comunidad General de Regantes de los Canales de Urgell (Lleida).

Comunidad de Madrid:

Mellora da superficie regable dos termos municipais de Morata de Tajuña e Chinchón, Comunidades de Regantes de Morata de Tajuña y Chinchón (Madrid).

Castilla-La Mancha:

Mellora, modernización e consolidación da zona regable do río Calvache, en Barajas de Melo (Cuenca).

Mellora e modernización da zona regable de Magán (Toledo).

Mellora dos regadíos tradicionais na zona Balazote-La Herrera (Albacete).

Mellora e modernización da zona regable de Estremera (Guadalajara-Toledo).

Modernización da zona regable de Hellín (Albacete).

Mellora e modernización de regadíos no encoro de El Vicario (Ciudad Real).

Mellora e modernización dos regadíos do pantano de Almansa (Albacete).

Consolidación e mellora de regadíos na zona regable do Estrecho de Peñarroya (Ciudad Real).

Modernización dos regadíos da canle do Henares (Guadalajara).

Mellora dos regadíos do Badiel (Guadalajara).

Mellora dos regadíos do alto e medio Tajuña (Guadalajara).

Mellora do regadío na zona regable do Villalvilla, Júcar e Mariana (Cuenca).

Modernización das regas de Agramón (Albacete).

Mellora e modernización de regadíos no sector de El Rincón del Moro, en Tobarra (Albacete).

Mellora e modernización da zona regable de Valdepusa, Sector IV (Toledo).

Mellora e modernización da zona regable de El Simarro, en Casas de Fernando Alonso (Cuenca).

Consolidación e mellora de regadíos na veiga do río Jabalón e Segurilla (Ciudad Real).

Consolidación e mellora de regadíos na veiga de Santa María, en Torre de Juan Abad (Ciudad Real).

Consolidación e mellora de regadíos na zona regable de Los Mirones (Ciudad Real).

Mellora dos regadíos de El Atance (Guadalajara).

Mellora dos regadíos do val do Mesa (Guadalajara).

Consolidación dos regadíos de La Gineta I (Albacete).

Mellora e modernización dos regadíos de La Fuente la Canal, en Tobarra (Albacete).

Mellora das regas do Texo, entre Almoquera e Driebes (Guadalajara).

Mellora e modernización dos regadíos da horta de Herencia (Ciudad Real).

Mellora e modernización do regadío na veiga de San Pedro (Albacete).

Consolidación e mellora de regadíos na veiga do río Oregón, en Santa Cruz de los Cáñamos (Ciudad Real).

Instalación de contadores na veiga de Ontur e Albataña (Albacete).

Consolidación e mellora de regadíos na veiga do río Villanueva de la Fuente (Ciudad Real).

Mellora e modernización dos regadíos de Las Fuentes de Letur (Albacete).

Mellora e modernización dos regadíos da veiga do río Lezuza (Albacete).

Consolidación da zona regable de Los Llanos de Albacete (Albacete).

Mellora e modernización de regadíos na Comunidad de Regantes del Canal de los Auriles (Ciudad Real).

Regadíos de El Pedernoso (Cuenca).

Regadíos de Bonete (Albacete).

Torre de Abraham marxen esquerda (Ciudad Real).

Veigas de Puebla de Don Rodrigo (Ciudad Real).

Las Ochocientas. Los Pozuelos (Ciudad Real).

La Rinconada. Puebla de Montalbán (Toledo).

Corralejo. Cazalegas (Toledo).

El Bercial. Alcolea de Tajo (Toledo).

Canal baixo de El Alberche (Toledo).

Valdajos. Villarrubia de Santiago (Toledo).

Río Cedrón. La Guardia (Toledo).

Huerta de Valdecarábanos II (Toledo).

Regadíos tradicionais do Júcar alto (Cuenca).

Regadíos tradicionais do alto Texo (Cuenca e Guadalajara).

Pantano de Gasset (Ciudad Real).

Alta cabeceira do Segura (Albacete).

La Rioja:

Canalización do río Madre, fase III, da Comunidad de Regantes del Río Ebro de Alfaro (La Rioja).

Canalización do río Madre, fase IV, da Comunidad de Regantes del Río Ebro de Alfaro (La Rioja).

Canalización do río Madre, fase V, da Comunidad de Regantes del Río Ebro de Alfaro (La Rioja).

Canalización da levada madre río Guarre, desde o seu inicio ata a estrada de Grávalos e dos seus brazais principais da Comunidad de Regantes del río Alhama de Alfaro (La Rioja).

Canalización da levada madre de Sorban, fase I, da Comunidad General de Regadíos de Calahorra (La Rioja).

Canalización do río madre Los Molinos, desde o seu inicio ata El Recuenco, da Comunidad General de Regadíos de Calahorra (La Rioja).

Canalización do río madre de La Ribera, fase II, da Comunidad General de Regadíos de Calahorra (La Rioja).

Mellora do regadío de Camporeo en Murillo de Río Leza (La Rioja).

Andalucía:

Modernización e consolidación dos regadíos da Comunidad de Regantes de San Martín del Tesorillo, no termo municipal de Jimena de la Frontera e outros (Cádiz).

Modernización e consolidación dos regadíos da Comunidad de Regantes de San Pablo de Buceite, no termo municipal de Jimena de la Frontera (Cádiz).

Región de Murcia:

Planta desalinizadora para producir 5 hm³/ano da Comunidad de Regantes La Marina de Águilas (Murcia).

Encoro de regulación, filtrado, rede de tuberías para rega localizada da Comunidade de Regantes de la Huerta de Ricote (Murcia).

Instalación de 600 cabezais para rega localizada e automatización da Comunidade de Regantes de Sangonera La Seca (Murcia).

Instalación de 340 cabezais para rega localizada e encoro regulador da Comunidade de Regantes sectores I e II, zona V (Murcia).

Encoro de regulación, rede de rega por goteo e automatización da Comunidade de Regantes de Churra La Nueva (Murcia).

Rede de rega por goteo e automatización da Comunidade de Regantes Embalse del Argos, Calasparra (Murcia).

Rede de rega por goteo e automatización da Comunidade de Regantes Heredamiento de Alguazas (Murcia).

Rede de rega da Comunidade General del Noroeste, Caravaca de la Cruz (Murcia).

Euskadi:

Obras de mellora e modernización dos regadíos das zonas regables de vales arabeses, Río Rojo-Berantevilla e Ríoja Arabesa (zona leste), con recursos das regulación dos ríos Omecillo, Tumecillo e Bayas na provincia de Araba.

b) Obras de transformación en rega:

Castilla-La Mancha:

Obras de transformación e posta en rega da zona regable de La Sagra-Torrijos, sector III (Toledo).

2. As obras incluídas neste artigo levarán implícitas as declaracións seguintes:

a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectos a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para as ditas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

CAPÍTULO X

Da acción administrativa en materia de cultura

Artigo 79. *Modificación da Lei 17/1994, do 8 de xuño, de protección e fomento da cinematografía, modificada pola Lei 55/1999, do 29 de decembro.*

A disposición transitoria única da Lei 17/1994, do 8 de xuño, de protección e fomento da cinematografía, modificada pola Lei 55/1999, do 29 de decembro, queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria única.

Os produtores das películas españolas de longametraxe estreadas comercialmente en España ata o 31 de decembro do ano 2001 poderán percibir as axudas para a amortización acordadas polo Goberno en aplicación das medidas de fomento contidas no artigo 4 desta lei, cos límites e condicións previstos nos correspondentes reais decretos que sexan de aplicación e do crédito orzamentario dispoñible. Non obstante, as películas que se estrenen con posterioridade ó 31 de decembro de

2000 só darán dereito ás axudas previstas nos ditos reais decretos, se a súa estrea fose anterior á entrada en vigor dunha nova norma con rango de Lei na que se estableza un novo sistema de axudas á cinematografía.

A partir do 1 de xaneiro de 2001 o Goberno poderá limitar as porcentaxes de axuda establecidas.»

CAPÍTULO XI

Acción administrativa en materia de telecomunicacións

Artigo 80. *Modificación da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.*

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 21 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Cando polas razóns previstas no artigo anterior, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía limite o número de licencias individuais que se vaian outorgar para instalar ou explotar unha determinada categoría de redes ou prestar determinados servizos de telecomunicacións, tramitárase un procedemento de licitación para o outorgamento dos títulos habilitantes.

Para iso, aprobarase, mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, o prego de bases e a convocatoria de licitación correspondente á categoría dos servizos ou das redes das que se suxeita a limitación a prestación, instalación ou explotación. Neste caso, o Consello de Ministros deberá resolver sobre o outorgamento da licenza nun prazo máximo de oito meses desde a convocatoria da licitación. Na falta de resolución expresa, entenderanse desestimadas as solicitudes.»

Dous. Modifícase o artigo 25 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, que quedará redactado do seguinte modo:

«Artigo 25. *Resolución de conflitos.*

Dos conflitos en materia de interconexión de redes, se os obrigados a permitila non o fixesen voluntariamente, e dos relativos á execución e interpretación dos acordos de interconexión e dos producidos polo acceso ás redes públicas de telecomunicacións, coñecerá a Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Esta, logo de audiencia das partes, dictará resolución vinculante sobre os extremos obxecto do conflito, no prazo máximo de seis meses a partir do momento en que se pida a súa intervención, sen prexuízo de que poidan adoptarse medidas provisionais ata o momento en que se dicte a resolución definitiva. Contra a resolución adoptada pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderase recorrer en vía contencioso-administrativa.»

Tres. O artigo 55 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 55. *Normalización técnica.*

1. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía velará por que os operadores de redes públicas de telecomunicacións publiquen as especificacións técnicas precisas e adecuadas das interfaces de rede

ofrecidas en España, con anterioridade á posibilidade de acceso público ós servizos prestados a través das ditas interfaces e que publiquen, de forma periódica, as especificacións actualizadas.

Estas especificacións serán o suficientemente detalladas como para permitirlle o deseño de equipos terminais de telecomunicacións capaces de utilizar tódolos servizos prestados a través da interface correspondente.

As citadas especificacións incluírán unha descrición completa das probas necesarias para que os fabricantes dos equipos que se conectan ás interfaces, poidan garanti-la súa compatibilidade con elas.

2. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá aprobar especificacións técnicas distintas das anteriores para aparellos de telecomunicación, cando así o prevexa a normativa aplicable e logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

3. Sen prexuízo do disposto neste artigo, as especificacións técnicas dos aparellos utilizados polas Forzas Armadas serán determinadas polo Ministerio de Defensa, debendo ser compatibles coas das redes públicas de telecomunicación para que sexa posible a súa conexión con elas, nos termos previstos no parágrafo terceiro do punto 2 do artigo 5.»

Catro. O artigo 56 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 56. *Avaliación da conformidade.*

Os aparellos de telecomunicación para os cales:

- a) Exista unha norma que así o prevexa.
- b) Requiran a utilización do espectro de frecuencias radioeléctricas.
- c) Estean destinados a conectarse directa ou indirectamente ós puntos de terminación dunha rede pública de telecomunicacións, co obxecto de enviar, procesar ou recibir sinais.
- d) Poidan perturba-lo normal funcionamento dun servizo de telecomunicación.

Deberán avaliala a súa conformidade cos requisitos esenciais recollidos nas normas que os conteñan, ser conformes con outras disposicións que se establezan e incorpora-la marcaxe correspondente como consecuencia da avaliación realizada.»

Cinco. O artigo 57 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 57. *Necesidade da avaliación da conformidade.*

1. Para a posta no mercado, posta en servizo e para a utilización dun aparello de telecomunicacións dos indicados no artigo 56, será requisito imprescindible que o fabricante establecido na Unión Europea ou o seu mandatario establecido nela, caso de que o fabricante non o estivese, verifícase, previamente, a conformidade dos aparellos coas normas que lles sexan de aplicación mediante os procedementos que se determinen no Regulamento que se estableza para o efecto.

2. A conformidade anteriormente indicada inclúe a autorización administrativa para a conexión dos aparellos destinados a conectarse ós puntos

de terminación dunha rede pública de telecomunicacións. Esta avaliación non supón autorización de uso para os equipos radioeléctricos suxeitos á obtención de licenza nos termos establecidos na presente lei.

3. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía fomentará e apoiará procedementos alternativos de certificación voluntaria para os aparellos de telecomunicación que incluírán, alomenos, a avaliación da conformidade indicada nos capítulos anteriores.

4. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía realizará os controis adecuados para asegurar que os equipos postos no mercado avaliaron a súa conformidade de acordo co disposto neste título IV.»

Seis. O artigo 59 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 59. *Recoñecemento mutuo.*

1. Os aparellos de telecomunicación destinados á súa conexión a unha rede pública de telecomunicacións que avaliasen a súa conformidade noutro Estado membro da Unión Europea, sexan conformes cos requisitos esenciais establecidos e incorporen a marcaxe CE por esta causa, terán a mesma consideración, no que se refire ó disposto neste título IV, cós aparellos dos que a conformidade se verificou en España.

2. Os aparellos de telecomunicación que utilicen o espectro radioeléctrico e avaliasen a conformidade noutro Estado membro da Unión Europea, e incorporen o marcado CE por esta causa máis o número de organismo notificado que interviñese na avaliación da conformidade, se é o caso, terán a mesma consideración, no que se refire ó disposto neste título IV, cós aparellos dos que a conformidade se verificase en España.

3. Os aparellos de telecomunicación que utilicen o espectro radioeléctrico con parámetros de radio non harmonizados na Unión Europea non poderán ser postos no mercado mentres non sexan autorizados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, ademais de ter avaliado a conformidade coas normas aplicables a eles.

4. O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía establecerá os procedementos para o recoñecemento da conformidade dos aparellos de telecomunicación afectos ós acordos de recoñecemento mutuo que estableza a Unión Europea con países terceiros.»

Sete. Modifícase o derradeiro inciso do parágrafo primeiro do artigo 60 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Regulamentariamente, estableceranse, logo de audiencia dos colexios profesionais afectados e das asociacións representativas das empresas de construción e instalación, as condicións aplicables ós operadores e instaladores de equipos e aparellos de telecomunicacións co fin de que, acreditando a súa competencia profesional, se garanta a posta en servizo dos equipos e aparellos. Será preciso que en todo caso se manteñan inalteradas as condicións baixo as cales se verificou a conformidade nos termos establecidos nos artigos anteriores deste título.»

CAPÍTULO XII

Acción administrativa en materia de ambiente

Artigo 81. *Declaración de interese xeral de determinadas obras hidráulicas.*

Un. Para efectos do establecido no artigo 44.2 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, decláranse como obras hidráulicas de interese xeral as plantas desalgadoras de auga de mar como achega de novos recursos hidráulicos nas illas Balears.

Dous. As obras incluídas neste artigo levan implícita a declaración de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Artigo 82. *Modificación da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.*

Modifícase a disposición adicional primeira da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. *Excepcións á aplicación das obrigas establecidas no artigo 6 ou, se é o caso, na sección 2.^a do capítulo IV.*

1. Quedan excluídos do ámbito de aplicación do establecido no artigo 6 ou, se é o caso, na sección 2.^a do capítulo IV, os envases industriais ou comerciais, salvo que os responsables da súa posta no mercado decidan someterse a iso de forma voluntaria ou que resulte de aplicación o establecido no punto 5 desta disposición adicional. Cando estes envases pasen a ser considerados como residuos, os seus posuidores estarán obrigados a entregalos de acordo co establecido no artigo 12.

2. Quedan, así mesmo, excluídos do ámbito de aplicación do establecido no artigo 6, ou, se é o caso, na sección 2.^a do capítulo IV, os envases reutilizables ós que sexa de aplicación o establecido nas ordes ministeriais do 31 de decembro de 1976 e do 16 de xuño de 1979, modificadas por cadansúa orde ministerial do 30 de novembro de 1981, polas que se regulan as garantías obrigatorias de envases e embalaxes nas vendas de cervexa e bebidas refrescantes e de augas de bebida envasadas, respectivamente.

Igualmente, quedan excluídos os envases reutilizables non industriais ou comerciais para os que os envasadores e comerciantes establezan sistemas propios de depósito, devolución e retorno, logo de autorización das comunidades autónomas nas que se implanten estes sistemas.

Non obstante, cando os envases a que fan referencia os dous parágrafos anteriores perdan a condición de reutilizables e pasen, por tanto, a seren residuos de envases, os envasadores quedarán obrigados a entregalos de acordo co establecido no artigo 12.

3. En todo caso, os axentes económicos ós que sexa de aplicación o establecido nos puntos 1 e 2, deberán subministrar ós órganos competentes das comunidades autónomas a información que conste no seu poder, de conformidade co establecido no artigo 15.

4. O Goberno poderá establecer que determinados envases, polas súas especiais características de tamaño, composición ou deseño, queden excluídos do ámbito de aplicación do establecido no arti-

go 6, ou, se é o caso, na sección 2.^a do capítulo IV, sempre que quede suficientemente garantido o cumprimento dos obxectivos de redución, reciclaxe e valorización fixados no punto 1 do artigo 5 desta lei.

5. Regulamentariamente poderá establecerse que determinados envases industriais ou comerciais non poidan acollerse á exención regulada no punto 1 cando a súa composición ou a do material que contivesen presenten unhas características de perigosidade ou toxicidade que comprometan a reciclaxe, a valorización ou a eliminación das distintas fraccións residuais constitutivas dos residuos ou supoñan un risco para a saúde das persoas ou o ambiente.»

CAPÍTULO XIII

Acción administrativa en materia de sanidade

Artigo 83. *Modificación da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.*

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 94 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Una vez autorizada e rexistrada unha especialidade farmacéutica decidírase, con carácter previo á súa posta no mercado, se se inclúe, modalidade, se é o caso, ou se exclúe da prestación farmacéutica da Seguridade Social, con cargo a fondos desta ou a fondos estatais afectos á sanidade.

Igualmente, unha vez autorizada e rexistrada unha especialidade farmacéutica ou sempre que se produza unha modificación da autorización que afecte o contido da prestación farmacéutica, o Ministerio de Sanidade e Consumo decidirá, con carácter previo á súa posta no mercado, as indicacións incluídas, modalidade, se é o caso, ou excluídas da prestación farmacéutica da Seguridade Social, con cargo a fondos desta ou a fondos estatais afectos á sanidade.

Teranse en conta criterios xerais, obxectivos e publicados e concretamente os seguintes:

- a) Gravidade, duración e secuelas das distintas patoloxías.
- b) Necesidades de certos colectivos.
- c) Utilidade terapéutica e social do medicamento.
- d) Limitación do gasto público destinado a prestación farmacéutica.
- e) Existencia de medicamentos xa dispoñibles e outras alternativas mellores ou iguais para as mesmas afeccións a menor prezo ou inferior custo de tratamento.»

Dous. Engádesse un novo punto 3 ó artigo 104 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, coa seguinte redacción:

«3. As especialidades farmacéuticas que, conforme o previsto no artigo 94 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, fosen excluídas do financiamento con cargo a fondos da Seguridade Social ou a fondos estatais afectos á sanidade e que teñen indicacións non excluídas dela, consideraranse financiadas polos ditos fondos, para efectos da fixación e da revisión do seu prezo.»

CAPÍTULO XIV

Acción administrativa en materia de investigación científica e técnica

Artigo 84. *Modificación da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.*

Modifícanse os seguintes preceptos da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica:

Un. O punto 2.a) do artigo 6 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica terá a seguinte redacción:

«a) Programas Nacionais de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico, que serán elaborados pola Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía, e integrarán as iniciativas sectoriais propostas polos distintos departamentos ministeriais e organismos públicos de titularidade estatal, e, se é o caso, as que propoñan outras entidades públicas ou privadas. Esta comisión determinará, así mesmo, a quen corresponde a xestión e execución deles e a súa duración.»

Dous. Suprímese o punto 2.b) do artigo 6 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

Tres. Os puntos 2c) e 2d) do artigo 6 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, pasan a ser os puntos 2b) e 2c) do dito artigo.

Catro. Dáselle a seguinte redacción ó punto 4 do artigo 6 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica:

«4. O Plan Nacional financiarase con fondos procedentes dos orzamentos xerais do Estado e doutras administracións públicas, nacionais ou supranacionais, así como con achegas de entidades públicas e privadas, e con fondos procedentes de tarifas fixadas polo Goberno.»

Cinco. O punto 2 do artigo 7 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, terá a seguinte redacción:

«2. Así mesmo, o Goberno nomeará unha comisión permanente, as funcións da cal serán establecidas pola Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía.

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, como departamento responsable da política de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, asumirá as funcións de apoio á Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía e á Comisión Permanente.

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, logo de autorización do organismo correspondente, poderá adscribir temporalmente a tempo completo ou parcial, persoal científico, expertos en desenvolvemento tecnolóxico e outros especialistas relacionados con actividades de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico, que presten servizos en departamentos ministeriais, comunidades autónomas, universidades, organismos públicos de investigación e entidades públicas ou privadas. A adscripción producirase con reserva de posto de traballo, excepto no caso de que o persoal prestara servizos en entidades privadas. Das adscripcións

efectuadas deberá informarse á Comisión permanente na primeira reunión que esta celebre.

Os departamentos ministeriais, organismos e órganos de titularidade estatal tamén poderán adscribir, para colaborar na elaboración, avaliación, seguimento e xestión dos programas que a comisión interministerial lles encomende, persoal científico, expertos en desenvolvemento tecnolóxico e outros especialistas relacionados con actividades de I+D nas mesmas condicións có órgano citado no parágrafo anterior e logo de autorización expresa da Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía. A adscripción a tempo parcial do persoal mencionado anteriormente será compatible co desempeño, igualmente en réxime de prestación a tempo parcial, do posto de traballo que viñesen ocupando. Tamén poderán contratar, por tempo non superior á duración do programa, a calquera tipo de persoal non adscrito ó sector público, conforme o establecido no artigo 15.1, alínea a) do Estatuto dos traballadores. A comisión poderá solicitarlo asesoramento dos órganos de planificación, coordinación e seguimento de investigación das administracións públicas.»

Seis. O artigo 13 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, terá a seguinte redacción:

«O Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), o Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT), o Instituto Xeolóxico e Mineiro (IGME), o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), o Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), o Instituto Español de Oceanografía (IEO) e o Instituto de Saúde Carlos III, rexeranse pola presente lei, pola súa lexislación específica e pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.»

Sete. O punto 2 do artigo 19 da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, terá a seguinte redacción:

«2. Os contratos de prestación de servizos de investigación que realicen os organismos a que se fai referencia no punto anterior, quedan exceptuados no ámbito de aplicación do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos da administracións públicas e rexeranse polas normas de dereito civil e mercantil que lles sexan de aplicación.»

Oito. A disposición adicional cuarta da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, terá a seguinte redacción:

«O Goberno, por iniciativa dos departamentos ministeriais ós que estean adscritos os organismos públicos de investigación ós que se refire esta lei, e por proposta do Ministerio de Administracións Públicas, dictará as normas necesarias para facilitar e incentivar a mobilidade do persoal investigador ó servizo dos organismos públicos de investigación dependentes da Administración do Estado. Así mesmo, e de acordo coas comunidades autónomas e coas corporacións locais, se é o caso, estableceranse medidas para facilitar e incentivar a mobilidade deste persoal entre as respectivas administracións públicas.»

Nove. A disposición adicional quinta da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, terá a seguinte redacción:

«Facúltase o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía para regula-la participación e representación dos científicos españois agrupados en sociedades científicas no Consello Internacional de Unións Científicas e nas súas unións, así como naquelas outras unións ou comisións científicas internacionais que polo seu carácter esixisen tal regulación.»

Dez. A disposición adicional undécima da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, na modificación que realiza do artigo 4 do Real decreto lei 7/1982, do 30 de abril, terá a seguinte redacción:

«Artigo 4.

O Consello Rector estará integrado polo ministro de Ciencia e Tecnoloxía, que actuará como presidente, un vocal en representación da Administración xeral do Estado, que será nomeado por proposta do ministro da Presidencia, e tres vocais máis nomeados en representación de cada unha das restantes administracións públicas e organismos que se relacionan no artigo 1.

Formará parte do Consello Rector, así mesmo, o director do Instituto, que será membro nato.»

CAPÍTULO XV

Acción administrativa en materia de seguridade privada

Artigo 85. *Modificación da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada.*

Engádese unha disposición adicional quinta do seguinte teor:

«A Secretaría de Estado para a Seguridade do Ministerio do Interior poderá autoriza-la prestación de funcións de acompañamento, defensa e protección, por parte dos escoltas privados, de persoas que teñan a condición de autoridades públicas, cando as circunstancias así o recomenden.»

CAPÍTULO XVI

Acción administrativa en materia de navegación aérea

Artigo 86. *Compañías aéreas titulares de licencias de explotación.*

Cando adopten a forma xurídica de sociedade, o capital social das compañías aéreas españolas titulares dunha licenza de explotación concedida conforme o Regulamento CEE 2407/92, do Consello, do 23 de xullo, estará representado por participacións ou accións nominativas nas que debe constar expresamente a nacionalidade do accionista.

Cando unha compañía aérea das antes descritas, a través dos rexistros de accionistas ós que teña acceso, teña coñecemento de que, por razón das porcentaxes directa ou indirectamente en poder de persoas físicas ou xurídicas estranxeiras, existise risco para o mantemento das licencias de explotación ou para o exercicio

dos dereitos de tráfico derivados dos convenios aéreos bilaterais subscritos por España, deberá poñelo en coñecemento das sociedades rectoras das bolsas e da Comisión Nacional do Mercado de Valores, para efectos da debida publicidade e de que as citadas institucións procedan a comunica-la dita circunstancia ás empresas de servizos de investimento e entidades de crédito habilitadas para prestaren servizos de investimento. Pola súa vez, comunicárase tamén a dita circunstancia ó Ministerio de Fomento a través da Dirección Xeral da Aviación Civil. A partir de que tal circunstancia quede debidamente comunicada, non poderá ter lugar ningunha adquisición ou transmisión de accións por parte de persoas físicas ou xurídicas estranxeiras, se esta non se acompaña de certificación expedida polo consello de administración da compañía aérea, acreditativa de que a dita adquisición ou transmisión non supera os límites requiridos pola normativa comunitaria ou os convenios aéreos bilaterais subscritos por España en materia de transporte aéreo, para efectos de acreditarlo carácter de compañía aérea española.

No suposto de que a compañía aérea teña coñecemento de calquera adquisición ou transmisión de accións que, contravindo o establecido no parágrafo anterior, poida poñer efectivamente en perigo os requisitos establecidos pola lexislación e polos convenios antes citados, o consello de administración da compañía poderá proceder á adquisición das accións de que se trate para a súa ulterior amortización, adquisición que se levará a cabo ó prezo máis baixo entre o correspondente ó de cotización do día da adquisición indebida das accións de que se trate e o valor teórico contable das mesmas accións de acordo co último balance da compañía auditado e publicado en cumprimento da normativa aplicable á súa condición de sociedade cotizada. Neste último suposto e ata que se execute materialmente a transmisión á compañía, o Consello de Administración pode acorda-la suspensión dos dereitos políticos correspondentes a tales accións.

Disposición adicional primeira. *Ampliación da exención en modificación de hipotecas.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2001, modifícanse os artigos 4 e 9 da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, que quedarán redactados da seguinte forma:

«Artigo 4. *Escritura.*

Na escritura de subrogación só se poderá pacta-la modificación das condicións do tipo de xuro, tanto ordinario como de demora, inicialmente pactado ou vixente.»

«Artigo 9. *Beneficios fiscais e honorarios notariais e rexistrados na novación modificativa de préstamos hipotecarios.*

Estarán exentas na modalidade gradual de "Actos xurídicos documentados" as escrituras públicas de novación modificativa de préstamos hipotecarios pactados de común acordo entre acredor e debedor, sempre que o acredor sexa unha das entidades a que se refire o artigo 1 desta lei e a modificación se refira ás condicións do tipo de xuro, inicialmente pactado ou vixente. Conxuntamente coa modificación do tipo poderase pacta-la alteración do prazo.

Para o cálculo dos honorarios notariais e rexistrados do dito tipo de escrituras, tomarase como base a que resulte de lle aplicar ó importe da responsabilidade hipotecaria vixente o diferencial entre o xuro do préstamo que se modifica e o novo xuro.»

Disposición adicional segunda. *Aplicación da nova deducción por tecnoloxías da información e da comunicación a empresarios persoas físicas en réxime de estimación obxectiva.*

A partir da entrada en vigor da presente lei, ós contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas que exerzan actividades económicas e determinen o seu rendemento neto en réxime de estimación obxectiva seranlles de aplicación as deducións para o fomento das tecnoloxías da información e a comunicación previstas no artigo 33 bis da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, na forma e cos límites establecidos no artigo 37 da citada lei e no artigo 56.2 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

A base conxunta destas deducións terá como límite o rendemento neto das actividades económicas, en réxime de estimación obxectiva, computado para a determinación da base imponible.

Disposición adicional terceira. *Reembolso do imposto xeral indirecto canario nas importacións de bens mediante axentes de aduanas.*

O punto décimo cuarto do artigo 9 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social quedará redactado como segue:

«Décimo cuarto. Reembolso do imposto xeral indirecto canario nas importacións de bens mediante axentes de aduanas.

Para efectos do imposto xeral indirecto canario, nas importacións de bens realizadas mediante axentes de aduanas que fixesen efectivo o pagamento do dito imposto por conta do importador, aplicaranse as seguintes regras:

1.^a Para os efectos do disposto no artigo 31, número 2, da Lei 20/1991, o único documento xustificativo do dereito á deducción das cotas satisfeitas á importación será o documento acreditativo do pagamento do imposto, no que conste o recoñecemento do axente de aduanas de ter obtido do seu cliente o reembolso do tributo.

O axente de aduanas terá dereito de retención do documento a que se refire esta regra ata que obtivese o reembolso do imposto.

2.^a Se transcorrido un ano desde o nacemento do dereito á deducción o importador que teña dereito á deducción total do imposto devengado pola importación, non reembolsou a cota satisfeita con ocasión da dita importación polo axente de aduanas, este poderá solicitar da Administración tributaria canaria a súa devolución no prazo dos tres meses seguintes e nas condicións e cos requisitos que se determinen regulamentariamente.

O axente de aduanas deberá xuntar á solicitude de devolución o documento acreditativo do pagamento do imposto, que quedará inutilizado para os efectos do exercicio do dereito á deducción ou devolución.

3.^a Nos casos a que se refire a regra 2.^a anterior non será de aplicación o suposto de responsabilidade previsto no punto 3.^o do número 2 do artigo 21 bis da Lei 20/1991.»

Disposición adicional cuarta. *Modificación da Lei 42/1998, do 15 de decembro, sobre dereitos de aproveitamento por quenda de bens inmobles de uso turístico e normas tributarias.*

O artigo 19 da Lei 42/1998 quedará redactado como segue:

«Artigo 19. *Imposto sobre o valor engadido e imposto xeral indirecto canario.*

1. Aplicarase o tipo reducido do 7 por 100 do imposto sobre o valor engadido ás seguintes operacións:

1.^o Ás prestacións de servizos que consistan na cesión dos dereitos de aproveitamento por quenda de bens inmobles recollidos no artigo 1 da presente lei.

2.^o A calquera outra forma de utilización dos bens inmobles por período determinado ou determinable do ano con prestación dalgún dos servizos complementarios propios da industria hoteleira.

3.^o Os servizos contemplados no artigo 91.un.2.segundo da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, prestados polas persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 4.3 da presente lei.

2. Ás operacións sinaladas no punto anterior, cando se realicen na Comunidade Autónoma de Canarias, seralles de aplicación o tipo xeral que, conforme a súa lexislación, estea previsto para o imposto xeral indirecto canario.»

Disposición adicional quinta. *Beneficios fiscais aplicables a «Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004».*

Un. O réxime de mecenado prioritario previsto no artigo 67 da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, será de aplicación ós programas e actividades relacionadas con «Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004», sempre que sexan aprobados polo «Consortio Organizador do Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004» e sexan realizados polas entidades ou institucións a que se refiren o artigo 41 e disposición adicional sexta da Lei 30/1994.

Para estes efectos elevaranse en cinco puntos as porcentaxes de deducción e a contía porcentual dos límites máximos de deducción establecidos con carácter xeral na mesma lei, en relación cos programas e actividades que se realicen para tal acontecemento ata o final do período da súa vixencia.

Dous. 1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades poderán deducir da cota íntegra do imposto o 15 por 100 dos investimentos que, efectuados nos termos municipais de Barcelona e Sant Adrià do Besòs, se realicen en cumprimento dos plans e programas de actividades establecidos polo «Consortio Organizador do Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004» e consistan en:

a) Elementos do inmovilizado material novos, sen que, en ningún caso, se consideren como tales os terreos.

b) Obras de rehabilitación de edificios e outras construcións que reúnan os requisitos establecidos na normativa estatal sobre financiamento de actuacións protexidas en materia de vivendas que estea vixente no momento da execución das obras de rehabilitación.

As citadas obras deberán cumprir, ademais, as normas arquitectónicas e urbanísticas que ó respecto poidan establece-lo concello e o «Consortio Organizador do Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004».

c) A realización en España ou no estranxeiro de gastos de propaganda e publicidade de proxección plurianual que sirvan directamente para a promoción do «Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004» e reciban a aprobación do «Consortio Organizador do Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004».

A base da deducción será o importe total do investimento realizado cando o contido do soporte publicitario se refira de modo esencial á divulgación da celebración do «Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004». En caso contrario, a base da deducción será do 25 por 100 do investimento realizado.

2. Esta deducción, conxuntamente coas reguladas no capítulo IV do título VI da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, non poderá exceder do 35 por 100 da cota íntegra, minorada nas deduccions para evita-la dobre imposición interna e internacional e as bonificacións, e será incompatible para os mesmos bens ou gastos coas previstas na citada Lei 43/1995, do 27 de decembro. As cantidades non deducidas poderán aplicarse, respectando igual límite, nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos cinco anos inmediatos e sucesivos.

O cómputo dos prazos para a aplicación das deduccions previstas no presente capítulo poderá adiarse ata o primeiro exercicio en que, dentro do período de prescripción, se produzan resultados positivos, nos seguintes casos:

a) Nas entidades de nova creación.

b) Nas entidades que saneen perdas de exercicios anteriores mediante a achega efectiva de novos recursos, sen que se considere como tal a aplicación ou capitalización de reservas.

Tres. Ós suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas en réxime de estimación directa seralles de aplicación a deducción establecida no punto anterior nos termos e coas condicións que prevé a normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Catro. As transmisións patrimoniais suxeitas ó imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota cando os bens e dereitos adquiridos sexan destinados, directa e exclusivamente, polo suxeito pasivo á realización de investimentos con dereito a deducción a que se refiren os puntos anteriores.

Cinco. 1. Os suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas gozarán dunha bonificación do 95 por 100 nas cotas e recargas correspondentes ás actividades de carácter artístico, cultural, científico ou deportivo que teñan que ter lugar durante a celebración de «Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004» e que certifique o «Consortio Organizador do Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004» que se enmarcan nos seus plans e programas de actividades.

2. As empresas ou entidades que desenvolvan exclusivamente os obxectivos de «Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004» segundo certificación do «Consortio Organizador do Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004», gozarán dunha bonificación do 95 por 100 en tódolos impostos e taxas locais que poidan recaer sobre as súas operacións relacionadas co dito fin.

3. Para os efectos previstos neste punto non será de aplicación o disposto nos puntos 2 e 3 do artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Seis. O dereito ós beneficios fiscais previstos na presente disposición requirirá o recoñecemento previo da Administración tributaria sobre a súa procedencia na forma que regulamentariamente se determine.

Para tal efecto á solicitude de recoñecemento deberá achegárselle unha certificación expedida polo «Consortio

Organizador do Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004» de que os investimentos con dereito a deducción se realizaron en cumprimento dos seus plans e programas de actividades así como das demais circunstancias previstas nesta disposición.

Posteriormente, a Administración tributaria comprobará a concorrencia das circunstancias ou requisitos necesarios para ter dereito ós beneficios fiscais, practicando, se é o caso, a regularización que resulte procedente da situación tributaria dos suxeitos pasivos.

Sete. O «Consortio Organizador do Fórum Universal das Culturas Barcelona 2004» remitirá á Dirección Xeral de Tributos copia dos certificados emitidos en relación cos beneficios contidos na presente disposición adicional nos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro, para a súa ulterior remisión ós órganos de xestión correspondentes.

Oito. 1. A presente disposición terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2002 ata o 31 de decembro de 2004.

2. Autorízase o Goberno a dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto na presente disposición adicional.

Disposición adicional sexta. Modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

Engádese unha nova disposición adicional, a vixésimo segunda, á Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional vixésimo segunda. *Do pagamento das tarifas.*

1. Esixibilidade.

As tarifas serán esixibles desde que se solicite a prestación do servizo, ou ben cando o buque entrase en porto, atraque no peirao ou se inicien as operacións de embarque, desembarque e transbordo. No caso de mercadorías que entren e saian do porto por medios terrestres, cando o vehiculo correspondente entre na zona de servizo do porto.

O prazo máximo para facer efectivas as débedas orixinadas pola aplicación das tarifas será de vinte días naturais desde a data de notificación das facturas correspondentes. No suposto de que o último día do prazo de pagamento fose festivo, o dito prazo vencerá no inmediato hábil posterior.

Una vez transcorrido o prazo de pagamento establecido no presente artigo sen que a débeda fose satisfeita, a autoridade portuaria certificará por medio do director a dita circunstancia e notificarálo ó obrigado ó pagamento. A cantidade que se deba devengar á xuro legal do diñeiro vixente incrementado en catro puntos, durante o período en que se incorrese en mora.

O certificado así emitido terá a consideración de título executivo para os efectos da acción executiva, conforme o disposto no artigo 517 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

A falta de pagamento dos xuros devengados durante o período en que se incorrese en mora, habilitará igualmente a autoridade portuaria para o exercicio da acción executiva na forma e no prazo previsto na presente disposición.

2. Prescripción.

A acción para esixilo pagamento das tarifas por servizos prestados directamente polas autoridades portuarias prescribe ós cinco anos da prestación do servizo de que se trate.

3. Suspensión do servizo.

A falta de pagamento reiterada do servizo prestado faculta as autoridades portuarias para suspender temporalmente a súa prestación ó debedor, logo de requirimento a este e comunicación ó capitán marítimo se afectase á navegación marítima.

No requirimento, a autoridade portuaria deberá advertir expresamente de que, de non efectuarse o pagamento da factura no prazo fixado nel, procederá a suspender temporalmente a prestación do servizo de que se trate.

A suspensión temporal da prestación do servizo manterase entremetres non se efectúe o pagamento ou garanta suficientemente a débeda que xerou a propia suspensión.

A autoridade portuaria poderá esixir un depósito previo ou a constitución de avais, así como emitir facturas á conta, con obxecto de garanti-lo cobramento do importe das tarifas polos servizos que sexan solicitados no ámbito da súa competencia, sen prexuízo do importe final resultante.

4. Reclamación previa á vía xudicial civil.

Contra as liquidacións de tarifas por servizos prestados directamente polas autoridades portuarias procederá a reclamación previa ó exercicio de accións civís que deberá interpoñerse ante o Consello de Administración da autoridade portuaria de que se trate. O prazo para resolver a reclamación será de tres meses desde a súa interposición, pasado o cal sen resolución expresa poderá entenderse desestimada.

A interposición da reclamación previa non suspenderá a obriga de efectuar o pagamento da factura no prazo previsto no artigo anterior.»

Disposición adicional sétima. *Modificación da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

A disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, queda redactada do seguinte modo:

«Liquidación de tarifas por servizos portuarios ó amparo da Lei 1/1966, do 28 de xaneiro, sobre réxime financeiro dos portos españois, modificada pola Lei 18/1985, do 1 de xullo, e da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro.

1. Nos supostos en que, por sentencias xudiciais firmes, se declare a nulidade de liquidacións de tarifas por servizos portuarios efectivamente prestados ós usuarios polas antigas xuntas de portos, portos autónomos e Comisión Administrativa de Grupos de Portos, consonte a Lei 1/1966, do 28 de xaneiro, sobre réxime financeiro dos portos españois, modificada pola Lei 18/1985, do 1 de xullo, como consecuencia da declaración de nulidade das disposicións que estableceron as súas contías, as autoridades portuarias practicarán novas liquidacións, logo de audiencia dos interesados e sen prexuízo da execución das sentencias nos seus propios termos.

A autoridade portuaria, ó notifica-la nova liquidación, e cando concorran os requisitos establecidos con carácter xeral na normativa tributaria, acordará de oficio a compensación que proceda pola contía do crédito recoñecido a favor do debedor no expediente de devolución de ingresos inde-

bidos, podendo diminuír na nova liquidación a cantidade previamente ingresada.

Nestes casos, en execución de sentenza admítrase a oportuna compensación cos créditos que a autoridade portuaria ostente contra o recorrente e, en particular, cos que deriven da nova liquidación.

Os elementos esenciais das tarifas establecidas polas leis a que se refire o parágrafo primeiro viñan determinados por elas, e non se modificarán en medida ningunha como consecuencia da entrada en vigor da presente disposición.

Así, as liquidacións practicadas consonte as normas de referencia retribuirán os servizos xerais e específicos prestados ós usuarios. En particular, considéranse servizos xerais os de entrada e estancia de barcos en porto, os de utilización de atraques, os de embarque, desembarque e transbordo de mercadorías e pasaxeiros, os servizos á pesca marítima e a utilización da zona portuaria por vehículos industriais con medios propios de manipulación de mercadorías.

Son servizos específicos os prestados cos elementos e maquinaria que constitúen o equipo mecánico de manipulación e transporte, os prestados en forma de utilización de superficie, edificios e locais de calquera clase, as subministracións de produtos de enerxía, os prestados cos elementos, instalacións e servizos existentes destinados á reparación e conservación de embarcacións, outros servizos prestados habitualmente polos organismos portuarios e especificados nas tarifas de cada porto e calquera outro servizo eventual da súa competencia non enumerados anteriormente nin comprendidos entre os servizos xerais que soliciten os interesados.

Serán suxeitos pasivos os usuarios de tales servizos e, en particular, os determinados polo artigo 9 da Lei 1/1966.

As tarifas devengaránse consonte o disposto no artigo 12 da Lei 1/1966.

Os obrigados ó pagamento e os demais elementos que configuran as distintas tarifas, así como as regras xerais e particulares de aplicación de cada unha delas, serán os establecidos nas leis anteriormente referidas e nas disposicións vixentes no momento en que se practicaron as correspondentes liquidacións.

Pola prestación dos servizos portuarios comprendidos nas correspondentes tarifas as autoridades portuarias poderán esixirlles ós usuarios o pagamento como máximo das seguintes contías:

G-1. Entrada e estancia: 25 pesetas por unidade de arqueo bruto e día ou fracción.

G-2. Atracada: 1400 pesetas por metro lineal de peirao ocupado e día ou fracción.

G-3. Pasaxeiros e mercadorías: 750 pesetas por pasaxeiro e 2.200 pesetas por tonelada; para a facturación dos contedores cheos consideraranse un peso de 16 toneladas e de 2 toneladas polos baleiros.

G-4. Pesca: o 2 por 100 do valor da pesca.

G-5. Embarcacións deportivas e de recreo: 70 pesetas por día e metro cadrado do produto da eslora máxima pola manga.

No suposto de que, como resultado da aplicación da presente lei, se lles esixise ós usuarios unha cantidade superior á liquidada, haberase que ater, en virtude do principio de seguridade xurídica, á contía contida nas correspondentes facturas.

O disposto no presente punto non afectará as situacións individuais en que se producise prescri-

ción dos dereitos das administracións competentes. O prazo de prescrición, interrompido durante a tramitación dos recursos interpostos contra a liquidación, volverase contar de novo a partir do día seguinte a aquel en que sexa notificada a sentenza firme anulatoria da liquidación.

2. As tarifas polos servizos prestados ós usuarios polas autoridades portuarias consonte as ordes ministeriais sobre tarifas por servizos portuarios dictadas trala vixencia da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e antes ou despois da súa modificación pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, as liquidacións das cales sexan anuladas por sentencias xudiciais firmes como consecuencia da declaración de nulidade das ditas ordes, serán novamente esixidas ós usuarios que recibisen os correspondentes servizos, mediante a práctica de novas liquidacións, logo de audiencia daqueles e sen prexuízo do cumprimento e execución das respectivas sentencias.

A autoridade portuaria, ó notifica-la nova liquidación, e cando concorran os requisitos establecidos con carácter xeral, acordará de oficio a compensación que proceda pola contía do crédito correspondente ó debedor, podendo diminuír na nova liquidación a cantidade previamente ingresada.

Para os efectos da compensación, entenderase que a obriga é líquida, vencida e esixible desde o día da notificación da factura que conteña a nova liquidación.

Nestes casos, en execución de sentenza admíttase a oportuna compensación cos créditos que a autoridade portuaria ostente contra o recorrente e, en particular, cos que deriven da nova liquidación.

As tarifas, os seus respectivos elementos, as regras xerais e particulares de aplicación de cada tarifa serán as establecidas nas disposicións vixentes en función do momento en que efectivamente lles prestaron ós usuarios os correspondentes servizos as autoridades portuarias e se practicaron as liquidacións.

As devanditas tarifas son as seguintes:

a) Tarifa T-0: sinalización marítima. Esta tarifa comprende a utilización do sistema de axudas á navegación marítima dos que o mantemento corresponde a cada autoridade portuaria no ámbito espacial e funcional que lle foi asignado e será de aplicación a todo buque que faga escala ou se encontre nas augas de calquera porto ou instalación marítima do territorio nacional.

Esta tarifa tamén resultará de aplicación ós buques-tanque fondeados en augas xurisdiccionais ou na zona económica exclusiva española debidamente autorizados pola Capitanía Marítima.

b) Tarifa T-1: buques. Esta tarifa esixirase polo acceso marítimo dos buques ó porto e a súa atracada ou fondeo no posto que lle fose asignado, incluíndo as prestacións que lles proporcionan as obras e instalacións portuarias.

c) Tarifa T-2: atracada. Esta tarifa comprende o uso das obras de atracada e elementos fixos de amarre e defensa (esta definición está en vigor ata o 25 de abril de 1995).

d) Tarifa T-2: pasaxe. Esta tarifa esixirase polo acceso, embarque, desembarque e, en xeral, o uso das instalacións xerais e obras do porto polos pasaxeiros e, se é o caso, polos vehículos que estes embarquen ou desembarquen en réxime de pasaxe, dos seus peiraos e pantaláns, accesos terrestres, vías de circulación e estacións marítimas (esta definición está en vigor desde o 25 de abril de 1995).

e) Tarifa T-3: mercadorías. Esta tarifa esixirase polo acceso, embarque, desembarque e uso das instalacións portuarias en xeral, dos seus peiraos e pantaláns, accesos terrestres, vías de circulación e zonas de manipulación (excluídos os espazos de almacenamento ou depósito) polas mercadorías (esta definición resulta de aplicación desde o 25 de abril de 1995).

f) Tarifa T-3: mercadorías e pasaxeiros. Esta tarifa comprende a utilización polas mercadorías e pasaxeiros das augas do porto e fondeadoiros, accesos terrestres, vías de circulación, zonas de manipulación (excluídos os espazos de almacenamento ou depósito) e estacións marítimas e servizos xerais de policía (esta definición resulta de aplicación ata o 25 de abril de 1995).

Queda incluído nesta tarifa o dereito a que as mercadorías que se embarcan ou desembarcan utilizando medios non rodantes ocupen ou permanezan na zona de tránsito portuaria durante o mesmo día de embarque ou desembarque e o seu inmediato anterior ou posterior, respectivamente, sen devengar ningunha outra tarifa en relación coa superficie ocupada. Así mesmo, queda incluído nesta tarifa o dereito a que os vehículos e os barcos que transportan mercadoría, que se embarcan ou desembarcan por medios rodantes, utilicen as ramplas fixas e o cantil dos peiraos para as operacións de carga e descarga.

Queda excluída desta tarifa a utilización de maquinaria especializada e elementos singulares tales como ramplas mecánicas, pasarelas e outros elementos móbiles necesarios para as operacións de embarque e desembarque, utilización que queda regulada noutras tarifas.

g) Tarifa T-4: pesca fresca. Esta tarifa esixirase polo acceso marítimo ó porto dos buques pesqueiros en actividade e a súa atracada ou fondeo no posto que lle fose asignado, incluíndo as prestacións que as obras e infraestructuras portuarias lles proporcionan, así como o uso das instalacións e servizos xerais do porto polos produtos da pesca.

h) Tarifa T-5: embarcacións deportivas e de recreo. Esta tarifa esixirase polo acceso marítimo das embarcacións deportivas ou de recreo ó porto e a súa atracada ou fondeo no posto que lles fose asignado, incluíndo a utilidade que lles proporcionan as obras e instalacións portuarias e os servizos xerais do porto, accesos terrestres, vías de circulación e dos centros de estancia e recepción de titularidade da autoridade portuaria, se os houber, debendo aboa-los servizos que solicite.

Non obstante, cando a embarcación realice transporte de mercadorías ou os pasaxeiros viaxen en réxime de cruceiro, serán de aplicación as tarifas T-1: buques, T-2: peaxe, e T-3: mercadorías.

i) Tarifa T-6: guindastres de pórtico. Esta tarifa será esixible pola actividade realizada polos guindastres de pórtico convencionais ou non especializados.

j) Tarifa T-7: almacenaxe. Esta tarifa será esixible pola posta á disposición e, se é o caso, uso de espazos, explanadas, almacéns, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, para a almacenaxe de mercadorías e vehículos.

Non estará suxeita a esta tarifa a ocupación e utilización do dominio público portuario para levar a cabo actividades que esixan o outorgamento das correspondentes autorizacións ou concesións.

k) Tarifa T-8: subministracións. Esta tarifa comprende o valor da auga, enerxía eléctrica, xeo, combustibles e outros produtos entregados pola auto-

ridade portuaria ós usuarios dentro da zona portuaria, logo de petición destes.

l) Tarifa T-9: servicios diversos. Esta tarifa comprende calquera outro servizo portuario prestado en réxime de xestión directa pola autoridade portuaria, non incluído nas anteriores tarifas.

Pola prestación dos servizos comprendidos nestas tarifas, as autoridades portuarias poderanlles esixir ós usuarios o pagamento como máximo das seguintes contías:

T-0. Sinalización marítima: a menor das seguintes cantidades: 1 peseta por unidade de arqueo bruto cada vez que o buque fai escala ou 150.000 pesetas ó ano.

T-1. Entrada e estancia de barcos: 50 pesetas por unidade de arqueo bruto e día ou fracción (ata o 25 de abril de 1995).

T-1. Buques: 50 pesetas por unidade de arqueo bruto e día ou fracción (a partir do 25 de abril de 1995).

T-2. Atraque: 2000 pesetas por día e metro de calado do buque (ata o 25 de abril de 1995).

T-2. Pasaxe: 1000 pesetas por pasaxeiro, 400 pesetas por motocicleta, 1.400 pesetas por coche e 10.000 pesetas por autocar (a partir do 25 de abril de 1995).

T-3. Mercadorías e pasaxeiros: 1.000 pesetas por pasaxeiro, 400 pesetas por motocicleta, 1.100 pesetas por coche, 2.000 pesetas por furgoneta, 10.000 pesetas por autocar e 2.750 pesetas por tonelada; para facturación dos contedores cheos considerarase un peso de 16 toneladas e de 2 toneladas para os baleiros (ata o 25 de abril de 1995).

T-3. Mercadorías: 1.500 pesetas por tonelada; para a facturación dos contedores cheos considerarase un peso de 16 toneladas e de 2 toneladas para os baleiros (a partir do 25 de abril de 1995).

T-4. Pesca fresca: 2 por 100 do valor da pesca.

T-5. Embarcacións deportivas e de recreo: 75 pesetas por día e metro cadrado do produto da eslora máxima pola manga.

No suposto de que, como resultado da aplicación da presente lei, se esixise ós usuarios unha cantidade superior á liquidada, haberase que ater, en virtude do principio de seguridade xurídica, á contía contida nas correspondentes facturas.

O dereito da autoridade portuaria a practicalas novas liquidacións prescribirá ós cinco anos. O prazo de prescrición, interrompido durante a tramitación dos recursos interpostos contra a liquidación, volverase contar de novo a partir do día seguinte a aquel en que sexa notificada a sentenza firme anulatoria da liquidación.

Nos supostos en que o procedemento contencioso-administrativo termine por algún outro dos modos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, as autoridades portuarias poderán facturar novamente as tarifas de conformidade co previsto nesta disposición.

Para o cobramento de tales dereitos, que manteñen a súa definición legal de prezos privados, non poderá utilizarse potestade administrativa de clase ningunha e, singularmente, a vía de cons-trinximento.»

Disposición adicional oitava. *Dereito da Facenda do Estado ó reintegro das cantidades satisfeitas ós concellos en cumprimento de sentencias recaídas en relación á distribución das cotas tributarias do imposto sobre actividades económicas devengadas pola produción de enerxía eléctrica de centrais nucleares.*

O Estado terá dereito ó reintegro das cantidades satisfeitas como consecuencia da execución das sentencias

firmes que, en cada caso, se dicten, polas que se anule a obriga que, no seu momento, cumpriron os concellos exactores do imposto sobre actividades económicas de distribución a outros municipios partícipes das cotas tributarias devengadas polas centrais nucleares de produción de enerxía eléctrica, correspondentes ós períodos impositivos comprendidos entre 1992 e 1995, ambos inclusive.

A Facenda do Estado exercerá o dereito de reintegro, e ata a contía concorrente, ben fronte ó concello exactor do mencionado imposto, ben fronte ós concellos partícipes afectados pola central nuclear correspondente, segundo estes últimos procedesen ou non á devolución dos importes que, se é o caso, foron indebidamente percibidos como consecuencia da distribución á que se refire o parágrafo anterior.

Disposición adicional novena. *Ámbito de aplicación da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.*

Un. O ámbito temporal de aplicación da Lei 32/1999 esténdese ós feitos previstos na dita lei, acaecidos entre o 9 de outubro de 1999 e o 31 de decembro de 2001, sen prexuízo das demais axudas que puidesen corresponder por eles consonte o ordenamento xurídico.

Dous. Cando en virtude de sentenza firme se recoñcese unha indemnización en concepto de responsabilidade civil por feitos acaecidos con posterioridade ó 10 de outubro de 1999, superior á cantidade global percibida polos conceptos contemplados na Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e na Lei 32/1999, a Administración xeral do Estado aboaralle ó interesado a diferenza.

Tres. Engádese un novo punto, o 4, ó artigo 9 da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo.

«4. Cando sobreveña unha sentenza xudicial que outorgue unha indemnización de acordo con criterios distintos ós seguidos nunha resolución administrativa dictada ó amparo da presente lei, e ademais do previsto no punto anterior deste artigo, observaranse as regras seguintes:

a) Se a contía global da indemnización fixada na sentenza fose igual ou inferior á establecida na resolución, a Administración non desenvolverá ningunha actividade ulterior e a situación derivada da dita resolución non se verá alterada.

b) Se a contía global da indemnización fixada na sentenza fose superior á establecida na resolución, a diferenza distribuirase entre os beneficiarios ós que a sentenza recoñecese cantidades maiores ás fixadas para eles na resolución administrativa.

A dita distribución farase consonte as proporcións que resulten do dictame indemnizatorio da sentenza xudicial.

c) Nos supostos descritos nas letras a) e b), os beneficiarios ós que a sentenza xudicial recoñecese unha indemnización superior á que en definitiva perciban conservarán a acción civil polo importe correspondente á diferenza.

d) O disposto neste punto entenderase sen prexuízo do disposto na disposición adicional novena.dous da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.»

Disposición adicional décima. *Aplicación do artigo 10 da Lei 74/1980, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1981, ó adxunto ó Defensor do Pobo.*

Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2001, a norma 1.^a do número 5 do artigo 10 da Lei 74/1980, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1981, será así mesmo de aplicación ó cargo de adxunto do Defensor do Pobo de España.

Disposición adicional undécima. *Determinación dos parámetros da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico fixados con anterioridade ó disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2001.*

Os parámetros previstos no artigo 73 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, para cuantificar o importe das diversas tarifas da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico, que non fosen determinados por Lei de orzamentos xerais do Estado e as cotas fixas que se establecen polo uso especial do espectro no punto 4 do dito artigo, seguirán rexéndose pola norma regulamentaria na que viñesen regulados.

Disposición adicional duodécima. *Modificación da Lei 22/1994, do 6 de xullo, de responsabilidade civil polos danos causados por produtos defectuosos.*

Modifícase o artigo 2 da Lei 22/1994, do 6 de xullo, de responsabilidade civil polos danos causados por produtos defectuosos, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2 *Concepto legal de produto.*

Para os efectos desta lei, enténdese por produto todo ben moble, mesmo cando se encontre unido ou incorporado a outro ben moble ou inmobile. Tamén se considerarán produtos o gas e a electricidade.»

Disposición adicional décimo terceira. *Modificación do artigo 34 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.*

O artigo 34 do Real decreto lei 6/2000 quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 34. *Limitación á participación en máis dun operador principal.*

Un. As persoas físicas ou xurídicas que, directa ou indirectamente, participen no capital ou nos dereitos de voto de dúas ou máis sociedades que teñan a condición de operador principal nun mesmo mercado ou sector de entre os que se sinalan no número seguinte nunha proporción igual ou superior ó 3 por 100 do total, non poderán exercer os dereitos de voto correspondentes ó exceso respecto da dita porcentaxe en máis dunha entidade.

Ningunha persoa física ou xurídica que teña a condición de operador principal nun mercado ou sector de entre os que se sinalan no número seguinte poderá exercer os dereitos de voto correspondentes a unha cota de participación superior ó 3 por 100 do total no capital ou noutros valores que confiran dereitos políticos doutra sociedade que teña a mesma condición nun mesmo mercado ou sector.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá designar, directa ou indirectamente, membros dos órga-

nos de administración de máis dunha sociedade que teña a condición de operador principal no mesmo mercado ou sector de entre os sinalados no número seguinte.

Igualmente ningunha persoa física ou xurídica que teña a condición de operador principal nun mercado ou sector de entre os sinalados no número seguinte poderá designar directa ou indirectamente membros dos órganos de administración de sociedades que teñan a condición de operador principal no mesmo mercado ou sector.

As prohibicións establecidas neste número non serán de aplicación cando se trate de sociedades matrices que teñan a condición de operador principal respecto das súas sociedades dominadas nas que concorra a mesma consideración, sempre que a dita estrutura veña imposta polo ordenamento xurídico ou sexa consecuencia dunha simple redistribución de valores ou activos entre sociedades dun mesmo grupo.

Dous. Os mercados ou sectores ós que se refire o número anterior son os seguintes:

- a) Xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.
- b) Producción, transporte e distribución de hidrocarburos líquidos.
- c) Producción, transporte e distribución de hidrocarburos gasosos.
- d) Telefonía portátil.
- e) Telefonía fixa.

Entenderase por operador principal calquera que, tendo a condición de operador dos ditos mercados ou sectores, ostente unha das cinco maiores cotas do mercado ou sector en cuestión.

O Goberno poderá, mediante real decreto, modificar a relación de mercados ou sectores contida no presente número.

Tres. Para os efectos previstos neste artigo, consideraranse posuídas ou adquiridas por unha mesma persoa física ou xurídica as accións, participacións ou outros valores posuídos e adquiridos polas entidades pertencentes ó seu mesmo grupo tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, así como os posuídos ou adquiridos polas demais persoas que actúan en nome propio pero por conta daquela, de forma concertada ou formando con ela unha unidade de decisión.

Entenderase, salvo proba en contrario, que actúan por conta dunha persoa xurídica ou de forma concertada con ela os membros do seu órgano de administración. Igualmente, presumirase que existe actuación concertada nos seguintes supostos:

a) Entre as persoas xurídicas entre as que medie calquera pacto ou acordo de participación recíproca no capital ou nos dereitos de voto;

b) Entre as persoas físicas ou xurídicas entre as que se celebre calquera xénero de acordo ou pacto co fin de adoptar ou bloquear actuacións que poidan influír significativamente na estratexia competitiva dunha sociedade na que participen directa ou indirectamente;

c) Entre accionistas ou titulares de dereitos de voto dunha entidade que poidan controlar unha sociedade mediante o exercicio común dos seus dereitos de voto, por existir entre ambos intereses comúns que favorezan unha acción conxunta para evita-lo prexuízo mutuo ou para a consecución dun beneficio común ó exercer os seus dereitos sobre a sociedade participada;

d) Entre sociedades matrices ou dominadas de grupos de empresas competidoras entre os que existan intereses cruzados;

e) Entre accionistas ou titulares de dereitos de voto nos que concorrese algunha das anteriores circunstancias no pasado de maneira que poida entenderse subsistente algún interese común.

En todo caso terase en conta tanto a titularidade dominical das accións e demais valores como os dereitos de voto que se teñan en virtude de calquera título.

Catro. As persoas físicas ou xurídicas ás que se impute o exceso referido no número primeiro ou a designación de membros de órganos de administración en máis dun operador principal comunicarán no prazo dun mes desde que se produza a referida circunstancia á Comisión Nacional de Enerxía ou á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, segundo corresponda por razón da materia, a sociedade respecto da que se pretenda exercer os dereitos de voto ou designar membros do órgano de administración sen restricción ningunha.

Transcorrido o prazo indicado sen que se efectúase a citada comunicación quedarán suspendidos en canto ó exceso do 3 por 100 os dereitos de voto de tódalas sociedades participadas ou, se é o caso, a condición de membros do órgano de administración de tódalas sociedades que teñan a condición de operador principal nun mesmo mercado ou sector e que fosen designados por unha mesma persoa.

En ningún caso poderá optarse por exercer os dereitos de voto nunha das sociedades que teñan a condición de operador principal e designar membros no órgano de administración doutra ou outras que teñan tal condición no mesmo mercado ou sector.

Cinco. Malia o sinalado no número primeiro, a Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderán autorizar, cada unha no ámbito das súas respectivas competencias, o exercicio dos dereitos de voto correspondentes ó exceso respecto das participacións ou a designación de membros dos órganos de administración, sempre que iso non favoreza o intercambio de información estratéxica entre operadores nin implique risco de coordinación dos seus comportamentos estratéxicos.

Regulamentariamente, determinarase a forma e o procedemento a través dos cales se concederán as autorizacións previstas neste número.

Seis. O incumprimento das restricións impostas no número primeiro respecto do exercicio dos dereitos de voto ou a designación de membros de órganos de administración, sempre que non estea amparada na excepción prevista no número anterior, considerarase infracción moi grave e sancionarse con multa de ata cincuenta millóns de pesetas, todo iso sen prexuízo da suspensión automática á que se refire o número catro.

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas que adquiren as participacións ou designen membros nos órganos de administración en contra do disposto no número un.

A competencia para instruí-los expedientes sancionadores corresponderalle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións ou a Comisión Nacional de Enerxía segundo se trate de condutas relacionadas con operadores en mercados ou sectores suxeitos ós seus respectivos ámbitos de supervisión.

A competencia para impoñer-las sancións corresponderalle ó ministro de Economía.

Tanto as infraccións como as sancións prescribirán ós tres anos.

En todo o demais, en especial no relativo á tramitación dos expedientes sancionadores, observárase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas dictadas no seu desenvolvemento.

O Goberno poderá, mediante real decreto, actualizarlo importe da multa prevista neste número.

Sete. A Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións están lexitimadas, dentro das súas respectivas competencias, para o exercicio das accións tendentes a facer efectivas as limitacións que se recollen neste artigo.

Oito. O disposto neste precepto enténdese sen prexuízo do establecido nas normas sectoriais aplicables en cada caso.»

Disposición adicional décimo cuarta. *Bonificación no imposto sobre as primas de seguros das operacións de seguro de transporte público interior por estrada.*

Durante o ano 2001 terán unha bonificación do 75 por 100 no imposto sobre as primas de seguros as operacións de seguro relacionadas coa cobertura dos riscos de transporte público interior por estrada de mercadorías ou viaxeiros nas que concorren as seguintes circunstancias:

a) Que cubran os riscos de accidente dos ocupantes dos vehículos de transporte, de danos sufridos polos vehículos de transporte ou de responsabilidade civil do transportista.

b) Que se pague a prima durante o ano 2001 e cubra os riscos correspondentes ó dito período.

A repercusión do imposto sobre as primas de seguros polas entidades aseguradoras ás persoas que contraten os seguros que teñan dereito á bonificación anterior realízase consignando, de forma separada, a cota resultante de aplica-lo tipo de gravame e a cota resultante de aplica-la bonificación.

Disposición adicional décimo quinta. *Modificación da taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario.*

A contía da tarifa B.1 da taxa por prestación de servizos e utilización do dominio público aeroportuario, pola utilización por parte dos pasaxeiros das zonas terminais aeroportuarias non accesibles ós visitantes, así como das facilidades aeroportuarias complementarias, durante o ano 2001 será a seguinte:

1. Para os pasaxeiros de saída con destino a un aeroporto nacional ou a un aeroporto do espazo económico europeo, 619 pesetas (3,72 euros).

2. Para os pasaxeiros de saída con destino a un aeroporto internacional, 983 pesetas (5,90 euros).

Disposición adicional décimo sexta. *Rexistro especial do Ministerio de Facenda de Unións Temporais de Empresas.*

Adscríbese á Axencia Estatal de Administración Tributaria o Rexistro especial do Ministerio de Facenda de Unións Temporais de Empresas, establecido na Lei 18/1982, do 26 de maio, de réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e das sociedades de desenvolvemento industrial rexional, correspondéndolle a súa xestión, mantemento e desenvolvemento.

Disposición adicional décimo sétima. *Prórroga dos incentivos fiscais aplicables a «Cartuja 93».*

Porrógase a vixencia da Lei 31/1992, do 26 de novembro, de incentivos fiscais aplicables á realización do proxecto «Cartuja 93», ata o 31 de decembro de 2001.

Para estes efectos, as porcentaxes aplicables ós investimentos en activos fixos determinaranse de acordo co disposto no punto 2 do artigo 2 da Lei 31/1992.

Disposición adicional décimo oitava. *Procedemento de asignación de nomes e enderezos de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España (.es).*

O procedemento de asignación de nomes e enderezos de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España (.es) será regulado polo Goberno mediante real decreto, por proposta do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, tomando en consideración os criterios dos organismos de asignación de nomes e enderezos na internet da Unión Europea, así como as directrices e recomendacións dos organismos internacionais competentes na materia, aplicándose supletoriamente as disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional décimo novena. *Subvencións ó transporte aéreo para residentes nas illas Canarias, illas Balears, Ceuta e Melilla.*

Amplíase ó ano 2001 a autorización concedida ó Goberno para modifica-la contía das subvencións ó transporte aéreo para residentes nas illas Canarias, illas Balears, Ceuta e Melilla, contida no artigo 61 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Esta modificación nunca poderá supoñer diminución da axuda prestada ou unha deterioración da calidade do servizo, nin incremento dos créditos asignados a esta finalidade.

Disposición adicional vixésima. *Selección e provisión de prazas de facultativos especialistas de área do Instituto Nacional da Saúde.*

A toma de posesión dos adxudicatarios do concurso de traslados de facultativos especialistas de área do Instituto Nacional da Saúde, convocado ó amparo do disposto na disposición adicional vixésima da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, efectuarase a partir da entrada en vigor desta lei, quedando desvinculada a dita toma de posesión da correspondente toma de posesión dos facultativos que obteñan praza, en virtude dos concursos-oposición convocados ó amparo da disposición adicional citada.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Modificacións da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.*

1. Modifícase o artigo 30 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, ó que se engade un punto 6.º, coa seguinte redacción:

«Se o operador ó que se encomenda a prestación do servizo postal universal non fose un organismo público dos previstos no artigo 43 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento

da Administración xeral do Estado, as taxas a que se refire o presente artigo terán a natureza de prezos privados, que terán o réxime xurídico dos prezos autorizados polo Ministerio de Fomento, logo de aprobación da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.»

2. Modifícase a disposición adicional primeira da Lei 24/1998, do 13 de xullo, coa seguinte redacción:

«Atribúese a obriga de presta-lo servizo postal universal, nos termos e condicións previstos no título III desta lei, á "Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima". Para estes efectos quedan reservados a esta sociedade os servizos que se establecen no artigo 18 e asígnanselle, así mesmo, os dereitos especiais e exclusivos que se recollen no artigo 19.»

3. Modifícase a disposición adicional segunda da Lei 24/1998, do 13 de xullo, coa seguinte redacción:

«A emisión de selos de correo será proposta polo operador que presta o servizo postal universal e autorizada, conxuntamente, polos ministerios de Fomento e de Economía. Para tal efecto, as emisións e a súa programación acomodaranse ó que dispoñan, mediante resolución conxunta, o subsecretario do Ministerio de Fomento e o subsecretario de Economía.»

4. Modifícase a disposición transitoria sexta da Lei 24/1998, do 13 de xullo, coa seguinte redacción:

«Entrementres non se produza a resolución sobre prezos autorizados á que se refire o punto 6.º do artigo 30, a "Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima", percibirá como prezo polos servizos reservados ós que se refire o artigo 18 da lei, os correspondentes ás contías das taxas que viñese percibindo a entidade pública empresarial Correos y Telégrafos, no momento da súa extinción.»

5. Engádese unha disposición adicional sexta á Lei 24/1998, do 13 de xullo, coa seguinte redacción:

«As funcións de distribución de selos de correo da "Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima", entenderanse sen prexuízo da obriga que teñen os membros integrantes da rede de expendedorías de tabaco e timbre de comercializalos selos de correos de acordo co que establece a Lei 13/1994, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria e os seus regulamentos de desenvolvemento.»

Disposición adicional vixésimo segunda. *Modificación do capital social das entidades xestoras de fondos de pensións.*

A letra a) do punto 1 do artigo 20 da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, queda redactada como segue:

«a) Ter un capital desembolsado de 100 millóns de pesetas.

Adicionalmente, os recursos propios deberán incrementarse nas porcentaxes que a continuación se indican, aplicables sobre os excesos do activo total do fondo ou fondos xestionados sobre 1.000 millóns de pesetas, nos seguintes tramos:

Entre 1000 e 150.000 millóns de pesetas, o 1 por 100.

Entre 150.001 e 550.000 millóns de pesetas, o 0,3 por 100.

A partir do 550.000 millóns de pesetas, o 0,1 por 100.

Para estes efectos, computaranse como recursos propios o capital social desembolsado e as reservas que se determinen regulamentariamente.»

Disposición adicional vixésimo terceira. *Competencia para a modificación das tarifas telefónicas.*

As tarifas e prezos ós que se refire a disposición adicional segunda do Real decreto lei 16/1999, do 15 de outubro, polo que se adoptan medidas para combater a inflación e facilitar un maior grao de competencia nas telecomunicacións, e o artigo 4 do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, poderán ser fixados, modificados ou suprimidos mediante acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Modificación da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, en materia de seguro de viaxeiros.*

Modifícase o punto 1 do artigo 21 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, que queda coa seguinte redacción:

«1. En todo transporte público de viaxeiros, os danos que sufran estes deberán estar cubertos por un seguro, nos termos que estableza a lexislación específica sobre a materia, na medida en que os ditos danos non estean indemnizados polo seguro de responsabilidade civil de subscripción obrigatoria previsto na Lei de responsabilidade e seguro na circulación de vehículos de motor.»

Disposición adicional vixésimo quinta. *Prazo para a adaptación dos compromisos por pensións das empresas co seu persoal á disposición adicional primeira da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións.*

Para a adaptación dos compromisos por pensións das empresas co seu persoal ó establecido na disposición adicional primeira da Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos planes e fondos de pensións, o prazo previsto nas disposicións transitorias décimo cuarta, punto 1.º e décimo quinta, números 1 e 2, da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, e normas de desenvolvemento dela, estenderase ata o 16 de novembro de 2002.

Disposición adicional vixésimo sexta. *Modificación da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais administrativas e da orde social, no referente á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.*

Un. O punto cinco do artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais administrativas e da orde social, queda redactado da seguinte forma:

«Cinco. A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, procurará a máxima extensión da prestación dos servizos sinalados para lles facilitar ós cidadáns, as relacións a través de técnicas e medios EIT coa Administración xeral do Estado e, se é o caso, coas restantes administracións.

Para tales efectos, poderá celebrar convenios coas administracións públicas territoriais e organismos públicos vinculados ou dependentes delas e, se é o caso, coa "Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, Sociedad Anónima".»

Dous. O punto sete do artigo 81 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na redacción dada polo artigo 51 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, queda redactado da seguinte forma:

«Sete. Facúltase a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda para a prestación dos servizos técnicos, administrativos e de seguridade regulados neste artigo cando fosen solicitados tanto polos órganos xurisdiccionais, de acordo cos procedementos previstos na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e as súas normas de desenvolvemento, como polas partes e demais intervinientes no proceso, de acordo coas regras xerais de postulación, en relación cos actos de comunicación procesual que, de acordo coas leis procesuais, poidan practicarse a través de técnicas e medios electrónicos, telemáticos e informáticos.»

Disposición adicional vixésimo sétima. *Patrimonio Comunal Olivarero.*

1. Habilítase o Goberno para, nun prazo de dezaseis meses, declarar extinta a corporación de dereito público «Patrimonio Comunal Olivarero», pasando a totalidade dos seus bens a constituír unha fundación na que estes queden afectos ós mesmos fins en beneficio do oliveiral e os seus produtos.

A escritura pública de constitución determinará, entre outros extremos, a composición do órgano de goberno da fundación, a duración do mandato dos membros e a progresiva renovación deles. Inicialmente formarán parte do órgano de goberno os membros do consello rector da corporación polo tempo que se determine.

2. Así mesmo, a corporación Patrimonio Comunal Olivarero, de forma voluntaria e antes de que transcorra o prazo de dezaseis meses, poderá constituír a citada fundación, coas características aludidas, e logo de informe favorable do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre o contido dos seus estatutos, procedendo o Goberno con posterioridade á extinción da corporación.

Disposición adicional vixésimo oitava. *Modificación do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.*

A disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, terá a seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. *Fórmulas de revisión.*

Ata que, de conformidade co disposto no artigo 104, se aproben fórmulas tipo para a revisión de prezos, seguirán aplicándose as aprobadas polo Decreto 3650/1970, do 19 de decembro; polo Real decreto 2167/1981, do 20 de agosto, polo que se complementa o anterior e polo Decreto 2341/1975, do 22 de agosto, para contratos de fabricación do Ministerio de Defensa.

O contido desta disposición producirá efectos desde a entrada en vigor da Lei 53/1999, do 28 de decembro.»

Disposición adicional vixésimo novena. *Réxime xurídico aplicable á resolución administrativa en determinadas materias.*

1. De acordo co previsto no artigo 42, punto 2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a resolución e notificación nos procedementos administrativos que se citan no anexo 1 emitiranse nos prazos que nel se indican.

2. En cumprimento do disposto no punto 2 da disposición adicional primeira da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, os procedementos que se relacionan no anexo 2 a esta disposición entenderanse incluídos na excepción prevista no punto 2 do artigo 43 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Considéranse como iniciados de oficio os procedementos para a concesión de axudas e subvencións en réxime de concorrencia competitiva, entendendo como tales aquelas das que a concesión, imputada a un mesmo crédito orzamentario, require, de acordo cos criterios establecidos na norma reguladora correspondente, a comparación, nun único procedemento, dunha eventual pluralidade de solicitudes entre si, co fin de resolver sobre a concesión e, se é o caso, establece-la contía.

4. A terminación convencional de procedementos administrativos, así como os procedementos de mediación, arbitraje ou conciliación, non están suxeitos ó réxime de silencio administrativo previsto na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO 1

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo | Prazo para a resolución e notificación |
|---|---|----------------------------------|--|
| Asignación e reasignación das cantidades de referencia da reserva nacional. | Real decreto 174/1998, do 16 de febreiro. Real decreto 1486/1998, do 10 de xullo. Real decreto 1192/2000, de 23 de xuño. Real decreto 1775/1994, do 5 de agosto. | Anexo. | 12 meses. |
| Asignación dunha cantidade de referencia para o reinicio da produción láctea. | Real decreto 1775/1994, do 5 de agosto. | Anexo. | 12 meses. |
| Autorización de transvasamentos de venda directa de leite a venda a industria e viceversa. | R.D.1775/1994, do 5 de agosto. | Anexo. | 12 meses. |
| Concesión de axudas asistenciais e outras prestacións económicas non regradas no ámbito do mutualismo administrativo (MUFACE). | Lei de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobada polo Real decreto lexislativo 4/2000. Regulamento xeral de mutualismo administrativo, aprobado polo Decreto 843/1976. Regulamento de adecuación de procedementos do mutualismo administrativo, aprobado polo Real decreto 1773/1994. | Artigo 31. Artigos 195 a 198. | 12 meses. |
| Procedementos de xestión da reserva nacional láctea e trasvases de cantidades de referencia. | Real decreto 324/1994, polo que se establecen normas reguladoras no sector da leite e os produtos lácteos. Real decreto 1486/1998, sobre modernización e mellora do sector lácteo. | | 12 meses. |
| Procedemento regulador da acreditación de centros médicos aeronáuticos. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, sobre condicións para exercer-las funcións de persoal de voo, e disposicións complementarias. | | 9 meses. |
| Procedemento sobre autorización de médicos examinadores aéreos. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, sobre condicións para exercer-las funcións de persoal de voo, e disposicións. | | 9 meses. |
| Procedemento sobre concesión de autorizacións e expedición de certificacións relacionadas coas perturbacións acústicas das aeronaves. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, Real decreto 873/1987, do 29 de maio, sobre limitación de emisións sonoras de aeronaves subsónicas, Real decreto 1256/1990, do 11 de outubro, sobre limitación de emisións sonoras de avións de reacción subsónicos civís, normativa comunitaria e disposicións complementarias. | | 10 meses. |
| Procedemento de aprobación de modelo. | Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro, sobre control metrolóxico, e normativa específica de cada instrumento. | | 12 meses. |

ANEXO 2

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|---|--|----------------|
| Exercicio do dereito de gracia. | Lei do 18 de xuño de 1870. Real decreto 1879/1994, do 16 de setembro. | |
| Sucesión e rehabilitación de títulos nobiliarios. | Real decreto do 27 de maio de 1922. Real decreto do 8 de xuño de 1922. Lei do 4 de maio de 1948. Real decreto 222/1988. Real decreto 1879/1994, do 16 de setembro, e disposicións concordantes. | |
| Solicitude de recoñecemento da condición de refuxiado. | Lei 5/1984 modificada pola Lei 9/1994. | Artigo 4. |
| Autorización e modificación da inscrición das empresas de seguridade. | Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada. Regulamento de seguridade privada. | Artigos 2 e 9. |
| Autorización de servizos de protección de persoas. | Regulamento de seguridade privada. | Artigo 28. |
| Autorización de servizo de vixilantes con armas de fogo. | Regulamento de seguridade privada. | Artigo 81. |
| Habilitación e expedición da tarxeta ó persoal de seguridade privada (vixilantes de seguridade, escoltas privados, vixilantes de explosivos, xefes e directores de seguridade, e detectives privados). | Regulamento de seguridade privada. | Artigo 60. |
| Habilitación de gardas particulares de campo. | Regulamento de seguridade privada. | Artigo 58. |
| Recoñecemento da condición de armeiro. | Regulamento de armas. | Artigo 10. |
| Autorización especial para o establecemento, modificación substancial, traslado e cambio de titularidade das fábricas de armas e dos talleres que fabriquen pezas fundamentais de armas das 1. ^a , 2. ^a e 3. ^a categorías. | Regulamento de Armas. | Artigo 11. |
| Aprobación de medidas de seguridade na fabricación, circulación e comercio de instalacións deportivas. | Regulamento de armas. | Artigo 78. |
| Concesión de licencias de armas B, C, F, e D. | Regulamento de Armas. | Artigo 96. |
| Autorizacións a coleccionistas. | Regulamento de armas. | Artigo 107. |
| Autorizacións de transferencia entre particulares. | Regulamento de Armas. | Artigo 51. |
| Autorizacións de campos e galerías de tiro. | Regulamento de Armas. | Artigo 151. |
| Recoñecemento de centros de formación para a expedición de licencias D e E (preparación de exames). | | |
| Autorizacións especiais para uso de armas por menores de idade. | Reglamento de Armas. | Artículo 109. |
| Autorización de talleres de reparación de armas. | Reglamento de Armas. | Artículo 26. |
| Autorización para instalación de campos de tiro eventuais. | Reglamento de Armas. | Artigo 152. |
| Conformidade para o nomeamento de director dunha fábrica de explosivos. | Regulamento de Explosivos. | Artigo 68. |
| Aprobación dos plans de seguridade de transportes de explosivos e de cartuchería metálica. | Regulamento de Explosivos. | Artigo 243. |
| Aprobación dos plans de emerxencia en transportes de explosivos. | Regulamento de Explosivos. | Artigo 254. |
| Aprobación dos plans de seguridade de instalacións de elaboración e almacenamento de explosivos. | Regulamento de Explosivos. | Artigo 33. |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|---|---|---------------------------------------|
| Autorización de importación. | Regulamento de Explosivos. | Artigos 216 e 217. |
| Autorización das medidas de alarma dos talleres de pirotecnia. | Regulamento de Explosivos. | Artigo 87. |
| Substitución da vixilancia humana en depósitos comerciais e de consumo. | Regulamento de Explosivos. | Artigo 88. |
| Autorización para transporte de cartuchos en exceso do permitido en vehículo particular. | Regulamento de Explosivos. | Artigo 250. |
| Autorización de centros para impartir ensinanzas de recarga de cartuchería metálica. | Regulamento de Explosivos. | ITC-14. |
| Autorización de recarga de cartuchería metálica a particulares. | Regulamento de Explosivos. | Artigo 120. |
| Autorización de cartuchería a coleccionistas. | Regulamento de Explosivos. | Artigo 189. |
| Aprobación de medidas de seguridade dos lugares de custodia das máquinas de recarga de cartuchería metálica. | Regulamento de Explosivos. | Artigo 87. |
| Procedemento para a concesión de licencia de actividade a operadores de substancias químicas catalogadas da categoría 1. | Lei 3/1996, sobre medidas de control de substancias químicas catalogadas susceptibles de desvío para a fabricación ilícita de drogas. | Artigo 29.2. |
| Solicitud de permisos. | (Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, e Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento penitenciario). Regulamento Penitenciario. | Artigo 160. |
| Petición de traslado. | Regulamento Penitenciario. | Artigo 31. |
| Peticións e queixas. | Regulamento Penitenciario. | Artigo 53. |
| Comunicacións e visitas. | Regulamento Penitenciario. | Artigos 41 e ss. |
| Revisión de grao. | Regulamento Penitenciario. | Artigo 105. |
| Clasificación inicial. | Regulamento Penitenciario. | Artigo 103. |
| Solicitud de revisión de grao pola central de observación. | Regulamento Penitenciario. | Artigo 109. |
| Revisión da aplicación do réxime do artigo 10 da Lei orgánica xeral penitenciaria. | Regulamento Penitenciario. | Artigo 103. |
| Concesión de beneficios penitenciarios. | Regulamento Penitenciario. | Artigo 202. |
| Solicitud de posto de traballo productivo nun centro penitenciario. | Regulamento Penitenciario. | Artigos 132 e ss. |
| Solicitud de prestacións de formación. | Regulamento Penitenciario. | Artigos 130 e 131. |
| Solicitud de axudas e prestacións sociais. | Regulamento Penitenciario. | Artigos 227 a 229. |
| Solicitudes de intervención en centros penitenciarios de asociacións, entidades e ONG. | Regulamento Penitenciario. | Artigo 62. |
| Procedemento para a declaración e revogación de utilidade pública de asociacións. | Real decreto 1786/1996, do 19 de xullo. | Artigos 2, 3 e 4. |
| Procedemento para o recoñecemento de indemnizacións por danos causados a medios de transporte estranxeiros que se atopen en territorio español en viaxes de carácter internacional. | Lei 52/1984, do 26 de decembro, sobre protección dos medios de transporte que se atopen en territorio español realizando viaxes de carácter internacional. | |
| Procedemento para a concesión de resarcimento por lesións a vítimas do terrorismo. | Real decreto 1211/1997, do 18 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de axudas e resarcimentos ás vítimas de delitos de terrorismo. | Artigo 4.2.2 RLXPAC; e artigo 4.3.b). |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|--|---|---------------------------------------|
| Procedemento para o resarcimento de danos materiais a vítimas do terrorismo. | Real decreto 1211/1997, do 18 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de axudas e resarcimentos ás vítimas de delitos de terrorismo. | Artigo 4.2.2 RLXPAC; e artigo 4.3.b). |
| Axudas a corporacións locais para compensar gastos derivados de actuacións inmediatas ante situacións de emerxencia. | Orde do 18 de marzo de 1993. Puntos primeiro, segundo, terceiro, cuarto, quinto, sexto, sétimo, noveno, décimo e undécimo. | |
| Axudas a unidades familiares ou de convivencia para paliar danos na súa vivenda habitual e enxoval ocasionados por situacións de emerxencia. | | |
| Axudas a persoas físicas ou xurídicas requiridas para unha prestación persoal ou de bens por situacións de emerxencia. | | |
| Procedemento para o aboamento do anticipo do 30 por 100 das subvencións por gastos electorais a partidos políticos. | Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, de financiamento de partidos políticos. | |
| Procedemento para o aboamento das subvencións anuais por gastos de funcionamento a partidos políticos. | Lei orgánica 3/1987. | |
| Permisos e licencias para conducir. | Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial. Real decreto 772/1997, do 30 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de conductores. Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto, polo que se adecuan á Lei 30/1992, as normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e extinción das autorizacións. | Artigos 14 e ss. |
| Prórroga de vixencia de permisos e licencias. | Regulamento xeral de conductores e Real decreto 1778/1994. | Artigo 17. |
| Troco de permisos expedidos por terceiros países non membros da Unión Europea. | Convenios internacionais multilaterais ou bilaterais. Regulamento de Conductores. | Artigo 30. |
| Troco de permisos militares. | Regulamento xeral de conductores. | Artigo 80. |
| Obtención de duplicados por extravío, deterioración ou cambio de domicilio. | Regulamento de Conductores. | Artigos 18 e ss. |
| Autorización para conducir vehículos de transporte escolar ou de menores e de mercadorías perigosas. | Regulamento de Conductores. | Artigos 32 e 33. |
| Matriculación ordinaria de vehículos. | Regulamento xeral de vehículos. | |
| Cambios de titularidade de vehículos. | Regulamento de vehículos. | Artigos 32 e ss. |
| Matrícula turística e de vehículos históricos. | Regulamento de Vehículos. | Artigos 40 e 41. |
| Autorizacións temporais de circulación. | Regulamento de vehículos. | Artigos 43 e ss. |
| Autorización de apertura e funcionamento de escolas particulares de conductores. | Real decreto 1753/1984, do 30 de agosto, polo que se aproba o Regulamento regulador das escolas particulares de conductores de vehículos de motor. | Artigo 14. |
| Autorizacións de exercicio do persoal directivo e docente. | Real decreto 1753/1984. | Artigo 15. |
| Procedemento para o outorgamento, visado ou modificación de autorizacións para o exercicio da actividade de transporte e auxiliares e complementarias del. | Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e regulamento da lei aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro. | |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|--|--|--------|
| Procedemento para a concesión de autorizacións de transporte internacional de viaxeiros e mercadorías. | Regulamentos comunitarios; acordos internacionais; Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e regulamento da lei aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre recoñecemento da capacitación para exercer-la profesión de transportista. | Disposición transitoria primeira da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres. | |
| Procedemento sobre recoñecemento de títulos de capacitación profesional para exercer-la actividade de transportista obtidos noutros estados membros da Unión Europea. | Orde ministerial do 28 de maio de 1999 e normativa comunitaria. | |
| Procedemento para a concesión de autorizacións de construcións e obras en zonas afectadas por servidumes aeronáuticas. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, sobre servidumes aeronáuticas, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre concesión de autorizacións para o establecemento de aeródromos e heliportos privados. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Orde ministerial do 26 de outubro de 1966 sobre o establecemento de aeródromos privados e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre concesión de autorizacións para instalacións de centros de voo de ultralixeiros motorizados (ULM). | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Real decreto 2876/1982, do 15 de outubro, polo que se regula o rexistro e uso de aeronaves de estrutura ultralixeira e se modifica o rexistro de aeronaves privadas non mercantís; Real decreto 73/1992, do 31 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento para a acreditación de compañías aéreas non comunitarias. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Real decreto 73/1992, do 31 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, convenios aéreos internacionais, e disposicións complementarias. | |
| Procedementos sobre outorgamento de certificado de operador aéreo, licencias de explotación a empresas de tráfico aéreo e de autorización de permisos de tráfico aéreo. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Regulamento (CEE) número 2407/92, de 23 de xullo, sobre concesión de licencias ás compañías aéreas; Real decreto 73/1992, do 31 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre autorización da publicidade comercial a través de aeronaves. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Decreto do 13 de agosto de 1948, sobre propaganda comercial aérea, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre concesión de autorizacións a empresas de traballos aéreos. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre expedición, renovación, revalidación e validación de títulos e licencias de pilotos de avión, pilotos de helicóptero, pilotos de aviación deportiva e mecánicos de a bordo. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, sobre condicións para exercer-las funcións de persoal de voo, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre habilitacións e autorizacións de persoal de voo. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, sobre condicións para exercer-las funcións de persoal de voo, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre autorización de centros de formación aeronáutica. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, sobre condicións para exercer-las funcións de persoal de voo, e disposicións complementarias. | |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|---|---|--------|
| Procedemento sobre autorización de cursos de formación aeronáutica. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, sobre condicións para exercer as funcións de persoal de voo, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre autorización de centros de mantemento JAR-145. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, Regulamento CEE 94/C 297/10, sobre compañías de mantemento autorizadas, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre matriculación e cambios de titularidade de aeronaves civís. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea; Decreto 416/1969, do 13 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de matrícula de aeronaves; Real decreto 2876/1982, do 2 de outubro, polo que se regula o rexistro e uso de aeronaves de estrutura ultralixeira, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre expedición de certificación primeira de aeronavegabilidade. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre aprobación de modificacións que se introducen nas aeronaves. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre certificación de tipo de produtos aeronáuticos. | Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre autorización de construción de buques. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre autorización de obras de reforma e cambio de motor. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre autorización de botadura de naves. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre probas de motores. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre probas oficiais de funcionamento de buques. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre probas de estabilidade. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións, e disposicións complementarias. | |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|--|--|--------|
| Procedemento sobre homologación e aprobación de equipos para buques. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre expedición, renovación, prórroga e visado de certificados de cumprimento de convenios internacionais e normativa interna. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre exencións e equivalencias en materia de certificados. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre cambios de clasificación de buques. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre asignación de números para o funcionamento de sistemas de radiocomunicación. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e Regulamento de radiocomunicacións da UIT de 1979. | |
| Procedemento sobre autorización de instalacións de equipos de radiocomunicación. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e Regulamento de radiocomunicacións da UIT de 1979. | |
| Procedemento sobre autorizacións para a instalación de estacións de radiocomunicación de buque. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e Regulamento de radiocomunicacións da UIT de 1979. | |
| Procedemento sobre adaptación de buques ó sistema SMSSM. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar de 1973 (SOLAS). | |
| Procedemento de avaliación de conformidade de equipos mariños. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e Real decreto 297/1998, do 27 de febreiro, sobre requisitos de seguridade de embarcacións de recreo. | |
| Procedemento sobre probas de aptitude para titulacións profesionais ou náuticas de recreo. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, sobre nivel mínimo de formación en profesións marítimas, e Orde ministerial do 17 de xuño de 1997. | |
| Procedemento sobre certificados para persoal marítimo sobre especialidade e seguridade marítima. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; ordes ministeriais do 16 de outubro de 1990 e 31 de xullo de 1992. | |
| Procedemento sobre expedición e validación de titulacións profesionais e de títulos náuticos de recreo e tarxetas. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, sobre nivel mínimo de formación en profesións marítimas. | |
| Procedemento sobre autorización de verteduras ó mar de material procedente de obras portuarias de dragaxe. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante. | |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|--|--|--------|
| Procedemento sobre autorización de tripulacións mínimas de seguridade. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e Orde ministerial do 14 de xullo de 1964. | |
| Procedemento sobre habilitacións e exencións de practicaxe. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Real decreto 393/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de practicaxe, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre autorización para o transporte de mercadorías perigosas. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Real decreto 145/1989, do 20 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento sobre mercadorías perigosas nos portos. | |
| Procedemento sobre despacho de buques. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e Orde ministerial do 18 de xaneiro de 2000. | |
| Procedemento sobre autorización de actividades náutico deportivas. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e Real decreto 1246/1995, do 14 de xullo, sobre constitución e creación das capitánías marítimas. | |
| Procedemento sobre autorización ou prohibición de entrada e saída en augas españolas. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante. | |
| Procedemento sobre autorización de servizos de temporada en praias. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Lei 22/1988, de costas, e Regulamento de costas aprobado polo Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro. | |
| Procedemento sobre autorización de remolque. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, e Decreto 3384/1971, do 28 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento de buques e embarcacións. | |
| Procedemento sobre inscrición marítima. | Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante; Real decreto 2062/1999, do 30 de decembro, sobre nivel mínimo de formación en profesións marítimas; convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar de 1978 (STCW), e disposicións complementarias. | |
| Procedemento sobre autorizacións para a realización de obras ou actividades en zona de servidume ou na zona interior á liña límite de edificación das estradas estatais. | Lei 25/1998, do 29 de xullo, de estradas; Regulamento xeral de estradas, aprobado polo Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, e disposicións complementarias. | |
| Procedemento de aprobación de modelo CEE. | Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía; Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro, sobre control metrolóxico; Real decreto 597/1998, do 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE, e normativa específica de cada instrumento. | |
| Procedemento de aprobación CE de modelo. | Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía; Real decreto 597/1988, do 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE, Orde ministerial do 22 de decembro de 1994, e disposicións comunitarias de aplicación. | |
| Procedemento de verificación CE. | Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía; Real decreto 597/1988, do 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE; Orde ministerial do 22 de decembro de 1994, e disposicións comunitarias de aplicación. | |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|--|--|---|
| Procedemento de verificación CE por unidade. | Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía; Real decreto 597/1988, do 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE; Orde ministerial do 22 de decembro de 1994, e disposicións comunitarias de aplicación. | |
| Procedemento de declaración CE de conformidade co modelo. | Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía; Real decreto 597/1988, do 10 de xuño, polo que se regula o control metrolóxico CEE; Orde ministerial do 22 de decembro de 1994, e disposicións comunitarias de aplicación. | |
| Cesión de bens e dereitos do patrimonio sindical acumulado. | Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, de cesión de bens do patrimonio sindical acumulado. | |
| Reintegración ou compensación de bens incautados a entidades sindicais por aplicación da Lei de responsabilidades políticas do 9 de febreiro de 1939 (patrimonio sindical histórico). | Lei 4/1986, do 8 de xaneiro, de cesión de bens do patrimonio sindical acumulado. Real decreto 1671/1986, do 1 de agosto (Regulamento de desenvolvemento da Lei 4/1986). | Disposición adicional cuarta. Disposición adicional segunda. |
| A autorización previa de introducción de vexetais ou determinados organismos nocivos con fins de investigación cando se trate de material procedente dun país terceiro. | Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto. | Anexo punto C.1. |
| A autorización, rexistro, expedición de pasaportes fitosanitarios, e ensaios en materia de produtos fitosanitarios, fertilizantes e afíns. | Directiva 91/414/CEE, do 15 de xullo. Real decreto 72/1988, do 5 de febreiro. Real decreto 877/1991, do 31 de maio. Orde ministerial do 28 de maio de 1998. Orde ministerial do 2 de novembro de 1999. Real decreto 1778/1994, do 5 de agosto. Real decreto 2163/1994, do 18 de novembro. Orde ministerial do 11 de decembro de 1994. | Artigos 3 e 4 en relación co artigo 2.11. Anexo punto C.2. do R.D. 1778/1994. Artigo 3.2 da Orde ministerial. |
| Subvencións iniciadas por instancia de parte nas que exista financiamento procedente da Unión Europea. | Real decreto 2225/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas. | |
| Reingreso ó servizo activo sen reserva de posto de traballo. | Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma para a función pública. | Art. 29 bis. |
| Resolución de solicitudes sobre adscrición de postos de traballo e outros procedementos regulados no Real decreto 469/1987, do 3 de abril, a resolución dos cales implique efectos económicos. | Real decreto 469/1987, do 3 de abril. | |
| Expedición, renovación, revalidación, homologación, validación e recoñecemento de títulos, diplomas, licencias e certificados académicos ou profesionais. | | |
| Non inclusión na prestación farmacéutica do sistema nacional de saúde dunha especialidade farmacéutica, por petición de parte. | Real decreto 83/1993, do 22 de xaneiro («Boletín Oficial del Estado» número 43, de 19 de febreiro), polo que se regula a selección dos medicamentos para efectos do seu financiamento polo sistema nacional de saúde; orde do 6 de abril de 1993 («Boletín Oficial del Estado» número 88, do 13 de abril), de desenvolvemento do Real decreto 83/1993. | |
| Exclusión da prestación farmacéutica do sistema nacional de saúde dunha especialidade farmacéutica, por petición de parte. | Real decreto 83/1993, do 22 de xaneiro («Boletín Oficial del Estado» número 43, de 19 de febreiro), polo que se regula a selección dos medicamentos para efectos do seu financiamento polo sistema nacional de saúde; Orde do 6 de abril de 1993 («Boletín Oficial del Estado» número 88, do 13), de desenvolvemento do Real decreto 83/1993. | |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|---|---|--------------------|
| Sometemento a condicións especiais de prescrición e dispensación no sistema nacional de saúde dunha especialidade farmacéutica, por petición de parte. | Real decreto 83/1993, do 22 de xaneiro («Boletín Oficial del Estado» número 43, de 19 de febreiro), polo que se regula a selección dos medicamentos para efectos do seu financiamento polo sistema nacional de saúde; orde do 6 de abril de 1993 («Boletín Oficial del Estado» número 88, do 13), de desenvolvemento do Real decreto 83/1993. As normas regulamentarias deben poñerse en relación co artigo 22 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, que non contempla o sentido do silencio. | |
| Inclusión na prestación farmacéutica do sistema nacional de saúde dun efecto ou accesorio, por petición de parte. | Real decreto 9/1996, do 15 de xaneiro («Boletín Oficial del Estado» número 33, do 7 de febreiro), polo que se regula a selección de efectos e accesorios, o seu financiamento con fondos da Seguridade Social ou fondos estatais afectos á sanidade e o seu réxime de subministración e dispensación a pacientes non hospitalizados. | |
| Sometemento a condicións especiais de prescrición e dispensación no sistema nacional de saúde dun efecto ou accesorio, por petición de parte. | Real decreto 9/1996, do 15 de xaneiro («Boletín Oficial del Estado» número 33, do 7 de febreiro), polo que se regula a selección de efectos e accesorios, o seu financiamento con fondos da Seguridade Social ou fondos estatais afectos á sanidade e o seu réxime de subministración e dispensación a pacientes non hospitalizados. As normas regulamentarias deben poñerse en relación cos artigos 22 e 94.4 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, que non contemplan o sentido do silencio. | |
| Exclusión da prestación farmacéutica do sistema nacional de saúde dun efecto ou accesorio, por petición de parte. | Real decreto 9/1996, do 15 de xaneiro («Boletín Oficial del Estado» número 33, do 7 de febreiro), polo que se regula a selección de efectos e accesorios, o seu financiamento con fondos da Seguridade Social ou fondos estatais afectos á sanidade e o seu réxime de subministración e dispensación a pacientes non hospitalizados. As normas regulamentarias deben poñerse en relación cos artigos 22 e 94.4 da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, que non contemplan o sentido do silencio. | |
| Exclusión da prestación farmacéutica do sistema nacional de saúde dun efecto ou accesorio, por petición de parte. | Real decreto 9/1996, do 15 de xaneiro («Boletín Oficial del Estado» número 33, do 7 de febreiro), polo que se regula a selección de efectos e accesorios, o seu financiamento con fondos da Seguridade Social ou fondos estatais afectos á sanidade e o seu réxime de subministración e dispensación a pacientes non hospitalizados. | |
| Revisión dos prezos correspondentes á distribución e dispensación dos medicamentos. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, que non contempla o sentido do silencio. | Artigos 103 e 104. |
| Rexistro e autorización sanitaria dos reactivos para realizar probas de detección de marcadores de infección por virus humanos da familia «Retroviridae» e as súas modificacións. | Resolución do 20 de marzo de 1987 («Boletín Oficial del Estado» número 75, do 28) pola que se establece o procedemento e a documentación necesaria para obter a autorización dos reactivos para realizar probas de detección de marcadores de infección por virus humanos da familia «Retroviridae», entre elas as probas de detección de anticorpos fronte ós virus asociados á síndrome de inmunodeficiencia adquirida (SIDA) e as de detección de antixenos correspondentes a eles. Resolución do 11 de setembro de 1989 («Boletín Oficial del Estado» número 222, do 16), pola que se regula a realización de procesos de investigación controlada de reactivos para a detección de marcadores de infección de virus humanos da familia «Retroviridae», entre eles os asociados á síndrome de inmunodeficiencia adquirida (SIDA). | |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|---|---|-----------|
| Rexistro e autorización de produtos sanitarios non incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 634/1993, do 3 de maio, sobre produtos sanitarios implantables activos, e do Real decreto 414/1996, do 1 de marzo, polo que se regulan os produtos sanitarios. | Orde do 21 de xullo de 1978 («Boletín Oficial del Estado» número 197, do 18 de agosto), pola que se regula o rexistro e control de implantes clínicos, terapéuticos ou de corrección; orde do 13 de xuño de 1983 («Boletín Oficial del Estado» número 150, do 24), pola que se regula o material e instrumental médico-cirúrxico estéril para utilizar unha soa vez; Orde do 5 de maio de 1964 sobre rexistro para diferentes produtos. | |
| Autorización de comercialización de especialidades farmacéuticas e medicamentos de uso humano. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e Real decreto 767/1993, do 21 de maio, polo que se regula a avaliación, autorización, rexistro e condicións de dispensación de especialidades farmacéuticas e outros medicamentos de uso humano fabricados industrialmente. | Artigo 9. |
| Autorización de comercialización de medicamentos polo procedemento de recoñecemento mutuo entre estados membros da Unión Europea. | Real decreto 767/1993, do 21 de maio. | |
| Modificación titular ou fabricante dunha autorización de comercialización. | Real decreto 767/1993, do 21 de maio. | |
| Modificación das condicións substanciais da autorización de especialidades farmacéuticas e outros medicamentos de uso humano. | Real decreto 767/1993, do 21 de maio. | |
| Modificación das condicións non substanciais da autorización. | Real decreto 767/1993, do 21 de maio. | |
| Autorización de modificación de etiquetaxe e prospectos de medicamentos. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e Real decreto 2236/1994, polo que se regula a etiquetaxe e prospecto dos medicamentos de uso humano. | |
| Autorización de medicamentos homeopáticos sen indicación terapéutica. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e Real decreto 2208/1994, do 16 de novembro, polo que se regulan os medicamentos homeopáticos. | |
| Rexistro de medicamentos de plantas medicinais. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e Orde ministerial do 3 de outubro de 1976. | |
| Suspensión e revogación da autorización de especialidades farmacéuticas e outros medicamentos de uso humano. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e Real decreto 767/1993, do 21 de maio. | |
| Autorización de comercialización e modificación de medicamentos veterinarios. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios. | |
| Modificación de importancia maior e/ou validación da autorización de comercialización de medicamentos veterinarios. | Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios. | |
| Autorización por recoñecemento mutuo entre estados da Unión Europea de medicamentos veterinarios. | Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios. | |
| Autorización de laboratorios farmacéuticos e importadores de medicamentos. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e Real decreto 1564/1992, do 18 de decembro, polo que se desenvolve e regula o réxime de autorización dos laboratorios farmacéuticos e importadores de medicamentos e a garantía de calidade na súa fabricación industrial. | |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|--|--|---|
| Autorización de fabricación e control de medicamentos por terceiros. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e Real decreto 1564/1992, do 18 de decembro. | |
| Autorización e modificación de laboratorios de medicamentos de uso veterinario. | Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios. | |
| Procedemento de suspensión ou revogación da autorización de laboratorios farmacéuticos. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento; Real decreto 1564/1992, do 18 de decembro, e Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro. | |
| Procedemento de autorización de ensaios clínicos e/ou produtos en fase de investigación clínica. | Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e Real decreto 561/1993, do 16 de abril. | |
| Autorización de centros para a realización de ensaios sen finalidade terapéutica. | Real decreto 561/1993, do 16 de abril. | |
| Renovación da cualificación dun produto en fase de investigación clínica. | Real decreto 561/1993, do 16 de abril. | |
| Procedemento de autorización de ensaios clínicos de medicamentos veterinarios. | Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios. | |
| Procedemento de autorización relativa a comercio exterior de medicamentos veterinarios e outros produtos zosanitarios. | Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro. | |
| Autorización de importación dun produto en fase de investigación clínica. | Real decreto 561/1993, do 16 de abril, polo que se establecen os requisitos para a realización de ensaios clínicos. | |
| Concesión de incentivos rexionais. | Real decreto 1535/1987 na redacción dada polo Real decreto 2315/1993, do 29 de decembro. | Artigos 28 e 32. |
| Autorización para a modificación do proxecto inicial superior ó 10 por 100. | Real decreto 1535/1987 na redacción dada polo Real decreto 2315/1993, do 29 de decembro. | Artigos 28 e 32. |
| Autorización para a creación de entidades de crédito. | Lei 26/1988, do 29 de xullo. Real decreto 1245/1995, do 14 de xullo. Real decreto 692/1996, do 26 de abril. Lei 13/1989, do 26 de maio. Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro (Regulamento de desenvolvemento Lei de cooperativas de crédito). Decreto 1838/1975, do 3 de xullo. | Artigo 43. Artigo 1. Artigo 3. Artigo 5. Artigo 1. |
| Autorización para a transformación doutras entidades en entidades de crédito. | Real decreto 1245/1995, do 14 de xullo. | Disposición adicional cuarta. |
| Autorización para a creación de sociedades de garantía recíproca. | Lei 1/1994, do 11 de marzo. | Artigo 11. |
| Homologación de sociedades de taxación e de servicios de taxación. | Real decreto 775/1997, do 30 de maio. | Artigos 4 e 9. |
| Autorización de absorcións, fusións e escisións de entidades de crédito. | Lei de ordeación bancaria do 31 de decembro de 1946, na redacción dada pola disposición adicional terceira da Lei 26/1988, do 29 de xullo. Decreto 1838/1975, do 3 de xullo. Real decreto 692/1996, do 26 de abril. Lei 13/1989, do 26 de maio. Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro (Regulamento de desenvolvemento Lei de cooperativas de crédito). Lei 1/1994, do 11 de marzo. | Artigo 45.c). Artigo 10. Artigo 10. Artigo 30. Artigo 55. |
| Autorización de conversión de cooperativas de crédito noutra clase de cooperativas. | Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro (Regulamento de desenvolvemento Lei de cooperativas de crédito). | Artigo 36. |

| Procedemento | Norma reguladora | Artigo |
|--|---|--------------------------|
| Autorización da creación de entidades de crédito ZEC. | Lei 19/1994, do 6 de xullo. | Artigo 53. |
| Autorización para a constitución de sociedades e fondos de investimento colectivo. | Real decreto 1393/1990, do 2 de novembro (Regulamento de desenvolvemento da Lei 46/1984, do 26 de decembro). | Artigo 9. |
| Recoñecemento da condición de creador de mercado. | Orde do 10 de febreiro de 1999. | |
| Autorización de fábricas de explosivos e depósitos comerciais de explosivos de máis de 10.000 quilogramos. | Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro (Regulamento de explosivos). | Artigos 31 a 44 e 154.1. |
| Autorización para venda e subministración de explosivos. | Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro (Regulamento de explosivos). | Artigo 196. |
| Autorización consumidores habituais de explosivos de ámbito nacional. | Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro (Regulamento de explosivos). | Artigo 208.1. |
| Clasificación e catalogación de explosivos, cartuchería e artificios pirotécnicos. | Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro (Regulamento de explosivos). | Artigo 26. |
| Procedementos regulados no Real decreto 491/1998, do 27 de marzo (Regulamento do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso). | Real decreto 491/1998, do 27 de marzo (Regulamento do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso). | |
| Procedementos previstos expresamente no desenvolvemento regulamentario das disposicións adicional primeira e derradeira segunda da Lei 49/1999, do 20 de decembro. | Disposicións adicional primeira e derradeira segunda da Lei 49/1999, do 20 de decembro. | |
| Procedementos de autorización no ámbito do comercio exterior das especies protexidas a que se refire o convenio internacional de especies ameazadas de flora e fauna silvestre (Washington, 3 de marzo de 1973). | Convenio Internacional de Especies Amenazadas de Flora y Fauna Silvestre (Washington, 3 de marzo de 1973). | |
| Convenio internacional de especies ameazadas de flora e fauna silvestre (Washington, 3 de marzo de 1973). | | |
| Procedemento para a concesión de apoio oficial ó crédito á exportación mediante convenios de axuste recíproco de xuro. | Real decreto 677/1993, do 7 de maio, ou pola norma que o substitúa. | |
| Concesión de axudas con cargo ó ou no ámbito do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento. | Lei 30/1997, do 30 de decembro. | Artigo 118. |
| Procedemento para a asignación e reserva de recursos públicos de numeración. | Real decreto 225/1998, do 16 de febreiro (Regulamento de procedemento de asignación e reserva de recursos públicos de numeración pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións). | |

Disposición adicional trixésima. *Modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.*

O artigo 38 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 38. *Gastos de funcionamento.*

Regulamentariamente establecerase o sistema a través do cal se subvencionará, con cargo ás dotacións orzamentarias do Ministerio de Xustiza, o custo que xere ós consellos xerais e colexios profesionais de avogados e procuradores o funcionamento operativo dos servizos de asistencia xurídica

gratuíta, das unidades encargadas do asesoramento e a orientación previos ó proceso ós cidadáns e da cualificación provisional das pretensións solicitadas.

Este sistema axustarase en todo caso ás seguintes regras:

a) A subvención se determinará para cada colexio cun sistema de módulos compensatorios por expediente tramitado.

b) Entremetres non se cumpra o mencionado requisito, os colexios percibirán a contía que resulte de aplica-lo 8 por 100 ó custo económico xerado en cada período de liquidación polas actuacións profesionais mencionadas no artigo anterior.»

Disposición adicional trixésimo primeira. *Programa de Fomento do Emprego.*

O Programa de Fomento do Emprego para o ano 2000 establecido no artigo 28 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, prorrogase ata o 17 de maio de 2001.

A exclusión das relacións de carácter especial establecida na letra a) do número 1 do punto cinco do citado artigo 28, non será de aplicación respecto dos penados nas institucións penitenciarias.

Disposición adicional trixésima segunda.

Sen prexuízo do disposto na disposición adicional décima da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2001, durante o exercicio 2001 destinaranse 5.000 millóns adicionais á formación continua dos traballadores autónomos, traballadores encadrados no réxime especial agrario da Seguridade Social e do resto dos colectivos que determine o Instituto Nacional de Emprego.

Disposición adicional trixésimo terceira. *Renovación do parque de vehículos automóbiles de turismo equipados con motores non aptos para empregar gasolina sen chumbo.*

Con carácter excepcional e durante un período que finalizará o 31 de decembro de 2003, o importe da dedución prevista no artigo 70 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, elevarase ata 120.000 pesetas (721,21 euros) cando, ademais de cumprirse os requisitos e condicións previstos no dito precepto, se dean as seguintes circunstancias:

«a) Que o vehículo automóbil de turismo usado estea equipado cun motor de gasolina non apto para empregar gasolina sen chumbo. Para estes efectos, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía fará pública a relación de marcas e modelos de vehículos automóbiles de turismo aptos para empregar gasolina sen chumbo, considerándose que cumpren o requisito previsto neste punto aqueles que, estando equipados cun motor de gasolina, non figuren na dita relación.

b) Que o vehículo automóbil de turismo novo estea equipado cun motor de gasolina provisto de catalizador. Esta condición considerárase cumprida por tódolos vehículos automóbiles de turismo novos equipados con motor de gasolina dos que a primeira matriculación definitiva en España teña lugar a partir da data de entrada en vigor da presente lei.»

Disposición adicional trixésimo cuarta. *Modificación do artigo 103 da Lei 31/1990, de orzamentos xerais do Estado para 1991.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2001, o punto 6 do punto un do artigo 103 da Lei 31/1990, de orzamentos xerais do Estado para 1991, quedará redactado da seguinte forma:

«6. Especialmente, corresponde á Axencia Estatal de Administración Tributaria o auxilio ós xulgados e tribunais de xustiza e ó Ministerio Fiscal na investigación, axuízamento e represión de delitos públicos dentro das competencias que o ordenamento xurídico lle atribúe. Para este fin, no marco dos correspondentes convenios de colaboración, a Axencia Estatal de Administración Tributaria establecerá medios humanos e materiais para o exercicio da dita función de auxilio.»

Disposición adicional trixésimo quinta. *Prestacións recibidas de expedientes de regulación de emprego.*

As cantidades percibidas a partir do 1 de xaneiro de 2001 por beneficiarios de contratos de seguro concertados para dar cumprimento ó disposto na disposición transitoria décimo cuarta da Lei 30/1995 que instrumenten as prestacións derivadas de expedientes de regulación de emprego, que con anterioridade á celebración do contrato se fixesen efectivas con cargo a fondos internos, e ás cales lles resultase de aplicación a redución do 30 por 100 establecida no artigo 17.2.a) da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, manterán a aplicación da dita redución, sen que para estes efectos a celebración de tales contratos altere o cálculo do período de xeración de tales prestacións.

Disposición adicional trixésimo sexta.

O punto 5 do artigo 18 bis da Lei 8/1991, do 25 de marzo, pola que se aproba o arbitrio sobre a produción e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla, queda redactado como segue:

«5. O gravame complementario non será esixible nas mesmas circunstancias que determinarían a non esixibilidade do imposto sobre os elaborados do tabaco no seu ámbito territorial de aplicación. En particular, o devengo do gravame complementario aprazarase respecto dos elaborados do tabaco que se introduzan nos depósitos que se autoricen para tal efecto, ata, se é o caso, a súa saída deles.

A autorización dos depósitos a que se refire o parágrafo anterior será efectuada polo Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, logo de informe favorable da respectiva cidade, nas mesmas condicións que as previstas para a autorización de depósitos fiscais de elaborados do tabaco no ámbito territorial de aplicación do imposto sobre os elaborados do tabaco, coas seguintes especificidades:

a) Será requisito para a autorización do depósito fiscal que alomenos o 80 por 100 das saídas deste, calculadas segundo o prezo de venda ó público dos elaborados obxecto delas, corresponda a entregas directas ós expendedores da rede de expendedorías de tabaco e timbre situados na respectiva cidade.

b) Cando a totalidade das saídas do depósito fiscal corresponda a entregas directas ós expendedores da rede de expendedorías de tabaco e timbre situados na respectiva cidade, non será esixible o cumprimento do volume mínimo de saídas previsto na normativa do imposto sobre os elaborados do tabaco para a autorización de depósitos fiscais de elaborados do tabaco no seu ámbito territorial de aplicación.

O incumprimento das condicións e requisitos xerais e específicos a que se refire o parágrafo anterior poderá dar lugar á revogación da autorización do depósito fiscal.

Os titulares dos depósitos fiscais autorizados conforme o previsto no presente punto 5 terán, en canto ó gravame complementario, a condición de suxeitos pasivos en calidade de substituto do contribuínte.

O control dos depósitos fiscais a que se refire o presente punto 5 será efectuado polos servizos dependentes do Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, en colaboración cos servizos fiscais das respectivas cidades.»

Disposición adicional trixésimo sétima. *Aplicación do arbitrio sobre a produción e importación nas Illas Canarias.*

A partir do 31 de decembro de 2000 e ata a substitución do arbitrio sobre a produción e importación nas Illas Canarias, continuarán gravándose as importacións de bens ós mesmos tipos aplicables o día 30 de decembro de 2000.

Así mesmo, e con vixencia limitada ó ano 2001, quedará exenta do arbitrio sobre a produción e importación en Canarias a produción ou elaboración de bens mobles corporais nas Illas Canarias.

Disposición adicional trixésimo oitava. *Medidas de apoio á enerxía solar.*

Modifícase o parágrafo terceiro do punto 4 do artigo 30 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Non obstante, o Goberno poderá autorizar primas superiores ás previstas no parágrafo anterior para as instalacións que utilicen como enerxía primaria enerxía solar.»

Disposición adicional trixésimo novena. *Deduccións das cotas soportadas no imposto xeral indirecto canario.*

Ás cotas soportadas do imposto xeral indirecto canario cun nacemento á deducción que se producise con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, seranlles aplicables as normas contidas nos artigos 28, 43 e 43 bis da Lei 20/1991 conforme a redacción que a presente lei dá ós citados artigos.

Disposición transitoria primeira. *Créditos ampliables para pagamento de obrigas derivadas de convenios coas comunidades autónomas para o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras.*

Durante o exercicio do ano 2001, para aseguralo cumprimento do plan da minería do carbón na súa faceta de desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras, as dotacións para facer fronte ás obrigas derivadas dos convenios coas comunidades autónomas afectadas terán carácter ampliable.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio aplicable ás tarifas por servizos portuarios prestados polas autoridades portuarias.*

A disposición transitoria terceira da Lei 62/1997, do 26 de decembro, de modificación da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, queda redactada do seguinte modo:

«Ata que se produza a entrada en vigor da lei que regule a liberdade tarifaria e a modificación dos aspectos económico-financeiros dos portos do Estado que dela deriven, resultará plenamente aplicable en canto á definición, estrutura e elementos esenciais das tarifas o disposto nesta lei, nas demais leis reguladoras e na Orde do Ministerio de Fomento do 30 de xullo de 1998, pola que se establece o réxime das tarifas por servizos portuarios prestados polas autoridades portuarias, a modificación da cal só poderá facerse por unha norma con rango de lei, así como a Orde do Ministerio de Fomento do 30 de xullo de 1998 pola que se establecen os límites máximos e mínimos

das tarifas por servizos prestados polas autoridades portuarias e a orde do 16 de decembro de 1998, de adaptación da orde do 30 de xullo de 1998, pola que establece o réxime das tarifas por servizos portuarios prestados polas autoridades portuarias, ó artigo 6 da Lei 30/1998, do 29 de xullo, de réxime especial das Illes Balears.

O Goberno, no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor da presente lei, remitirá ás Cortes o correspondente proxecto de lei de establecemento da liberdade tarifaria dos portos españois e de modificación do réxime económico das tarifas por servizos portuarios.»

Disposición transitoria terceira. *Censos de poboación e da vivenda, e de edificios e locais.*

Excepcionalmente, os censos de poboación e da vivenda, así como os de edificios e locais que corresponde formar no ano 2001, como prevén o artigo 1 da Lei 70/1980, do 16 de decembro, na redacción dada pola disposición adicional décimo sexta da Lei 50/1998, do 30 de decembro, terán unha data de referencia comprendida entre o 1 de outubro e o 31 de decembro.

Disposición transitoria cuarta. *Procedementos iniciados ó amparo da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.*

Con carácter excepcional os titulares de procedementos iniciados ó amparo do disposto na Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, que á entrada en vigor da presente lei se encontren pendentes de resolución definitiva, deberán tramitala súa desistencia ou, noutro caso, reproducirla súa pretensión de continuar coa tramitación dos seus respectivos expedientes, sen que iso dea lugar ó novo devengo ou actualización das taxas aboadas no seu día. Transcorrido o prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei sen manifesta-la súa vontade nun ou noutro sentido, os respectivos procedementos consideraranse caducados para tódolos efectos.

Disposición transitoria quinta. *Prazo de adaptación de estatutos de fundacións.*

As fundacións que non adaptasen os seus estatutos á Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, segundo establece o número 1 da súa disposición transitoria segunda, poderán facelo no prazo de dous anos, contado a partir da entrada en vigor da presente disposición.

Disposición transitoria sexta.

1. Entenderanse prorrogadas durante o ano 2000 as tarifas e peaxes vixentes correspondentes ás concesións a que se refire o Real decreto 429/2000, do 31 de marzo.

2. Para as concesións que entrasen en explotación con anterioridade ó 1 de xaneiro de 1988, a revisión de tarifas e peaxes axustarase ó seguinte:

a) O 1 de xaneiro do ano 2001 as tarifas e peaxes revisaranse consonte a seguinte fórmula:

$$C_R = 1 + \Delta IPC_{\text{medio}} - X$$

onde ΔIPC se definirá na mesma forma referida no artigo 77 e o X tomará o valor fixo de 1 expresado en porcentaxe.

b) A partir do 1 de xaneiro do ano 2002, aplicarase o sistema previsto no artigo 77 coas seguintes especialidades:

$$0,75 \cdot \Delta IPC_{\text{medio}} \leq \Delta IPC_{\text{medio}} - X \leq 1,15 \cdot \Delta IPC_{\text{medio}}$$

O valor do X non estará suxeito á expresión

$$0 \leq x \leq 1$$

c) No prazo de tres meses a partir da entrada en vigor da presente lei o Ministerio de Fomento revisará para cada unha destas concesións as previsións de intensidades medias diarias de tráfico (IMD_p) contempladas nos respectivos plans económico-financeiros depositados no Ministerio de Fomento.

Disposición transitoria sétima. *Beneficios fiscais aplicables no imposto sobre a renda das persoas físicas á transmisión de determinados predios rústicos e explotacións agrícolas.*

Prorrógase para os anos 2000 e 2001 o réxime fiscal previsto na disposición adicional sexta da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, para a transmisión de determinados predios rústicos e explotacións agrícolas.

Disposición transitoria oitava. *Eercicio e comunicación da opción polo réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos e troco de valores.*

Os novos requisitos establecidos por esta lei no punto 1 do artigo 110 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, para o exercicio e comunicación da opción polo réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos e troco de valores, serán aplicables a aquelas operacións nas que o correspondente proxecto, acordo ou contrato se realice a partir do 1 de xaneiro de 2001.

Disposición transitoria novena. *Obriga de declarar para o ano 2000.*

A nova redacción do artigo 79 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, efectuada pola presente lei, resultará de aplicación ós períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2000.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Un. A partir da entrada en vigor desta lei queda derogado o Real decreto 1064/1991, do 5 de xullo, sobre dereitos aeroportuarios nos aeroportos nacionais, e o Real decreto 1268/1994, do 10 de xuño, polo que se actualizan os tipos de gravame e se modifica parcialmente o Real decreto 1064/1991, do 5 de xullo.

Dous. Derrógase a taxa «Honorarios do corpo de enxeñeiros navais» creada pola Lei 74/1962, do 24 de decembro, e desenvolvida polo Decreto 4291/1964, do 17 de decembro.

Tres. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido na presente lei.

Catro. Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004, quedarán derogadas as seguintes disposicións:

a) O artigo 70 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

b) O artigo 3 da Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade vial e a defensa e protección do ambiente.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2001.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE FACENDA

24360 REAL DECRETO 3472/2000, do 29 de decembro, polo que se modifican determinados artigos do Regulamento do imposto sobre sociedades en materia de amortización de elementos patrimoniais, provisión para insolvencias de entidades financeiras, colaboración externa na presentación e xestión de declaracións e imputación temporal de ingresos e gastos, así como do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas en materia de rendementos irregulares do traballo e prazo para a presentación de determinada declaración. («BOE» 313, do 30-12-2000.)

Mediante o presente real decreto modifícanse determinados artigos do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, que regulan materias como as táboas de amortización, a provisión por insolvencias de entidades financeiras, a imputación temporal de ingresos e gastos ou a xestión do imposto.

En primeiro lugar, apróbase unha nova táboa de coeficientes de amortización aplicable ós portos marítimos, dado que as características específicas destas explotacións requiren o tratamento singular dos elementos afectos a elas.

En segundo lugar, a modificación da normativa contable e, en particular, das esixencias de cobertura do risco por insolvencia das entidades financeiras, que se plasmou na Circular 9/1999, do 17 de decembro, do Banco de España, motiva a reforma dos preceptos do Regulamento do imposto sobre sociedades que regulan as provisións por insolvencias en entidades financeiras. Neste punto, destaca a aclaración regulamentaria sobre a non deducibilidade das dotacións á denominada «provisión estatística», de nova creación, por non responder a unha valoración individualizada do risco de insolvencia, en liña co disposto no número 2 do artigo 12 da Lei do imposto.

No referente á xestión tributaria, introdúcese mediante este real decreto dúas modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades.

Así, desenvólvese a colaboración social na xestión do imposto prevista no artigo 96 da Lei 230/1963, do